


PRÓLOGO MILAGROS FERNÁNDEZ PÉREZ
TRADUCCIÓN BENIGNO FERNÁNDEZ SALGADO



EDWARD SAPIR
A LINGUAXE
INTRODUCCIÓN Ó
ESTUDO DA FALA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA

A LINGUAXE

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 14

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

LUIS CONCHEIRO CARRO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO MILAGROS FERNÁNDEZ PÉREZ
TRADUCCIÓN BENIGNO FERNÁNDEZ SALGADO

EDWARD
SAPIR
A LINGUAXE
INTRODUCCIÓN Ó
ESTUDO DA FALA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© EDICIÓN ORIXINAL
*LANGUAGE. AN INTRODUCTION
TO THE STUDY OF SPEECH*
New York: Harcourt, Brace and Co., 1921

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2010
Fundación BBVA, 2010

DISEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.20>

ÍNDICE

- 11 PRÓLOGO
por Milagros Fernández Pérez
- 11 1. Introducción. Da invisibilidade ao manifesto I ♥ Sapir
- 20 2. O selo de Edward Sapir na Lingüística actual
- 41 Referencias bibliográficas
- 45 A LINGUAXE. INTRODUCCIÓN Ó
ESTUDO DA FALA
Tradución de Benigno Fernández Salgado
- 47 Nota do tradutor
- 53 Prefacio
- 55 1. INTRODUCCIÓN. DEFINICIÓN DE LINGUAXE
A lingua, función cultural, non función herdada bioloxicamente. Futilidade das teorías interxeccionais e imitativas da orixe da fala. Definición da linguaxe. A base psicofísica da fala. Os conceptos e a linguaxe. É posible o pensamento sen a linguaxe? Abreviacións e transferencias do proceso lingüístico. A universalidade da linguaxe
- 76 2. OS ELEMENTOS DA FALA
Os sons, elementos non propiamente lingüísticos. As palabras e as partes significantes das palabras (elementos radicais e elementos gramaticais). Tipos de palabras. A palabra, unidade formal, non funcional. A palabra ten unha existencia psicolóxica real. A oración. Os aspectos cognitivos, volitivos e emotivos da fala. Tons sentimentais das palabras.

95 3. OS SONS DA LINGUA

O enorme número de posibles sons. Os órganos articulatorios e a súa función na produción dos sons da fala: os pulmóns, as cordas glotais, o nariz, a boca e as súas partes. As articulacións vocalicas. Como e onde se articulan as consoantes. Os hábitos fonéticos da lingua. Os «valores» dos sons. Os modelos fonéticos.

110 4. A FORMA NA LINGUA: OS PROCEDEMENTOS GRAMATICAIS

Distinción entre procesos formais e funcións gramaticais. Entrecruzamento dos dous puntos de vista. Seis principais tipos de procedementos gramaticais. A orde das palabras como método. Composición por medio de elementos radicais. Afixación: prefixos e sufixos; infixos. Cambio vocálico interno; cambio consonántico. Reduplicación. Variacións funcionais do acento; do ton.

136 5. A FORMA NA LINGUA: OS CONCEPTOS GRAMATICAIS

Análise dunha típica oración inglesa. Tipos de conceptos ilustrados por ela. Expresión discordante de conceptos análogos. Como se pode expresar noutras linguas a mesma oración con notorias diferenzas na escolla e agrupamento de conceptos. Conceptos esenciais e non esenciais. A mestura de conceptos relacionais esenciais con conceptos secundarios de tipo máis concreto. A forma pola forma. Clasificación de conceptos lingüísticos: básicos ou concretos, derivativos, concretos de relación e puros de relación. Tendencia destes tipos de conceptos a confluír uns cos outros. Categorías expresadas en varios sistemas gramaticais. A orde e o acento como principios de relación na oración. A concordancia. As partes do discurso: imposibilidade dunha clasificación absoluta; o nome e o verbo.

178 6. OS TIPOS DE ESTRUTURA LINGÜÍSTICA

A posibilidade de clasificar as linguas. Dificultades. Invalidez da clasificación en linguas formais (con forma)

e linguas informes (sen forma). Impracticabilidade da clasificación segundo os procedementos formais de que se sirvan. A clasificación segundo o grao de síntese. Linguas «inflectivas» e «aglutinativas.» A fusión e o simbolismo como técnicas lingüísticas. A aglutinación. «Inflectivo» como termo confuso. Clasificación tripartita suxerida: que tipos de conceptos se expresan?, que técnica predomina?, cal é o grao de síntese? Catro tipos conceptuais fundamentais. Exemplos tabulados. Proba histórica da validez da clasificación conceptual suxerida.

206 7. A LINGUA COMO PRODUTO HISTÓRICO: A DERIVA LINGÜÍSTICA
Variabilidade da lingua. Variacións individuais e dialectais. Variación temporal como «deriva» lingüística. Como xorden os dialectos. Familias lingüísticas. Dirección ou «gradiente» da deriva lingüística. Tendencias ilustradas nunha oración inglesa. Vacilacións no uso como sintomáticas da dirección da deriva lingüística. Tendencias niveladoras do inglés. Debilitamento das marcas de caso. Tendencia á posición fixa na oración. Deriva cara á palabra invariable.

232 8. A LINGUA COMO PRODUTO HISTÓRICO: AS LEIS FONÉTICAS
Paralelos na deriva en linguas relacionadas. A lei fonética exemplificada na historia de certas vogais e consoantes inglesas e alemás. Regularidade da lei fonética. Cambio de sons sen destrución dos modelos fonéticos. Dificultade para explicar a natureza das derivas fonéticas. Mutación vocálica en inglés e alemán. Influencia morfolóxica no cambio fonético. Nivelamentos analóxicos para contrarrestar as irregularidades producidas polas lei fonéticas. Novos trazos morfolóxicos debidos ó cambio fonético.

254 9. COMO INFLÚEN UNHAS LINGUAS NOUTRAS
Influencias lingüísticas debidas ó contacto cultural. Empréstito léxico. Resistencias ó empréstito. Modificación

fonética de palabras emprastadas. Interinfluencias fonéticas de linguas veciñas. Empréstitos morfolóxicos. Similitudes morfolóxicas como vestixios de relacións xenéticas.

269 10. LINGUA, RAZA E CULTURA

Tendencia inxenua a considerar que os agrupamentos lingüísticos, raciais, e culturais se corresponden entre si. A raza e a lingua non sempre se corresponden. As fronteiras culturais e lingüísticas non son idénticas. As coincidencias entre as divisións lingüísticas e culturais obedecen a causas históricas, non a causas psicolóxicas intrínsecas. A lingua non «reflicte» a cultura en ningún senso.

282 11. LINGUA E LITERATURA

Lingua como material ou medio da literatura. A literatura pode moverse no plano lingüístico xeneralizado ou pode ser inseparable de condicións lingüísticas específicas. A lingua como arte colectiva. Vantaxes e limitacións estéticas de toda lingua. O estilo en tanto que condicionado por trazos inherentes á lingua. A prosodia en tanto que condicionada pola dinámica fonética da lingua.

293 ÍNDICES

295 Índice de autores

305 Índice de variedades lingüísticas

329 Índice de termos

373 GLOSARIO

Á lembranza de meu pai,
un pioneiro

1. Introducción. Da invisibilidade ao manifesto «I ♥ Sapir»

Hai figuras que unicamente se ven con relevo na distancia. As ricas arestas dalgunhas celebridades científicas, así como as repercusións das súas contribucións só se fan patentes en perspectiva temporal. Case que sempre o avance do coñecemento mostra os seus ecos na posteridade.

O principio básico de que as valoracións históricas esixen prisma evolutivo e visión integral para seren obxectivas non sempre se aplica. Hai urxencia en debuxar perfís e avaliar méritos na instantaneidade do momento. Non en balde resulta sorprendente que algunhas personalidades estean difuminadas no seu contexto vital e teñan prestixio científico retardado. Ou que o mesmo Fidel Castro precise un título revelador, *La historia me absolverá*, para afirmarse. Como se a distancia e a mirada obxectiva sobre o pasado non fose o natural.

Edward Sapir é unha desas figuras rutilantes na historia da lingüística que se ten convertido en personalidade estelar nas últimas décadas. Aínda que xa coetáneos e discípulos —como David Mandelbaum— debuxaron un temperamento de «home cativador, suxestivo e entusiasta», o brillo do seu labor tense feito notar co paso dos anos, e unha vez recoñecida a súa sorprendente e pioneira aproximación a certos temas. No seu momento, foi Leonard Bloomfield o lingüista destacado, o seu palmarés escurecía a presenza do noso autor. De feito, a obra nuclear de cada un deles —e co título de *Language* en ambos os dous— tivo un tratamento moi desigual en difusión e na práctica do uso. O libro de Bloomfield (publicado en 1933) distribuíuse como manual de ensino da lingua —o inglés—, axiña alcanzou varias edicións e reimpresións (a segunda no ano

1941) e foi traducido a varias linguas. Mentres, *Language. An Introduction to the Study of Speech* de Sapir (publicado 12 anos antes, en 1921) tivo unha discreta divulgación cunha tirada de 3000 exemplares, unha soa edición reimpressa en 1939 (na data de falecemento do autor), e con traducións tardías en oito linguas. Con todo, o fulgor repentino da obra de Bloomfield non deu sombra e proxección a unha escola de pensamento científico ben definida e con arraigo. A socioloxía da ciencia explica con claridade meridiana a importancia do depósito humano nun grupo para que o coñecemento se ancore, se solidifique e se expanda. Na historia da ciencia máis aparente moi frecuentemente os éxitos non se traducen en futuro. Sapir non brillou con protagonismo no seu momento, mais a súa pegada é indeleble na lingüística americana, e o seu legado unha fonte na que bebe a lingüística máis recente.

O clima intelectual na América dos anos 30 e 40 promovía concepcións formais do saber científico. O peso das matemáticas ía das ciencias máis duras ata ámbitos humanísticos como a psicoloxía ou a lingüística. O obxectivo era facer ciencia, para o que deberían seguirse os ditados da formalización: o modelo estaba nas ciencias-ciencias, para iso eran ciencias *exactas*. As formulacións humanísticas de orientación antropolóxica non estaban de moda, así que a mirada sapiriana non se axustaba ao canon. En ciencia, tan importante coma os descubrimentos ou as contribucións ao coñecemento, é o momento, o contexto de recepción intelectual no que se producen. A repercusión das propostas científicas non sempre é efectiva nos contornos temporais nos que tales propostas se elaboran. Tan relevante coma o que se di é o momento no que se di. A lingüística de Sapir non callou na América da primeira metade do século xx, era excesivamente avanzada e cun selo progresista moi marcado para ser contemplada na súa fertilidade.


A diversidade idiomática e cultural non era asunto prioritario de investigación na lingüística americana daqueles anos. O

mentalismo, as percepcións de experiencias e a psicoloxía social non tiñan cabida nun momento en que o predominio correspondía a unha concepción condutista da lingua. Hai varios motivos que explican por que Sapir estivo invisibilizado, así como tamén hai razóns que aclaran o peso da súa obra na lingüística contemporánea. Ser antropólogo interesado nas culturas e linguas amerindias antes ca no inglés era unha limitación. O longo período de labor nun contexto no que a lingüística non tiña aínda estatuto institucional, como era o caso da Universidade de Ottawa (entre 1910 e 1925), ata a súa incorporación primeiro á Universidade de Chicago (en 1925) e posteriormente á de Yale (en 1931) tampouco favorecía o eco e as repercusións do seu maxisterio. Por riba, o xeito de abordar as linguas nun enfoque humanista integral e multidisciplinar non cadraba co prisma formal á busca da obxectividade e da autonomía dos sistemas. Sapir era unha *rara avis* que defendía formulacións pluridisciplinares traballando con sociólogos, psiquiatras, psicólogos, músicos ou literatos á sombra da Fundación Rockefeller, con soportes económicos que permitiron a creación dun *Instituto de Relacións Humanas*. O noso autor era un inmigrante nado o 26 de xaneiro de 1884 en Lauenberg, Pomerania, antiga Prusia (hoxe Leborg, Polonia), de orixe xudía (os seus pais eran xudeus lituanos), que non encaixaba nun tempo antisemita e nun contexto positivista. O pouso das súas ideas precisaría de marxés históricas amplas que as fixeran xermolar. Parece ser que a recepción tan apagada de *Language. An Introduction to the Study of Speech* decepcionou e deprimiu a Sapir, quen non comprendía a pobre e limitada acollida da publicación fronte ás facilidades e ao éxito das súas leccións ante os estudantes. O seu libro requiría das explicacións presenciais do mestre, do *medicine man* —como Leonard Bloomfield o chamaba— que facía callar as ideas.

O xiro humanista na lingüística empezou a tomar corpo na década dos 80. A primeira reacción contra a excesiva homoxe-

neidade e o canon formal veu da man de investigacións sociais sobre variantes da lingua. A sociolingüística do inglés americano asentada por William Labov a finais dos 60 foi quizais a primeira pedra de toque para revalorizar a investigación das vertentes social e humana nas linguas. Hai que ter presentes dous factores externos á propia lingüística pero determinantes para que estes estudos progresaran. A guerra do Vietnam —que fai patente a diversidade lingüística, racha o etnocentrismo desde o inglés e constata a necesidade de tradución— e a política social de Kennedy —que facilita a subvención de proxectos antropolóxicos e de integración de grupos desfavorecidos—. Ao longo dos anos 70 e 80 vai definíndose a presenza dun programa de investigación de signo socio-cognitivo que concibe as linguas ligadas aos grupos humanos que as manexan. É importante investigar a mentalidade, o sistema de valores e a relevancia perceptiva para profundar nos sistemas lingüísticos. Non se pode obviar a heteroxeneidade nin se poden desatender os usos verbais. O pensamento lingüístico de E. Sapir está no trasfondo desta aproximación.

A pragmática dos usos revela importantes diferenzas entre as linguas. Hai que indagar nos principios de percepción que regulan o sistema de valores dos falantes. A denominada «hipótese Sapir-Whorf» sobre «lingua e visión do mundo» empeza a estar de moda. Ao mesmo tempo, e ao redor da figura de Kenneth Pike (1912-2000), vai deixando ronsel a escola lingüística de Dallas. Os máis destacados e meritorios discípulos de Sapir recollen os froitos da semente do mestre. Non sempre ben comprendidas ou rigorosamente estudadas, as achegas de Benjamin Whorf (1956) e de Pike (1954-60) resultaron claves para recuperar o prisma sapiriano. A lectura extrema sobre o determinismo e o relativismo derivada da ficticia e mal chamada «hipótese Sapir-Whorf» deu paso a unha interpretación ponderada e fértil sobre a relación entre principios de relevancia perceptiva, categorización, e formalización nas linguas. Salientar categorías



Edward Sapir

cognitivas plasmadas en sistemas e formas lingüísticas non limita outras percepcións, tampouco impide a tradución. Que o alemán dispoña de dúas formas *essen* («comer», sendo o axente un humano) e *fressen* («comer», sendo o axente un animal) non significa exclusividade nesas percepcións. Como é natural, as linguas teñen procedementos para plasmar calquera categoría cognitiva, e así, as formas léxicas en sueco para determinar vínculos xenealóxicos e familiares resólvense noutros casos de xeito analítico: *farfar* e *morfar* equivalen a *avó* —«paterno» e «materno», respectivamente—, *farmor* e *mormor* corresponden a *avoá* —así mesmo, «paterna» e «materna»—. Incluso en ámbitos onde a escala de valores culturais é máis patente —coma o da pragmática— son posibles as transferencias: abunda con respecto os principios na lingua de chegada. En polaco as enunciacións informativas teñen un molde discursivo categórico, *to prawda* («é verdade»), que na súa tradución ao inglés ha de respectar un molde discursivo peneirado polo enfoque cara á opinión ou a sospeita subxectiva, *I guess it's true* («supoño que é verdade»). A liña de investigación sobre pragmática intercultural promovida polos traballos de Anna Wierzbicka (1991, 1996, 1999) bebe directamente nas fontes limpas de Sapir e Whorf.

A escola de Dallas constitúe a digna e esperable continuación do enfoque sapiriano enriquecido. Kenneth Pike cursou estudos baixo a tutela de Sapir no ano 1937 na Universidade de Michigan. Personalidade destacada tanto no seu interese polas linguas tonais —entre outras, estudou o mixteco (filo oto-mangue, en Oaxaca, México) e o chinés—, como pola contribución metodolóxica en métodos de análise da interacción, o compromiso de Pike achegábase ao ser humano —el mesmo define a súa vida coma «a linguistic pilgrimage in mission». Na súa magna obra, *Language in relation to a unified theory of the structure of human behavior* (1954-1960) —adicada á memoria do mestre ao que cualifica de «trail blazer and pioneer»— maniféstanse as súas conviccións científicas e persoais

sobre a comunicación verbal e non-verbal. Pike formaba parte dunha congregación cristiá misioneira que aínda hoxe mantén vixentes os seus lemas vitais comprometidos cos pobos e coas culturas menos favorecidos. A chamada *Promotora Española de Lingüística* (<http://www.proel.org/index.htm>) impulsa o desenvolvemento de linguas minoritarias e funciona como sede e extensión do *Summer Institute of Linguistics* (<http://www.sil.org/>) fundado por William C. Townsend e referente institucional e académico da escola lingüística de Dallas. Da denominada «lingüística tagmémica» procede a versión actual do programa de investigación de corte cognitivo e antropolóxico que integra científicos da linguaxe, sexan lingüistas do talle de Joseph Greenberg (1915-2001), Dell Hymes, Thomas Givon, Ronald Langacker, Paul Hopper, Joan L. Bybee, ou Anna Wierzbicka, sexan psicolingüistas do prestixio de Dan I. Slobin, Elizabeth Bates (1947-2003), Michael Tomasello, Melissa Bowerman ou Brian MacWhinney. En todos eles destaca a pertinencia de asumir a diversidade idiomática e unha concepción integral e multidimensional das linguas. A débeda contraída co *Language* de E. Sapir faise visible nas abundantes alusións e citas, pero sobre todo na aproximación aos feitos lingüísticos, sempre respectados nas súas arestas sociais, psicolóxicas e simbólicas. Falar significa comunicarse, interaccionar con receptores. Os *procesos* de intercambio verbal son tanto ou máis importantes cós sistemas lingüísticos formalizados. Hai que contar co contexto, e coas intencións e percepcións de falantes e oíntes: o marco da chamada *etnografía da fala*, proposto por Hymes (1984), reúne ata oito indicadores básicos na dinámica comunicativa. As linguas son cientificamente interesantes porque hai individuos que as usan con certas expectativas e baixo condicionantes antropolóxicos, psicolóxicos e contextuais específicos. Todas estas dimensións deben ser contempladas para comprender o feito de falar, mesmo tratándose da dinámica adquisitiva tan rica e diversa no seu desenvolvemento, e aínda

que se teña vendido como produto enganosamente homoxéneo. Estudos descritivos con enfoque interlingüístico sobre a emerxencia das linguas constatan que o son [v] ten aparición tardía no desenvolvemento fonolóxico de nenos ingleses, mais é un dos primeiros sons consonánticos en nenos suecos e búlgaros. Así mesmo, é salientable que en turco e nas linguas esquimós a frecuencia de palabras afixadas sexa alta desde as etapas iniciais de adquisición, e que, pola contra, a afixación figure coma un proceso gramatical abondo retrasado na dinámica ontoxenética de linguas flexivas coma o galego ou o francés.

A lingüística de Kenneth Pike contén os ingredientes básicos da concepción sapiriana desenvoltos e rendibilizados, e non só na esfera conceptual senón tamén na parte metodolóxica. Pike foi unha personalidade pouco dada á participación e á presenza en foros internacionais, en certo xeito a súa invisibilidade corre parella á do seu mestre. Moi probablemente debido a motivos persoais de compromiso e crenzas relixiosas, e quizais por razóns da envergadura da súa obra, así como pola preponderancia da lingüística formalista do leste de EE.UU. —que seguía a cegar outros prismas e contribucións—. Mais Pike foi lonxevo e a impronta nos seus discípulos axiña se fixo notable. De maneira que a implantación e a extensión da escola *tagmémica* pronto derivou na corrente *cognitiva* de cuño antropolóxico e con asuncións multidisciplinares no enfoque e no método. Desde hai ao redor de 20 anos a lingüística de selo *humanista* cultivada no oeste de EE.UU. desfruta dun creto similar ao que posuía a lingüística *formalista* do leste. No plano internacional é a lingüística de raizame sapiriana a que ten hoxe maior presenza e resonancia. Permite a aproximación a todas as vertentes das linguas sen limitarse aos aspectos formais e sistemáticos —as dimensións sociais e antropolóxicas fanse patentes no enfoque interidiomático aplicable aos usos (*pragmática intercultural* cultivada por A. Wierzbicka) e aos procesos psicolingüísticos (D. Slobin, E. Bates, entre outros, asentan unha psicolingüística de base



Radin, o indio Ishi —«o último yahi»—, Thomas T. Waterman, Edward Sapir e Robert H. Lowie, fotografados provavelmente por Alfred Kroeber

comparativa entre linguas); a dimensión neuropsicolóxica maniféstase no prisma comunicativo que ten presente o procesamento (R. Langacker, Th. Givon, S. Lamb, teñen deseñado modelos integrados de produción e comprensión). E goza de canles de difusión e de soportes económicos parellos aos que previamente estaban restrinxidos á lingüística formal: editoriais coma John Benjamins, Cambridge University Press, Mouton de Gruyter, ou Erlbaum, e revistas científicas coma *Cognition*, *Cognitive Linguistics*, *Language and Cognitive Processes*, *Pragmatics and Cognition*, *Cognitive Development*, *Linguistic Typology*, son escaparates sintomáticos das últimas tendencias nas ciencias da linguaxe. Na lingüística máis recente o programa de investigación socio-cognitivo, de carácter integrador e con garantías empíricas na súa metodoloxía para describir a diversidade, convive co programa formal, sustentado no automatismo das regras e promovido pola natureza universal da linguaxe humana.

2. O selo de Edward Sapir na lingüística actual

Hai tres elementos definatorios da investigación lingüística nestes últimos anos que entroncan directamente coa tradición sapiriana, e que, máis concretamente, proceden das sementes de *Language. An Introduction to the Study of Speech*. A saber: (a) a concepción dos *sistemas lingüísticos* nun *continuum*, o que é motivo de análise en moldes flexibles e de ton probabilístico e non-discreto, (b) a presenza da *percepción* e da *psicoloxía social* como parámetros descritivos que garanten a proposta de categorías e valores simbólicos; e (c) o interese desaforado pola diversidade idiomática e a *tipoloxía das linguas*.

O continuum dos sistemas lingüísticos e a idoneidade das descrições gradativas

É na area metodolóxica onde se bate case que sempre o cobre da vixencia e da actualidade. Son as aproximacións e as

técnicas analíticas avanzadas os mellores indicadores do grao de progreso e modernidade dos marcos teóricos e das propostas de coñecemento. E tamén neste aspecto Sapir é un adiantado. O seu papel de pioneiro en enfoques acomodados á natureza multidimensional das linguas —así como en formatos descritivos de corte cualitativo e que facilitan marxes de variación—, debuxa as liñas mestras do prisma hoxe catalogado como *teoría da complexidade* e convértese en antecedente claro de métodos gradativos coma o de *prototipos* ou o da *lingüística cognitiva*.

Para o noso autor, a realidade antropolóxica e lingüística móstrase nun *continuum* que non admite fronteiras nin lindes marcados. As categorías e propiedades simbólicas que funcionan nos marcos idiomáticos han de contemplarse nesas coordenadas de distribución flexible e mesmo intercambiable. Así que os métodos descritivos encaixan en modelos de gradación e probabilidade. A tónica de análise consiste en poñer nun aperto principios asumidos e unidades intocables. En Morfoloxía, Sapir revolve a idea de que xénero, número, persoa ou tempo, sexan contidos con pertinencia gramatical en todas as linguas. Entre outras, o chinés e a lingua iana (grupo iroqués no norte de California) non contemplan distincións gramaticais dese calibre. O que chamamos *palabra* non sempre se axusta nin á composición común de raíz e desinencias nin á lonxitude articulatoria e perceptualmente razoable. Hai, no paiute (lingua iuto-azteca, sudoeste de Utah) e no esquimó, palabras que son mensaxes complexas en contido e longos discursos na forma. O exemplo do paiute é abondo ilustrativo para dubidar do concepto de *palabra* comunmente asumido (*Language*, capítulo II):

wii-to-kuchum-punku-rüigani-yugwi-va-ntü-m(ü)
coitelo-negro-búfalo-domesticado-cortar-sentar-
futuro-participio-plural animado

«Os que van sentar para cortar cun coitelo unha
vaca/un boi negro»

En moaqués (grupo iroqués no Canadá) hai palabras con significado predicativo que noutras linguas plásmanse en significado substantivo:

ranatarúnis (literalmente, 'fai pan'), panadeiro;

yutétsa'ts (literalmente, 'sana'), médico;

atya'tawi (literalmente, 'está ao redor do corpo'),
chaqueta.

Non é estraño que en *Language* se reivindiquen as virtudes da *análise destrutiva do máis familiar* como método aperturista para contemplar outros xeitos de expresión: «a análise destrutiva do familiar é o único método de aproximación se queremos entender modos de expresión fundamentalmente diferentes» (*Language*, capítulo V). Hai que rachar co etnocentrismo na súa estreiteza de miras con lupa valorativa desde o propio, mais sen por isto caer no relativismo de que cada lingua é un mundo intransferible. O linguocentrismo cura coñecendo moitas e variadas linguas envoltas nas súas culturas, e Sapir foi un avanzado neste sentido. As solucións metodolóxicas que instaura derivan dos seus concienciados paseos polos idiomas. A perspectiva interlingüística adoptada prima conceptos xerais que cementan as posibilidades de categorización das realidades percibidas. Así que esboza un modelo gradativo que vai desde *I. Conceptos básicos*, pasando polos *II. Conceptos derivativos*, ata chegar aos *III. Conceptos concretos de relación* e aos *IV. Conceptos puros de relación*:

<i>Contido material</i>	{	I. Conceptos básicos
		II. Conceptos derivativos
<i>Relación</i>	{	III. Conceptos concretos de relación
		IV. Conceptos puros de relación

(*Language*, capítulo V)

Esta *escala móbil (sliding scale)* dá facilidades para que as linguas distribúan os seus significados de maneira particular e exclusiva. O *número* ou o *tempo* poden ser conceptos básicos

en linguas illantes coma o vietnamita ou o chinés, ou conceptos concretos de relación en linguas flexivas coma o italiano ou o galego. Aínda máis, os significados de *número* e de *tempo* poden conceptualizarse de xeitos variados nunha mesma lingua: *a facenda* en galego alude a unha pluralidade no seu lexema, *carballeira*, *silveira*, *cabeleira* expresan «conxunto de» a través do sufixo derivativo *-eira*, e *rapaces* ou *castiñeiros* comportan o número na flexión coma «concepto de relación» que canaliza concordancias. *Allora* en italiano é contido temporal básico expresado no mesmo lexema e *voglio* expresa este mesmo significado de tempo na flexión coma «concepto de relación» que dá soporte a conexións sintagmáticas.

Os mecanismos descritivos asociados á visión do *continuum* e á mobilidade da categorización nas linguas han ser necesariamente procedementos acomodaticios e que, en todo caso, garantan a gradación de trazos e a xerarquía de propiedades segundo modelos de prototipos ou canons-patrón. Este é o molde analítico que rezuman esquemas coma o de Joan L. Bybee (1985: 12), que non é senón unha translación do sistema de Sapir proxectado na morfoloxía das linguas do mundo:

Lexical-----derivational-----inflectional-----free grammatical----syntactic
 ◀.....
 greater degree of fusion

Molde de análise cadencial que tamén figura na esfera sintáctica cando se trata de dar cabida á descrición xeral e interidiomática de funcións coma *suxeito* ou *complemento directo*.

Tan suxeitos son

- (a) *O pintor ofrecera os cadros á galería,*
- (b) *Sofía preparaba o exame,*

como

- (c) *O Gregorio padece insomnio* ou
- (d) *Entre ti e eu escribimos a memoria.*

Abonda con que se perfile unha nómina de propiedades que definan a función sintáctica *suxeito* e que determinen en cada caso se o suxeito é máis ou menos prototípico. As análises gradativas ou non-discretas facilitan descrições máis axustadas á realidade múltiple e diversa das linguas. Hai *complementos directos* que son «pacientes»:

1. *Paseaba ao neno*,

outros son «metas» sen máis:

2. *A miña amiga Amalia escribe unha novela de aventuras*,
algúns cumpren cometidos explicativos resultado da rección:

3. *Os informativos din que os resultados van estar moi iguallados*.

Na diversidade idiomática son, ademais, posibles suxeitos en caso acusativo ou complementos que parecen axentes: en latín as construcións chamadas de «accusativus cum infinitivo» ilustran suxeitos con esa flexión de caso:

Oportet legem brevem esse (Convén que a lei sexa breve)

Nuntiatur adesse Romanos (Anúnciase que os romanos están achegándose)

En éuscaro as construcións catalogadas como «absolutivas» mostran complementos que son axentes:

Jonek egunkaria atera du

Jon (en caso ergativo)-xornal-saído-ten

«O xornal ten saído grazas a Jon»/«Jon ten feito saír o xornal»/«Jon ten sacado o xornal».

Os marcos descritivos inclúen trazos en prelación e xerarquías segundo as linguas, e determinan canons para perfilar as relacións gramaticais na pluralidade de casos concretos na fala. No marco da lingüística cognitiva, *ser suxeito* significa cumprir tal función nun senso máis ou menos prototípico dependendo da construción e da lingua. A súa concordancia en persoa e



Leonard Bloomfield (1887-1949)

número co predicado é unha característica primordial nas linguas máis achegadas (francés, italiano, inglés), mais noutras pode selo a flexión de caso (latín, éuscaro, finés); así mesmo, a orde rixida de constituíntes na estrutura resulta clave na determinación do suxeito nalgunhas linguas (alemán), mentres que noutras apenas si ten relevancia. Consideracións parellas son susceptibles de aplicación a outras relacións como a de *ser complemento directo*. Sempre haberá que tratar os casos concretos como ilustracións máis ou menos prototípicas do canon que define esa función na lingua que se describa. En galego, os complementos directos en

- (a) *A profesora mercou as novidades editoriais máis recentes e*
- (b) *A miña nai mercou moito peixe*

non se acollen ás mesmas esixencias: a substitución pronominal sen problemas no primeiro caso, non semella moi aceptable no segundo. Os complementos directos en

- (c) *Viu os estudantes na conferencia e*
- (d) *Viu varios traxes de festa no escaparate*

non responden con igual naturalidade á proba da conversión en pasiva. Dende a óptica cognitiva —e para algunhas linguas, entre as que se conta o galego— resulta perceptivamente máis axeitado e natural un complemento directo animado, contable e determinado ca un complemento directo inanimado ou non determinado (Hopper & Thompson, 1980).

Dar cabida ás propiedades gradativas nun molde analítico que xerarquiza ou marca niveis entre trazos, permite flexibilizar a descrición da multiplicidade de construcións gramaticais nas linguas do mundo. Mais debe quedar claro que a cualidade de *non-discreto* e *non-categorico* aplícase ao método, á proxección dos procedementos nos casos concretos. As relacións e funcións gramaticais seguen a ser conceptos precisos e con asentamento rigoroso. Funcións sintácticas coma *suxeito*, *predicado* ou *complemento directo* non responden a entidades difusas ou faltas de determinación. Tamén *morfemas* de *número*, *persoa* ou *tempo*

son conceptos determinados con precisión científica. O que non impide que se poidan describir casos límite ou situacións borrosas de relacións gramaticais en exemplos concretos. Son as ilustracións analizadas as que se catalogan como «máis ou menos prototípicas».

Na concepción de Sapir, a Lingüística das linguas non pasa por elaborar unha teoría universal. As linguas son realidades variables sempre encadeadas, e a súa lingüística ha de deseñar marcos de contraste con técnicas descritivas e gráficas que realcen as diferenzas. Máis ca unha *teoría representacional* unitaria, Sapir elabora un modelo xeral para abordar a variación interlingüística no seu funcionamento e nos seus símbolos. O interese pola *variación* antes que pola *homoxeneidade* sitúa a proposta do noso autor nun *programa de investigación das linguas* (como realidades de comunicación diversas aínda que con coincidencias importantes nas súas estruturas e nos seus usos) e non nun *programa de investigación da linguaxe* (como capacidade, como posesión potencial dos humanos). A lingüística sapiriana encaixa no lema coseriano de que «non é posible considerar as linguas coma separadas do falar» (Coseriu, 1966:§3.2.2.) e acha acomodo polos seus ecos na lingüística dos usos cultivada nestes últimos anos por un amplo sector da lingüística cognitiva (desde K. Pike e J. Greenberg ata R. Langacker, pasando por P. Hopper, Th. Givon, ou J. Bybee, entre outros). Ao final, o escenario está decorado pola comunicación *in vivo*, falar unha lingua equivale a comunicarse nesa lingua. Os aspectos formais de gramática estruturada non se determinan *in vitro* por parte do lingüista, senón que van definíndose sobre as prácticas observadas. O estilo sapiriano constata o principio reseñado por Givon de que «nos discursos de hoxe está a gramática de mañá». Con este xeito de investigación sopran aires de lingüística de campo: a liña sapiriana avanza o papel crucial dos datos, faro orientador da actual *lingüística de corpus*. Sen base

empírica ampla na diversidade non caben nin teoría lingüística nin método descritivo con garantías.

Determinan as linguas o mundo? Percepción, categorización e formalización. A psicoloxía social e o mentalismo na lingüística de E. Sapir

A percepción da realidade circundante segundo miradas específicas, e cara á delimitación de categorías e o correspondente nivel de xerarquías entre conceptos e valores percibidos, está na base das culturas. En cada contorno prevalecen criterios propios para primar aspectos xenuínos: a concepción funcionalista da antropoloxía defendida por Bronislaw Malinowski (1884-1942) fertiliza os vínculos entre categorías aprehendidas e formas lingüísticas. O que se ten dado en chamar *relevancia perceptiva* explica a diversidade antropolóxica e lingüística. E isto sen menoscabo das capacidades sensoriais comúns a toda a especie. As percepcións son atribuíbles a todos os humanos, a importancia do percibido é o que cambia. Que en ruso se formalicen *goluboj* e *sinij* para o que en galego se lexicaliza en *azul* non significa que cognitivamente non diferenciemos entre «azul mariño» e «azul verdoso». Que as linguas esquimós dispoñan de formas léxicas distintas para designar o que en galego chamamos «neve» non impide que distingamos «neve en pó», «neve xeadá» ou «neve virxe».

Dalgún xeito, as linguas mostran nas súas formas idiomáticas categorías conceptuais derivadas das percepcións marcadas. O que non quere dicir que as linguas estean decisivamente condicionadas pola «visión de mundo» asociada a cada cultura. Alén das formas lingüísticas particulares están os conceptos compartidos asociados á capacidade humana para percibir, de maneira que as linguas teñen en común seren sistemas todos eles aptos para canalizar toda sorte de contidos idiomáticos. Non só é factible a tradución senón que ademais cabe a comparación entre

linguas sen prescindir das peculiaridades. E, non obstante, a lectura extrema e probablemente descoidada dos traballos de Sapir e de Whorf deu pé a unha hipótese que, aínda que ficticia, tivo grande difusión: a chamada *hipótese Sapir-Whorf*. Nela abrázanse principios de determinismo entre *lingua e visión de mundo* e principios de *relativismo* que descualifican a riqueza da diversidade lingüística ao distribuír linguas e culturas en coutos blindados e infranqueables. Entre outros, o estudo de J. Lucy (1992) resultou iluminador para desterrar definitivamente a hipótese e redimir de maneira axustada as ideas dos dous autores. O sentido común de B. Whorf xa se tiña feito prevalecer en contribucións previas, coma é o caso de R. Brown & E. Lennenberg que en 1954 argumentaban contundentemente nestes termos:

The Eskimo's three «snows» are sufficient evidence from which to infer that he discriminates three varieties of snow [...] What can be said of the English speaker's ability to distinguish the same three kinds of snow? [...] The fact that English speakers do not have different names for several kinds of snow cannot be taken to mean that they are unable to see the differences. Whorf himself must have been able to see snow as the Eskimos did since his article describes and pictures the referents for the words (1954: 455)

A natureza antropolóxica das linguas vai ligada á mentalidade social que define os grupos humanos que as manexan. O mentalismo que respira a aproximación sapiriana perfila o que na actualidade caracteriza a psicoloxía social. A escala de valores e os enfoques perceptivos vixentes nas comunidades sustentan a súa antropoloxía e son «nichos» nos que descansan principios de categorización e formalización lingüística. No capítulo X de *Language* adicado á «Linguaxe, raza e cultura», Sapir sinala con rotundidade que «toda lingua leva consigo o seu escenario» e que os distintos idiomas non se dan fóra de marcos culturais, que

non son outra cousa que «o conxunto de costumes e crenzas que constitúen a herdanza social que envolve a vida dos falantes». O que non debe interpretarse —repara o noso autor— como correlación estreita entre lingua, cultura e raza: se ben as linguas mostran *prácticas culturais* (na liña trazada por Malinowski), a antropoloxía social inclúe valores e accións non só lingüísticos e a lingüística non se reduce á pragmática.

O mentalismo de cuño social é un elemento máis de distanciamento entre a lingüística humanista de Sapir e a lingüística máis formal e mecanicista derivada de Bloomfield. O enfoque que prevalece é en certa medida *condutista*, xa que se presta atención aos comportamentos e ás accións dos falantes en relación coas linguas. O que cambia é o foco de interese e a orientación: o obxectivo do quefacer lingüístico na proposta sapiriana radica en rastrexar e definir patróns (*patterns*) que describan os símbolos e crenzas compartidas polas distintas comunidades de falantes. Sexan formas lingüísticas, categorías conceptuais e antropolóxicas, ou actitudes de visión de mundo, o importante é comparar qué hai de común e qué de diferenciador entre as culturas e os idiomas. A constatación de que todas as linguas gozan de sistemas representacionais e expresivos para canalizar canto queira comunicarse («o máis atrasado dos bosquimáns do sur de África sérvese das formas dun rico sistema simbólico que é en esencia perfectamente comparable á lingua do francés máis cultivado», *Language*, capítulo 1) facilita achegarse á súa diversidade. Recoñecer o «plan estrutural» específico de cada lingua senta as bases para a intersección entre a variedade de estruturas. Así deposítanse as concomitancias entre linguas e culturas xeograficamente distantes: as tendencias tipolóxicas e as orientacións cara ao cambio e á evolución teñen unha explicación motivada polas coincidencias estruturais na categorización e na formalización. Así é que os procesos de *gramaticalización* fertilizan nas linguas flexivas mentres que os de *topicalización* son característicos das linguas illantes. O horizonte interidiomático forma parte da paisaxe



Franz Boas (1858-1942)

teórico-descriptiva da lingüística sapiriana, non en balde o noso autor vai, como bo antropólogo, soldado á diversidade patente en linguas e culturas.

A perspectiva *mentalista* de base social e asentada nas condutas dá significado aos símbolos que funcionan nas comunidades e nos grupos humanos. E esta é a base empírica que permite abordar con garantías procesos psicolóxicos máis individuais, como son as dinámicas de adquisición da lingua nos nenos. Fronte ás teorías universalistas ancoradas nun modelo singularizado, que se toma como fixo e instantáneo, a proposta mentalista de orixe social característica de Sapir induce á diversidade tamén no desenvolvemento ontoxenético das linguas. En *Language*, e xa desde o capítulo primeiro, hai unha precisión reiterada sobre a *linguaxe* como «actividade humana» e, polo tanto, coma «función non-instintiva, función adquirida, *cultural*». Hai tamén unha negación de que sexa «facultade innata» como, por exemplo, é o camiñar, contraste que retrata o noso autor no seguinte cadro:

Dunha maneira moi real, o ser humano normal está predestinado a andar, non tanto porque os seus maiores o axuden a aprender a arte de andar, senón porque o seu organismo está preparado dende o nacemento, ou mesmo dende o momento da concepción, para acometer todo o consumo de enerxía e todas as adaptacións musculares que desembocan na acción de andar. Dito de maneira concisa, andar é unha función biolóxica inherente ao home. A linguaxe é outra cousa. É dende logo verdade que, nun certo senso, o individuo está destinado a falar, mais iso débese á circunstancia de que nace non soamente en plena natureza, senón no seo dunha sociedade que está segura, e segura con razón, de que o educará nas súas tradicións. Elimínese a sociedade e hai todas as razóns para crer que ha de aprender a andar, se, certamente, dá sobrevivido. Pero é tanto ou máis certo que nunca aprenderá a falar, isto é, a comunicar ideas conforme o sistema tradicional

dunha sociedade concreta. Ou, de novo, sáquese o individuo recién nado do medio social no que viu a luz e translántese a un totalmente alleo. Desenvolverá a arte de andar no seu novo medio tan ben como o desenvolvería no vello. Mais a súa fala será completamente diversa da fala do seu medio nativo. Andar, polo tanto, é unha actividade humana xeral que varía unicamente de individuo a individuo dentro de límites moi restritos. A súa variabilidade é involuntaria e sen propósito. Falar, pola contra, é unha actividade humana que varía sen límites asignables a medida que pasamos dun grupo social a outro, pois é unha herdanza puramente histórica do grupo, o produto dun uso social continuado que se mantivo ao longo do tempo. Varía do mesmo modo que varían todos os esforzos creativos —se cadra non tan conscientemente—, mais emporiso de modo tan efectivo como o fan as relixións, as crenzas, os costumes, e as artes dos diferentes pobos. Andar é unha función orgánica e instintiva (aínda que non, dende logo, un instinto); falar é unha función «cultural», unha función adquirida, non instintiva.

A relevancia actual destas consideracións resulta incontestable. Os enfoques sobre a adquisición das linguas e os protocolos analíticos para abordar o proceso responden ás diferenzas idiomáticas e contextuais. Os lemas de Dan Slobin (1996) *thinking for speaking* ou de Melissa Bowerman (1985, 1994) *sensitivity to language-specific ways* son de claridade meridiana sobre a relevancia do contorno na dinámica ontoxenética. Todos os nenos falan, pero non todos acadan o mesmo nivel nin todos son coincidentes en etapas de desenvolvemento; hai que contar coas características da lingua que en cada caso se adquire. Sinala Eve Clark (2003: 3) a este respecto que «Languages aren't all cut from the identical pattern, and this makes a difference in acquisition». As estruturas simbólicas de cada lingua e o seu medio son determinantes de especificidades na adquisición, así que o mentalismo de base antropolóxica orienta tamén os traballos neste eido.

Linguas do mundo e tipoloxía lingüística

Aínda que a variedade idiomática no globo é asunto de interese permanente ao longo da historia, as diferenzas e coincidencias entre as linguas só se comprobaban cando se estudaban e se comparaban os sistemas e as estruturas que os definen. O labor antropológico de Sapir sobre culturas amerindias no contexto de investigación promovido por, entre outros, Franz Boas (1858-1942) e Alfred Kroeber (1876-1960) facilitou de xeito natural a súa aproximación á diversidade lingüística. El mesmo dicía que o interese polos sistemas verbais ía da man da curiosidade antropológica. As técnicas etnográficas de traballo de campo e o manexo de datos sobre intercambios e valores simbólicos trasládanse á lingua. Son principios antropológicos os que serven de entrada para aproximarse a cuestións verbais. As linguas clasifícanse en familias e grupos por razóns non só histórico-xenealóxicas. Hai criterios estruturais que afinan *tipos* por coincidencias en propiedades constitutivas na gramática, na fonoloxía, e ata no léxico e na pragmática dos usos. Así que ao lado de linguas semíticas, bantús, iroquesas, e altaicas, hai linguas illantes, aglutinantes, e sintéticas, tamén linguas tonais, linguas acusativas, e linguas «suxeito-verbo-objecto». En *Language* combínanse criterios histórico-xenealóxicos con pautas semánticas e expresivo-estruturais para puír xeitos de clasificación tipolóxica que aínda hoxe teñen vixencia. As familias lingüísticas perfláanse en si mesmas e contrástanse unhas con outras atendendo aos trazos conceptuais e aos mecanismos formais que as definen. É obrigado, pois, desenvolver un traballo basicamente descritivo sobre a constitución interna dos sistemas lingüísticos que dea soporte previo ás agrupacións. O que Greenberg (1978: 80) chama *intra-genetic comparison* canaliza a análise estrutural individualizadora das linguas que conforman unha familia, e isto permite trazar posteriormente paralelismos tipolóxicos entre familias. Son notables as coincidencias grama-



Benjamin Lee Whorf (1897-1941)

tais entre as linguas celtas e as semíticas (Moreno Cabrera, 1997: 92 ss.), ou entre as linguas altaicas e as linguas camboianas na esfera morfolóxica, e mesmo entre xaponés e castelán no ámbito fonético. Este método —que se ten denominado de *método-simple-holista-descriptivo* (Fernández Casas, 2004: 103)— é quizais unha das tácticas máis explotadas na obra de Sapir. Pero hai outros xeitos de abordar a unidade e a heteroxeneidade idiomática. Os enfoques abarcadores sobre linguas do mundo —e con obxecto de xeneralizar *grupos tipolóxicos* por certas características de configuración interna— responden a un *método-múltiple-holista-clasificador* (Fernández Casas, 2004: 98) que orienta a selección de *formal patterns* definitorios en cada *tipo*. O *patrón formal* recolle as asociacións conceptuais coas técnicas expresivas máis reiteradas e xenuínas en cada clase: linguas con predominio de conceptos básicos nos lexemas das palabras e que se axustan a técnicas illantes deseñan un molde fundamentalmente analítico, mais tamén poden incorporar técnicas aglutinantes e fusionais e ir debuxando patróns sintéticos (Sapir, 1921: chap. VI). De maneira que os *tipos de linguas* baséanse en tendencias de configuración estrutural antes que en patróns universais e exclusivos. O que quere dicir que o tipo «linguas acusativas» mostra o predominio dese modelo, pero haberá que contar cos casos particulares das linguas que ofrezcan mestura de técnicas: serán «linguas acusativas» máis ou menos prototípicas. Así mesmo, o tipo «linguas tonais» ha incluír sistemas fónicos máis aló da relevancia dese trazo supra-segmental: o chinés contén outros rasgos fónicos, non só tonos. Mais os ensaios de método na esfera tipolóxica considerados por Sapir aínda non conclúen aquí. Parece posible achegarse ao estudo dunha única propiedade interesante e significativa desde o prisma interidiomático segundo os ditados do *método-múltiple-parcial-xeneralizador* (Fernández Casas, 2004: 108) e, sobre esa base, edificar tipos en consonancia coa manifestación formal da propiedade. Así, por exemplo, hai: (a) *linguas duais*

—grego clásico, esloveno, árabe—, (b) *linguas paucais* —hopí (lingua yuto-azteca), sursurunga (malaio-polinesia)—, e (c) *linguas plurais*—galego, francés, italiano—, produto das funcións vixentes de número. Hai *linguas inclusivas/exclusivas* —samoano, hixkariana (do grupo Caribe)— polas funcións persoais que ofrecen; outras son *linguas con posesión inalienable* —maorí (malaio-polinesia, Nova Zelanda), navallo (lingua na-dené, EE.UU.), maia iucateca. Esta riqueza de prismas e de tácticas para caracterizar e clasificar as linguas en *tipos* permanece nos traballos de Anna Wierzbicka, e incluso se amplía nas estratexias de recolección e de tratamento etnolingüístico dos datos de linguas do mundo nas contribucións de Joseph Greenberg, Bernard Comrie ou Thomas Givón, entre outros. E figura así mesmo no xeito de abordar o estudo xeográfico e cultural dos idiomas do mundo (son certamente rechamantes os Atlas de linguas, vg. Derbyshire & Pullum 1991, Moseley & Asher 1994, e Wurm, Mühlhäusler & Tryon 1996). Digamos que a perspectiva do antropólogo con formación etnográfica na liña de investigación en diversidade tipolóxica ten continuidade na lingüística actual: *The World Atlas of Language Structures*, editado en 2005 (e agora tamén en liña, <http://www.livingreviews.org/wals/>) e coordinado por Martin Haspelmath, Matthew S. Dryer, David Gil and Bernard Comrie, é unha excelente ilustración dos supostos sapirianos no quefacer lingüístico máis recente. Nun posto de atalaia o tipólogo achégase á palestra dos usos e das linguas desarroupado e virxe: libre de prexuízos e mirando a diversidade sen casar con ningún esquema preconcebido.

Para clasificar por *tipos*, precísanse indicadores que atinxan á andamiaxe estrutural das linguas. Indagando na constitución, aqueles aspectos comúns que se manteñan nun grupo son pauta para falar de *clase tipolóxica*. Hai, pois, agrupacións por criterios fónicos, morfolóxicos, sintácticos, semánticos e pragmáticos. Sapir deseñou sobre todo tipoloxías gramaticais: unha básica de cariz morfolóxico —que distingue «linguas illantes», «linguas

aglutinantes» e «linguas flexivas»—, e outra clasificación máis completa que combina aspectos configuracionais das palabras co predominio de mecanismos estruturais na gramática. No capítulo VI de *Language* («Tipos de estrutura lingüística») distingue «linguas simples» e «linguas complexas», segundo a presenza de conceptos —básicos, derivativos e relacionais— no inventario de palabras en cada idioma: as «simples» inclúen só conceptos básicos e relacionais. E, en calquera caso, sempre coa posibilidade de precisaren procedementos para marcar cambios gramaticais, así que hai «linguas de relacións mixtas» —que introducen afixos ou recorren á variación interna—, e «linguas de relacións puras» que, pola contra, non conteñen mecanismos de variación gramatical nas palabras. As «linguas simples de relación puras» responden a formatos fundamentalmente sintácticos («analíticos» en Sapir), como o chinés ou o tibetano; as «linguas simples de relacións mixtas» acomódanse a un patrón máis «sintético» con morfoloxía basicamente afixal-flexiva, como a lingua bantú; as «linguas complexas de relacións puras» teñen un perfil sobre todo sintáctico aínda que inclúen conceptos derivativos, como o turco ou o polinesio; e, finalmente, as «linguas complexas de relacións mixtas» mostran o modelo de variación formal máis acusado, como o grego ou as linguas semíticas (vid. Pena 1996). Máis aló das pautas morfolóxicas, na lingüística recente téñense proposto tipos de linguas por razóns de configuración fónica —linguas glotais, linguas tonais, linguas laringais—, por motivos de organización sintáctica —linguas causativas, linguas transitivas, linguas ergativas—, e mesmo por criterios pragmáticos —linguas asertivas, linguas obxectivas, linguas indirectas.

A herdanza de Sapir está tanto na relevancia e no protagonismo que ten a orientación tipolóxica na lingüística destes últimos anos, como nas técnicas para abordar as realidades idiomáticas diversas, e mesmo nos métodos para describir os datos e distribuír as linguas en clases. É salientable que se



As tribos de indios norteamericanos ofrecen un campo ideal de estudio á antropoloxía lingüística

revalorice a diversidade e, ao tempo, se desenvolvan clasificacións por tipos que comparten aspectos constitutivos comúns. A metodoloxía comparativa é a chave para achegarse á variación e recoñecer niveis coincidentes e características compartidas. No seu brillante libro *Typology and Universals*, William Croft (1990: 4 ss.) insiste en que a clasificación tipolóxica require comparación interlingüística que seleccione trazos reiterados e coincidentes. Hai que acometer o estudo das linguas desde o prisma obxectivo das categorías perceptivas e conceptuais, que facilite a súa comparabilidade e permita xeneralizar propiedades comúns á marxe das diferenzas máis aparentes («the ultimate solution is a semantic one, or to put it more generally, a functional solution», Croft, 1990: 11). Posteriormente, serán os patróns tipolóxicos delineados na intersección das linguas comparadas os que se convirten en protagonistas da investigación. Hai, pois, un segundo xeito de cultivar a tipoloxía lingüística por riba do nivel da comparación: trátase de describir esas características relevantes nas diferentes coordenadas idiomáticas salientando o grao de presenza e repercusión («a linguistic structural type is a particular structural feature associated with a particular construction in a particular language», Croft, 1990: 38). É o que Joseph Greenberg (1974) definía como *generalizing approach* para determinar as *formas* predominantes en cada lingua e poder catalogala en función daquelas estruturas. Os denominados *universais estadísticos* e *universais implicativos* (Greenberg, 1966) son o trasunto consecuencia das tendencias-tipo maioritarias nas linguas, e encaixan na visión gradativa dos fenómenos idiomáticos que Sapir defende.

Un lema básico que se desprende de *Language* reza así: «os sistemas lingüísticos descansan en estruturas depositarias de conceptos que se expresan mediante procedementos múltiples pero sistemáticos». Os *conceptos* (capítulo V), as *estruturas* (capítulo VI), e os *procedementos* (capítulo IV) que Sapir desenvolve no libro non só determinan o método científico propio da

comparación tipolóxica, tamén clarifican que as linguas están abocadas á transferencia de significados e sentidos: a tradución é produto consubstancial e directo da diversidade idiomática. De ningunha maneira a tipoloxía lingüística pode negar nin poñer en sospeita o transvasamento interidiomático de mensaxes e contidos. Como moito, será escusa e alicerce para discutir o proceso de transferencia e as esixencias do que se traduce. Co obxecto de redimir a chamada «hipótese Sapir-Whorf», as investigacións sobre a diversidade destes dous brillantes especialistas deberían ter sido contempladas na súa contribución á «teoría e práctica da tradución». Está claro que as linguas son comparables porque son «traducibles»: só cabe a comparación se hai bases comúns que admitan interseccións e transferencias.

Referencias bibliográficas

- Barlow, Michael & Kemmer, Suzanne (eds.) (1999), *Usage based models of language*, Stanford: Center for the Study of Language and Information.
- Bates, Elizabeth; Devescovi, Antonella & Wulfeck, Beverly (2001), «Psycholinguistics: A Cross-Language Perspective», *Annual Review of Psychology*, 52, 369-396.
- Bowerman, Melissa (1985), «What shapes children's grammars?», en Slobin, Dan (1985), *The Crosslinguistic Study of Language Acquisition*, vol. 2, Hillsdale: Erlbaum, 1257-1319.
- Bowerman, Melissa (1994), «From Universal to Language-Specific in Early Grammatical Development», *Philosophical Transactions: Biological Sciences*, 346, nº 1315, «The Acquisition and Dissolution of Language», 37-45.
- Bowerman, Melissa & Levinson, Stephen C. (2001), «Introduction», en M. Bowerman & S. Levinson (eds.) (2001), 1-16.
- Bowerman, Melissa & Levinson, Stephen C. (eds.) (2001), *Language acquisition and conceptual development*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Brown, Roger W. & Lennenberg, Eric H. (1954), «A study in language and cognition», *Journal of Abnormal and Social Psychology*, 49, 454-462.

- Bybee, Joan L. (1985), *Morphology. A Study of the Relation Between Meaning and Form*, Amsterdam, John Benjamins.
- Clark, Eve V. (2003), *First Language Acquisition*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Coseriu, Eugenio (1966), «El hombre y su lenguaje», en Coseriu, E., *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*, Madrid: Gredos, 1977, 13-33.
- Croft, William (1990), *Typology and universals*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Darnell, Regna (1990), *Edward Sapir. Linguist, Anthropologist, Humanist*, Berkeley: University of California Press.
- Darnell, Regna (1998), *And along came Boas. Continuity and Revolution in Americanist Anthropology*, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.
- Derbyshire, Desmond C. & Pullum, Geoffrey K. (eds.) (1991), *Handbook of Amazonian Languages*, 4 vols. Berlin: Mouton de Gruyter.
- Duranti, Alessandro (1997), *Linguistic Anthropology*, Cambridge: Cambridge University Press. Traducción ao español de Pedro Tena, *Antropología lingüística*, Madrid: Cambridge University Press, 2000.
- Duranti, Alessandro (ed.) (2004), *A Companion to Linguistic Anthropology*, Oxford: Blackwell.
- Fernández Casas, M^a Xosé (2004), *Edward Sapir en la Lingüística actual. Líneas de continuidad en la historia de la Lingüística*, Verba, Anexo 54, Santiago de Compostela: Publicacións da Universidade.
- Greenberg, Joseph (1966), *Language Universals, with special reference to feature hierarchies*, The Hague: Mouton.
- Greenberg, Joseph (1974), *Language typology. An historical and analytic overview*, The Hague: Mouton.
- Greenberg Joseph (1978), «Diachrony, synchrony and language universals», in Greenberg, Joseph; Ferguson, Charles A. & Moravcsik, Edith A. (eds.), *Universals of Human Language*, vol 1, Stanford: Stanford University Press, 61-92.
- Givon, Talmy (1990), *Syntax. A Functional Typological Introduction*, Amsterdam/New York: John Benjamins.

- Givón, Talmy (2005), *Context as Other Minds: The Pragmatics of Sociality, Cognition, and Communication*, Amsterdam/ New York: John Benjamins.
- Haspelmath, Martin; Dryer, Matthew; Gil, David and Comrie, Bernard (2005), *The World Atlas of Language Structures*, Oxford University Press. Tamén en liña, <http://www.livingreviews.org/wals/>
- Hockett, Charles F. (1970), *A Leonard Bloomfield Anthology*, Chicago: The University of Chicago Press.
- Hopper, Paul & Thompson, Sandra A. (1980), «Transitivity in Grammar and Discourse», *Language*, 56, 251-299.
- Hymes, Dell (1984), *Vers la compétence de communication*, Paris: Hatier.
- Kemmer, Suzanne & Barlow, Michael (1999), «Introduction: A Usage-Based Conception of Language», en M. Barlow & S. Kemmer (eds.) (1999), vii-xxviii.
- Lamb, Sydney (1999), *Pathways of the Brain. The Neurocognitive Basis of Language*, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins
- Langacker, Ronald (1987), *Foundations of Cognitive Grammar*, vol. 1, Stanford: Stanford University Press.
- Langacker, Ronald (1999), «A Dynamic Usage-Based Model», en M. Barlow & S. Kemmer (eds.) (1999), 1-63.
- Lucy, John (1992), *Language diversity and thought. A reformulation of the linguistic relativity hypothesis*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Mandelbaum, David (ed.) (1949), *Edward Sapir. Selected Writings in Language, Culture and Personality*, Berkeley: University of California Press.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (1997), *Introducción a la Lingüística. Enfoque tipológico y universalista*, Madrid: Síntesis.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2003), *El Universo de las lenguas. Clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas*, Madrid: Castalia.
- Moseley, Christopher & Asher, Robert E. (eds.) (1994), *Atlas of the World's Languages*, London/New York: Routledge.
- Pena, Jesús (1996), «La tipología morfológica de Sapir», en Casado Velarde, Manuel; Freire Llamas, Antonio; López Pereira, José E. & Pascual, José I. (1996), *Scripta Philologica in memoriam Manuel*

- Taboada Cid*, vol. 1, A Coruña: Publicacións da Universidade, 165-177.
- Pike, Kenneth (1954-1960), *Language in relation to a unified theory of the structure of human behavior*, The Hague: Mouton.
- Sapir, Edward (1921), *Language. An Introduction to the Study of Speech*, New York: Harcourt Brace. Tradución ao español de Margit e Antonio Alatorre, *El lenguaje. Introducción al estudio del habla*, México: Fondo de Cultura Económica, 1954.
- Sapir, Philip (Editor-in-Chief) (1984-2008), *The Collected Works of Edward Sapir*, 16 vols., Berlin/New York: Walter de Gruyter.
- Slobin, Dan (1996), «From *thought and language* to *thinking for speaking*», en Gumperz, John & Levinson, Stephen (eds.) (1996), *Rethinking linguistic relativity*, Cambridge: Cambridge University Press, 70-86.
- Slobin, Dan (1997), «The Universal, the Typological, and the Particular in Acquisition», en Slobin, Dan (ed.) (1997), *The Crosslinguistic Study of Language Acquisition*, vol. 5 (*Expanding the Contexts*), Hillsdale: Lawrence Erlbaum., 1-39.
- Swiggers, Pierre (ed.) (2008), *Collected Works of Edward Sapir: General Linguistics*, Berlin: Mouton de Gruyter.
- Tomasello, Michael (2003), *Constructing a Language. A Usage-Based Theory of Language Acquisition*, Harvard University Press.
- Whorf, Benjamin L. (1956), *Language, Thought and Reality. Selected Writings of Benjamin Lee Whorf*, by John B. Carroll (ed.), Cambridge MA: The MIT Press. Tradución ao español de J. M. Pomares, *Lenguaje, pensamiento y realidad*, Barcelona: Seix Barral, 1971.
- Wierzbicka, Anna (1991), *Cross-Cultural Pragmatics*, Berlin: Mouton de Gruyter.
- Wierzbicka, Anna (1996), *Understanding Cultures through their Key Words: English, Russian, Polish, German, Japanese*, Oxford: Oxford University Press.
- Wierzbicka, Anna (1999), *Emotions across Languages and Cultures. Diversity and Universals*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Wurm, Stephen; Mühlhäusler, Peter & Tryon, Darrell T. (1996), *Atlas of Languages of Intercultural Communication in the Pacific, Asia, and the Americas*, 2 vols. (vol. I: Maps; vol.II,1-2: Texts), Berlin: Mouton de Gruyter.

A LINGUAXE
INTRODUCCIÓN Ó
ESTUDO DA FALA

NOTA DO TRADUTOR

Con anterioridade á tradución galega, *Language. An Introduction to the Study of Speech* foi vertida ó longo do século XX a todas as grandes linguas de cultura (ó ruso en 1934, ó xaponés en 1943, e ó alemán en 1961) e, a partir de 1954, ás linguas románicas (ó francés, ó español e portugués, ó italiano e ó catalán).¹ No contexto cultural hispánico, a que maior circulación tivo foi a tradución da parella composta polo filólogo mexicano Antonio Alatorre e a hispanista xermano-mexicana Margit Frenk Alatorre. Publicouna por primeira vez en 1954 o Fondo de Cultura Económica. Ía pola duodécima reimpresión, en España, en 1991, pero contou con innumerables impresións e edicións difíciles de distinguir a partir dos rexistros dos catálogos das bibliotecas. Aparecen reedicións en México, Madrid e Buenos Aires nos seguintes anos: 1962, 1966, 1971, 1974, 1975, 1977, 1978, 1981, 1984, 1986 e 1991, que foi a que eu manexei. A 2ª edición foi de 1962. A 3ª, de 1996. De parecida popularidade no contexto lusófono gozou a versión de 1954 (Rio de Janeiro: MEC) dun dos máis insignes lingüistas brasileiros, Joaquim Mattoso Câmara Jr., da que teño noticia de polo menos outras tres edicións (2ª ed., 1971; 1ª ed. en São Paulo por Perspectiva en 1978, e 2ª ed. en 1980). No ámbito francófono, o libro foi traducido por Solange-Marie Guillemin. Publicouse en 1953, un ano antes das traducións española e portuguesa, e foi reeditado periodicamente por Payot en París (hai unha versión revisada en 1967, e numerosas reimpresións, entre elas, en 1970 e 2001, esta última baixo o selo editorial de Payot e Rivages). Para o italiano traduciu-no Paolo Valesio en 1969 (Torino: Einaudi, reedicións en 1971 e 1981) e ó catalán Hortènsia Curell i Gotor

¹ A obra, publicada en Nova York en 1921 por Harcourt, Brace and company, tivo reimpresións en 1939, 1949, 1963, 1970 e 1992 na mesma editora (a última baixo o nome de Harcourt Brace Jovanovich). En Londres publicouna Rupert Hart-Davis en 1949 e 1963. Reimprimiuse en 1970, 1971 e 1978 e coñeceu unha nova edición en 1982 (por Granada). Bartleby reeditouna en Nova York no 2000. Estes datos e os das traducións que se fornecen están tirados dunha pesquisa feita a través dos catálogos das bibliotecas nacionais e universitarias dispoñibles na rede e das librerías virtuais que aparecen en Google.

en 1985 (Barcelona: Empúries, 2ª ed., 1989).² Este apuntamento sobre as traducións que se fixeron do texto orixinal debería bastar para dar unha idea da influencia que o manual sapiriano tivo dentro do campo da lingüística do século pasado e do interese do proxecto editorial de traducir para a nosa lingua un verdadeiro clásico.

En contra do que pensa a xente, traducir dunha lingua para outra non é doado. Facer unha boa tradución leva tempo. Sábeno todos os tradutores.³ Un tense que someter ó texto orixinal e mostrar a súa unicidade servíndose das opcións doutra lingua que nunca poderá suplantar a orixinal. Aínda que traducín unhas cantas obras antes de poñerme con esta, debo dicir que ningunha outra me custou tanto esforzo coma esta. Por varias razóns, pola complexidade da tarefa (Sapir sérvese a un tempo da concreción do exemplo e da abstracción e metaforización, que lle son tan queridas), por non querer ignorar outras traducións, polo feito, sempre difícil, de traballar en equipo, e por implicarme na realización dos índices e do glosario. Des que Marisa Melón, do Servizo de Publicacións da USC, se puxo en contacto comigo en xullo de 2006 ata hoxe pasaron xusto catro anos.⁴ Durante este tempo, a miña amable contratante xubilouse antes de ver o libro no prelo, aínda que a 3ª versión a tivo no seu mail antes de deixar o posto, e, Juan Blanco Valdés, que en 2009 asumiu a responsabilidade da edición, foi testemuña do meu desespero ante o lento avance do proxecto e do sentimento de alivio de vela por fin concluída. Ata o momento en que estou a escribir traballei en catro versións diferentes e dúas probas de imprenta de todo o texto. É difícil facerlle cadrar ás palabras e á sintaxe de tres linguas diferentes e tres idiolectos de senllos tradutores parciais. O primeiro esbozo fíxose directamente da versión inglesa do Proxecto Gutenberg.⁵ O meu modus operandi

² Foi traducida tamén ó vasco por Alberto Gabikagojeaskoa e publicada en 2006 (Donostia: Gaiak)

³ A mesma idea está expresada nesta mesma colección na «Nota do tradutor» de Vázquez Buján que precede ó *Eloxio da loucura*, que teño sobre a mesa: «Esta tradución galega non foi labor de pouco tempo» (p. 75).

⁴ Uns meses antes, Antón Santamarina comunicárame que propuxera o meu nome para a tradución. A el, e ó comité científico que preside Darío Villanueva, os meus agradecementos por concederme o privilexio de traducir a Sapir para esta mimada colección.

⁵ <<http://www.gutenberg.org/etext/12629>>. *The Project Gutenberg EBook of Language, by Edward Sapir*. O texto electrónico está dispoñible dende o 15 de xuño de

foi o de pegarme ó texto da lingua orixinal, traballar sen case consultar o dicionario, e calcar o que non encontraba no meu galego. A segunda versión foi o resultado de cotexar a primeira versión galega coa versión de Margit e Antonio Alatorre do FCE. Nesta ocasión o texto español useino de alerta ante os meus posibles malentendidos. A versión electrónica francesa da Universidade do Quebec (que se corresponde coa tradución de S.-M. Guillemin) serviu-me para reafirmarme na autonomía fronte a versión hispana.⁶ Tanto esta coma a francesa son traducións «domesticadoras», en xeral, bastante libres. Máis, se cabe, a francesa. A miña, como dixer, seguiu premeditadamente a estratexia oposta.

Pero o verdadeiro *tour de force* aínda estaba por chegar. Cinco meses despois de entregarlle á prologuista Milagros Fernández Pérez esta última versión, comecei a recibir as súas «revisións» xunto coas dos tamén profesores de lingüística, Miguel González Pereira e Pablo Cano López de partes importantes do meu texto. Supoño que, dado o traballo xa investido, non estaba ben predisposto para este esforzo extra dunha cuarta versión pero acepteino polo que supoñía de reto enfrontarme a outras posibles traducións na mesma lingua. Debo dicir que, mesmo recoñecendo a súa valía, só asumín aquelas que me pareceron aceptables para o meu propósito de non perder de vista o orixinal. A esa altura do traballo, renunciar ás miñas escollas conscientes –que fuxían da pomposidade barroca da versión mexicana– pareceume pouco sensato, de modo que resolvín operar como fixera nas versións anteriores: servirme delas para recrear o meu propio estilo «sapiriano». Sería curioso ver as idas e vidas das distintas versións da tradución ata chegar ás dúas probas de imprenta que aínda corrixín a maiores. A bondade final desta «retradución» que chegou ata o capítulo 6 déixoa ó xuízo do lector. A Marisa e a Juan, testemuñas pacientes do proceso, débollas agradecemento polo bo trato e a Milagros,

2004, e pódese descargar libremente. Eu baixeino en agosto de 2006. Hoxe hai varios outros sitios web nos que tamén se pode dispoñer en diversos formatos.

⁶ <http://classiques.uqac.ca/classiques/Sapir_edward/langage/langage.html>. «Une édition électronique réalisée à partir du livre d'Edouard Sapir (1921), *Le langage. Introduction à l'étude de la parole*. Traduction française de S. M. Guillemin. Paris : Petite bibliothèque Payot, n° 104, 1970, 231 pages.»

Miguel, e Pablo, doulles as grazas por demostraren de forma práctica o relativismo implícito en toda tradución. Do acerto ou infelicidade das escollas finais, fágome único responsable.

Queda por responder por que traducir Sapir e non outro lingüista dos moitos e bos lingüistas que deu o século XX. Explicar os porqués da súa filosofía da lingua equivale en certa maneira a preguntarnos para que a queremos no mundo actual. Unha resposta sería: para reorientar o estudo da linguaxe e das linguas nunha vía novidosa. A bibliografía académica de Sapir inscríbese dentro da revolución lingüística que caracterizou e moldeou a cultura de boa parte do século pasado, e que faría posible na década dos satélites e da conquista espacial discursos coma os d'A *galaxia Gutenberg* e a reivindicación dunha «aldea global». A *galaxia Gutenberg* de Marshall McLuhan, que será o próximo título desta colección, comparte con *Language* o tema da comunicación humana pero as ontoloxías que sosteñen as dúas obras son en moitos sentidos de signo oposto. A lingüística sapiriana de raíces humanistas, psicolóxicas e antropolóxicas foi nas súas consecuencias relativista e antitotalitaria (i.e. diversificadora). Unha proxección simbólica desta filosofía podería rastrexarse tanto na política wilsoniana que proporcionou lexitimidade ás linguas dos novos países europeos trala primeira guerra mundial, como na descolonización que seguiu á segunda guerra mundial traendo á luz a realidade viva de milleiros de linguas vernáculos silenciadas, cada unha delas servindo con idéntica perfección e teimosía a tarefa de tender pontes ou poñer barreiras entre os humanos. En contraste coa énfase na diversidade do paradigma lingüístico, o pensamento derivado do episteme mcluhaniano, de base máis sociolóxica, fisiolóxica, e sobre todo tecnocrática, fai gala dun concepto de comunicación mecanicista e determinista. A súa é unha mensaxe determinada por tecnoloxías masificadoras de efectos homoxeneizantes. McLuhan non está preocupado polas formas e contidos dos medios primarios de comunicación que son as linguas humanas. A súa antropoloxía do home moderno escríbea dende a vangarda da sociedade contemporánea altamente alfabetizada e estandarizada, que el entendía rexida polos medios de comunicación de masas, e suxeita a cambios tecnolóxicos que

ocasionarían mutacións drásticas en todas as ordes da vida social e da conciencia dos individuos.

Tanto os paraísos prometidos e sempre adiados coma as renovadas alienacións que pairan sobre a sociedade actual forman parte hoxe do espírito do noso tempo, do «zeitgeist» que a todos nos impregna. Advírtennos de que coa xeneralización das novas tecnoloxías electrónicas estamos a piques de dar o salto definitivo ó individuo posmoderno de identidades múltiples, ó individuo capaz de fuxir das masas, á costa de arredarse cada vez máis da súa comunidade inmediata e da realidade orgánica máis próxima, para sentirse cada vez máis a gusto conectado ás novas realidades virtuais. Como auguran os discípulos de McLuhan, imos asistir, ou estamos xa a asistir, ás primeiras fases dunha revolución cognitiva propiciada pola interactividade dos medios dixitais e a participación directa na construción dunha nova realidade cibernética en comunión coa realidade física e biolóxica (véxase de Kerckhove 1995, 1997; Kurzweil 1998, 2005). É innegable a tendencia a esa desexable «democratización» da cultura, pero o propio concepto soa tanto a panexírico dos seus anunciadores como a promesa mistificadora da realidade máis lacerante, a de que unha sexta parte da poboación do planeta sofre de desnutrición ou mala alimentación (Informe FAO 2009)⁷. O cal debería levarnos de novo a repensar en que consiste a comunicación e o papel que as linguas, como instrumentos primarios dos distintos grupos humanos, deben xogar na negociación do futuro da humanidade e na recreación da diversidade cultural, tarefa imprescindible se o obxectivo é enfrontar de maneira efectiva os graves problemas ecolóxicos que ameazan o planeta e o porvir da nosa especie. A ecoloxía das linguas ten, de certo, en Sapir, un precursor real, como pode constatarase no seu “Language and environment”, o primeiro dos artigos incluídos en *The Ecolinguistics Reader* (Fill & Mühlhäusler 2001), un libro de lecturas que por conter contribucións paradigmáticas deste orixinal enfoque da lingüística merecería a atención dunha editora e dun tradutor intelixentes.

⁷ <<http://www.scribd.com/doc/21117922/informe-fao>>. No informe FAO de 2009 estímase que hai 1.020 millóns de persoas subnutridas en todo o mundo.

LANGUAGE

AN INTRODUCTION TO THE STUDY
OF SPEECH

EDWARD SAPIR

NEW YORK
HARCOURT, BRACE AND COMPANY

Portada da edición orixinal
(New York: Harcourt, Brace & Co., 1921)

PREFACIO

Este libríño pretende máis ben ofrecer unha certa perspectiva encol da linguaxe que arrecadar datos sobre o tema. Non ten moito que dicir acerca da base psicolóxica última da fala, e só achega o imprescindible material descritivo ou histórico de certas linguas co obxecto de exemplificar os principios enunciados. O seu propósito principal é amosar a miña concepción do que é a linguaxe, cal é a súa variabilidade no espazo e no tempo, e cales son as súas relacións con outros aspectos humanos fundamentais –o problema do pensamento, a natureza do proceso histórico, a raza, a cultura, a arte.

A perspectiva que así consigamos será útil, ou iso espero, tanto para os estudantes de lingüística como para o público alleo a ela que teña propensión a rexeitar as nocións lingüísticas como se fosen artificios pedantes de mentes desocupadas. Un coñecemento máis amplo das relacións que a súa ciencia mantén con outras é esencial para os profesionais que se dediquen ó estudo da lingua se se quere evitar unha actitude estéril e puramente técnica. Entre os escritores contemporáneos que influenciaron o pensamento liberal, Croce é un dos poucos que gañou un comprendemento acabado da significación fundamental da linguaxe ó destacar a súa estreita relación co problema da arte. Débolle moito á súa intuición. Á parte do interese intrínseco que poidan ter, as formas linguísticas e os procesos históricos posúen o maior dos valores diagnósticos para o entendemento dalgún dos problemas máis difíciles e esquivos da psicoloxía do pensamento e desa estraña e acumulativa deriva na vida do espírito humano que chamamos historia, progreso ou evolución. Principalmente, este valor depende da natureza inconsciente e non racionalizada da estrutura lingüística.

Prescindín de case todos os termos técnicos e de todos os símbolos científicos da erudición lingüística. No libro non se atopará nin un só signo diacrítico. Sempre que foi posible, a discusión baseouse en material relacionado co inglés. Non obstante, foi necesario, para o esquema do libro, que abrangue unha análise das formas proteicas en que se expresou o espírito humano, citar algúns exemplos exóticos.* Non me parece necesario que haxa que desculpase por eles. Por mor das limitacións de espazo, vinme obrigado a deixar fóra moitas ideas e principios que me gustaría e debería tocar. Outras cuestións apenas tiveron oportunidade máis que de deixalas caer nunha oración ou nunha frase fuxidía. A pesar de todo, confío en dar traído o suficiente material ó libro para que poida servir de estímulo a un estudo máis aprofundado dun campo tan desatendido coma este.

Quixera expresar o moi agradecido que me sinto, polo seu consello cordial e útiles suxestións, ós varios amigos que leron o manuscrito desta obra, en particular ós profesores A. L. Kroeber e R. H. Lowie da Universidade de California, ó profesor W. D. Wallis do Reed College, e ó profesor J. Zeitlin da Universidade de Illinois.

Edward Sapir.

Ottawa, Ontario, 8 de abril de 1921

* Mantiven moitas veces as traducións do inglés das linguas que Sapir manexa no libro e os exemplos, ingleses ou non, con que ilustra os conceptos que aparecen no libro, pero procurei chegar sempre a tradución galega das estruturas ou ben, cando me pareceu oportuno, proporcionar exemplos en galego, ás veces no propio texto e outras en notas de rodapé. As traducións das formas lingüísticas orixinais deben entenderse como glosas das fontes a través do intermedio do inglés (N. do T.).

1

Introdución. Definición de linguaxe

Falar é algo tan normal na vida diaria que poucas veces nos paramos a pensar no que é. Parécenos tan natural nos homes coma andar, e só un pouco menos ca respirar. E, aínda así, só necesitamos un momento de reflexión para nos decatarmos de que a naturalidade da fala non é senón unha impresión ilusoria. O proceso de adquirir a fala é, en realidade, unha cousa absolutamente diferente do proceso de aprender a andar. No caso desta última función, a cultura, ou dito noutras palabras, o corpo de usos sociais transmitidos a través da tradición non se chega a poñer exactamente en xogo. Como individuo, un neno nace equipado polo complexo conxunto de factores que chamamos herdanza biolóxica, para realizar todos os axustes nerviosos e musculares que resultan na tarefa de andar. É máis, pódese dicir que a propia conformación destes músculos e as correspondentes partes do sistema nervioso están adaptadas, dende as orixes, para levar a cabo os movementos que facemos cando andamos ou realizamos actividades parecidas. Dunha maneira moi real, o ser humano normal está predestinado a andar, non tanto porque os seus maiores o axuden a aprender a arte de andar, senón porque o seu organismo está preparado dende o nacemento, ou mesmo dende o momento da concepción, para acometer todo o consumo de enerxía e todas as adaptacións musculares que desembocan na acción de andar. Dito de maneira concisa, andar é unha función biolóxica inherente ó home.

A linguaxe é outra cousa. É dende logo verdade que, nun certo senso, o individuo está destinado a falar, mais iso débese á circunstancia de que nace non soamente en plena natureza, senón no seo dunha sociedade que está segura, e segura con razón, de que o educará nas súas tradicións. Elimínese a sociedade e hai todas as razóns para crer que ha de aprender a andar, se, certamente, dá sobrevivido. Pero é tanto ou máis certo

que nunca aprenderá a falar, isto é, a comunicar ideas conforme o sistema tradicional dunha sociedade concreta. Ou, de novo, sáquese o individuo recién nado do medio social no que viu a luz e transplántese a un totalmente alleo. Desenvolverá a arte de andar no seu novo medio tan ben como o desenvolvería no vello. Mais a súa fala será completamente diversa da fala do seu medio nativo. Andar, polo tanto, é unha actividade humana xeral que varía unicamente de individuo a individuo dentro de límites moi restritos. A súa variabilidade é involuntaria e sen propósito. Falar, pola contra, é unha actividade humana que varía sen límites asignables a medida que pasamos dun grupo social a outro, pois é unha herdanza puramente histórica do grupo, o produto dun uso social continuado que se mantivo ó longo do tempo. Varía do mesmo modo que varían todos os esforzos creativos –se cadra non tan conscientemente, mais emporiso de modo tan efectivo como o fan as relixións, as crenzas, os costumes, e as artes dos diferentes pobos. Andar é unha función orgánica e instintiva (aínda que non, dende logo, un instinto); falar é unha función “cultural”, unha función adquirida, non instintiva.

Existe un feito que axudou moitas veces a impedir o recoñecemento da lingua como un sistema de símbolos sonoros meramente convencional, o que seduciu a mentalidade popular ó se lle atribuír unha base instintiva que realmente non posúe. É o feito ben coñecido de observar que baixo o poder dunha emoción, por exemplo dunha dor repentina ou dunha alegría irreprimible, emitimos involuntariamente sons que o oínte interpreta como indicativos da emoción mesma. Mais hai unha gran diferenza entre tal expresión involuntaria de sentimento e o tipo normal de comunicación de ideas que é a lingua. O primeiro tipo de manifestación é en verdade instintivo, pero non é simbólico; noutras palabras, o son da dor ou o son da alegría, en tanto que tales, non son indicativos de emoción. Non se poden apartar, por así dicilo, da emoción mesma. O que fan é anunciar que esa emoción se está sentindo. Ademais, tales gritos instintivos dificilmente son

constitutivos de comunicación nun senso estrito. Non se dirixen a ninguén e non se acertan case a oír, no caso de que se oían. Son coma o ladrar dun can, o son de pasos que se achegan, ou o zoar do vento. Se eles transmiten certas ideas ó oínte, pódese dicir que o fan no senso xeral en que cada son ou cada fenómeno do noso medio transmite unha idea á mente que os percibe. Se o grito involuntario de dor convencionalmente representado por “Ah!”* se pode entender como símbolo verdadeiramente lingüístico equivalente a algunha idea do tipo “dóeme moito,” éo só no mesmo sentido en que nos permitimos interpretar a aparición de nubes como símbolo portador dunha mensaxe concreta equivalente a “é probable que chova.” Mais en todo caso, unha definición de lingua así de extensa, que abranga toda sorte de inferencia, vólvese totalmente sen sentido.

Non deberíamos caer no erro de identificar as interxeccións convencionais (os nosos oh! e ah! e sh!***) cos gritos instintivos mesmos. Estas interxeccións son meras fixacións convencionais dos sons naturais. E é por iso que difiren amplamente en varias linguas en conformidade co xenio “fonético” específico de cada unha delas. Como tales pódense considerar unha parte integral da fala, no senso propiamente cultural do termo, e non se poden identificar cos gritos instintivos reais máis do que se identifican palabras tales como “cuco” e “pimpín”**** cos paxaros que denotan, ou do que se pode equiparar o tratamento da tormenta na overtura a “Guillielme Tell” de Rossini á verdadeira treboada. Noutras palabras, as interxeccións e as onomatopeas da

* No orixinal inglés *Oh!* Poderíase pensar en traducila por *Ai!* pero a prudencia aconsella facelo pola equivalente á inglesa. Se Sapir quixese empregar aquela en inglés usaría *Ouch!* ou *Ow* (N. do T.).

** No inglés *oh!*, *ah!* e *sh!*, no francés *oh!*, *ah!* e *chut!*, no español *¡ay!*, *¡ah!* e *¡chist!* (N. do T.).

*** En inglés os exemplos manexados son as tamén onomatopeicas *cuckoo* “cuco,” imitativa do *cucú* do seu canto, e *killdeer*, voz americana que ó parecer tenta reproducir o estridente *kil-dii* da ave que entre nós se denomina “pillara”. O paxariño coñecido como *pimpín* en galego recibe este nome en imitación do son que produce (N. do T.).

lingua corrente están relacionadas cos seus prototipos naturais de maneira semellante a como a arte, un produto puramente social ou cultural, se relaciona coa natureza. Poderíase obxectar que, aínda que as interxeccións difiren en certa maneira dunha lingua a outra, a pesar de todo ofrecen parecidos asombrosos e poderían por tanto ser entendidas como palabras xurdidas dunha base instintiva común. Mais o seu caso non é diferente, por exemplo, dos diversos modos nacionais de representación pictórica. Un cadro xaponés dun outeiro difire e ó mesmo tempo aseméllase a un cadro europeo que represente o mesmo tipo de outeiro. Ambos suxiren e imitan o mesmo fenómeno natural. Nin un nin outro son a mesma cousa, nin, en ningún sentido estrito, son un desenvolvemento directo do fenómeno natural. Os dous modos de representación non son idénticos porque proveñen de distintas tradicións históricas e están executados con diferentes técnicas pictóricas. As interxeccións do xaponés e do inglés están suxeridas por un prototipo natural común, os gritos instintivos, e é por iso que as dúas se imitan de maneira inevitable. Difiren, unhas veces moito, outras pouco, porque se constrúen con materiais históricos e técnicas diversas a partir das respectivas tradicións lingüísticas, os sistemas fonéticos, os hábitos de fala dos dous pobos. E mesmo así, os gritos instintivos, como tales, son practicamente idénticos en todos os humanos do mesmo xeito que o esqueleto humano ou o sistema nervioso son, para todos os propósitos e fins, trazos “fixos”, é dicir, trazos do organismo humano que apenas presentan pequenas variacións e de carácter accidental. As interxeccións atópanse entre os elementos lingüísticos menos importantes da lingua. A súa discusión é valiosa principalmente porque se pode demostrar que incluso os elementos interxectivos, sen dúbida os sons lingüísticos máis próximos ós enunciados instintivos, son instintivos dunha maneira moi superficial. Xa que logo, aínda que se puidese demostrar que o conxunto da linguaxe se remonta, nas súas fundacións históricas e psicolóxicas últimas,

ás interxeccións, non se podería deducir que a lingua é unha actividade instintiva. Pero, de feito, todos os intentos de explicar así as orixes da lingua resultaron infrutuosos. Non existen probas tanxibles, históricas ou doutra clase, que apunten a que o conxunto dos elementos e dos procesos lingüísticos evolúise a partir das interxeccións. Estas representan unha parte moi pequena e funcionalmente insignificante do vocabulario da lingua; en ningunha rexión lingüística nin período de tempo de que teñamos coñecemento vemos que se dese unha tendencia notoria a se instituíren na trama inicial ou urdime da lingua. No mellor dos casos, nunca chegan a ser máis do que un ribete decorativo da súa complexa e ampla fábrica.

O que se di das interxeccións pódese aplicar con maior rigor ás palabras onomatopeicas. Palabras tales como *impar*, *bear* ou *rinchar* non son sons naturais que o home reproducise de maneira instintiva ou automática nun momento dado da súa historia.* Son simplemente verdadeiras creacións da mente humana, voos da imaxinación humana, similar a calquera outro elemento da linguaxe. Non xorden directamente da natureza, son suxeridos por ela e xogan con ela. De aí que a teoría onomatopeica da orixe da fala, a teoría que concibe a linguaxe como unha evolución gradual dos sons de carácter imitativo, non nos conduce realmente máis aló do nivel instintivo da lingua tal e como hoxe aínda a coñecemos. Canto á teoría mesma, é escasamente máis crible cá teoría interxeccional. É certo que de bastantes palabras, que agora non nos parece que teñan un valor fonético imitativo, se pode probar que tiveron con anterioridade formas fonéticas que suxiren remotas orixes en imitacións de sons naturais. É o caso do verbo inglés *to laugh*, equivalente ó noso “rir”. Mais é bastante improbable que se poida demostrar,

* Na versión inglesa cítase o substantivo *whippoorwill*, unha ave da familia dos *Caprimulgidae* que recibe en galego o nome de *avenoiteira*, e os verbos *to mew*, “maiar ou miañar, emitir o son o gato”, e *to caw*, “grallar, emitir o son o corvo” (N. do T.).

e non parece razoable supoñer que se vaia poder derivar dunha fonte onomatopeica máis ca unha proporción insignificante dos elementos da linguaxe e do seu aparato formal. Por moito que, apoiándonos en principios xerais, esteamos dispostos a asignar unha importancia fundamental á imitación dos sons naturais nas linguas dos pobos primitivos, o certo é que tales linguas non amosan unha especial preferencia polas palabras imitativas. Entre os pobos máis primitivos da América indíxena, as tribos atabascanas do río Mackenzie falan linguas nas que tales palabras semellan estar case ou totalmente ausentes do léxico, mentres que en linguas tan sofisticadas como o inglés ou o alemán son usadas liberalmente. Este exemplo mostra o pouco esencial que é na natureza da linguaxe a mera imitación das cousas.

Dito isto, o camiño amósase agora expedito para procedermos a unha definición de lingua que nos poida valer de guía. A linguaxe é un método exclusivamente humano e non instintivo de comunicar ideas, emocións, e desexos por medio dun sistema de símbolos creados con este propósito. Estes símbolos son, en primeira instancia, auditivos e son producidos polos chamados “órganos da fala”. Non existe unha base instintiva discernible na linguaxe humana como tal, por moito que as expresións instintivas e o medio natural poidan servir de estímulo para o desenvolvemento de certos elementos da lingua, e por moitas tendencias instintivas, motrices ou outras que poidan predeterminar o alcance ou o molde da expresión lingüística. Tal comunicación humana ou animal (se é que se pode chamar “comunicación”), en tanto que resultado de gritos involuntarios e instintivos, non é nin sequera linguaxe, no sentido en que nós a entendemos.

Acabo de falar dos “órganos da fala,” e, a primeira vista, dá a impresión de que isto é equivalente a admitir que a propia fala é unha actividade instintiva e bioloxicamente predeterminada. Non debemos permitir que o termo empregado nos conduza a equívocos. Propiamente falando, non hai órganos da fala; só hai órganos que son, de maneira incidental, útiles na produción

de sons. Os pulmóns, a larinxe, o padal, o nariz, a lingua, os dentes, e os labios úsanse nesa actividade mais non cumpriría pensar neles como órganos primarios da fala, do mesmo xeito que tampouco se pode considerar ós dedos órganos esencialmente deseñados para tocar o piano, ou ós xeonllos órganos do rezo. A fala non é unha actividade simple da que se encarga un ou máis órganos bioloxicamente adaptados para ese propósito. É unha rede extremadamente complexa e sempre cambiante de axustes –no cerebro, no sistema nervioso, e nos órganos articulatorios e auditivos– tendentes ó desexado fin da comunicación. Os pulmóns desenvolvéronse, a grandes trazos, en conexión coa necesaria función biolóxica coñecida como respiración; o nariz, como órgano do olfacto; os dentes, como útiles órganos na mastigación da comida e na súa preparación para unha ulterior dixestión. Se, polo tanto, estes e outros órganos se empregan normalmente na fala, é só porque todos os órganos, unha vez que existen e en tanto están suxeitos a control voluntario, pode utilizalos o home para outros fins. Do punto de vista fisiolóxico, a fala é unha función adxacente, ou para sermos máis precisos, un grupo de funcións adxacentes. Sérvese en todo o que pode de órganos e funcións nerviosas e musculares que apareceron e se mantiveron con finalidades moi diferentes da lingüística.

É verdade que os psicólogos fisiolóxicos falan da localización da lingua no cerebro. Isto só pode significar que os sons da fala se localizan no tracto auditivo do cerebro, ou nunha parte del, no mesmo sentido en que se localizan nesa área outras clases de sons, e que os procesos motores involucrados na fala (tales como os movementos das cordas vocais na larinxe, os movementos da lingua requiridos para pronunciar as vogais, os movementos dos labios cos que se articulan certas consoantes, e numerosos outros movementos) se localizan no tracto motor, é dicir, exactamente no mesmo lugar en que radican todos os outros impulsos necesarios para actividades motrices especiais. De maneira similar, o control da vista alóxase no tracto visual

do cerebro xunto cos outros procesos de recoñecemento visual que interveñen na lectura. Naturalmente, os puntos particulares ou os grupos de puntos de localización situados en varias áreas e que se refiren a elementos lingüísticos están interconectados no cerebro por vías asociativas, de xeito que a vertente externa ou psicofísica da linguaxe consiste nunha vasta rede de localizacións asociadas no cerebro e en niveis inferiores do sistema nervioso. Delas, as localizacións auditivas son sen dúbida as máis importantes de todo o proceso da fala. En todo caso, un son lingüístico localizado no cerebro, mesmo cando se asocia cos movementos particulares dos órganos da fala que se requiren na súa produción, dista moito de ser un elemento lingüístico. Cómpre que a seguir se asocie con algún elemento ou grupo de elementos da experiencia, digamos que cunha imaxe visual ou unha clase de imaxes visuais ou con certo sentido de relación, antes de que posúa un significado lingüístico rudimentario. Este “elemento” de experiencia é o contido ou “significado” da unidade lingüística; os procesos auditivos e motores asociados así coma outros procesos cerebrais que configuran o acto de falar e o acto de escoitar a fala son só un símbolo complexo ou un sinal que traduce eses “significados”, dos que falaremos máis tarde. Vemos, por tanto, que a linguaxe como tal non é nin pode ser localizada de maneira definitiva, pois consiste nunha peculiar relación simbólica –fisioloxicamente arbitraria– entre, por unha banda, todos os posibles elementos da consciencia, e, por outra, certos elementos concretos localizados nas áreas auditiva e motriz e noutras áreas do cerebro. Se se pode dicir que a linguaxe se “localiza” no cerebro, non é máis que no senso xeral e inútil en que todos os aspectos da consciencia, todas as actividades e intereses humanos, residen “no cerebro”. Xa que logo, non nos queda outro remedio que aceptar a lingua como sistema funcional perfectamente formado dentro da constitución psíquica ou “espiritual” do home. Non podemos definila só como unha entidade en termos psicofisiolóxicos, por moito

que a base psicofísica sexa esencial para o seu funcionamento no individuo.

Dende o punto de vista do fisiólogo ou do psicólogo parecerá que estamos creando unha abstracción inxustificable no desexo de abordar o tema da lingua sen unha referencia constante e explícita a aquela base. Podemos discutir con proveito a intención, a forma e a historia da lingua –digamos que exactamente do mesmo xeito que discutimos a natureza de calquera outra faceta da cultura humana, poñamos por caso, a arte ou a relixión–, como unha entidade institucional ou cultural, deixando á marxe os seus mecanismos orgánicos ou fisiolóxicos por seren evidentes e podérense dar por sentados e ben establecidos. Por conseguinte, debe ficar claro que esta introdución ó estudo da linguaxe non trata dos aspectos fisiolóxicos e psicofísicos en que se basea a linguaxe. O noso estudo da lingua non abarcará a xénese e funcionamento dun mecanismo concreto; será máis ben unha indagación encol da función e a forma dos sistemas arbitrarios de símbolos que denominamos linguas.

Veño de apuntar que a esencia da lingua consiste na asignación de sons convencionais voluntariamente articulados, ou dos seus equivalentes, a diversos elementos da experiencia. A palabra *house* (“casa”) non é un feito lingüístico se por el entendemos soamente o efecto acústico producido no oído polas vogais e consoantes que a constitúen pronunciadas nunha determinada orde; tampouco o é polos procesos motores e sensacións táctiles que conforman a articulación da palabra; nin pola percepción visual por parte do oínte de tal articulación; nin pola percepción visual da palabra “casa” na páxina manuscrita ou impresa; nin polos procesos motores e sensacións táctiles que interveñen na escrita da palabra; nin pola memoria de calquera desas experiencias ou de todas elas. É só un feito lingüístico cando estas experiencias combinadas, e posiblemente outras, se asocian de maneira automática á imaxe dunha casa, e comezan a adquirir a natureza dun símbolo, dunha palabra, dun elemento da lingua.

Mais o mero feito de tal asociación non é abondo. Un puido oír unha palabra concreta dita nunha determinada casa baixo circunstancias tan chocantes que nin a palabra nin a imaxe da casa acudan á nosa consciencia sen que a outra imaxe estea presente ó mesmo tempo. Esta clase de asociación non constitúe a lingua. A asociación debe ser puramente simbólica; noutras palabras, a palabra debe denotar, debe etiquetar a imaxe, e non debe ter outro significado có de servirle de equivalente cada vez que sexa necesario ou apropiado referila. Tal asociación, voluntaria e, en certo senso, arbitraria, demanda un considerable exercicio de atención consciente. Polo menos ó comezo, pois o hábito non tarda en facer a asociación tan automática coma calquera outra, e máis rápida cá maioría.

Pero estámonos apurando un pouco de máis. Se o símbolo *house* (ou “casa”) –sexa este unha experiencia ou imaxe auditiva, motriz ou visual– se combinase a unha única imaxe dunha casa particular vista unha única vez, talvez puidésemos denominala, mediante indulxente crítica, elemento lingüístico, pero sería obvio dende o principio que a lingua así constituída tería moi pouco valor como medio de comunicación ou non cumpriría tal propósito. O mundo das nosas experiencias debe simplificarse e xeneralizarse antes de que sexa posible facer un inventario simbólico das nosas experiencias das cousas e das relacións; e este inventario é necesario antes de que poidamos transmitir ideas. Os elementos da linguaxe, os símbolos que etiquetan a experiencia, cómpre que se asocien a grupos enteiros de experiencia, isto é, a clases ben delimitadas máis que a experiencias singulares concretas. Só así é posible a comunicación, pois a experiencia única alóxase nunha consciencia individual e é, estritamente falando, incomunicable. Para ser comunicada, a experiencia necesita referirse a unha clase que a comunidade acepta de maneira tácita como unha identidade. Por tanto, a impresión particular que tiven dunha casa concreta debe ser identificada con todas as outras impresións que tiven dela. E

alén diso, a miña memoria xeneralizada ou a miña “noción” desta casa debe axustarse ás nocións que teñen da casa todos os outros individuos que a viron. Neste momento a experiencia individual da que partimos amplíase ata abranguer todas as posibles impresións ou imaxes que todo ser sensible se formou ou se podería formar da casa en cuestión. A primeira simplificación da experiencia está na base dun enorme número de elementos da lingua, os chamados nomes propios ou nomes de individuos e obxectos singulares. É esencialmente, o tipo de simplificación que constitúe o fundamento, ou forma a materia bruta, da historia e da arte. Mais non podemos contentarnos co simple proceso de reducir a nomes a experiencia infinita. Debemos chegar ó cerne das cousas, debemos colocar xuntas, de modo máis ou menos arbitrario, masas de experiencia que sexan similares dabondo que nos permitan velas, equivocadamente pero de modo moi conveniente, idénticas. Esta casa e mais aquela casa, e miles de fenómenos de carácter semellante considérase que compartillan, a pesar de grandes e obvias diferenzas, os suficientes trazos en común para poderen ser clasificados baixo a mesma denominación. Noutras palabras, o elemento lingüístico “casa” non é, primeiro e ante todo, o símbolo dunha única percepción, nin sequera da noción dun obxecto particular, senón dun “concepto”, ou o que é o mesmo, dunha útil cápsula de pensamento que abarca milleiros de experiencias distintas e pode dar acollida a miles máis. Se os elementos significantes da fala son por separado os símbolos dos conceptos, a cadea da fala real pode interpretarse como un rexistro das relacións mutuas que se establecen entre eses conceptos.

Unha cuestión moitas veces discutida é a de se o pensamento é posible sen a fala; e aínda cabería a maiores preguntar se a fala e o pensamento non serán dúas facetas dun mesmo proceso psíquico. É máis, a cuestión tornouse aínda máis difícil de resolver porque se inzou de malos entendidos. En primeiro lugar, é bo observar que, tanto se o pensamento necesita do simbolis-

mo –é dicir, da fala– como se non, o fluír da lingua non é sempre indicio de pensamento. Vimos que o elemento lingüístico típico etiqueta un concepto. Do cal, en calquera caso, non se segue que o uso que se lle dá á lingua sexa sempre ou principalmente conceptual. Na vida cotiá non estamos tan interesados nos conceptos como nas relacións específicas e particularidades concretas. Cando en inglés se di, por exemplo, *I had a good breakfast this morning* (*Esta mañá almorcei ben*) está claro que un non se encontra no medio das agonías dun pensamento laborioso, e que o que se ten que transmitir non vai máis alá do que é unha lembranza agradable expresada mediante símbolos polas canles habituais da lingua ordinaria. Cada elemento da oración define un concepto separado, ou unha relación conceptual, ou ambos combinados, pero a oración no seu conxunto non ten maior significación conceptual. É coma se unha dínamo capaz de xerar electricidade abonda para facer funcionar un ascensor se empregase de modo case exclusivo para alimentar o timbre eléctrico da porta de entrada. O paralelismo é máis suxestivo do que semella a primeira vista. A lingua pode ser entendida como un instrumento capaz de dar conta dunha ampla gama de usos mentais. A súa corrente non só corre parella ó do contido interior da consciencia, flúe paralela a ela en diferentes niveis, que van dende o estado mental dominado por imaxes concretas ó estado comunmente coñecido como razoamento en que os conceptos abstractos e as súas relacións son o seu único foco de atención. Polo tanto, a forma externa é o único que é constante na lingua; o seu significado interno, o seu valor psíquico ou intensidade, varia libremente conforme a atención ou o interese selectivo da mente e conforme –tampouco non fai falla repetilo– o desenvolvemento xeral da mente. Dende o punto de vista da linguaxe, o pensamento pode ser definido como o contido lingüístico latente ou potencial máis elevado, o contido que se pode obter ó interpretarmos cada un dos elementos da cadea da lingua en tanto que dotado do seu máis alto valor conceptual.

Disto dedúcese asemade que a lingua e o pensamento non son en sentido estrito termos coextensivos. No mellor dos casos, a lingua non pode ser outra cousa cá faceta externa do pensamento no nivel máis elevado, é dicir, no nivel máis xeneralizado da expresión simbólica. Por poñermos o noso punto de vista dunha maneira un pouco diferente, a lingua é principalmente unha función pre-racional. Traballa humildemente para alcanzar o pensamento que está latente e que pode ser recuperado nas clases e formas de que se serve. Non é, como xeralmente e de maneira inxenua se asume, a etiqueta final que se pon sobre o pensamento elaborado.

A meirande parte da xente, se se lle pregunta se se pode pensar sen lingua, probablemente responda: “Claro que se pode, pero non é moi doado facelo. Mais, en todo caso, está claro que se pode.” A lingua non é máis cá vestimenta! Pero que pasaría se a lingua non fose tanto unha vestimenta como un camiño ou unha canle preparada? Verdadeiramente, é máis probable que no seu sentido máis elevado a lingua sexa un instrumento empregado orixinalmente con propósitos máis baixos có do plano conceptual, e que o pensamento non xurdise senón como unha interpretación refinada do seu contido. O produto medraría, noutras palabras, co instrumento, e é moi posible que o pensamento, tanto na súa xénese coma na práctica diaria, non se poida concibir sen a fala, no mesmo sentido en que o pensamento matemático resulta impracticable sen a panca do pertinente simbolismo matemático. Ninguén aceptaría que a proposición matemática máis difícil depende dun conxunto arbitrario de símbolos, mais é imposible imaxinar que a mente sexa capaz de chegar a tal proposición ou defendela sen o pertinente simbolismo. O autor destas liñas, no que a el respecta, é da opinión de que a sensación que algúns teñen de que poden pensar, ou mesmo razoar, sen lingua, é pura ilusión. A ilusión parece deberse a varios factores. O máis simple é a incapacidade para distinguir entre imaxes e pensamentos. De feito, en canto

tentamos poñer de maneira consciente unha imaxe en relación con outra atopámonos esvarando cara a un silencioso fluír de palabras. Poida que o pensamento sexa un dominio natural á parte do dominio artificial da fala, pero a fala semella ser o único dos camiños que coñecemos que conduce ó pensamento. Unha fonte aínda máis frutífera da sensación ilusoria de que se pode prescindir da lingua cando pensamos é a incapacidade tan común de entender que a lingua e o seu simbolismo auditivo non son cousas idénticas. O simbolismo sonoro pode substituírse, punto por punto, por un sistema motor ou por un sistema visual (moita xente pode ler, por exemplo, dun modo puramente visual, isto é, sen o intermedio dunha corrente interior de imaxes auditivas que se correspondan coas palabras escritas ou impresas) ou ben mediante outros tipos de transferencia aínda máis sutís ou imprecisos, non tan doados de definir. Xa que logo, a idea de que un pensa sen lingua porque simplemente non é consciente dunha imaxinería auditiva paralela está moi lonxe de ser unha pretensión válida. Un pode ir aínda máis lonxe ata o punto de sospeitar que a expresión simbólica do pensamento se pode dar nalgúns casos fóra das marxes da mente consciente, de maneira que o sentimento dunha corrente de pensamento libre e desprendido da lingua só se podería xustificar con certos tipos de experiencia mental, e só de maneira relativa. Dende unha perspectiva psicofísica, isto significaría que os centros auditivos do cerebro ou os seus equivalentes visuais ou motores, xunto coas canles apropiadas de asociación, que son os equivalentes cerebrais da linguaxe, só se verían lixeiramente afectados durante o proceso de pensamento, pois nin tan sequera alcanzarían o nivel da consciencia. Este sería un caso límite —o pensamento rolando lixeiro sobre as cristas somerxidas da fala, no canto de correr, ombro con ombro, ó seu lado. A psicoloxía moderna amosounos de que maneira tan poderosa funciona o simbolismo na mente inconsciente. Por tanto, hoxe é máis fácil de entender ca hai vinte anos que o pensamento máis evanescente quizais non sexa

outra cousa cá correspondente contrapartida dun simbolismo lingüístico inconsciente.

Só unha palabra máis acerca da relación entre lingua e pensamento. De ningún modo o punto de vista que acabamos de desenvolver exclúe a posibilidade de que o progreso da linguaxe dependa en moi alto grao do desenvolvemento do pensamento. Podemos asumir que a lingua xurdiu pre-racionalmente –aínda que non saibamos como e ata que preciso nivel de actividade mental– pero non debemos supoñer que un sistema altamente desenvolvido de símbolos lingüísticos puido funcionar antes da xénese de distintos conceptos e do pensamento en si, é dicir, do manexo de conceptos. O que debemos imaxinar é que os procesos de pensamento se fixaron como unha especie de desbordamento psíquico, case ó comezo da expresión lingüística; e que, ademais, o concepto, unha vez definido, influíu necesariamente na vida do seu símbolo lingüístico, estimulando aínda máis o desenvolvemento lingüístico. Realmente, vemos que este complexo proceso de interacción entre a lingua e o pensamento se dá xusto diante dos nosos ollos. O instrumento orixina o produto, o produto refina o instrumento. Un novo concepto xorde sempre dun uso máis ou menos restrinxido ou extenso de vello material lingüístico. O concepto non cobra vida individual e independente ata que se encarna nunha determinada palabra. Na meirande parte dos casos ese novo símbolo non é máis ca algo forxado a partir de material lingüístico xa existente seguindo os modos prefixados por precedentes abrumadoramente despóticos. En canto a palabra está dispoñible, sentimos instintivamente, coma se exhalásemos un suspiro de alivio, que o concepto está listo para ser manexado. Só cando posuímos o símbolo, sentimos que temos a chave do coñecemento inmediato ou a comprensión do concepto. Estaríamos de verdade dispostos a morrer pola “liberdade”, e a loitar por “ideais”, se as palabras mesmas non estivesen

resoando dentro de nós? As palabras, como sabemos, non son só unha chave; tamén poden ser grillóns.

A linguaxe é, ante todo, un sistema de símbolos auditivos. En tanto que é articulada tamén é un sistema motor, pero o aspecto motor da fala é claramente secundario con relación ó auditivo. Nos individuos normais, o impulso para falar desencadáase primeiro na esfera das imaxes auditivas e a continuación é transmitido ós nervios motores que controlan os órganos da fonación. Emporiso, nin os procesos motores nin as sensacións motrices que os acompañan son a fin, o punto final de repouso. Son, simplemente, un medio e un mecanismo de control que desembocan na percepción auditiva do falante e mais do oínte. A comunicación, que é o verdadeiro obxecto da linguaxe, só se completa con éxito cando as percepcións auditivas do oínte se traducen na corrente pretendida e apropiada de imaxes ou pensamento ou de ambas combinadas. Por tanto, o ciclo da linguaxe, en canto que observada como instrumento puramente externo, principia e remata no ámbito sonoro. A concordancia entre a imaxe auditiva inicial e a percepción auditiva final é a garantía ou selo social do éxito do proceso. Como xa vimos, o percorrido típico deste proceso pode comportar ilimitadas modificacións ou transferencias a sistemas equivalentes, sen por iso perder as súas características formais esenciais.

A máis importante destas modificacións é a abreviación do proceso lingüístico que comporta o feito de pensar. Isto, sen dúbida, presenta numerosas formas, de acordo coas peculiaridades estruturais ou funcionais da mente individual. A forma menos modificada é a que se coñece como “falar para un mesmo” ou “pensar en alto”. Aquí falante e oínte identifícanse nunha única persoa, da que se pode dicir que se comunica consigo mesma. Maior significación ten a forma aínda máis abreviada na que os sons da fala nin sequera se articulan. A esta categoría pertencen todas as variedades de fala silenciosa e de pensamento normal. Pode suceder que se exciten unicamente os centros auditivos;

ou que o pulo que leva á expresión lingüística se comunique ós nervios motores e estes á súa vez o comuniquen ós órganos da fala aínda que logo poidan ser inhibidos ou ben nos músculos destes órganos ou nalgún punto dos propios nervios motores; ou pode ser que os centros auditivos só sexan levemente excitados, se é que o son, en cuxo caso o proceso da fala se manifeste directamente na esfera motriz. Pero pode haber aínda outros tipos de abreviación. Recórdese o moi común que é que os nervios motores se exciten na fala silenciosa, onde non se dan articulacións audíbles ou visibles, tal e como se pode comprobar na frecuente experiencia de cansazo dos órganos da fonación, particularmente da larinxe, despois dunha inusual sesión de estimulante lectura ou de intensa reflexión.

Todas as modificacións ata agora consideradas están directamente modeladas no proceso típico da fala normal. De grande interese e importancia é a posibilidade de transferir o sistema de simbolismo lingüístico na súa totalidade a termos diferentes daqueles implicados no proceso normal da fonación. Este proceso, polo que vimos, é un asunto de sons e movementos destinados a producir sons. O sentido da vista non se pon en xogo. Mais supoñamos que un non só oe os sons articulados senón que ve as articulacións mesmas que o falante vai emitindo. Claramente, se un pode gañar un alto grao de pericia na percepción destes movementos dos órganos da fala, ábrese a posibilidade dun novo tipo de simbolismo lingüístico no que o son se substitúe pola imaxe visual das articulacións correspondentes ós sons. Este tipo de sistema non ten un gran valor para a meirande parte de nós porque xa posuímos un sistema motor-auditivo, do que aquel non é máis ca unha tradución imperfecta ó non seren todas as articulacións visibles para o ollo. Aínda así, todos coñecemos o excelente uso que fan os xordos da “lectura de labios” como método subsidiario de capturar a fala. O máis importante de todos os simbolismos lingüísticos visuais é, dende logo, o da palabra escrita ou impresa, que se

corresponde no plano motor co sistema de movementos sutilmente axustados que resulta na escrita, na mecanoescrita e noutros modos gráficos de rexistrar a fala. Á marxe de que non son sucedáneos da fala normal, o trazo máis destacable para o recoñecemento destes novos tipos de simbolismo é que cada elemento (letra ou palabra escrita) do sistema se corresponde cun elemento específico (son, grupo de sons ou palabra oral) no sistema primario. A lingua escrita é, tomando emprestada unha frase matemática, unha equivalencia punto a punto da súa contrapartida oral. As formas escritas son símbolos secundarios das formas orais –símbolos de símbolos–, pero a correspondencia é tan perfecta que, non só na teoría senón na práctica de certos lectores habituados á lectura visual, e posiblemente en certos tipos de pensamento, poden substituír as formas orais a todos os efectos. De calquera dos xeitos, é probable que as asociacións audio-motrices estean sempre, como mínimo, latentes, é dicir, que se poñan en funcionamento de maneira inconsciente. E que mesmo os que len e pensan sen faceren o menor uso de imaxes sonoras dependan delas en última instancia. Dito en termos metafóricos, están simplemente manexando o medio circulante, o diñeiro, dos símbolos visuais como troco adecuado dos bens económicos e servizos dos símbolos auditivos fundamentais.

As posibilidades de transferencia lingüística son case ilimitadas. O exemplo máis coñecido é o código morse do telégrafo no que as letras da lingua escrita se representan cunha secuencia fixada convencionalmente de marcas máis longas ou máis breves. Neste caso, a transferencia probablemente se efectúe a partir da palabra escrita e non dos sons da lingua falada. A letra do código telegráfico é, xa que logo, un símbolo dun símbolo dun símbolo. Disto non se segue, nin por asomo, que o operador experto, a fin de chegar a entender unha mensaxe telegráfica, precise traducir a secuencia individual de toques nunha imaxe visual da palabra antes de experimentar a imaxe auditiva normal daquela. O método preciso de lectura dunha comunicación

telegráfica sen dúbida varía enormemente segundo o individuo. Mesmo é concibible, aínda que non sexa moi probable, que certos operadores aprendesen a pensar directamente, no que concirne á parte do proceso de pensamento consciente, en termos de simbolismo auditivo de toquiños ou, se por casualidade tivesen unha forte inclinación cara ó simbolismo motor, nos termos correlativos do simbolismo táctil-motor desenvolto no envío de mensaxes telegráficas.

Outro interesante grupo de transferencias constitúeno as diferentes linguaxes xestuais, desenvoltas para o uso de xordomudos, dos monxes trapistas que gardan o voto de silencio perpetuo, ou de grupos que aínda querendo comunicarse, por estaren a unha distancia considerable, non poden servirse do oído pero si da vista. Algúns dos sistemas empregados son equivalentes punto por punto ós sistemas lingüísticos normais; outros, como o simbolismo de xestos dos militares ou a linguaxe xestual dos indios das chairas de Norteamérica (entendida por tribos que non se entenden nas súas respectivas linguas) son transferencias imperfectas que se limitan á expresión dos elementos lingüísticos máis básicos, na medida en que obedecen ó requisito mínimo da comunicación baixo circunstancias excepcionais. Nestes últimos sistemas, como noutros simbolismos aínda máis imperfectos usados no mar ou nos bosques, poderíase defender que a lingua nin sequera xoga un papel importante senón que as ideas se comunican directamente por medio dun proceso simbólico totalmente diferente ou por unha especie de imitación case instintiva. Mais tal interpretación sería errónea. A intelixibilidade destes simbolismos aínda máis vagos é difícil de apoñer a outra cousa que non sexa a súa tradución automática e silenciosa a unha lingua máis completa.

De todo isto conclúese que, de quitado o que é a fala normal, toda comunicación voluntaria de ideas ou ben é unha transferencia directa ou indirecta do simbolismo típico da lingua falada ou oída, ou supón, cando menos, a intermediación dun auténtico

simbolismo lingüístico. Este é un feito da maior importancia. As imaxes auditivas e as correspondentes imaxes motrices que desembocan na linguaxe articulada son, tomemos o camiño que tomemos na descrición do proceso, a fonte histórica de toda lingua e de todo pensamento. Outro punto de aínda maior relevo debe ser aquí destacado. A facilidade con que o simbolismo lingüístico se pode transferir dun sentido a outro, dunha técnica a outra, é ela mesma indicativa de que os meros sons da lingua non son o feito esencial da linguaxe, que reside fundamentalmente na clasificación, na organización formal e na relación desta con conceptos. Unha vez máis, a lingua, en tanto que estrutura, é na súa faciana interna o molde do pensamento. É nesta linguaxe abstracta, máis que nos feitos físicos propios da linguaxe, no que nós estaremos interesados na nosa investigación.

Non hai outro feito xeral máis abraiante acerca da linguaxe có da súa universalidade. Un pode discutir acerca de se unha tribo concreta participa de actividades que merezan o apelativo de relixión ou arte, mais non se sabe de ningún pobo que non posúa unha lingua completamente desenvolvida. O máis atrasado dos bosquimáns do sur de África sérvese das formas dun rico sistema simbólico que é en esencia perfectamente comparable á lingua do francés máis cultivado. Non fai falla dicir que os conceptos máis abstractos non están tan abundantemente representados na linguaxe do salvaxe, nin que tampouco existen a rica terminoloxía e a afinada definición de matices que reflicten a cultura máis elevada. Mais, aínda así, o tipo de desenvolvemento lingüístico que corre parello ó crecemento histórico da cultura e que, nos seus últimos estadios, asociamos coa literatura, é, no mellor dos casos, algo absolutamente superficial. Os alicerces fundamentais da lingua —o desenvolvemento dun sistema fonético definido, a asociación específica de elementos lingüísticos con conceptos, e a elegante provisión de expresión formal a todos os tipos de relacións— atópanse todos solidamente establecidos e perfeccionados en cada unha das linguas

que coñecemos. Moitas linguas primitivas teñen unha riqueza formal, unha expresión tan opulenta e vigorosa, que eclipsa todo canto coñecemos das linguas da civilización moderna. Incluso no mero asunto do inventariado lingüístico, o leigo debe prepararse para estrañas sorpresas. As crenzas populares sobre a extrema pobreza de expresión á que están supeditadas as linguas primitivas son simplemente mitos. Pouco menos asombrosa cá universalidade da lingua é a súa case increíble diversidade. Aqueles de nós que estudamos francés e alemán, ou aínda mellor, latín ou grego, sabemos das variadas formas en que pode discorrer un pensamento. As diverxencias formais entre o modelo inglés e o latino son mínimas, en termos comparativos, se se ven á luz do que sabemos de patróns lingüísticos moito máis exóticos. A universalidade e a diversidade da lingua condúcenos a unha significativa conclusión. Estamos obrigados a crer que a lingua é unha herdanza da raza humana inmensamente antiga, tanto se todas as formas lingüísticas son o resultado histórico dunha única forma pristina coma se non. É dubidoso que calquera outra posesión cultural do home, sexa esta a arte de facer lume como de tallar a pedra, poida acreditar unha maior antigüidade. Síntome inclinado a crer que a lingua antecedeu historicamente os máis humildes desenvolvementos da cultura material e que tales avances non puideron, de feito, ser posibles en sentido estrito, ata que a lingua, a ferramenta da expresión significativa, adquiriu forma ela mesma.

2

Os elementos da fala

No capítulo 1 referímonos máis dunha vez ós “elementos da lingua”. Por tales entendemos, falando dun modo xeral, o que comunmente chamamos “palabras”. Agora debemos examinar con máis vagar tales elementos e familiarizarnos coa materia da lingua. O máis simple elemento da lingua –e por “lingua” entenderemos de aquí en diante o sistema auditivo de simbolismo lingüístico, a cadea de palabras faladas– é o son individual, aínda que, como veremos deseguida, o son non é en si mesmo unha estrutura simple senón o resultado dunha serie de axustes independentes, aínda que estreitamente relacionados, que teñen lugar nos órganos da fala. E, a pesar de todo, o son individual non é, se o consideramos propiamente, un elemento da lingua, pois a fala ten a función de expresar significados, e o son como tal non ten significado. Ocorre de cando en vez que un único son é en por si un elemento portador de significado (por exemplo o francés *a* “ten” e *à* “a, para” ou o latín *i* “vai!”),* pero estes casos son pura coincidencia fortuíta entre o son individual e a palabra significativa. A coincidencia tende a ser fortuíta non só na teoría senón con relación ó feito histórico real; así, os exemplos citados son unicamente formas reducidas de grupos fonéticos orixinarios máis amplos –latín *habet* e *ad* e indoeuropeo *ei*, respectivamente.** Se a lingua é unha estrutura e os elementos significantes da lingua son os ladrillos que conforman a estrutura, entón os sons da lingua só poden ser comparados á arxila sen forma e sen cocer da que están feitos os ladrillos. Neste capítulo non temos nada que dicir acerca dos sons en tanto que sons.

Os verdadeiros elementos expresivos da linguaxe son xeralmente secuencias de sons que son ou ben palabras, ou ben partes

* No galego sería, por exemplo, a terceira persoa do presente do verbo *ser*: é (N. do T.).

** O grupo fonético latino correspondente ó galego é *era est* (N. do T.).

de palabras con significado ou agrupacións de palabras. O que distingue a cada un destes elementos é que cada un deles é o signo externo dunha idea concreta, ora dun concepto ou imaxe únicos ou de varios conceptos ou imaxes estreitamente vencellados entre si e formando un todo. Unha palabra concreta pode ou non ser o elemento signifiante máis simple do que teñamos que tratar. As palabras inglesas *sing* (“cantar”), *sings*, (“cantas”), *singing* (“cantando”), *singer* (“cantor, cantante”) transmiten unha idea perfectamente definida e intelixible, aínda que a idea non presente conexións con outras ideas e, por conseguinte, dende o punto de vista funcional, non teña valor práctico ningún. Inmediatamente recoñecemos que estas palabras son de dous tipos. A primeira palabra, *sing*, é unha entidade fonética indivisible que expresa a noción dunha certa actividade moi específica. As outras expresan a mesma noción fundamental pero, debido á adición doutros elementos fonéticos, aquela idea primeira adquire significacións particulares que a modifican ou a precisan en detalle. En certo senso, representan conceptos compostos que floreceron a partir do fundamental. Podemos, xa que logo, analizar as palabras *sings*, *singing* e *singer* como expresións binarias que implican un concepto fundamental, un concepto de tema, e un outro concepto de carácter máis abstracto –de persoa, número, tempo, condición, función ou de varios deles combinados.

Se simbolizamos un termo coma *sing* pola notación alxebraica A , teremos que simbolizar termos tales coma *sings* e *singer* pola fórmula $A+b$.¹ O elemento A pode ser unha palabra completa e independente (*sing*) ou ben a substancia fundamental, a chamada raíz, radical ou “elemento radical” (*sing-*) dunha palabra.² O elemento b (*-s*, *-ing*, *-er*) é o indicador dun concepto subsidiario e, polo regular, máis abstracto. Impón ó concepto de base unha limitación formal, entendendo a palabra “forma” no seu máis amplo sentido. Podemos denominalo “elemento gramatical” ou

1 Reservamos as maiúsculas para os elementos radicais ou raíces.

2 Estas palabras non se usan aquí nun senso rigorosamente técnico.

afixo. Como habemos de ver máis tarde, o elemento gramatical ou incremento gramatical, como o deberamos denominar, non ten por que ser engadido como sufixo ó elemento radical. Pode ser aumentado como prefixo como o *un-* de *unsingable* (literalmente: “incantable”), pode ser un elemento inserido no corpo mesmo da raíz (como o *n* do latín *vinco* “venzo, conquisto” que contrasta coa súa ausencia en *vici* “vencín, conquistei”), pode ser unha repetición total ou parcial da raíz, ou pode consistir nunha modificación da forma interna da raíz (o cambio de vogal, como en *sung* “cantei” e *song* “cantiga, canción”; o cambio de consoante como en *dead* “morto” e *death* “morte”; o cambio de acento; a abreviación). Todos e cada un destes tipos de elementos ou modificacións gramaticais teñen esta peculiaridade, que na inmensa maioría dos casos non se poden usar de maneira independente senón que se deben agregar ou soldar dalgún modo a un elemento radical para así expresaren unha noción intelixible. Polo tanto, mellor sería modificar a formula $A+b$ por $A + (b)$, na que as parénteses simbolizan a incapacidade do elemento de funcionar por si só. Ademais, o elemento gramatical só existe cando se asocia cun radical, pois por regra xeral nin sequera goza de significado exacto a menos que se asocie cunha clase particular de elementos radicais. Así, o *-s* do inglés *he hits* “el golpea, el bate” simboliza unha noción completamente diferente do *-s* de *books* “libros”, simplemente porque *hit* e *book* son, no que toca á súa función, clases diferentes de palabras. No entanto, debemos apurarnos a dicir que mentres o elemento radical pode, en ocasións, ser idéntico á palabra, isto non quere dicir que poida sempre usarse como palabra, nin sequera habitualmente. Así, o *hort-* de formas latinas como *hortus*, *horti* e *horto* “xardín, horta” é tan abstracto coma o *-ing* de *singing*, aínda que un poida comprender con máis facilidade a súa significación. Pero certo é que non existe tampouco de forma independente como elemento lingüístico intelixible e satisfactorio. A ambos, ó elemento radical, en canto que tal, e ó elemento gramatical, só se pode chegar, por tanto, a través dun

proceso de abstracción. Se parecía apropiado simbolizar *sing-er* as A + (b), *hort-us* debe ser simbolizado como (A) + (b).

Dos elementos lingüísticos que atopamos ata agora, do único do que se pode dicir que realmente “existe” é a palabra. No entanto, antes de definir a palabra, debemos mirar un pouco máis de preto o tipo de palabra que se ilustrou por medio de *sing*. Despois de todo, estaría xustificado que o identificásemos cun elemento radical? Representará unha correspondencia simple entre concepto e expresión lingüística? É realmente o elemento *sing-* que abstraemos das formas *sings*, *singing* e *singer* ó que lle adscribimos un valor conceptual xeral e inmutable, o mesmo feito lingüístico cá palabra *sing*? Parecería absurdo dubidalo, mais, non obstante, un pouco de reflexión basta para convencernos de que a dúbida é enteiramente lexítima. A palabra *sing* non pode, de feito, usarse libremente para referir o seu propio contido conceptual. A existencia das formas evidentemente relacionadas con ela *sang* e *sung* mostra ó momento que non pode facer referencia ó tempo pasado e que, polo menos no que atinxe a unha importante parte do seu uso, está limitada ó presente. Por outra banda, o uso de *sing* como “infinitivo” (en tales locucións como *to sing* “cantar” e *he will sing* “el cantará, el ha cantar”) indica que existe unha clara tendencia a que a palabra *sing* represente a amplitude total e sen recortes dun concepto específico. Ora ben, se *sing* fose, en calquera sentido, a expresión fixa dun concepto puro, non habería lugar a alteracións vocálicas coma as que atopamos en *sang*, *sung* e *song*, nin *sing* se debería usar de maneira específica para indicar só o tempo presente de todas as persoas salvo unha (a da terceira persoa do singular, *sings*).

A verdade é que *sing* é unha especie de palabra “crepuscular”,* que vacila entre o status dun verdadeiro elemento radical

* Sapir usa esta denominación metafórica no sentido de palabra “transicional”, “fronteiriza”, de paso ou transición cara a outro estado, unha especie de tipo “hibrido” entre a verdadeira raíz e a palabra modificada (N. do T.).

e o dunha palabra modificada do tipo *singing*. Aínda que non haxa un signo externo que indique que expresa máis dunha idea xeral, sentimos que en torno dela existe unha brétema variable de valor engadido. A fórmula A non semella que a represente tan ben coma a de A + (0). Poderíamos propoñer que *sing* pertence ó tipo de A + (b), asumindo a reserva de que (b) desapareceu. Esta asunción do “sentimento” que nos inspira a palabra está lonxe de ser un capricho, pois os documentos históricos mostran, en todo o seu rigor, que *sing* non é, na súa orixe, unha palabra senón varias distintas, do tipo A + (b), que acabaron por axuntar os seus distintos valores nunha soa unidade. O (b) de cada un deles desapareceu como elemento fonético tanxible; non obstante, a súa forza sobrevive de maneira amortecida. O *sing* de *I sing* “eu canto” é a forma correspondente ó anglosaxón *singe*; o infinitivo *sing* correspóndese co antigo *singan*; o imperativo *sing* con *sing*. Tras o enfeblecemento das formas inglesas polos tempos da conquista normanda, a lingua afanouse en crear un tipo de palabra-concepto simple, libre de connotacións formais, a pesar de que non obtivo éxitos aparentes se facemos excepción duns cantos adverbios illados e algún que outro elemento dese tipo. Se a típica palabra inanalizable da lingua fose verdadeiramente unha pura palabra-concepto (tipo A) en troques de pertencer ó estraño tipo de transición (tipo A + [0]), entón as palabras *sing* e *work* e *house* e milleiros doutras poderíanse comparar coas xenuínas palabras-raíces de moitas outras linguas.³ Tal palabra-raíz, por poñermos un exemplo ó chou, é a palabra do nootka *hamot* “óso”.⁴ A correspondente voz inglesa *bone* non é comparable con ela máis que dunha maneira moi superficial. *Hamot* significa “bone” (“óso”) nun sentido bastante indefinido; a palabra inglesa aférrase á noción de singularidade.

³ O carácter xeral illante de linguas coma o chinés non se trata aquí (véxase o capítulo 6). As palabras-raíces poden aparecer, e de feito aparecen, en linguas de todas as clases, moitas delas cun alto grao de complexidade.

⁴ O nootka é unha lingua falada por un grupo de tribos indias na illa de Vancouver.

O indio nootka pode expresar a idea da pluralidade, se o desexa, de varias formas, pero non ten que facelo necesariamente; *hamot* vale tanto para o singular como para o plural no caso de que non interese anotar a distinción. Cando os falantes ingleses din *bone* (deixando a un lado o uso secundario para denotar o material), non só especifican a natureza do obxecto. Quéirano ou non, implican asemade que están considerando un só deses obxectos. E ese incremento de valor marca unha diferenza absoluta entre unha e outra lingua.

Agora coñecemos catro tipos formais distintos de palabras: A (nootka *hamot*); A + (0) (inglés *sing, bone*); A + (b) (inglés *singing*); (A) + (b) (latín *hortus*). É posible aínda outro tipo fundamental: A + B, a unión de dous ou máis elementos radicais independentes nun único termo. Tal palabra estaría representada polo composto inglés *fire-engine* “camión de bombeiros” ou pola forma sioux equivalente a *to eat-stand* “comer de pé”.* Por outra parte, sucede adoito que un dos elementos radicais funciona de maneira tan subordinada á outra que adquire o carácter dun elemento gramatical. Podemos simbolizar isto coa fórmula A + b, un tipo que pode converxer gradualmente co tipo máis común A + (b) ó se perder a conexión externa entre o elemento subordinado b e a súa contrapartida independente B. Unha palabra como *beautiful* “fermoso” é un exemplo de A + b, no que o elemento b *-ful* apenas preserva a pegada da súa liñaxe histórica.** Por outra banda, unha palabra como *homely* “caseiro, doméstico, familiar” é claramente do tipo A + (b), pois ninguén que non sexa un lingüista é quen de adiviñar a relación que hai entre *-ly* e a palabra independente *like* “parecido; como; gustar”.

* En galego serían palabras compostas: *estrela do mar, pau de ferro, fin de semana, orizo cacho, porco bravo, vacaloura, limpalacenas, vagalume, crebanoces, rañaceos, sen fin...* (N. do T.).

** O adxectivo *beautiful* formouse historicamente a partir de *beauty* “fermosura, beleza” e *full* “cheo”, polo tanto “cheo de fermosura ou de beleza” (N. do T.).

No uso real, xaora, estes cinco (ou seis) tipos fundamentais poden complicarse indefinidamente de moitas maneiras. O (0) pode ter un valor múltiplo; ou noutras palabras, a modificación formal inherente á noción básica da palabra pode afectar a máis dunha categoría. Nunha palabra latina coma *cor* “corazón”, por exemplo, non só se trata dun concepto concreto expresado, senón que nesa forma, que en realidade é máis breve có seu propio elemento radical (*cord-*), se abrazan estreitamente tres conceptos formais distintos, aínda que interrelacionados, de singularidade, clasificación xenérica (xénero neutro) e caso (subxectivo-obxectivo). A fórmula gramatical completa para *cor* é, pois, A + (0) + (0) + (0), a pesar de que a fórmula fonética meramente externa fose (A) –, no que (A) indica a “raíz” abstracta *cord-* e o signo menos unha perda de material. O máis destacable nunha palabra coma *cor* é que as tres limitacións conceptuais non se expresan simplemente por implicación cando a palabra toma o seu lugar nunha oración; están enlazadas, irremediabilmente e para sempre, coas propias entrañas da palabra e ningunha posibilidade de uso as pode eliminar.

Outras complicacións resultan da multiplicidade das partes. Nunha palabra dada pode haber varios elementos da clase A (xa simbolizamos isto polo tipo A + B), da clase (A), da clase b, e da clase (b). Finalmente, os varios tipos poden ser combinados entre si nun sen fin de maneiras. Unha lingua comparativamente simple como é o inglés, ou mesmo o latín, non exemplifica máis do que unha modesta parte destas posibilidades teóricas. Mais se nos sentimos libres para recoller os exemplos do vasto almacén da linguaxe, dende as linguas máis exóticas a aquelas que nos son máis familiares, concluiremos que case non existe unha posibilidade que non se dea no uso real. Un só exemplo abonda para milleiros de casos, un exemplo dunha posibilidade complexa valerá para centos de posibles tipos. Escóolloo do paiu-

te, a lingua dos indios das chairas áridas do suroeste de Utah. A palabra *wii-to-kuchum-punku-rügani-yugwi-va-ntü-m(i)*⁵ ten unha lonxitude pouco usual, mesmo dentro da propia lingua á que pertence, mais non por iso é unha aberración psicolóxica. Significa “they who are going to sit and cut up with a knife a black cow (or bull)” (en galego: “os que van sentar e cortar cun coitelo unha vaca negra (ou un touro negro)”)), ou seguindo a orde dos elementos amerindios:

“coitelo-negro-búfalo-doméstico-cortar-sentar (plural)-futuro-participio-plural animado”.

A fórmula para esta palabra, segundo o noso simbolismo, sería: (F) + (E) + C + d + A + B + (g) + (h) + (i) + (0). É o plural do participio futuro dun verbo composto que denota as ideas de “sentar e cortar”, isto é, A + B. O elemento (g) –que denota futuridade–, o elemento (h) –un sufixo participial– e o elemento (i) son todos eles elementos gramaticais que non expresan nada cando se separan da palabra na que se insiren. A notación (0) pretende amosar que a palabra enteira implica, ademais do que se expresa de maneira definida, unha idea de relación suplementaria, a da subxectividade; dito con outras palabras, esta forma só se pode usar como suxeito da oración, non nunha relación sintáctica obxectiva nin no desempeño de calquera outra función sintáctica. O elemento radical A (“cortar”), antes de entrar en combinación co elemento coordinado B (“sentar”), componse el mesmo de dous elementos nominais ou grupos de elementos, a saber, unha raíz (F) en función instrumental (“coitelo”), que se pode usar como elemento radical de formas nominais pero non como nome absoluto na forma dada, e un grupo usado en función obxectiva, isto é, (E) + C + d (“vaca negra” ou “touro negro”). Este grupo, á súa vez, consta

⁵ Neste e noutros exemplos collidos de linguas exóticas véxome obrigado a simplificar as formas fonéticas reais debido a consideracións de tipo práctico. Isto non nos debera importar en gran medida, pois estamos interesados na forma en tanto que tal, non no contido fonético.

dun elemento radical adxectivo (E) (“negro”), que non se pode usar só (a noción absoluta de “negro” só se pode expresar como participio xerundio dun verbo, *black-be-ing* (“sendo negro, negreando”, e o nome composto C + d (“búfalo-doméstico”). O elemento radical C significa propiamente “búfalo”, pero o elemento d, un nome que aparece como palabra independente na lingua co significado de “cabalo” (orixinarriamente “can” e, en xeral, “animal doméstico”), úsase regularmente como elemento de cuasisubordinación indicando que o animal denotado pola raíz á que se afixa é propiedade dun ser humano. Repararase en que, do punto de vista funcional, todo este complexo (F) + (E) + C + d + A + B non é máis do que unha base verbal, correspondente ó *sing-* dunha forma inglesa como *singing* ; en que o complexo continúa sendo verbal en virtude da adición do elemento temporal (g) –dito de camiño, este (g) non cumpriría entendela como algo unicamente anexado a B, senón a todo o complexo de base en tanto que unidade–; e en que os elementos (h) + (i) + (0) transforman a expresión verbal nunha forma nominal ben construída.

Mais xa vai sendo oportuno que decidamos o que se entende por “palabra”. O noso primeiro impulso sería, sen dúbida, definir a palabra como a contrapartida simbólica e lingüística dun concepto único. Agora sabemos que tal definición é inadmisíble. Na verdade é totalmente imposible definir a palabra dende unha perspectiva funcional, pois a palabra pode ser calquera cousa dende a expresión dun concepto simple –concreto ou abstracto ou sinxelamente relacional (como en *of* “de” ou *by* “por” ou *and* “e”)– á expresión dun pensamento completo (como ocorre co latín *dico* “digo” ou ben, con maior elaboración formal, na forma verbal nootka equivalente a: “fun afeito a comer vinte cousas redondas [e.g., mazás] mentres me encargo de [facer isto ou aqueloutro]”). No último caso, a palabra vén a ser idéntica á oración. A palabra é soamente unha forma, unha entidade modelada de maneira definida que dá abeiro ó moito ou pouco

material conceptual do conxunto do pensamento que o xenio da lingua lle permite. É por iso que mentres que os elementos radicais ou gramaticais simples dunha lingua dada, isto é, os portadores de conceptos illados, son comparables cos doutras linguas, as palabras completas non o son. Os elementos radicais (ou gramaticais) e as oracións son as unidades funcionais primarias da lingua, os primeiros como mínimos abstractos, as segundas como encapsulamentos esteticamente satisfactorios dun pensamento unificado. As verdadeiras unidades formais da lingua, as palabras, poden de cando en vez identificarse con unha ou outra unidade funcional; as máis das veces están no medio dos dous extremos, incorporando unha ou máis nocións radicais e tamén unha ou máis nocións subsidiarias. Podemos resumir o asunto dicindo que os elementos radicais e gramaticais da lingua, en tanto que abstraídos das realidades da fala, responden ó mundo conceptual da ciencia, mentres que as palabras en tanto que abstraccións das realidades da experiencia, son as unidades existentes da fala viva, pois responden á unidade da experiencia verdadeiramente apreendida da historia e da arte. A oración é a manifestación lóxica do pensamento completo cando se concibe integrada polos elementos radicais e gramaticais que se agochan no seo das súas palabras. É a manifestación psicolóxica da experiencia, da arte, cando se sente —e normalmente así sucede— como o xogo acabado dunha palabra con outra. Na medida en que a necesidade de definir o pensamento única e exclusivamente como pensamento se fai máis urxente, a palabra tórnase cada vez máis inoperante como medio. Por iso é fácil de entender por que os matemáticos e a lóxica simbólica se inclinan a descartar a palabra e construír o seu pensamento coa axuda de símbolos que teñen, cada un deles, un exacto valor de unidade.

Mais, non se podería obxectar que a palabra é unha abstracción no mesmo sentido en que o é un elemento radical? Non é extraída arbitrariamente da oración viva igual que o é o elemento

conceptual mínimo da palabra? Algúns lingüistas, certamente, observaron a palabra como tal abstracción, aínda que con garantías moi dubidosas, parécese a min. É verdade que en casos concretos, especialmente nos das linguas altamente sintéticas dos indíxenas americanos, non é fácil dicir se un elemento lingüístico concreto se debe interpretar como unha palabra independente ou como parte dunha palabra máis longa. Estes casos fronteirizos, desconcertantes como ás veces son, non debilitan, emporiso, as razóns que avalan a validez psicolóxica da palabra. A experiencia lingüística, tanto a expresada en forma escrita e estandarizada como a verificada no uso diario, indica de maneira esmagadora que non hai, por regra xeral, a máis mínima dificultade para asumir conscientemente a palabra como realidade psicolóxica. Non hai proba máis convincente cá do indio analfabeto, nada acostumado á idea da palabra escrita, que non ten problema ningún para ditalle un texto ó lingüista interesado, palabra a palabra; tende, claro está, a enlazar as palabras como na lingua real, mais se se lle manda parar e se lle fai entender o que se quere, pode separar as palabras sen esforzo, repetíndoas como unidades. Polo contrario, négase normalmente a separar o elemento radical ou gramatical, so pretexto de que iso “non ten sentido”.⁶ Daquela, pois, cal é o criterio obxectivo da palabra? Supoñamos que o falante e mais o oínte senten a palabra, mais como é que se pode

⁶ Estas experiencias orais, que tiven unha e outra vez cando facía traballo de campo sobre as linguas amerindias, confirmanas experiencias persoais doutro xénero. En dúas ocasións aprendinlles a escribir as súas propias linguas a dous intelixentes rapaces indios segundo o sistema fonético que emprego normalmente. Ensineilles unicamente a rexistrar con todo coidado os sons en tanto que tales. Ambos tiveron dificultades en aprender a segmentar unha palabra nos seus sons constituíntes, pero ningunha en absoluto en determinar as palabras. Isto último fixérono os dous cunha espontánea e total exactitude. Nos centos de páxinas manuscritas de textos nootka que obtiven dun destes xoves indios, as palabras, tanto as máis abstractas e relacionais do tipo do *that* (“que”) e *but* (“pero, mais”) ingleses coma as palabras oracionais do tipo do exemplo nootka citado antes, aparecen illadas, case sen excepcións, como eu ou calquera outro lingüista as illaría. Esta experiencia con falantes e escritores inxenuos serven para convencer a calquera da unidade plástica e ben definida da palabra moito mellor ca calquera outro argumento puramente teórico.

xustificar o sentido dese sentimento? Se a función non é o criterio último da palabra, cal o é logo?

É máis doado facer a pregunta ca respondela. O mellor que podemos facer é dicir que a palabra é un dos anaquiños de “significado” illado máis pequenos e completamente satisfactorios en que se resolve a oración. A palabra non se pode dividir sen que o significado se altere, pois cada unha das partes resultantes, ou todas, tórnanse de pouca axuda nas nosas mans. Na práctica, este criterio pouco pretencioso presta moito mellor servizo do que se podería supoñer. Nunha oración como *It is unthinkable* “É impensable”, é sinxelamente imposible agrupar os elementos noutras “palabras” máis pequenas cás tres indicadas na escrita. *Think* ou *thinkable* poderían dividirse pero nin *un-* nin *-able* nin *is-un* resultan unidades que poidan satisfacernos de maneira adecuada; estamos obrigados a deixar *unthinkable* como un todo íntegro, como un anaquiño de arte en miniatura. Ó “sentimento” da palabra engádense moitas veces, máis de certo non sempre, certas características fonéticas externas. A dominante é o acento. En moitas linguas, seguramente nas máis, a palabra simple diferénciase por un acento unificador, unha énfase nunha das sílabas á que se subordinan as restantes. Non é preciso dicir que esa sílaba tan diferenciada das outras depende do xenio especial da lingua. A importancia do acento como trazo unificador da palabra é obvio en exemplos ingleses tales como *unthinkable* “impensable” ou *characterizing* “caracterizador.” A longa palabra paiute que analizamos pode definirse como unidade fonética estrita en base a varios trazos, os principais dos cales son o acento na súa segunda sílaba (*wii*’- “coitelo”) e a relaxación (“enxordecemento,” por usar un termo fonético de carácter técnico) da súa vogal final (*-mü*, plural animado). Moi a miúdo trazos tales coma o acento, a cadencia e o tratamento de consoantes e vogais dentro do corpo dunha palabra son útiles como axudas na demarcación externa da palabra, pero en ningún caso se deberían interpretar, como ás veces se fai, como

determinantes da súa existencia psicolóxica. O único que fan, no mellor dos casos, é confirmar un sentimento de unidade que xa está presente por outras razóns.

Acabamos de ver que a unidade funcional máis importante da lingua, a oración, ten, coma a palabra, unha existencia psicolóxica alén da meramente lóxica ou abstracta. A súa definición non presenta dificultades. É a expresión lingüística dunha proposición. Combina un suxeito do discurso cunha afirmación en relación co suxeito. Suxeito e “predicado” poden combinarse nunha única palabra, como ocorre no latín *dico*, ou poden expresarse cada un deles de maneira independente, como na oración equivalente inglesa, *I say*, e os dous ou só un poden “cualificarse” (ou modificarse) ata daren lugar a proposicións complexas de diferentes tipos. Non importa cantos destes elementos cualificadores (palabras ou partes funcionais das palabras) se introducen. A oración conservará a súa unidade se cada un deles recibe o lugar apropiado e contribúe á definición do suxeito do discurso ou do núcleo do predicado.⁷ Unha oración como *The mayor of New York is going to deliver a speech of welcome in French* “O alcalde de Nova York vai dar un discurso de benvida en francés” séntese ó momento como un enunciado unificado, cuxa forma non se pode reducir por simple transferencia dalgúns dos seus elementos ás oracións que a anteceden ou a seguen. As ideas aclaratorias de *of New York*, *of welcome*, e de *in French* pódense eliminar sen danar o fluxo idiomático da oración. *The mayor is going to deliver a speech* é unha proposición perfectamente intelixible. Pero non podemos ir máis alá

⁷ As “oracións coordinadas” como *I shall remain but you may go* (en galego: “Eu quedarei pero ti podes irte”) só poden considerarse con moitos reparos predicacións verdadeiramente unificadas, é dicir, como verdadeiras oracións. Son oracións nun sentido estilístico antes que dende o punto de vista lingüístico, estritamente formal. A ortografía *I shall remain. But you may go* está tan xustificada coma a de *I shall remain. Now you may go* (en galego: “Eu quedarei. Agora ti podes irte”). A maior conexión que sentimos entre as dúas primeiras proposicións, orixe da representación visual convencional, non debería enganar o espírito analítico.

no proceso de redución. Non se pode dicir, por exemplo, *Mayor is going to deliver*,⁸ literalmente “Alcalde vai dar”.* A oración reducida componse do suxeito do discurso *–the mayor–* e do predicado *–is going to deliver a speech*. É costume dicir que o verdadeiro suxeito de tal oración é *mayor*, que o verdadeiro predicado é *is going*, ou incluso *is*, e que os outros elementos están completamente subordinados a eles. Tal análise, non obstante, é puramente esquemática e carece por completo de valor psicolóxico. Francamente, é moito mellor recoñecer o feito de que un ou ambos os termos da oración-proposición se poden expresar en forma de palabras illadas. Hai linguas que son capaces de dicir todo o que se di con *The-mayor is-going-to-deliver-a-speech* en dúas palabras, unha palabra suxeito e unha palabra predicado, pero o inglés non é unha lingua tan sintética. A idea que estamos tratando de amosar aquí é que, subxacente a unha oración acabada, hai unha oración-tipo realmente viva, que posúe características formais fixas. Estes tipos fixos, ou verdadeiras bases da oración, poden sobrepoñer tanto material adicional como ó falante ou escritor lle interese engadir, pero en si mesmos, en tanto que tipos oracionais, están tan inamoviblemente “fixados” pola tradición como os elementos radicais e gramaticais que se poden abstraer da palabra completa. A partir deses elementos fundamentais pódense crear conscientemente novas palabras por analoxía coas vellas xa existentes, pero é raro que se poidan xerar novos tipos de palabras. De maneira análoga créanse continuamente novas oracións, pero sempre seguindo de maneira fiel os modelos tradicionais. A oración ampliada, endebén, permite polo xeral unha liberdade bastante considerable co que se poden denominar “partes non

⁸ Agás, se cadra, nun titular de xornal. Non obstante, de tales titulares só se pode dicir que son linguaxe nun sentido derivativo.

* En galego, por exemplo, o enunciado “Alcalde dará discurso”, sen o uso normal do artigo, podería aparecer como encabezamento dunha noticia (N. do T.).

esenciais”. É esta marxe de liberdade a que nos ofrece a posibilidade dun estilo individual.

A asociación habitual de elementos radicais, elementos gramaticais, palabras e oracións con conceptos ou grupos de conceptos formando un todo coherente constitúe o feito mesmo da linguaxe. É importante observar que existe unha certa liberdade de asociación en todas as linguas. Así, se a idea de “ocultar” se pode expresar tamén coa palabra “agochar”, a noción de “tres veces” pódese expresar con “triplo”.* A expresión múltipla dun único concepto é sentida universalmente como fonte de forza e variedade e non como unha extravagancia innecesaria. Máis problemática resulta a correspondencia entre idea e expresión lingüística no campo dos conceptos abstractos e relacionais, en particular cando o concepto se encarna por medio dun elemento gramatical. Deste xeito, o carácter fortuíto da expresión do plural en palabras tales como *books* “libros” *oxen* “bois”, *sheep* “ovellas”, e *geese* “gansos” paréceme que se sente máis como unha esixencia tradicional e inevitable que como unha riqueza de formas desexable.** É obvio que unha lingua non pode ir máis alá dun certo punto nesta azarosa liberdade. Moitas linguas, é certo, chegan incrivelmente lonxe neste respecto, mais a historia lingüística mostra de maneira irrefutable que máis tarde ou máis cedo as asociacións menos frecuentes son varridas ás expensas das máis vitais. Noutras palabras, todas as linguas teñen unha tendencia de seu que as impele á economía na súa expresión. Se esta tendencia fose enteiramente inoperante, non existiría a gramática. A existencia da gramática, un trazo universal da linguaxe, é simplemente unha expresión xeneralizada

* No orixinal inglés: *hide* e *conceal*, *three times* e *thrice* (N. do T.).

** No orixinal inglés *books* é o plural de *book* “libro”, *oxen* é o plural de *ox* “boi”, *sheep* é o plural de *sheep* “ovella”, e *geese* é o plural de *goose* “ganso.” A equivalencia galega do requirimento formal esixido pola tradición (se aceptamos a convención normativa como consagración da tradición moderna) estaría nos plurais *libros*, *temores*, *gánsters*, *animais*, *cadris*, *soles*, *cónsules*, *lapis* (N. do T.).

do sentimento de que conceptos e relacións análogos deben ser simbolizados por medio de formas análogas. Se unha lingua fose completamente “gramatical”, sería unha máquina perfecta de expresión conceptual. Por desgraza, ou por sorte, ningunha lingua é consistente ata ese extremo. Todas as gramáticas fan auga.*

Ata o de agora asumimos que o material da lingua reflicte meramente o mundo dos conceptos e –no que eu me atrevín a chamar “plano pre-racional”– o mundo das imaxes, as cales son o material bruto dos conceptos. Noutras palabras, estive-mos asumindo que a lingua se move enteiramente na esfera ideacional ou cognitiva. É hora de que alarguemos este marco. Na lingua, o aspecto volitivo da consciencia tamén ten acollida ata certo punto de maneira explícita. Case todas as linguas teñen medios especiais para a expresión das ordes (nas formas imperativas do verbo, por exemplo) e dos desexos, irrealizados ou irrealizables (*Would he might come!* “Ogallá viñera!”, “Que bo sería se puidera vir!” ou *Would he were here!* “Ogallá estivera aquí!” “Quen o fixera aquí!”). En xeral, ás emocións parece que se lles deu unha saída menos apropiada. É máis, como se sabe, a emoción tende proverbialmente ó silencio. A meirande parte das interxeccións, senón todas, deben ser postas no haber da expresión emocional. Tamén, quizais, varios elementos lingüísticos que expresan certas modalidades tales como as formas potenciais e dubitativas, que poden interpretarse como reflexos dos estados emocionais de vacilación ou dúbida, isto é, de temor atenuado. En conxunto, cómpre admitir que a ideación é o reino supremo da linguaxe, e que a vontade e a emoción se distinguen só como factores secundarios. O cal, despois de todo, é perfectamente comprensible. O mundo da imaxe e do concep-

* Se nos servimos da metáfora da lingua como nave (recipiente no que navegar) para traducir a frase. Dito doutro xeito, se usamos a metáfora da lingua como material, “Todas as gramáticas teñen fisuras”; se pensamos nela como masa volátil teríamos: “Todas as gramáticas teñen fugas”; se a imaxinamos como conduto “Todas as gramáticas pingan” (no sentido de que verten líquido); se a imaxinamos como máquina: “todas as gramáticas fallan por algún lado” (N. do T.).

to, a representación infinita e sempre cambiante da realidade obxectiva, é o asunto inevitable da comunicación humana, pois é só dentro dese mundo, ou de maneira principal, que a acción efectiva é posible. O desexo, o propósito, a emoción son a cor persoal do mundo obxectivo; a alma individual aplícaas privadamente e teñen relativamente pouca importancia para as almas próximas. Todo isto non quere dicir que a volición e a emoción non adquiren expresión. Falando en sentido estrito, nunca están ausentes da fala normal, mais a súa expresión non é dunha natureza verdadeiramente lingüística. Os matices de énfase, de entoación e de estilo, a velocidade variable a que falamos, a continuidade da emisión, os xestos corporais que acompañan o discurso, todos estes elementos expresan algo da vida interior dos impulsos e dos sentimentos, mais como estes medios de expresión non son, en última análise, máis cás formas modificadas das manifestacións instintivas que o home partilla cos animais inferiores, non poden ser considerados como aspectos que forman parte esencial da concepción cultural da lingua, por moito que se poidan considerar inseparables da súa vida real. E esta expresión instintiva da volición e da emoción é suficiente na súa maior parte, e moitas veces máis do que suficiente, para dar satisfacción ós fins da comunicación.

Existen, é certo, algúns lingüistas especializados na psicoloxía da lingua⁹ que negan o seu carácter predominantemente cognitivo e que tentan, polo contrario, demostrar a orixe da maioría dos elementos lingüísticos dentro do dominio do sentimento. Confeso que son totalmente incapaz de seguilos. O que hai de verdade nos seus postulados paréceme que se pode resumir dicindo que a maior parte das palabras, coma case todos os elementos da consciencia, levan asociado un certo matiz afectivo, derivado do pracer ou da dor, que se mostra suave pero real, e ás veces insidiosamente potente. Esta parte afectiva

⁹ E.g., o brillante lingüista holandés, Jac van Ginneken.

non é por vía de regra un valor inherente á palabra mesma; é máis ben unha extensión sentimental no verdadeiro corpo da palabra, no seu cerne conceptual. En todo caso, o ton afectivo non só cambia dunha idade a outra ou dun tempo a outro (algo que tamén é certo do contido conceptual), senón que varía de maneira notable dun individuo a outro, do mesmo modo que varían na consciencia as asociacións persoais de cadaquén, de tempo en tempo, ó tempo que as súas experiencias o moldean e o seu humor vai cambiando. Claramente existen tons afectivos aceptados socialmente, ou gamas de tons afectivos para moitas palabras por riba da forza da asociación individual, pero no mellor dos casos son cousas sumamente variables e esvaradías. Moi raras veces teñen a consistencia do feito central e primario. Todos estamos de acordo en conceder, por exemplo, que *storm* “tormenta”, *tempest* “tempestade”, e *hurricane* “furacán”, deixando a un lado as leves matizacións de sentido que lles queiramos dar, teñen asociacións afectivas distintas, tons que todos os falantes e lectores de inglés con certa sensibilidade “senten” dunha maneira máis ou menos equivalente. *Storm*, parécenos, é unha palabra máis xeral e decididamente menos “grandiosa cás outras dúas”; *tempest*, pola súa parte, non só se asocia ó mar senón que na mente de moitos, gañou con toda probabilidade un certo atractivo a través da súa particular asociación coa grande obra de Shakespeare; *hurricane*, finalmente, ten unha máis grande enerxía, unha máis directa crueza cós seus sinónimos. En calquera caso, os tons afectivos do individuo por estas palabras é probable que varíen enormemente. A algúns *tempest* e *hurricane* pódennles parecer palabras “brandas”, literarias, en tanto que á máis simple *storm* lle adxudiquen connotacións de dureza que aqueloutras non posúen (péñese en *storm and stress*). Se nos días da nosa nenez lemos libros do Spanish Main,* é moi posible que *hurricane* evoque en nós sensacións agradables e estimulantes; se tivemos o infortunio

* É dicir, o mar do Caribe ou mar das Antillas (N. do T.).

de ser collidos no medio dun “furacán”, non é nada improbable que sintamos a palabra fría, sombría e sinistra.

Estritamente falando, os tons afectivos das palabras non son de utilidade para a ciencia. O filósofo, se desexa chegar á verdade e non só persuadir, xúlgaos os seus inimigos máis insidiosos. Mais o home raras veces está ocupado na persecución da pura ciencia, do pensamento sólido. As súas actividades mentais están case sempre bañadas por unha morna corrente de sentimento, e sévese dos matices afectivos das palabras a maneira de discretos auxilios que estimulan o desexo. Naturalmente, son de gran valor para o artista literario, pero é interesante resaltar que, mesmo para o artista son un perigo. Unha palabra cuxo ton afectivo habitual se asume sen ser cuestionado en absoluto convértese nunha especie de accesorio de luxo, nun clixé. De cadora en cando o artista debería loitar contra as sensacións afectivas que impregnan as palabras para así conseguir que cada palabra se ispa do superfluo e acabe por significar o que conceptualmente debería, dependendo no que ós efectos de sentimento se refire do poder creador da xustaposición individual de conceptos e imaxes.

3

Os sons da lingua

Xa vimos que a armazón fonética da lingua non constitúe o feito esencial da linguaxe e que os sons da fala articulada non son, en si mesmos, nin sequera un elemento lingüístico. Malia isto, a fala está tan inevitablemente vencellada ós sons e á súa articulación que é difícil evitar dar ó tema da fonética unha consideración xeral. A experiencia amosa que nin aqueles aspectos da lingua que teñen que ver só coa forma nin co curso da súa historia poden ser cabalmente entendidos sen referencia ós sons en que se plasmaron esa forma e esa historia. Un estudo detallado da fonética sería á vez técnico de máis para o lector profano e demasiado afastado do noso tema principal para concederlle o espazo requirido. Mais, aínda así, podemos permitirmos considerar uns poucos feitos e ideas relevantes en torno ós sons da lingua.

O sentimento que ten da súa lingua un falante normal é que, acusticamente falando, a súa fala está construída por un número relativamente pequeno de diferentes sons, cada un dos cales pode ser representado fidedignamente por unha letra do alfabeto ordinario ou, nuns poucos casos, por dúas ou máis letras alternativas. No que toca ás linguas dos estranxeiros, o falante xeralmente sente que, deixando a un lado unhas poucas diferenzas rechamantes que non escapan ó oído menos afinado, os sons que usan son os mesmos ca aqueles cos que el está familiarizado pero é ademais consciente de que, á parte dos propios sons, as linguas estranxeiras están imbuídas dun misterioso “acento”, ou dito doutra maneira, dun certo carácter fonético difícil de analizar que é o que lles dá o seu aire de estrañeza. Este sentimento é un tanto ilusorio no que se refire a ambas as apreciacións. A análise fonética demostra de modo convincente que o número de sons e matices sonoros fáciles de distinguir é moito máis grande do que se soe recoñecer. É probable que de cada cen falantes de inglés non haxa nin un só que teña a máis

remota idea de que o *t* da palabra *sting* (“aguillón”) é un son diferente do *t* da palabra *teem* (“estar cheo de”), pois o último *t* presenta unha “explosión de aire” completa que se inhibe no primeiro caso cando se pronuncia o *s* precedente. É probable tamén que de cada cen falantes do inglés non haxa nin un só que teña a máis remota idea de que o *ea* de *meat* (“carne”) se percibe máis breve có *ea* de *mead* (“augamel”); ou que o *s* final dunha palabra coma *heads* (“cabezas”) non é o son cheo con que se asubía o *s* nunha palabra coma *please* (“agradar; por favor”). Mais son estas pequenas distincións, que non dan reproducido os estranxeiros a pesar de chegaren a adquirir un dominio práctico do inglés e de conseguiren eliminar da súa pouco coidada pronuncia os erros fonéticos máis graves, as que lle confiren ó seu inglés o curioso acento artificial que todos os nativos do inglés recoñecen sen esforzo.

Non definiremos o “acento” como o efecto acústico total producido por unha serie de pequenos pero moi concretos erros fonéticos pola boa razón de que nunca fixemos explícito o repertorio do noso fondo fonético. Se se comparan os sistemas fonéticos de dúas linguas tomadas ó chou, digamos que o inglés e o ruso, o esperable é que nos atopemos con que moi poucos elementos fonéticos dunha teñan un análogo exacto na outra. Así o *t* dunha palabra rusa como *tam* “alí, alá, aló”, non é nin o *t* inglés de *sting* nin o *t* inglés de *teem*. Diferénciase de ambos na súa articulación “dental”, dito noutras palabras, en que se produce por contacto da punta da lingua cos dentes superiores, e non como sucede en inglés, por contacto da parte inmediatamente posterior á punta da lingua (o predorso) coas enxivas (ou alvéolos) dos dentes; ademais, difire tamén do *t* de *teem* na ausencia da marcada explosión que se emite antes de que se anexe a ela a vogal seguinte, de modo que o seu efecto acústico é dunha natureza máis precisa e “metálica” cá do inglés. Igualmente o *l* do inglés é descoñecido en ruso, o cal posúe, pola súa parte, dous sons *l* distintos que o falante normal do inglés atoparía difícil de reproducir exactamente –un *l* “fofo”,

de carácter gutural e un *l* “brando”, palatalizado, que só se pode representar de maneira aproximada, en termos ingleses, como *ly*. Mesmo un son tan simple, e un imaxinaria que tan invariable, coma o *m*, difire nas dúas linguas. Nunha palabra rusa coma *most* “ponte”, ese *m* non é o mesmo có *m* da palabra inglesa *most* (“máis, os máis”) pois os beizos están moito máis redondeados durante a súa articulación, de xeito que a impresión resultante no oído é máis dura e máis resonante. As vogais, non é preciso dicilo, difiren por completo no inglés e no ruso. Dificilmente se atoparán dúas comparables e que sexan case iguais.

Se entrei nestes detalles ilustrativos, que carecen case por completo de interese para nós, foi co obxecto de sentar unha certa base experimental e convencernos a nós mesmos da tremenda variabilidade dos sons da fala. E aínda así un inventario exhaustivo dos recursos acústicos das linguas europeas, as linguas que nos son máis próximas, estaría, aínda sendo sorprendentemente extenso, moi lonxe de nos ofrecer unha idea xusta do verdadeiro alcance da articulación humana. En moitas das linguas de Asia, África e a América aborixe hai clases enteiras de sons dos que a maioría de nós non temos coñecemento. Non é que por forza sexan máis difíciles de se pronunciaren cóos sons que lles son máis caros ós nosos oídos. Simplemente requiren certos axustes musculares dos órganos da fala ós que nós non estamos afeitos. Pódese dicir con toda seguranza que o número total de sons posibles excede en moita medida ós que realmente se usan. De certo que un fonetista experimentado non debería atopar dificultade ningunha para inventar sons que fosen descoñecidos nas investigacións obxectivas. Unha razón pola que atopamos difícil de crer que a gama de sons posibles é ilimitadamente extensa é o noso hábito de concibir o son como unha simple impresión non analizable en vez de como o resultante de varias acomodacións musculares que teñen lugar de maneira simultánea. Un pequeno cambio en calquera deses axustes produce un novo son que segue emparentado co que xa

existía, por mor da continuidade dos outros axustes, pero resulta acusticamente distinto daquel: tan sensible se tornou o oído humano ó sutilísimo xogo do mecanismo vocal. Outra razón para a nosa falta de imaxinación fonética é o feito de que, mentres que os nosos oídos responden con certa delicadeza ós sons da fala, os músculos do noso aparello fonador están acostumados ás xa mencionadas articulacións e sistemas de acomodación que se requiren para producir os sons tradicionais da lingua desde os comezos das nosas vidas. Todos ou case todos os outros axustes aparecen permanentemente inhibidos, ben por falta de práctica con eles ou por eliminación gradual. Dende logo que o poder para producir estes axustes inhibidos non se perdeu de todo pero a dificultade extrema que experimentamos para aprender os novos sons de linguas estranxeiras é evidencia abonda da extrema rixidez que se asenta na maior parte da xente no control voluntario dos órganos da fala. O argumento pódese entender mellor se contrastamos a falta de liberdade nos movementos voluntarios da produción da lingua coa liberdade total e perfecta da xesticulación voluntaria.¹ A nosa rixidez na articulación é o prezo que temos que pagar polo dominio fácil dun simbolismo altamente necesario. Un non pode ser libre en todo o seu esplendor á hora de escoller facer os movementos articulatorios que queira e asemade mostrar unha total precisión na articulación selectiva dunha lingua dada.²

¹ Repárese ben no de "voluntario." Cando berramos, ou refungamos, ou dalgún modo deixamos que as nosas voces se ceiben, como o poderíamos facer cando nos atopamos sós no campo nun día de primavera, non estamos fixando os axustes vocais por medio dun control voluntario. Nestas circunstancias, estamos case seguros de sermos quen de producir sons lingüísticos que nunca aprenderíamos a controlar na fala real.

² Se a fala, no seu aspecto acústico e articulatorio, é certamente un sistema ríxido, un podería obxectar con razón como é que non hai dúas persoas que falen igual. A resposta a esta obxección é moi sinxela. Todo o que na fala se sitúa fóra do ríxido marco articulatorio non é fala pensada, senón unha mera complicación vocal engadida, máis ou menos determinada instintivamente, inseparable na práctica da fala. Todo o colorido individual da fala —a énfase persoal, a velocidade, a cadencia persoal, o ton de voz— é un feito non lingüístico do mesmo modo que é allea á expresión lingüística, na súa maior parte, a accidental expresión do desexo e da emoción. A fala, coma todos os elementos da cultura, require unha selección dos conceptos, isto é, a restrición do azar do comportamento instintivo. Que a súa "idea"

Hai, polo tanto, un número indefinidamente amplo de sons articulados dispoñibles para o funcionamento da mecánica da fala; calquera lingua dada fai uso dunha explícita selección, estritamente económica, destes ricos recursos; e cada un destes moitos posibles sons da fala está condicionado por un determinado número de acomodacións musculares independentes que traballan de modo simultáneo na súa produción. Non é este o lugar de relatar o conxunto das actividades de cada un destes órganos da fala –na medida en que a súa actividade ten certa relevancia na lingua–, nin tampouco podemos ocuparnos aquí de maneira sistemática da clasificación dos sons segundo a mecánica da súa produción.³ O único que podemos intentar é atrevernos a uns cantos esbozos máis ou menos esquemáticos. Os órganos da fala son os pulmóns e os bronquios; a gorxa ou garganta, en particular a parte coñecida como larinxe, e na fala popular como “noz” ou “mazá de Adán”; o nariz; a úvula, que é o órgano brando e móbil, en forma de campá, pendurado na parte traseira do padal; o padal, que se divide en “padal brando” ou veo palatino, que é a súa parte posterior e móbil, e o “padal duro”; a lingua; os dentes, e os labios ou beizos. O padal, o padal inferior, a lingua, os dentes, e os labios poden ser imaxinados como unha complexa caixa de resonancia que cambia de forma continuamente, debido sobre todo á extrema mobilidade da lingua. A forma variante desta caixa é o factor máis importante na conversión do aire que sae para fóra nun son de calidades precisas.⁴

nunca é realizada como tal na práctica, que os seus portadores son organismos animados instintivamente, é por suposto verdade de todos e cada un dos aspectos da cultura.

³ As clasificacións puramente acústicas, que unha primeira tentativa de análise fai parecer moi suxestivas, gozan agora de menos favor entre os estudosos da fonética cás clasificacións orgánicas ou articulatorias. Estas últimas teñen a vantaxe de seren máis obxectivas. Ademais, a calidade acústica do son depende da articulación, aínda que na consciencia lingüística esta calidade é o feito primario, non secundario.

⁴ Por “calidade” enténdese aquí a natureza e a resonancia inherentes do son. A “calidade” xeral da voz do individuo é outro asunto completamente distinto. Esta vén determinada principalmente polas características anatómicas da larinxe e non presenta interese lingüístico de ningún tipo.

Os pulmóns e os tubos bronquiais son só órganos da fala en tanto que fornecen e conducen a corrente de aire expulsado sen a cal toda articulación audible é imposible. Non son responsables de ningún son específico nin de ningún dos seus trazos acústicos, agás, posiblemente, o acento ou intensidade. Pode ser que as diferenzas na acentuación sexan debidas a pequenas diferenzas na forza de contracción dos músculos pulmonares, pero mesmo esta influencia dos pulmóns é rexeitada por algúns estudosos, que explican as flutuacións do acento, que tanto contribúen a darlle á fala a súa cor peculiar, con relación á actividade máis sutil das cordas vocais. Estas cordas vocais son dúas membraniñas, case horizontais e altamente sensibles, situadas dentro da larinxe, que, maiormente, se compón de dúas cartilaxes grandes e varias pequenas, e de varios músculos pequenos que controlan a acción das cordas.

As cordas, que están pegadas ás cartilaxes, son para os órganos da fala o mesmo que para o clarinete as dúas lingüetas que vibran, ou para o violín as cordas. Son polo menos capaces de producir tres tipos de movemento, cada un dos cales é da maior importancia para a lingua. Pódense retirar ou apartar unha doutra, poden vibrar como lingüetas ou cordas, e poden tensarse ou relaxarse na dirección da súa lonxitude. A segunda clase destes movementos permite a vibración das cordas en diferentes “lonxitudes” ou graos de tensión e é responsable das variacións de altura que se presentan non só no canto senón nas modulacións máis difíciles de definir da fala ordinaria. Os outros dous tipos de acción glotal determinan a natureza da voz, sendo “voz” un termo realmente apropiado para denotar o aire expirado en tanto que usado na fala. Se as cordas están moi separadas e permiten que o aire expulsado escape sen se modificar a súa forma, obtemos a condición tecnicamente coñecida como “xordez”. Todos os sons emitidos baixo estas circunstancias son sons “xordos”. Tal é o caso, de modo máis ou menos aproximado, da corrente de aire simple e non modificada que pasa pola

boca cando se pronuncia o son que se escribe en inglés como *h*, e o dun amplo número de articulacións especiais producidas na cavidade bucal, como o *p* e o *s*. Doutra banda, as cordas vocais pódense aproximar unha a outra sen vibrar. Cando isto sucede, a corrente de aire expirado fica retida durante un tempo. O lixeiro atragoamento ou “sufocación reprimida” que se deixa así oír non se recoñece no inglés estándar como un son propio, pero a pesar de todo prodúcese e non poucas veces.⁵ Este pequeno estrangulamento, tecnicamente coñecido como “oclusión glotal” (*glottal stop*), constitúe un elemento lingüístico integral de moitos idiomas, como o dinamarqués, o letón, certos dialectos chineses, e case todas as linguas amerindias. Entre os dous extremos de xordez, o da completa apertura ó aire e o da respiración interrompida, sitúase a posición da voz verdadeira. En tal postura, as cordas están xuntas, pero non abondo tensas como para deteren a corrente de aire que pasa ó seu través; as cordas así dispostas comezan a vibrar e desa vibración resulta un ton musical de variados timbres. O ton así producido coñécese como “son sonoro”. Pode ter un número indefinido de calidades segundo a posición precisa que ocupen os órganos superiores da fala. As vogais, as nasais (coma o *m* e o *n*) e outras consoantes inglesas como o *b*, o *z* e o *l* son todas elas sons sonoros. A proba máis adecuada para saber se un son é sonoro é a posibilidade de pronuncialo a calquera altura, ou noutras palabras, de cantalo.⁶ Os sons sonoros son os elementos da fala que mellor se poden oír. Como tales, son os portadores de case todas as diferenzas importantes de acento, entoación e silabeo. As consoantes xor-

⁵ Como ocorre ó final do *no!* do inglés pronunciado de maneira rotunda e que algúns escriben *nope!* ou no *at all* pronunciado enfaticamente, no que un pode oír unha lixeira pausa entre o *t* e o *a*.

⁶ “Cantar” utilízase aquí nun sentido amplo. Un non pode cantar moito tempo sobre un son *b* ou *d*, pero é moi doado tararear un ton sobre unha serie de *bes* ou *des*, á maneira dun gallardo “pizzicato” sobre un instrumento de corda. Unha serie de tons executados sobre consoantes “continuas”, como *m*, *z*, ou *l*, produce o efecto do murmurio, bisbilleo ou zunido. O son do “murmurio”, certamente, non é outra cousa có son nasal sonoro continuo, mantido nun ton ou nunha variación de ton, segundo se desexa.

das son sons articulados que interrompen a corrente da voz con momentos fuxidíos de silencio. Sons intermedios, dende unha perspectiva acústica, entre os completamente xordos e os sonoros son varios outros tipos característicos de emisións sonoras, como o moumeo e o bisbilleo.⁷ Estes e aínda outros tipos de voz son relativamente pouco importantes no inglés e na meirande parte dos idiomas europeos, mais hai linguas nas que chegan a ser trazos prominentes dabondo na fala normal.

O nariz non é un órgano activo da fala, pero é sumamente importante como cámara de resonancia. Pódese separar da boca, que é a outra grande cavidade de resonancia, cando se eleva a parte movable do padal brando ata pechar a pasaxe do aire á cavidade nasal; ou ben pode suceder que ambas as cámaras fagan de cavidade combinada de resonancia cando o padal brando se deixa descolgar relaxado e non obstrúe o aire expirado, que pasa tanto pola boca como polo nariz. Consoantes coma a *b* ou vogais coma a *a* (de *father* “pai”) constitúen sons orais sonoros, o que quere dicir que se articulan sen que o aire reciba unha resonancia nasal. Non obstante, en canto se abaixa o veo do padal e o nariz participa como caixa de resonancia, os sons *b* e *a* adquiren unha peculiar calidade “nasal” converténdose, respectivamente en *m* e *a nasal*, isto é, na vogal nasalizada representada no francés como *an* (e.g. *sang* “sangue”, *tant* “tanto”). Os únicos sons ingleses que normalmente reciben resonancia nasal son *m*, *n* e o son *ng* de *sing*.⁸ Case todos os sons, en todo caso, poden ser nasalizados, non só as vogais –as vogais nasalizadas son comúns en todas as partes do mundo– senón sons tales como *l* ou *z*. As nasais xordas son perfectamente posibles. Existen, por exemplo, no galés e en bastantes linguas amerindias.

⁷ O moumeo (ou murmuro) e o bisbilleo (ou cuchicheo) da fala corrente son unha combinación de sons xordos e “susurrados”, no senso fonético dos termos.

⁸ Á parte da nasalización involuntaria de todos os sons sonoros na lingua dos que gaguean ó falar.

Os órganos que conforman a cámara de resonancia oral poden emitir articulacións de dúas maneiras. O aire expirado, sonoro ou xordo, nasalizado ou non, pode atravesar a boca sen ser detido ou obstaculizado en ningún punto. Ou pode ser detido momentaneamente ou ser permitido que circule a través dunha pasaxe estreita coa resultante fricción sonora. Existen ademais transicións entre os dous últimos tipos de articulación. O aire non detido adquire unha cor ou calidade particulares conforme a variada forma que asume a cavidade de resonancia oral. Esta forma está determinada sobre todo pola posición das partes móbiles —a lingua e os beizos. O extenso número de calidades distintas é o resultado de se a lingua se eleva ou se abaixa, de se se retira ou avanza, de se se tensa ou se relaxa, de se os labios están enrugados (“redondeados”) en graos variables ou se lles permite manter a posición de descanso. Estas calidades orais son as vogais. Na teoría, o seu número é infinito; na práctica, o oído só pode discriminar un número limitado, aínda que sorprendentemente amplo, de posicións de resonancia. As vogais, tanto se son nasalizadas coma se non, son normalmente sons sonoros; a pesar de todo, tamén existen “vogais xordas” en non poucas linguas.⁹

Os restantes sons orais agrúpanse xeralmente todos xuntos como “consoantes”. Na súa produción, a corrente de aire atopa sempre algún obstáculo, dando lugar a unha resonancia menor e a unha máis incisiva calidade tonal. Existen catro tipos principais de articulación xeralmente recoñecidos dentro do grupo dos sons consonánticos. O aire pode ser detido completamente un instante nalgún punto definido da cavidade oral. Os sons así producidos, coma o *t*, o *d* ou o *p*, son coñecidos como “oclu-

⁹ Estas pódense definir tamén como unha pronuncia xorda, libre e con timbres vocálicos variados. Na longa palabra paiute citada na páxina 83, o primeiro *u* e o *ü* final pronúncianse sen vibracións glotais, isto é, son xordos.

sivos” ou “explosivos”.¹⁰ Tamén pode suceder que a corrente de aire sexa obstruída de maneira constante a través dun paso estreito, sen ser totalmente detida. Exemplos de tales “espirantes” ou “fricativas”, como son denominadas tales articulacións, son o *s*, *z* e *y* do inglés. A terceira clase de consoantes, as “laterais”, son semioclusivas. Hai unha verdadeira retención no punto central da articulación, pero o aire pode circular a través de dúas pasaxes laterais ou dunha unicamente. O *d* inglés, por exemplo, é moi doado transformalo nun *l*, que ten a sonorización e a posición do *d*, con simplemente baixar abondo os lados da lingua en cada un dos laterais do punto de contacto para permitir que pase o aire. As laterais son posibles en moitas posicións distintas. Poden ser xordas (coma a *ll* do galés, por exemplo) ou sonoras. Por último, a obstaculización do aire pódese interromper e liberar de maneira intermitente; noutras palabras, o órgano activo de contacto –xeralmente a punta da lingua, e menos a miúdo a úvula—¹¹ pódese facer vibrar contra o punto de contacto ou pretiño del. Estes sons son as consoantes “vibrantes” ou “rolantes”, das que o *r* inglés normal non é un exemplo demasiado típico. Están ben desenvolvidas en moitas linguas, normalmente en forma sonora, pero ás veces, como ocorre no galés e no paiute, tamén en forma xorda.

Naturalmente, o modo da articulación non é suficiente para definir unha consoante. Cómpre tamén considerar o lugar exacto de articulación. O contacto pódese dar en moitos puntos distintos, dende a raíz da lingua ata os labios. Non é preciso que tratemos aquí en extenso un tema tan complicado. O contacto pode ter lugar entre a raíz da lingua e a gorxa,¹² entre algunha parte da lingua e un punto do padal (como no *k*, no *ch* ou *l*),

¹⁰ As oclusivas nasalizadas, digamos que *m* ou *n*, poden naturalmente non ser verdadeiras “oclusivas,” pois non hai maneira de deter a corrente de aire no nariz por medio dunha articulación definida.

¹¹ En teoría, os labios tamén se poden usar para facer articulacións similares. As “vibrantes labiais”, en todo caso, son certamente raras na fala natural.

¹² A posición, coñecida como “faucal”, non é común.

entre algunha parte da lingua e dos dentes (como no inglés *th* de *thick* e *then*), entre os dentes e un dos beizos (case sempre os dentes superiores e o beizo inferior, como en *f*) ou entre os dous labios (como en *p* ou no inglés *w*). As articulacións linguais son as máis complicadas de todas, pois a mobilidade da lingua fai posible que varios puntos da súa superficie –a punta, por exemplo– se articulen contra varios outros puntos opostos de contacto. De aquí xorden moitas posicións de articulación coas que os falantes ingleses non están familiarizados, tales como a típica posición dental do *t* e do *d* do ruso e do italiano, ou a posición “cerebral” do sanscrito e doutras linguas da India, nas que a punta da lingua se apoia contra o padal duro. Como non hai salto en ningún punto dende as enxivas dos dentes ata a úvula do fondo da boca nin dende a punta da lingua ata a súa raíz, é evidente que todas as articulacións nas que está implicada a lingua conforman unha serie orgánica (e acústica) continua. As posicións alíñanse de maneira gradual unhas detrás doutras pero cada lingua selecciona un número limitado de posicións ben definidas como características do seu sistema consonántico e ignora posicións extremas ou transicionais. Adoito, unha lingua permite unha certa amplitude na fixación da posición requirida. Isto é certo, por exemplo, no caso do son inglés *k*, que ten unha articulación máis frontal nunha palabra coma *kin* ca en *cool*. Psicologicamente, ignoramos como non esencial e como mecánica esta diferenza. Outra lingua podería moi ben recoñecer esta diferenza, ou recoñecer unha diferenza un pouco maior, como significativa, de maneira paralela a como os ingleses distinguen pola posición o *k* de *kin* do *t* de *tin*.

A clasificación orgánica dos sons da fala é un asunto sinxelo despois do que aprendemos da súa produción. Calquera son pode ser posto no lugar que lle corresponde respondendo de maneira apropiada a catro preguntas importantes: Cal é a posición das cordas vocais durante a súa articulación? O aire expirado pasa só á cavidade bucal ou penetra nas fosas nasais? O

aire pasa libremente a través da boca ou é obstaculizado nalgún punto e, se o é, de que maneira? Cales son os puntos precisos de articulación na boca?¹³ Esta clasificación cuadripartita dos sons, elaborada en detalle en todas as súas ramificacións,¹⁴ é suficiente para dar conta de todos, ou case todos os sons lingüísticos.¹⁵

Os hábitos fonéticos dunha lingua dada non se definen de maneira exhaustiva con só afirmar que fai uso destes e daqueles sons concretos de entre o conxunto da gama infinita que contemplamos brevemente. Falta por resolver a importante cuestión da dinámica deses elementos fonéticos. Dúas linguas poden, en teoría, estar construídas a partir da mesma serie de consoantes e vogais, e aínda así produciren efectos acústicos completamente diferentes. Unha pode non recoñecer variacións rechamantes na lonxitude ou “cantidade” dos elementos fonéticos, e a outra rexistrar tales variacións da maneira máis puntillosa (é probable que a maioría das linguas distinguan entre vogais longas e breves; en moitas, como no italiano ou no sueco ou no ojibwa, as consoantes longas son consideradas distintas das breves). Ou pode darse o caso doutra, poñamos por caso, o inglés, que sexa moi sensible ós acentos relativos, mentres que para outra, digamos que para o francés, o acento constituía unha consideración menor. Ou, por outra parte, pode suceder que as diferenzas de ton, que son inseparables da práctica real da lingua, non afecten a palabra como tal, e sexan, como ocorre no inglés, un fenómeno máis ou menos consciente, ou no mellor dos casos, retórico, en tanto que noutras linguas coma o sueco,

¹³ Nas vogais os “puntos de articulación” inclúen as posicións da lingua e dos labios.

¹⁴ Incluíndo, baixo a cuarta categoría, un certo número de resonancias especiais que non tratamos de maneira específica.

¹⁵ Aínda que deberíamos engadir: en tanto que eses sons sexan expiratorios, isto é, pronunciados coa corrente de aire que expulsamos. Certas linguas, coma a hotentote e a bosquimá da África do Sur, teñen tamén varios sons inspiratorios. Son os chamados “clicks”, que se orixinan en varios puntos do contacto do conduto oral cando se succiona o aire para os pulmóns.

o lituano, o chinés, o siamés, e a maioría das linguas africanas, aquelas diferenzas poidan aparecer sutilmente graduadas e sentidas como características integrais das propias palabras. Os variables métodos de silabear son tamén responsables de diferenzas acústicas notables pero máis importante se cadra ca todo o dito son as moi diferentes posibilidades de combinar os elementos fonéticos. Cada lingua ten as súas peculiaridades. A combinación *ts*, por exemplo, atópase tanto no inglés coma no alemán, mais mentres que en inglés só aparece ó final de palabra (como en *hats* “sombreiros”), en alemán aparece libremente como equivalente psicolóxico dun único son (como en *Zeit* “tempo”, *Katze* “gato”). Algunhas linguas admiten amontoamentos de consoantes ou de grupos vocálicos (ditongos), noutras nin sequera é posible que dúas consoantes ou dúas vogais aparezan xuntas. Con frecuencia un son pode ocorrer só nunha posición especial ou baixo circunstancias fonéticas especiais. No inglés, por exemplo, o son *z* de *azure* (“azur, azul celeste”) non pode aparecer inicialmente mentres que a peculiaridade do *t* de *sting* é resultado de que vai precedido do *s*. Estes factores dinámicos, tomados en conxunto, son tan importantes para entender adecuadamente o xenio fonético dunha lingua coma o propio sistema fonético, e moitas veces bastante máis importantes.

Xa vimos de pasada que os elementos fonéticos ou trazos dinámicos tales coma a cantidade e o acento teñen “valores” psicolóxicos variables. O inglés *ts* de *hats* “sombreiros, chapeus” é meramente un *t* seguido dun *s* funcionalmente independente. O *ts* da palabra alemá *Zeit* ten un valor integral equivalente, poñamos por caso, ó *t* da palabra inglesa *tide* “marea”. Do mesmo modo o *t* de *time* “tempo” é, de certo, perceptiblemente distinto do de *sting*, mais a diferenza, para a consciencia dunha persoa de fala inglesa é dende logo irrelevante. Non ten “valor”. Se comparamos os sons do *t* do haida, a lingua india falada nas illas da Raíña Carlota, atoparemos que xusto a mesma diferen-

za de articulación ten para os falantes de haida un valor real. Nunha palabra como *sting* “dous”, o *t* pronúnciase precisamente como no inglés, pero en *sta* “dende, de”, o *t* é claramente “aspirado,” coma o do inglés *time* “tempo”. Noutras palabras, unha diferenza obxectiva que é irrelevante no inglés ten valor funcional en haida; dende o punto de vista psicolóxico dun falante de haida, o *t* de *sting* é tan diferente do *t* de *sta* como o é o *t* de *time* “tempo” do *d* de *divine* “divino”, para un falante de inglés. Se se investigase o caso de máis cerca chegaríase á interesante conclusión de que o oído haida atopa a diferenza entre o inglés *t* de *sting* e o *d* de *divine* tan pouco importante como o é para o oído inxenuo inglés os sons *t* de *sting* e *time*. Xa que logo, a comparanza obxectiva de sons en dúas ou máis linguas non ten significación psicolóxica nin histórica a menos que eses sons sexan primeiro “ponderados”, isto é, a menos que os seus “valores” sexan determinados. Estes valores, asemade, xorden do comportamento xeral e do funcionamento dos sons na fala real.

Estas consideracións acerca do valor fonético condúcennos a un importante concepto. Por detrás do sistema sonoro puramente obxectivo que é característico dunha lingua, e ó que unicamente se pode chegar por medio dunha análise fonética minuciosa, existe un sistema “ideal” ou “interior” moito máis restrinxido que, a pesar de ser se cadra inconsciente para o falante profano, pode ser moito máis real na súa consciencia en tanto que patrón máis perfecto, e mecanismo psicolóxico. O sistema fonético interior, por máis que o encubran fenómenos mecánicos ou irrelevantes, é un principio real e enormemente importante na vida dunha lingua. De feito, pode persistir como patrón, no que están implicados o número, relación e funcionamento dos elementos fonéticos, ata moito tempo despois de se alterar o seu contido fonético. Dous idiomas ou dialectos relacionados historicamente poden non ter un son en común, pero os seus sistemas sonoros poden compartir idénticos pa-

tróns. Non quixera, nin por un momento, dar a entender que tal patrón non puidese cambiar. Pode encoller ou alargarse ou cambiar a súa complexión funcional, mais o ritmo de cambio desas estruturas é infinitamente menos rápido có dos sons en tanto que tales. Cada lingua, por tanto, caracterízase tanto polo seu sistema ideal de sons e o patrón fonético subxacente (que poderíamos denominar “sistema de átomos simbólicos”) coma pola súa concreta estrutura gramatical. Tanto a estrutura fonética coma a conceptual mostran o sentido instintivo da lingua cara á forma.¹⁶

¹⁶ Os estudosos da lingua non acaban de entender, como deberían, o concepto de sistema fonético ideal dunha lingua, o patrón fonético. Neste senso, unha persoa que non recibise educación formal resulta moitas veces moito máis útil có fonetista meticuloso, sempre presto a mergullarse na súa masa de diminutas observacións. Xa empreguei con outros propósitos a experiencia que adquirín ensinándolles ós indios a escribir a súa propia lingua polo seu valor de proba. Para o que aquí nos ten, ofrécenos probas igualmente valiosas. É moi difícil ou imposible, como puiden comprobar, aprenderlle a un indio a facer distincións fonéticas que non se corresponden con “puntos no patrón da súa lingua” por moito que esas diferenzas poidan ser captadas polo noso oído obxectivo, mentres que outras diferenzas fonéticas sutís e apenas audibles eran facilmente expresadas na escrita sen necesidade de coerción, sempre que se correspondían cos “puntos do patrón.” Cando vía o meu intérprete nootka escribir a súa lingua, tiven moi a miúdo a curiosa sensación de que estaba a transcribir unha corrente ideal dos elementos fonéticos que oía (mal dende unha perspectiva puramente obxectiva), como perseguindo a intención do rumor real da súa fala.

A forma na lingua: os procedementos gramaticais

A cuestión da forma na lingua preséntase baixo dous aspectos. Ora podemos considerar os métodos formais empregados pola lingua, os seus “procedementos gramaticais”, ora podemos investigar a distribución dos conceptos con relación á expresión formal. Cales son os patróns formais da lingua? E que tipo de conceptos conforman o contido deses patróns formais? Estes dous puntos de vista son abondo distintos. Falando en sentido lato, a palabra inglesa *unthinkingly* “irreflexivamente, de maneira irreflexiva” é, na súa forma, paralela á palabra *reformers* “reformadores”, pois ambas foron construídas sobre elementos radicais, que poden aparecer como verbos independentes (*think* “pensar”, *form* “formar”), ós que se engadiron os elementos precedentes *un-* e *re-*, respectivamente, que expresan unha significación definida e bastante concreta pero que non se usan en por si, e ós que se lles pospuxeron cadanseus dous elementos (*-ing*, *-ly*; e *-er*, *-s*) que restrinxen a aplicación do concepto radical nun sentido relacional. Este patrón formal $-(b) + A + (c) + (d)-$ é un trazo característico da linguaxe.¹

A través dese esquema pódese expresar un sen fin de funcións; noutras palabras, aínda que todas as posibles ideas que se expresan por tales elementos prefixais e sufixais tenden a categorizarse como grupos menores, non forman á forza sistemas naturais funcionais. Por exemplo, non hai razón lóxica ningunha para que a función numeral do *-s* non fose formalmente expresada dunha maneira análoga á expresión da idea transmitida por *-ly*. É perfectamente concibible que noutra lingua o concepto de modo (*-ly*) poida ser tratado conforme a un sistema diferente ó da pluralidade. O primeiro podería ser expresado por unha palabra independente (por exemplo, *thus*

¹ Con relación ó simbolismo, véxase o capítulo 2.

unthinking “así de irreflexivo”), o segundo por un elemento anteposto (por exemplo, *plural²-reform-er*). Existe, dende logo, un número ilimitado doutras posibilidades. Mesmo dentro dos confíns do inglés, pode facerse manifesta a relativa independencia da forma e da función. Así, a idea negativa significada por *un-* pode igualmente expresarse de maneira adecuada por un elemento sufixal (*-less*) nunha palabra como *thoughtlessly*. “de maneira irreflexiva, sen pensar.” Esta dupla expresión formal da función negativa sería inconcibible en certas linguas, no esquimó, por exemplo, onde só sería posible un elemento sufixal. Do mesmo xeito, a noción de plural da que é portador o *-s* de *reformers* exprésase con idéntica precisión na palabra *geese*, onde se emprega un método completamente distinto. Ademais, o principio do cambio vocálico (*goose - geese* “ganso - gansos”) non se restrinxe á expresión da idea de pluralidade; pode funcionar tamén como indicador de diferenza de tempo (por exemplo entre presente e pasado, *sing - sang* “canto - cantei” ou *throw - threw* “lanzo - lancei”). Mais a expresión do tempo pasado no inglés non aparece sempre vencellada ó cambio de vogal. Na gran maioría dos casos, a mesma idea é vehiculada a través dun sufixo característico (por exemplo, nos perfectos de *die* e *work*: *die-d*, “morrín”, *work-ed* “traballei”). Funcionalmente, *died* e *sang* son análogos; igual que o son *reformers* e *geese*. Formalmente, cómprenos arranxar estas palabras dunha maneira diferente. Tanto *die-d* coma *re-former-s* usan o método dos elementos gramaticais sufixais. Tanto *sang* coma *geese* teñen forma gramatical en virtude do feito de que as súas vogais difiren das vogais doutras palabras coas que manteñen unha estreita relación de forma e significado (*goose, geese; sing, sung*).

Cada lingua posúe un ou máis métodos formais de indicar a relación dun concepto secundario co concepto principal do ele-

² “Plural” é usado aquí no sentido de símbolo de todo prefixo que indique pluralidade.

mento radical. Algúns destes procedementos gramaticais, coma a sufixación, están sumamente estendidos a través das linguas; outros, coma o cambio vocálico, son menos comúns pero están moi lonxe de seren procedementos raros; e aínda outros, coma o acento e o cambio consonántico, son un pouco excepcionais como procedementos funcionais. Non todas as linguas son tan irregulares coma o inglés na asignación de funcións ó seu repertorio de procesos gramaticais. Como regra xeral, conceptos básicos tales coma os de pluralidade e tempo son expresados exclusivamente por medio dun ou doutro método, mais a regra ten tantas excepcións que é imposible afirmala como principio con toda certeza. Alí onde vaiamos impresiónanos o feito de que os patróns ou modelos son unha cousa e a utilización dos patróns outra moi distinta. Uns poucos máis exemplos da expresión múltipla de idénticas funcións noutras linguas que non sexan o inglés poden axudar a facer máis nidia a idea da relativa independencia de forma e función.

No hebreo, coma noutras linguas semíticas, a idea verbal como tal é expresada por tres consoantes características, e menos a miúdo por dúas ou catro. Así, o grupo *sh-m-r* expresa a idea de “gardar”, o grupo *g-n-b* a de “roubar”, o grupo *n-t-n* a de “dar”. Naturalmente, estas secuencias consonánticas son abstraccións das formas reais. As consoantes están ligadas entre si de distintas modos por vogais características que varían segundo a idea que se queira expresar. Moitas veces úsanse tamén elementos prefixais e sufixais. O método do cambio vocálico interno ilústrase en *shamar* “gardou,” *shomer* “gardando,” *shamur* “sendo gardado,” *shmor* “gardar.” De modo semellante, *ganab* “roubou,” *goneb* “roubando,” *ganub* “sendo roubado,” *gnob* “roubar.” Mais non todos os infinitivos se forman seguindo o tipo *shmor* ou *gnob* ou outros tipos de cambio vocálico interno. Certos verbos pospoñen un elemento *-t* no sufixo para formar o infinitivo, e.g., *ten-eth* “dar,” *heyo-th* “ser.” Doutra banda, as ideas pronominais poden expresarse a través de palabras

independentes (e.g., *anoki* “eu”), de elementos prefixais (e.g., *e-shmor* “hei gardar”), ou de elementos sufixais (e.g., *shamar-ti* “gardei”). En nass, unha lingua india da Columbia Británica, os plurais fórmanse mediante catro métodos distintos. A meirande parte dos nomes (e dos verbos) reduplicáanse para formar o plural, isto é, repiten parte do elemento radical (e.g., *gyat* “persoa,” *gyigyat* “persoas”). Un segundo método consiste en usar certos prefixos característicos (e.g., *an'on* “man,” *ka-an'on* “mans”; *wai* “un rema,” *lu-wai* “varios reman”). Outros plurais aínda se forman por medio de cambios vocálicos internos (e.g., *gwula* “capa,” *gwila* “capas”). Por último, unha cuarta clase de plurais constitúena os nomes que engaden como sufixo un elemento gramatical (e.g., *waky* “irmán,” *wakykw* “irmáns”).

Tendo en conta estes grupos de exemplos –e poderían ser multiplicados *ad nauseam*– podemos tirar a conclusión de que a forma lingüística, con independencia das funcións que lle son asociadas, pode e debe ser estudada en tanto que tipos de esquemas. E tanto máis xustificamos a seguir tal procedemento na medida en que todas as linguas amosan evidencias dun curioso instinto para o desenvolvemento dun ou máis procesos gramaticais particulares ás expensas doutros, tendendo sempre a perder de vista calquera valor funcional explícito que o procedemento puidera ter nun principio, e deleitándose –ou esa é a impresión aparente– no puro xogo dos seus medios de expresión. Non importa gran cousa que no caso do inglés *goose geese, fowl* (“sucio, porco”) *defile* (“ensuciar, emporcar”), *sing sang sung* poidamos probar que estamos tratando con procedementos historicamente distintos, nin que a alternancia vocálica de *sing* e *sang*, por exemplo, teña máis séculos de antigüidade como tipo específico de procedemento gramatical cá alternancia aparentemente paralela de *goose* e *geese*. O caso é que continúa sendo certo que hai (ou houbo) unha tendencia propia do inglés, no tempo en que xurdiron formas tales como *geese*, á utilización do cambio vocálico como método lingüístico

significativo. Se o precedente establecido por *sing - sang - sung* e os tipos de alternancia vocálica existentes fose un fracaso, é máis ca dubidoso que as condicións precisas que ocasionaron a evolución de formas como *teeth* “dentes” e *geese* dende *tooth* “dente” e *goose* chegasen a ter abonda forza para permitir que o sentido da lingua nativo prevalecese aceptando estes novos tipos de plural como formacións psicolxicamente posibles. Este sentimento da forma en tanto que forma, expandíndose con liberdade ó longo de liñas predeterminadas e inhibida enormemente noutras direccións pola falta de tipos de esquemas reguladores, debería ser mellor entendido do que parece selo. Cómpre realmente un estudo xeral dos máis diversos tipos de linguas para obtermos unha perspectiva apropiada neste punto. Xa vimos no capítulo precedente que cada lingua tiña un sistema fonético de patróns ben definidos. Agora sabemos que cada unha delas ten ademais unha tendencia determinada para se axustar a aqueles patróns ó nivel da formación gramatical. Ambos os impulsos cara a unha forma definida, operan como forzas subxacentes e poderosamente controladoras, con independencia da necesidade de expresar conceptos particulares ou de dar unha forma externa coherente a grupos de conceptos particulares. Nin que dicir ten que eses impulsos só poden atopar realización na expresión funcional concreta. Debemos dicir algunha cousa para sermos capaces de dicir ese algo dunha certa maneira.

Abordemos agora de maneira un pouco máis sistemática, aínda que sexa de maneira breve, os varios procedementos gramaticais que estableceu a investigación lingüística. Poden ser agrupados en seis tipos principais: a orde das palabras; a composición; a afixación, incluíndo nela a prefixación, a sufixación e os infixos; a modificación interna do elemento radical ou gramatical, tanto se afecta a unha vogal coma a unha consoante; a reduplicación; e as diferenzas acentuais, sexan dinámicas (acento de intensidade) ou tonais (acento de altura). Existen tamén procedementos cuantitativos especiais, coma o alongamento ou abreviación

vocálica e a xeminación consonántica, mais todos eles deben ser observados como subtipos particulares dos procedementos de modificación interna. Pode ser que existan aínda outros tipos formais, pero non é probable que sexan importantes para a investigación xeral que nos concirne. É importante ter presente que un fenómeno lingüístico non pode considerarse ilustrativo dun “procedemento” definido a menos que teña un valor funcional de seu. Por exemplo, no inglés, o cambio consonántico que se dá entre *book-s* “libros” e *bag-s* “bolsas” (s no primeiro e z no segundo) non ten ningunha significación funcional. É un cambio mecánico, puramente externo, inducido pola presenza da consoante xorda, *k*, que a precede, no primeiro caso, e da consoante sonora, *g*, no segundo caso. Esta alternancia mecánica é, obxectivamente, a mesma que se dá entre o nome *house* “casa” (con *s* final) e o verbo *to house* “aloxar” (con *z* final). No segundo caso, de calquera xeito, ten unha función gramatical importante, a de transformar un nome nun verbo. As dúas alternancias pertencen, por tanto, a categorías psicolóxicas en todo diferentes. Só o segundo caso é unha verdadeira ilustración da modificación consonántica como procedemento gramatical.

O método máis simple, ou polo menos o máis económico, de expresar calquera tipo de noción gramatical consiste en xustapoñer dúas ou máis palabras nunha secuencia concreta sen intentar modificalas co ánimo de establecer unha conexión entre elas. Poñamos ó chou dúas simples palabras inglesas. Digamos que *sing praise* “cantar + gabar”, por exemplo. Esta secuencia non transmite ningún pensamento completo en inglés, nin chega a establecer unha clara relación entre a idea de “cantar” e a de “gabar”. A pesar de todo, se oímos ou vemos escritas as dúas palabras xustapostas é imposible non se afanar en procurarlle ó conxunto algún significado coherente. O intento non é probable que produza un resultado completamente satisfactorio, pero o que é significativo é que non ben se poñen xuntos dous ou máis conceptos radicais nunha secuencia inmediata, a mente huma-

na esfórzase en enlazalos e dotalos dalgún tipo de valor. No caso de *sing praise* é probable que diferentes individuos cheguen a diferentes resultados provisionais. Algunhas das posibilidades latentes da xustaposición, expresadas nunha forma normal e satisfactoria, son: *sing praise (to him)!* (“cántalle eloxios!”) or *singing praise* (“cantando un eloxio” ou ben “eloxio cantado”), *praise expressed in a song* (“eloxio expresado nunha canción”) ou *to sing and praise* (cantar e eloxiar) ou *one who sings a song of praise* (“alguén que canta un canto de eloxio) (compárese un composto inglés do tipo *killjoy*, “augafestas, gafe”, i.e., *one who kills joy* “un que mata a alegría”) ou *he sings a song of praise (to him)* “el cántalle un canto de eloxio”. As posibilidades teóricas de completar e dar sentido a estes dous conceptos nun grupo de conceptos con significado ou mesmo nun pensamento completo son moi numerosas. Ningunha delas funcionará suficientemente ben en inglés, pero hai numerosas linguas nas que un ou outro destes procedementos amplificadores é o habitual. Depende totalmente do particular xenio de cada lingua determinar a función propia de cada secuencia concreta de palabras.

Algunhas linguas, coma o latín, expresan practicamente todas as relacións por medio de modificacións dentro do corpo da propia palabra. Nestas linguas, a orde das palabras tende a ser retórica antes ca un principio gramatical en sentido estrito. Que se diga en latín *hominem femina videt* ou *femina hominem videt* ou *hominem videt femina* ou *videt femina hominem*, ten escasa ou nula importancia posto que a diferenza entre elas non vai máis aló dunha mera cuestión retórica ou estilística. O significado de todas e cada unha das catro oracións é o mesmo: *the woman sees the man (a muller ve o home)*. En chinook, unha lingua amerindia do río Columbia, un pode sentir a mesma liberdade, pois a relación entre o verbo e os dous nomes está, como no latín, fixada de antemán. A diferenza entre as dúas linguas é que, mentres que o latín deixa que os nomes establezan entre si a súa relación e co verbo, o chinook estipula que o peso formal recaia enteiramente

sobre o verbo, o cal presenta un contido que podería representarse máis ou menos adecuadamente como “ela-o-ve”. Elimínense os sufixos de caso do latín (-a e -em) e os prefixos pronominais do chinook (ela-o-) e deixaremos de ser tan indiferentes á orde da secuencia. Cómpre administrar ben os nosos recursos. Ou noutras palabras, a orde das palabras ten un valor funcional real. O latín e o chinook sitúanse nun extremo. Linguas coma o chinés, o siamés e o annamita, nas que todas e cada unha das palabras teñen o seu lugar asignado se se quere que funcionen de maneira apropiada, están no outro extremo. Mais a maioría das linguas cae entre estes dous extremos. No inglés, por exemplo, pode ser pouco importante que se diga *yesterday the man saw the dog* “onte o home viu o can” ou *the man saw the dog yesterday*, “o home viu o can onte”, pero non é indiferente que se diga *yesterday the man saw the dog* “onte o home viu o can” ou *yesterday the dog saw the man* “onte o can viu o home” ou que diga *he is here* “el está aquí” ou *is he here?* “está el aquí?” Nun caso, o do último grupo de exemplos, a distinción vital entre o suxeito e o obxecto depende por completo do lugar que ocupen certas palabras na oración. Nos dous últimos exemplos, unha leve diferenza na secuencia cámbiao todo. O penúltimo enunciado dado é unha aserción; o último, unha pregunta. Non fai falla dicir que nestes casos o principio inglés da orde de palabras é un medio de expresión tan potente coma o uso latino dos sufixos de caso ou dunha partícula interrogativa. Nada disto ten que ver con cuestións de pobreza funcional, senón de economía formal.

Xa vimos algo do procedemento de composición, a unión de dous ou máis elementos radicais nunha única palabra. Dende unha perspectiva psicolóxica, este procedemento está estreitamente relacionado co da orde de palabras, na medida en que a relación entre os elementos está implícita e non expresamente enunciada. Diferénciase da mera xustaposición de palabras na oración en que os elementos da composición non son sentidos senón como partes constitutivas dun único organismo léxico.

Linguas coma o chinés e o inglés, nas que o principio dunha orde oracional ríxida está moi consolidado, tenden tamén moitas veces á creación de palabras compostas. Apenas hai un paso entre secuencias de palabras chinesas do tipo *jìn tak* “home + virtude”, i.e., “a virtude dos homes” e xustaposicións máis convencionalizadas e unificadas psicolóxicamente do tipo *t’ien tsz* “ceo + fillo” i.e., “o emperador, o fillo do ceo” ou *shui fu* “auga home,” i.e. “o augador, o home da auga.” No último caso, francamente, poderíamos escribir tamén *shui-fu* como unha única palabra pois o significado do composto como conxunto é tan diverxente dos valores etimolóxicos concretos dos seus compoñentes como o é o da palabra inglesa *typewriter* “máquina de escribir” dos valores simplemente combinados de *type* “tipo” e *writer* “escritor”. No inglés, a maiores, a unidade da palabra *typewriter* aparece aínda salvagardada por un acento primario sobre a primeira sílaba, e pola posibilidade de engadir ó conxunto da palabra un elemento sufixal como é o plural *-s*. O chinés tamén unifica os seus compostos por medio do acento. Por máis que nas súas orixes últimas, o proceso de composición se poida retrotraer a secuencias típicas de palabras na oración, hoxe é, en boa medida, un método especializado de expresar relacións. O francés presenta, coma o inglés, unha orde de palabras ríxida pero non posúe nada parecido ó poder daquel de compoñer palabras e formar unidades máis complexas. Pola súa parte, o grego clásico, a pesar da súa relativa liberdade na colocación de palabras, presentaba tamén unha tendencia moi considerable á formación de termos compostos.

É curioso observar o moito que difiren as linguas na súa capacidade para facer uso do procedemento da composición. Un podería pensar, guiándose de principios xerais, que un mecanismo tan simple que dá lugar a palabras como *typewriter* “máquina de escribir”, *blackbird* “merlo” e moreas doutras palabras non debería ser outra cousa ca un procedemento gramatical universal, mais non é ese o caso. Hai moitas linguas, coma o esquimó e o

nootka e, deixando a un lado excepcións pouco significativas, as linguas semíticas, que non poden crear palabras compostas a partir de elementos radicais. E o que aínda é máis estraño é o feito de que moitas desas linguas non teñen a mínima aversión a formacións complexas de palabras senón que, pola contra, poden efectuar sínteses que superan absolutamente todo o que o grego e o sánscrito son capaces de facer. Por exemplo, na palabra nootka que denota o significado “mentres el, polo que din, estivo ausente catro días” un podería esperar que o conglomerado léxico incorporase polo menos tres elementos radicais, os correspondentes a “ausente”, “catro” e “día”. A realidade, non obstante, é que a palabra nootka é completamente incapaz de crear compostos como nós os entendemos. Está construída de modo invariable a partir dun único elemento radical e dun maior ou menor número de elementos sufixais, algúns dos cales poden ter un significado tan concreto coma o do elemento radical mesmo. No caso particular que citamos, o elemento radical é o portador da idea de “catro,” as nocións de “día” e “ausente” están expresadas mediante sufixos, que son tan inseparables do núcleo radical da palabra como o é o elemento inglés *-er* de *singer* e *hunter* en palabras como *singer* “cantante” e *hunter* “cazador”.* A tendencia á síntese léxica non é, por tanto, de ningún modo, a mesma cousa cá tendencia á composición mediante elementos radicais, aínda que este último procedemento é moitas veces un medio dispoñible co que funciona a tendencia sintética.

Existe unha abraiante diversidade de tipos de composición que varía segundo a función, a natureza dos elementos da composición e a súa orde. Nas máis das linguas, a composición límitase ó que podemos chamar función delimitadora, isto é, a que de dous ou máis elementos compositivos a un se lle dea a significación máis precisa que só é cualificada polos outros elementos, os cales en nada contribúen á construción formal

* O equivalente galego sería o sufixo *-ador* en relación co núcleo *caz-* en *cazador*. (N. do T.)

da oración. Por exemplo, no inglés, tales compoñentes como *red* “vermello” in *redcoat* “soldado, casaca vermella” ou *over* “sobre” in *overlook* “ter vista a, pasar por alto” só modifican o significado dos elementos dominantes *coat* “casaca, abrigo” e *look* “mirar”, sen participaren de ningún xeito na predicación que se expresa na oración. No entanto, algunhas linguas coma o iroqués e o nahuatl,³ empregan o método da composición para un traballo moito máis laborioso ca este. No iroqués, por exemplo, a composición integrada por un nome, na súa forma radical, seguido dun verbo é un procedemento típico para expresar relacións de caso, en particular do suxeito e do obxecto. *I-meat-eat* (*eu-carne-comer*), por exemplo, é o procedemento iroqués máis común de expresar a oración *I am eating meat* (*eu como carne*). Noutras linguas, formas similares a estas poden expresar relacións locais, instrumentais ou aínda outros tipos. Formas inglesas coma *killjoy* (“mata + alegría”) e *marplot* (“estruga + intriga”), equivalentes a “augafestas”, ilustran a composición integrada por un verbo e un nome, mais as palabras resultantes teñen unha función estritamente nominal e non verbal. Non podemos dicir *he marplots* “el augafestas.” Algunhas linguas permiten a composición de todos ou case todos os tipos de elementos. O paiute, por exemplo, pode crear compostos de nome con nome, de adxectivo con nome e de verbo con nome para facer nomes, de nome con verbo para facer verbos, de adverbio con verbo e de verbo con verbo. O yana, unha lingua india de California, pode crear compostos de nome con nome e de verbo con nome, pero non de verbo con verbo. Por outra banda, o iroqués só pode crear compostos de nome con verbo mais nunca de nome con nome como se pode facer no inglés ou de verbo e verbo como fan outras moitas linguas. Finalmente, cada lingua ten os seus tipos característicos

³ A lingua dos aztecas, aínda falada en moitas partes de México.

de orde de composición. No inglés, o elemento cualificativo vai normalmente diante; en certas outras linguas, pola contra, vai despois. Ambos os tipos úsanse algunhas veces nunha mesma lingua, como sucede no yana, no que “carne de xato” dise “amargo - (carne de) veado” pero “fígado de veado” exprésase co equivalente a “fígado - veado.” No paiute, no nahuatl e no iroqués, o obxecto do verbo que entra na composición de palabras precede ó elemento verbal, pero na lingua yana, no tsimshiano, e no algonquino segue ó verbo.⁴

De todos os procedementos gramaticais, a afixación é sen comparación o procedemento empregado máis frecuentemente. Hai linguas, coma o chinés e o siamés, que non fan uso de elementos que non teñen ó mesmo tempo un valor independente como elementos radicais, mais esas linguas son pouco comúns. Dos tres tipos de afixación —mediante prefixos, sufixos e infixos—, a sufixación é con moito a máis común. É máis, podería conxecturarse que os sufixos realizan un maior traballo de formación nas linguas ca todos os outros métodos combinados. Paga a pena destacar que existen non poucas linguas afixantes que en absoluto fan uso de elementos prefixados pero que posúen un complexo aparato de sufixos. É o caso do turco, do hotentote, do esquimó, do nootka e do yana. Algunhas delas, coma as tres últimas mencionadas, teñen centos de elementos sufixais, moitos deles cunha concreción semántica tal que esixiría que ese significado se expresase na inmensa maioría das linguas por medio de elementos radicais. O caso inverso, o uso de elementos prefixais coa exclusión total de sufixos, é moito menos común. Un bo exemplo é o do khmer (ou camboxano), idioma falado na que foi a Cochinchina francesa,* aínda que mesmo neste idioma se dan escuros restos de vellos sufixos que

⁴ A lingua amerindia da Columbia Británica, estreitamente relacionada coa lingua nass xa citada.

* É na actualidade a lingua oficial de Camboxa. (N. do T.).

deixaron de funcionar como tales e son sentidos agora como parte do elemento radical.

Unha considerable maioría das linguas coñecidas sérvense de prefixos e sufixos ó mesmo tempo, pero, obviamente, a importancia relativa dos dous grupos de elementos afixados varía enormemente. Nalgunhas linguas, coma o latín e o ruso, os sufixos encárganse por si sós de relacionar a palabra co resto da oración, limitándose os prefixos a expresar ideas tales como delimitar o significado do elemento radical sen influír no seu comportamento dentro da proposición. Unha forma latina coma *remittebantur* “eran devoltos” pode servir como ilustración deste tipo de distribución de elementos. O elemento prefixado *re-* “para tras” só cualifica ata certo punto a significación inherente do elemento radical *mitt-* “enviar,” mentres que os sufixos *-eba-*, *-nt-*, e *-ur* son portadores das nocións menos concretas e máis formais en sentido estrito de tempo, persoa, pluralidade e pasividade.

Hai linguas, por outra parte, coma as do grupo bantú africano e as linguas atabascanas de Norteamérica,⁵ nas que os elementos gramaticais máis importantes preceden o elemento radical e os elementos que se pospoñen forman unha clase relativamente pouco importante. Por exemplo, a palabra hupa *te-s-e-ya-te* “hei ir, irei,” está formada por un elemento radical *-ya-* “ir,” tres prefixos esenciais e un sufixo formalmente subsidiario. O elemento *te-* indica que a acción ten lugar aquí e alí no espazo, ou dunha maneira continua sobre o espazo; na práctica, de non ser coas raíces verbais ás que é habitual que vaia ligado, non ten unha significación moi ben perfilada. O segundo elemento prefixado, *-s-*, é incluso menos doado de definir. Todo o que podemos dicir é que se usa con formas verbais de tempo “definido” e que describe a acción no seu desenvolvemento e non

⁵ Este grupo inclúe linguas coma o navaho, apache, hupa, carrier, chipewyano e loucheux.

no seu principio ou chegando á súa fin. O terceiro prefixo, *-e-*, é un elemento pronominal, “eu,” que pode usarse unicamente con tempos “definidos”. É moi importante entender que o uso de *-e-* está condicionado polo do *-s-* ou polo de certos prefixos alternativos e que, na práctica, tamén o *te-* se vencella á aparición do prefixo *-s-*. O grupo *te-s-e-ya* constitúe unha unidade gramatical firmemente urdida. O sufixo *-te*, que indica o futuro, non é máis necesario para o seu equilibrio formal do que o é o prefixo *re-* da palabra latina; non é un elemento capaz de funcionar por si só e a súa función é materialmente delimitadora antes do que estritamente formal.⁶

En todo caso, non sempre se pode establecer unha clara contraposición entre o grupo dos sufixos e prefixos. É probable que na maioría das linguas que usan os dous tipos de afixos cada grupo desempeñe á vez funcións delimitadoras ou formais e relacionais. O máis que podemos dicir é que unha lingua tende a expresar funcións semellantes dunha ou doutra maneira. Se un certo verbo expresa un certo tempo por medio da sufixación, hai moitas probabilidades de que exprese os outros tempos dunha maneira análoga, e de que, certamente, todos os verbos teñan elementos temporais expresados mediante sufixos. De modo similar, o normal é que os elementos pronominais, na medida en que se inclúen no verbo aparezan como prefixos ou sufixos de xeito consistente. Mais estas regras están moi lonxe de seren absolutas. Xa vimos que o hebreo antepón nuns casos os elementos pronominais e noutros casos posponos. En chimarico, unha lingua india de California, a posición dos afixos pronomi-

⁶ Isto semellaralle sorprendente a un lector inglés. Normalmente pensamos no tempo como nunha función que se expresa de modo apropiado a través de maneiras puramente formais. Tal concepción orixinouse a partir do prexuízo asentado por medio da gramática latina. O futuro inglés (*I shall go* “(Eu) hei de ir, irei”) non se expresa, de feito, por medio de ningún tipo de afixación. Ademais, pode expresarse a través do presente como en *Tomorrow I leave this place* “Mañá voume deste lugar”, onde a función temporal é inherente ó adverbio independente. Aínda que en menor grao, o afixo hupa *-te* é tan irrelevante con relación á palabra vital, coma o adverbio *tomorrow* con relación ó “sentimento” gramatical de *I leave*.

nais depende do verbo; prefixanse con algúns verbos e sufixanse con outros. Non será preciso ofrecer moitos máis exemplos de prefixación e sufixación. Un de cada categoría abondará para ilustrar as súas posibilidades formativas. A idea expresada en inglés pola oración *I came to give it to her* (“vin para darllo a ela”) tradúcese ó chinook como *I-n-i-a-l-u-d-am*⁷. Esta palabra –e sen dúbida trátase dunha palabra unificada a conciencia cun claro acento no primeiro *a-*– consta dun elemento radical *-d-* “dar,” seis elementos prefixais con cadansúa función, aínda que fráxiles no seu corpo fonético, e un sufixo. Dos prefixos, *i-* indica tempo do pasado recente; *n-*, o suxeito pronominal “eu”; *-i-*, o obxecto pronominal “o”;⁸ *-a-*, o segundo obxecto pronominal “lle, a ela”; *-l-*, un elemento prepositivo que indica que o prefixo pronominal que o precede debe ser entendido como obxecto indirecto (*-ela-a-*, i.e., “a ela, lle”); e *-u-*, un elemento que non é fácil de definir de modo satisfactorio pero que, en xeral, indica que o movemento se arreda da posición do falante. O elemento sufixal *-am* modifica o contido verbal nun sentido local; engade á noción expresada polo elemento radical a idea de “chegada” ou “ida (ou “vinda”) para ese propósito concreto.” É evidente que en chinook, como no hupa, a maior parte da maquinaria gramatical reside nos prefixos e non nos sufixos.

A pauta contraria, aquela na que os elementos importantes do punto de vista gramatical se aglomeran ó final da palabra, como ocorre no latín, é o que se documenta no fox, unha das linguas algonquinas máis coñecidas do val do Misisipi. Podemos coller a forma *eh-kiwi-n-a-m-oht-ati-wa-ch(i)* “then they together kept (him) in flight from them” (en galego: “daquela todos eles xuntos mantivéron(o) en fuga respecto deles”). Nesta palabra o elemento radical é *kiwi-*, unha raíz verbal que indi-

⁷ No dialecto wishram.

⁸ Realmente “llo” (“algo a el”). O chinook, coma o latín e o francés, posúe xénero gramatical. Un obxecto pode referirse como “el”, “ela” ou “isto”, segundo a forma característica do nome.

ca a noción xeral de “moverse ó redor de maneira indefinida, acó e aló.” O prefixo *eh-* apenas é máis do que unha partícula adverbial indicadora de subordinación temporal; poderíase traducir de maneira apropiada por “daquela, entón.” Dos sete sufixos incluídos nesta palabra tan elaborada, o *-n-* semella ser un elemento meramente fonético ó servizo da conexión entre a raíz verbal e o seguinte *-a-*;⁹ *-a-* é unha “raíz secundaria”¹⁰ que denota a idea de “voo, fuxida, voar, fuxir”; o *-m-* denota causalidade con relación a un obxecto animado;¹¹ *-o(ht)-* indica actividade feita en interese do suxeito (a chamada voz “media” ou “medio-pasiva” do grego); *-(a)ti-* é un elemento pronominal recíproco, “un ó outro”; *-wa-ch(i)* é a terceira persoa do plural de obxecto animado (*-wa-*, indica pluralidade; *-chi*, máis ben persoa) das chamadas formas “conxuntivas”. Da maneira máis literal, a palabra pódese traducir (e aínda así só de maneira aproximada no que se refire ó sentimento gramatical do fox) como “daquela, eles/elas (animado) fixeron que algún ser animado deambulase sen propósito fuxindo deles/delas dos uns ós outros.” O esquimó, o nootka, o yana e outras linguas presentan os mesmos conglomerados complexos de elementos sufixais, se ben as funcións que eles desempeñan e os seus principios de combinación difiran amplamente.

Deixamos para exemplificalo por separado o moi curioso tipo de afixación coñecido como “infixación”. No inglés é completamente descoñecido, a non ser que consideremos infixo o *-n-* de *stand* “estar (de pé), quedar” (contrástese co seu pasado e

⁹ Esta análise presenta moitas dúbidas. É probable que o *-n-* posúa unha función aínda por distinguir. As linguas algonquinas son máis complexas do que é normal entre as linguas do mundo e presentan moitos problemas de detalle aínda non resoltos.

¹⁰ As “raíces secundarias” son elementos que son sufixos dende un punto de vista formal e nunca aparecen sen o apoio dun elemento radical verdadeiro. A súa función, en calquera caso, é tan concreta, para todos os fins e propósitos, coma o do propio elemento radical. As raíces verbais secundarias deste tipo son características das linguas algonquinas e do yana.

¹¹ Nas linguas algonquinas todas as persoas e cousas son concibidas como animadas ou inanimadas, da mesma maneira en que no latín e no alemán se conciben como masculinas, femininas ou neutras.

participio, *stood*). As linguas indoeuropeas máis antigas, como o latín, o grego e o sánscrito, facían un uso considerable de nasais infixas para diferenciar o tempo presente de certas clases de verbos das formas de perfecto (confróntese o latín *vinc-o* “venzo, conquisto” con *vic-i* “vencín, conquistei”; ou o grego *lamb-an-o* “collo” con *e-lab-on* “collín”). Existen, en calquera caso, exemplos máis rechamantes deste procedemento, exemplos nos que o infixo asumiu unha función ben máis definida ca nos devanditos exemplos latinos e gregos. É un procedemento que destaca en particular en moitas linguas do sueste asiático e do arquipélago malaio. Bos exemplos do khmer (camboxano) son *tmeu* “un que anda, un camiñante” e *daneu* “andando, andaina” (nome verbal), ambos derivados de *deu* “andar, camiñar.” Poden ser citados outros moitos exemplos do bontoc igorot, unha lingua filipina. Así un infixo *-in-* expresa a idea de produto, dunha acción levada a cabo, e.g., *kayu* “leña,” *kinayu* “leña xuntada.” No verbo bontoc igorot, os infixos son así mesmo usados libremente. Por exemplo, unha forma infixada *-um-* é característica de moitos verbos intransitivos con sufixos persoais pronominais, e.g., *sad-* “agardar,” *sumid-ak* “eu agardo”; *kineg* “calado, silencioso,” *kuminek-ak* “estou calado, estou en silencio.” Noutros verbos indica futuridad, e.g., *tengao-* “celebrar unha festa,” *tumengao-ak* “hei ter unha festa.” O tempo pasado é moitas veces indicado por un infixo *-in-*; cando xa hai un infixo *-um-*, combínanse os dous elementos como *-in-m-*, e.g., *kinminek-ak* “estiven calado.” Obviamente, o procedemento de infixación presenta nestas linguas (e noutras afíns a elas) a mesma vitalidade que posúen os moito máis comúns prefixos e sufixos noutras linguas. O procedemento atópase tamén en varias linguas aborixes de América. No yana, o plural fórmase ás veces por medio dun elemento infixo e.g., *k'uruwi* “homes - medicina,” *k'uwi* “home - medicina”; no chinook o infixo *-l-* úsase con certos verbos para indicar actividade repetida, e.g., *ksik'ludelk* “ela continúa mirándoo,” *iksik'lutk* “ela mirouno” (elemento radical *-tk*). Un tipo de infixación moi interesante atópase nas linguas siouanas, nas cales

certos verbos insiren elementos pronominais no propio corpo do elemento radical, e.g., sioux *cheti* “facer lume,” *chewati* “fago lume”; *shuta* “fallar,” *shuunta-pi* “fallamos.”

Un procedemento gramatical de carácter subalterno, mais de ningún modo irrelevante, é o do cambio vocálico ou consonántico interno. Nalgunhas linguas, coma o inglés (*sing*, *sang*, *sung*, *song*; *goose*, *geese*), o cambio vocálico converteuse nun dos métodos máis importantes para indicar cambios fundamentais de función gramatical. Cando menos, o procedemento continúa vivo dabondo como para que os nenos de fala inglesa enceten camiños inusitados. Sabemos de rapaces que falan de que trouxeron algo dicindo “having *brung*” (en vez de *brought* “traído”; infinitivo *to bring* “traer”) por analoxía coas formas *sung* “cantado” e *flung* “lancei, lanzado.” No hebreo, como vimos, o cambio vocálico ten aínda maior importancia ca no inglés. E o que ocorre no hebreo tamén ocorre en todas as outras linguas semíticas. Uns poucos exemplos dos plurais “fractos” do árabe¹² han servir de suplemento das formas verbais hebreas que dei a propósito doutro asunto. O nome *balad* “lugar” ten a forma plural *bilad*;¹³ *gild* “coiro” forma o plural *gulud*; *ragil* “home” ten o plural *rigal*; *shibbak* “ventá” fai o plural *shababik*. Fenómenos moi similares pódense ilustrar con exemplos tirados das linguas hamíticas, e.g., na lingua shilh¹⁴ temos *izbil* “pelo,” plural *izbel*; *a-slem* “peixe,” plural *i-slim-en*; *sn* “coñecer,” *sen* “estar coñecendo”; *rmi* “cansar,” *rumni* “estar cansado”; *ttss*¹⁵ “adormecer,” *ttoss* “durmir.” Alternancias rechamantes parecidas ás do inglés e grego do tipo *sing* “canto”- *sang* “cantei” e *leip-o* “deixo,” *leloip-a* “deixei,” son as somalís¹⁶ *al* “son,” *il* “era”; *i-dah-a* “digo,” *i-di* “dixen,” *deh* “di!”

¹² Do dialecto expicio.

¹³ Tamén hai cambios de acento e cantidade vocálica nestas formas pero para os efectos de simplificación obrigámonos a prescindir deles.

¹⁴ Unha lingua bérber de Marrocos.

¹⁵ Algunhas das linguas bérberes permiten combinacións consonánticas que nos parecen impronunciáveis.

¹⁶ Unha das linguas camíticas do leste de África.

O cambio vocálico tamén é de grande importancia en varias linguas amerindias. No grupo atabascano moitos verbos mudan a calidade ou cantidade da vogal do elemento radical cando se cambia o seu tempo ou modo. O verbo navaho para “eu poño (gran) nun receptáculo” é *bi-hi-sh-ja*, no que *-ja* é o elemento radical; o tempo pasado, *bi-hi-ja'*, ten unha vogal longa *a-*, seguida pola “oclusiva glotal”¹⁷; o futuro é *bi-h-de-sh-ji* co cambio completo da vogal. Noutros tipos de verbos navahos, os cambios vocálicos seguen diferentes liñas, e.g., *yah-a-ni-ye* “ti levas (un brazado de algo) a (unha corte)”; pasado, *yah-i-ni-yin* (con *i* longo en *-yin*; o *-n* úsase aquí para indicar a nasalización); futuro, *yah-a-di-yehl* (con *e* longo). Noutra lingua india, o yokuts,¹⁸ as modificacións vocálicas afectan tanto ás formas verbais coma as nominais. Así, *buchong* “fillo” forma o plural *bochang-i* (contrástese o obxectivo *buchong-a*); a forma *enash* “avó” ten como plural *inash-a*; o verbo *engtyim* “durmir” forma o continuativo *ingetym-ad* “estar durmindo” e o pasado *ingetym-ash* “durmín.”

É probable que o cambio consonántico como procedemento funcional sexa moito menos común cás modificacións vocálicas, mais non é exactamente raro. Hai un interesante grupo de casos en inglés composto por certos nomes e os correspondentes verbos que só difiren en que a consoante final é xorda ou sonora. Exemplos son *wreath* “grilanda” (con *th* como en *think*)*, pero *to wreathe* “adornar con grilandas” (con *th* como en *then*)*; *house* “casa” pero *to house* “aloxar, albergar” (co *s* pronunciado como *z*)*. Que os falantes nativos do inglés son conscientes do intercambio de consoantes en cuestión como medio de distinguir o nome do verbo evidénciase coa extensión do principio que moitos americanos

¹⁷ Véxase a páxina 77.

¹⁸ Falada na parte centromeridional de California.

* N. do T. Similar á nosa interdental representada por *z* en *zoco*.

** N. do T. É unha fricativa semellante ó segundo *d* do noso *dado*.

*** N. do T. Isto é, semellante á variante sonora do noso *s* en palabras como *desde* ou *mesmo*.

practican cando contrastan o substantivo *rise* (e.g., *the rise of democracy* “a aparición da democracia”) –pronunciándoo co *s* xordo coma se fose *rice*– co verbo *to rise* “levantarse” (pronunciándoo coma se fose o *s* sonoro representado normalmente por *z*).

Nas linguas célticas as consoantes iniciais experimentan varios tipos de cambio conforme a relación gramatical que a palabra manteña coa palabra que a antecede. Así, no irlandés moderno, unha palabra como *bo* “boi” pode adquirir, baixo determinadas circunstancias, as formas *bho* (pronunciado *wo*) ou *mo* (e.g., *an bo* “o boi,” como suxeito, pero *tir na mo* “terra dos bois,” como posesivo plural). No verbo, unha das consecuencias máis rechamantes deste principio é a “aspiración” das consoantes iniciais no pretérito. Se, digamos, un verbo comeza por *t*, troca o *t* por *th* (que se pronuncia agora *h*) nas formas do pasado; se comeza por *g*, a consoante troca, de maneira análoga, por *gh* (pronunciada como espirante sonora *g* ou como *y*, conforme a natureza da vogal seguinte)¹⁹. No irlandés moderno, o principio de cambio consonántico, que comezou no período máis antigo da lingua como consecuencia secundaria de certas condicións fonéticas, converteuse nun dos principais procedementos gramaticais da lingua.

Tan notorios coma estes fenómenos irlandeses son quizais os trocos consonánticos do ful, unha lingua africana do Sudán. Nela atopámonos con que todos os nomes pertencentes á clase persoal forman o plural cambiando a inicial *g*, *j*, *d*, *b*, *k*, *ch*, e *p* por *y* (ou *w*), *y*, *r*, *w*, *h*, *s* e *f*, respectivamente; e.g., *jim-o* “compañeiro,” *yim-'be* “compañeiros”; *pio-o* “rastreador,” *fio-'be* “rastreadores.” Curiosamente, os nomes que pertencen á clase das cousas forman o singular e o plural exactamente ó contrario. e.g., *yola-re* “lugar con herba,” *jola-je* “lugares con herba”; *fitan-du* “alma,” *pital-i* “almas.” No nootka, por só referir outra lingua na que se pode encontrar este procedemento,

¹⁹ Véxase a páxina 78.

o *t* ou *tl*²⁰ de moitos sufixos verbais vólvese *hl* en formas que denotan repetición, e.g., *hita-'ato* “reñer, rifar,” *hita-'ahl* “estar reñendo seguido”; *mat-achisht-utl* “voar sobre a auga,” *mat-achisht-ohl* “estar voando sobre a auga seguido.” Alén disto, o *hl* de certos elementos trócase no peculiar son *h-* nas formas de plural, e.g., *yak-ohl* “rostro apesarado,” *yak-oh* “(persoas) con rostro apesarado.”

Nada hai máis natural na linguaxe cá frecuencia con que se dá a reduplicación, ou, noutras palabras, a repetición de todo ou parte do elemento radical. En xeral, o procedemento emprégase, cun valor simbólico evidente, para indicar conceptos tales como a distribución, a pluralidade, a repetición, a actividade habitual, o crecemento de tamaño, a intensidade crecente, a continuidade. Aínda que non se teña por un dos mecanismos de formación de palabras característicos do inglés, non é descoñecido nesta lingua. Palabras tales como *goody-goody* “boño, boazo” e *pooh-pooh* “facer burla, mofarse; renegar, rexeitar con desdén” son agora aceptadas como parte do vocabulario normal do idioma, pero o método da duplicación pode ás veces usarse con máis liberdade cá que indican eses dous exemplos estereotipados. Certas construcións como *a big big man* (literalmente, “un home grande, grande”, “un home moi grande”, ou *let it cool till it's thick thick* (“déixao arrefriar ata que se poña espeso, espeso”) son moito máis comúns, en especial na fala das mulleres e dos nenos, do que os manuais de lingüística nos invitan a supoñer. Nunha clase en si mesma atoparíase unha chea de palabras realmente grande, moitas delas onomatopeicas ou pexorativas polo seu ton psicolóxico, que consisten en duplicacións ora con troco de vogal, ora con troco de consoante inicial –palabras do tipo *sing-song* “toniño, sotaquiño,” *riff-raff* “xentuza, xentalla,” *wishy-washy* “eslavado, augado,” *harum-skarum*

²⁰ Estas grafías só tentan dar conta de sons simples.

“toleirán, atolambrado,” *roly-poly* “gordecho, repoludo.” As palabras deste tipo son case universais. É curioso que exemplos coma o do ruso *Chudo-Yudo* (un dragón), o chinés *ping-pang* “pingoteo da chuvia sobre o teito,”²¹ o tibetano *kyang-kyong* “preguiceiro, nugallán,” e o manchú *porpon parpan* “de ollos lagañosos” nos lembren, tanto na forma coma na psicoloxía, algunhas palabras que circulan polos nosos lares. Pero dificilmente se pode dicir que o procedemento de reduplicación teña unha importancia gramatical de primeira orde no inglés. Para exemplificalo debemos acudir a outras linguas. Casos coma o do hotentote *go-go* “mirar con coidado, examinar, observar” (a partir de *go* “ver”), somalí *fen-fen* “roer por todos os lados” (a partir de *fen* “roer”), chinook *iwi iwi* “mirar con coidado, examinar” (de *iwi* “aparecer”), ou tsimshiano *am’am* “varios (son) bos” (de *am* “bo”) non se apartan do ámbito natural e fundamental de significación deste procedemento. Unha función máis abstracta ilustra o ewe,²² idioma no que tanto os infinitivos coma os adxectivos verbais están formados a partir da reduplicación do verbo; e.g., *yi* “ir,” *yiyi* “ida, acto de ir”; *wo* “facer,” *wowo*²³ “feito”; *mawomawo* “non facer” (no que se duplica a raíz verbal e a partícula negativa). As duplicacións causativas son características do hotentote, e.g., *gam-gam*²⁴ “facerlle a alguén falar” (derivado de *gam* “dicir, contar”). O procedemento pode usarse para derivar verbos de nomes, como sucede no hotentote *khoe-khoe* “falar hotentote” (derivado de *khoe-b* “home, hotentote”), ou no kwakiutl *metmat* “comer ameixas” (derivado da raíz *met* “ameixa”).

Os exemplos máis característicos de reduplicación son os que repiten soamente parte do elemento radical. Sería posible

²¹ De aquí o noso ping-pong.

²² Unha lingua africana da costa da Guínea.

²³ No adxectivo verbal o ton da segunda sílaba diferénciase do da primeira.

²⁴ Omítese o “click” inicial (véxase a páxina 106, nota 15).

demostrar a existencia dun gran número de clases formais de tales redobramentos parciais, segundo o procedemento fixese uso de unha ou máis consoantes radicais, preservase ou debilitase ou alterase a vogal radical, ou afectase o comezo, o medio ou o final do elemento radical. As funcións que cumpre a redución parcial aínda son máis variadas cás que desempeña a simple copia ou duplicación íntegra do radical, aínda que a idea básica, polo menos en orixe, é case sempre a de repetición ou continuidade. Pódense citar exemplos de todas as partes do globo para ilustrar esta función fundamental. Reduplicacións iniciais son, por exemplo, shilh *ggen* “estar durmindo” (derivado de *gen* “durmir”); ful *pepeu-'do* “mentireiro” (i.e., “un que mente sempre”), plural *fefeu-'be* (de *fewa* “mentir”); bontoc igorot *anak* “neno,” *ananak* “nenos”; *kamu-ek* “eu apuro,” *kakamu-ek* “eu apuro máis”; tsimshiano *gyad* “persoa,” *gyigyad* “persoas”; nass *gyibayuk* “voar,” *gyigyibayuk* “un que está voando.” Comparables dende o punto de vista psicolóxico, mais con reduplicación ó final son o somalí *ur* “corpo,” plural *urar*; hausa *suna* “nome,” plural *sunana-ki*; washo²⁵ *gusu* “búfalo,” *gususu* “búfalos”; takelma²⁶ *himi-d-* “falar con,” *himim-d-* “estar afeito a falar con.” Este redobramento parcial da raíz, incluso máis común cá simple duplicación, adquiriu en moitas linguas funcións que en nada parecen relacionadas coa idea de aumento. Os exemplos máis coñecidos proceden quizais das nosas linguas indoeuropeas máis antigas, da reduplicación inicial que axuda a formar o perfecto de moitos verbos (e.g., sánscrito *dadarsha* “vin,” grego *leloipa* “deixei,” latín *tetigi* “toquei,” gótico *lelot* “permitín”). No nootka, a reduplicación do elemento radical emprégase moi a miúdo en asociación con certos sufixos; de *hluch-* “muller” derivan *hluhluch-'ituhl* “soñar cunha muller” e *hluhluch-k'ok* “que parece unha mu-

²⁵ Unha lingua india de Nevada.

²⁶ Unha lingua india de Oregón.

ller.” Psicoloxicamente afíns ós exemplos grego e latino son, en takelma, moitos casos de verbos que exhiben dúas formas de raíz, unha empregada no presente e no perfecto, a outra no futuro e en certos modos e derivados verbais. Aquela presenta unha reduplicación final que está ausente na expresión do futuro; e.g., *al-yebeb-i'n* “amósolle (ou amoseille),” *al-yeb-in* “heille amosar, amosareille.”

Chegamos agora ó máis sutil dos procedementos gramaticais, as variacións acentuais, tanto de intensidade como de tonalidade. A dificultade principal para illar o acento como procedemento funcional é que se combina tan a miúdo coa alternancia na cantidade ou calidade vocálica ou se complica coa presenza de elementos afixais que o seu valor gramatical aparece máis ben como trazo secundario que como trazo primario. No grego, por exemplo, mentres que o característico das verdadeiras formas verbais é que despracen o acento cara a tras tanto como as regras acentuais o permitan, os nomes acentúanse con moita maior liberalidade. Dáse, pois, unha rechamante diferenza acentual entre unha forma verbal como *eluthemen* “fomos liberados,” acentuada na segunda sílaba da palabra, e o seu derivado participial *luthéis* “liberado,” que se acentúa na última.* A presenza dos característicos elementos verbais *e-* e *-men*, no primeiro caso, e do elemento *-s*, tipicamente nominal, no segundo, tende a escurecer o valor gramatical da alternancia acentual. Este valor traslócese de maneira nidia en dobretes ingleses tales como *to refund* “reembolsar” e *a refund* “un reembolso,” *to extract* “extraer” e *an extract* “un extracto,”** *to come down* “baixar” e *a come down* “unha baixada,” *to lack luster* “carecer de brillo” e *lack-luster eyes*, “ollos carentes de brillo”, nos cales a diferenza entre o verbo e o nome é enteiramente unha cuestión de cambio acentual. Nas linguas atabascanas non é infrecuente detectar alternancias de acento, como sucede no navaho entre

* N. do T. Isto é, *elúthemen* e *luthéis*.

** N. do T. Isto é, *refúnd* (verbo), *réfund* (substantivo); *extráct* (verbo), *éxtract* (substantivo).

ta-di-gis “lávaste” (con acento na segunda sílaba) e *ta-di-gis** “lávase” (con acento na primeira).²⁷

O acento tonal pode ser tan funcional como o acento tónico de intensidade, e seguramente o é máis veces. A pesar de todo, o mero feito de que as variacións tonais sexan esenciais para a lingua dende o punto de vista fonético, como ocorre no chinés (e.g., *feng* “vento” con ton neutral, *feng* “servir” con ton descendente) ou no grego clásico (e.g., *lab-on* “collendo antes, tendo collido”**, con ton simple ou ascendente no sufixo participial *-on*, *gynaik-on* “das mulleres”***, con ton composto ou descendente no sufixo de caso *-on*), non quere dicir que as linguas teñan que facer un uso funcional, ou, talvez deberíamos dicir mellor, gramatical, do ton. En tales casos, o ton é só algo tan intrínscico ó elemento radical ou afixo, como podería selo calquera vogal ou consoante. É diferente o que sucede con alternancias do tipo *chung* (neutral) “medio, centro” e *chung* (descendente) “atinar, dar no centro”; *mai* (ascendente) “mercar, comprar” and *mai* (descendente) “vender”; *pei* (descendente) “costas” and *pei* (neutral) “arrear, levar ás costas.” Exemplos así non son moi comúns en chinés e non se pode dicir que a lingua posúa hoxe en día un sentido definido para as diferenzas tonais como símbolo da distinción entre nome e verbo.

Endebén, hai linguas en que tales diferenzas son dunha importancia gramatical fundamental. En Ewe, por exemplo, da palabra *subo* “servir” derivan dúas formas reduplicadas, un infinitivo *subosubo* “servir,” cun ton baixo nas dúas primeiras sílabas e un alto nas dúas últimas, e unha forma adxectival *subosubo* “que serve, sirvente,” na que todas as sílabas teñen ton alto. Máis rechamantes son os casos rexistrados no shilluk,

* N. do T. Isto é, *ta-dí-gis* “lávaste” fronte a *tá-dí-gis* “lávase.”

²⁷ Igual que ocorre no inglés “He has written books” (“escribiu libros”) non se compromete no que toca a cantidade (“uns poucos, varios, moitos”).

** N. do T. Participio de aoristo de *lambáno* “coller, tomar.”

*** N. do T. Xenitivo plural de *gyné* “muller”

unha das linguas das fontes do Nilo. Moitas veces, o plural do nome difire da forma singular en virtude do ton, e.g., *yit* (alto) “orella” pero *yit* (baixo) “orellas.” No pronome, só polo ton, distínguense tres formas; e “el” ten un ton alto e funciona de suxeito, -e “o, lo, no” (e.g., a *chwol-e* “chamouno”) ten un ton baixo e funciona como obxecto, -e “del, seu” (e.g., *wod-e* “a casa del, a súa casa”) ten ton medio e é posesivo. Do elemento verbal *gwed-* “escribir” fórmanse *gwed-o* “(el) escribe” con ton baixo, a pasiva *gwet* “(era) escrito” cun ton descendente, o imperativo *gwet* “escribe!” con ton ascendente, e o nome verbal *gwet* “que escribe” con ton medio. Tamén na América indíxena se coñece o acento tonal como procedemento gramatical. Un bo exemplo dun idioma tonal é o tlingit, falado polos indios da costa sur de Alasca. Nesta lingua, moitos verbos varían o ton no elemento radical en relación co tempo; *hun* “vender,” *sin* “esconder,” *tin* “ver,” e numerosos outros elementos radicais, refiren tempo pasado cando teñen ton baixo, e futuro cando o teñen alto. Outro tipo de función é a ilustrada polo takelma. A forma *hel* con ton descendente significa “song,” con inflexión ascendente, *hel* ten o sentido do imperativo “canta!”; o mesmo paralelismo aparece nas formas *sel* (descendente) “pintura negra,” e *sel* (ascendente) “píntao!”

En conclusión, está claro que o acento tonal, coma o acento tónico e as modificacións vocálicas e consonánticas, é un procedemento gramatical empregado con máis frecuencia do que os nosos propios hábitos de fala nos inducen a crer como algo probable.

A forma na lingua: os conceptos gramaticais

Xa vimos que a palabra expresa ou ben un concepto simple ou ben unha combinación de conceptos tan relacionados entre si que forman unha unidade psicolóxica. Revisamos, ademais, brevemente, dende unha estrita perspectiva formal, os procedementos máis importantes que utilizan todas as linguas coñecidas para determinar os conceptos fundamentais –os conceptos expresados en palabras non descompoñibles ou nos elementos radicais das palabras– por medio da influencia modificadora ou formativa de conceptos secundarios. Neste capítulo, imos observar un pouco máis de preto a natureza do mundo dos conceptos, na medida en que ese mundo conceptual se ve reflectido e sistematizado na estrutura lingüística.

Encomecemos por unha oración sinxela na que están implicados varios tipos de conceptos: *The farmer kills the duckling* [en galego: “O labrego mata o parruliño”]. Mesmo unha análise superficial e apresurada descobre aquí a presenza de tres conceptos fundamentais ben distintos que se relacionan entre si de varios xeitos. Eses tres conceptos son “farmer” (o suxeito do discurso), “kill” (que define a natureza da actividade acerca da que nos informa a oración) e “duckling” (outro suxeito do discurso que ten un importante papel, aínda que un tanto pasivo, naquela actividade).¹ Podemos visualizar o labrador e o patinho e non temos dificultade para imaxinar o acto de matar. Dito noutras palabras, os elementos *farmer*, *kill*, e *duckling* definen conceptos concretos.

Con todo, unha análise lingüística minuciosa deseguida nos vai facer ver que os dous suxeitos do discurso, por moi sinxelo que sexa poder visualizalos, non están expresados de maneira tan directa nin tan inmediata como os sentimentos. O inglés “far-

¹ “Suxeito” non se debe entender aquí no seu sentido técnico.

mer” [en galego, un “labrego,” un “granxeiro,” ou un “agricultor”] é, nun certo sentido, un concepto perfectamente unificado; mais, noutro sentido, un “farmer” é “unha persoa que cultiva ou traballa a terra.” O concepto expresado polo elemento radical (*farm-*) non é un concepto de personalidade senón dunha actividade laboral, *to farm* [“cultivar a terra”], ela mesma baseada no concepto dun tipo particular de obxecto (*a farm* [“unha terra dedicada á agricultura, unha granxa ou explotación agraria”]). De maneira parecida, o concepto de *duckling* [“parruliño, patiño”] está a un paso de distancia do que expresa a raíz da palabra, *duck* [“parrulo”]. Este elemento, que pode aparecer como palabra independente, designa unha clase enteira de animais, grandes e pequenos, mentres que *duckling* limita a súa aplicación ós individuos novos daquela clase. A palabra *farmer* ten un sufixo de “axente” *-er* que desempeña a función de referir a persoa que realiza unha determinada actividade, neste caso a de traballar a terra. Transforma o verbo *to farm* nun nome de axente exactamente do mesmo modo que transforma os verbos *to sing* “cantar,” *to paint* “pintar,” *to teach* “ensinar” nos correspondentes nomes de axente: *singer* “cantante,” *painter* “pintor,” *teacher* “mestre”. O elemento *-ling* non se usa moi a miúdo, pero o seu significado é claro. Engade ó concepto básico a noción de pequenez (como ocorre tamén en *gosling* “gansiño”, *fledgeling* “pitiño, paxariño”)* ou a idea pexorativa de “desprezo” que dalgún xeito se relaciona coa primeira (como en *weakling* “pequerrecho,” *princeling* “principucho”, *hireling* “mercenario”).** O sufixo axentivo *-er* e o sufixo diminutivo *-ling* son ambos portadores de ideas máis ou menos concretas (a grandes trazos, a de “axente” e a de “pequeno”), pero non

* N. do T. A palabra *gosling* está emparentada etimoloxicamente con *goose* “ganso, ánsar”, *fledgeling* con *fledged* “emplumado, que ten plumas” (cf. a expresión da lingua común *fully fledged* “feito e dereito, totalmente formado, desenvolvido ou desenrolado de todo.”)

** N. do T. A palabra *weakling* relaciónase co adxectivo *weak* “débil, feble, frouxo”, *princeling* co substantivo *prince* “príncipe”, *hireling* con *hire* “xornal, salario, alugueiro”.

se destaca esa concreción de maneira nidia. Máis ca definir conceptos distintos, median entre conceptos. O *-er* de *farmer* non significa exactamente “aquele que (cultiva a terra),” simplemente indica que o tipo de persoa que chamamos “farmer” [ou na nosa cultura “labrego”, “labrador”, ou “agricultor”] está suficientemente vencellado á actividade agraria de cultivar a terra como para que, por convención, se pense nunha persoa ocupada decote nos labores agrícolas. Pero, de feito, o “farmer” en cuestión pode ir á cidade e ocuparse en asuntos que nada teñan que ver coa terra, e, mesmo así, a súa etiqueta lingüística seguirá sendo a de “farmer.” A lingua delata aquí unha certa “indefensión” ou, se un o prefire, unha teimuda querenza a apartar a mirada da función instantaneamente suxerida, confiándolles á imaxinación e ó uso o recheo das transicións de pensamento e os detalles de aplicación que distinguen un concepto concreto (*to farm*) doutro “derivado” (*farmer*). Sería imposible para calquera lingua expresar cada idea concreta por unha palabra ou un elemento radical independentes. A concreción da experiencia é infinita, os recursos do idioma máis rico son certamente limitados. Debe, por forza, agrupar innumerables conceptos baixo a rúbrica de certos conceptos básicos e servirse doutras ideas concretas ou semiconcretas como mediadores funcionais. As ideas expresadas por estes elementos mediadores –poden ser palabras independentes, afixos, ou modificacións do elemento radical– denomínanse “derivativas” ou “cualificativas.” Algúns conceptos concretos como *kill*, exprésanse por medio dun radical; outros, como *farmer* e *duckling*, exprésanse por medio da derivación. Correspondéndose con estes dous modos de expresión temos dous tipos de conceptos e de elementos lingüísticos, radicais (*farm*, *kill*, *duck*) e derivativos (*-er*, *-ling*). Cando unha palabra (ou un grupo unificado de palabras) contén un elemento derivativo (ou palabra derivativa) a significación concreta do elemento radical (*farm-*, *duck-*) tende a esvaerse da consciencia e a producir unha nova concreción (*farmer*, *duc-*

kling), que é sintética na expresión antes que no pensamento. Na nosa oración, os conceptos de *farm* e *duck* non entran en xogo realmente; están latentes, por así dicilo, debido a razóns formais, na expresión lingüística.

Se agora voltamos por un momento á oración inicial, a impresión que teremos é a de que a análise de *farmer* e *duckling* non ten apenas interese para a comprensión do seu sentido, e é totalmente irrelevante para captar a estrutura da oración no seu conxunto. Dende o punto de vista da oración, os elementos derivativos *-er* e *-ling* son simples detalles na economía local dos dous termos (*farmer*, *duckling*) que a oración acepta como unidades de expresión. Esta indiferenza da oración en tanto que tal con relación a certa parte da análise das súas palabras queda demostrada polo feito de que se substituímos *farmer* e *duckling* por palabras radicais como *man* [“home”] e *chick* [“poliño, pitiño,”] obtemos, de certo, un novo contido material, mais de ningún modo unha nova forma estrutural. Podemos ir aínda máis lonxe e trocar a acción de “to kill” [“matar”] por outra actividade distinta, digamos que pola de “to take” [“coller”]. A nova oración, *The man takes the chick* [ou en galego, “o home colle o poliño”], é totalmente distinta da primeira oración no que expresa, mais non en como o expresa. Sentimos, de maneira instintiva, sen a mínima necesidade de proceder a unha análise consciente, que as dúas oracións encaixan perfectamente no mesmo patrón, que son en esencia a mesma oración fundamental, e que difiren só nos seus accesorios materiais. Noutras palabras, expresan conceptos relacionais idénticos dunha maneira idéntica. A maneira de os expresar é tripla: o uso dunha palabra intrinsecamente relacional en posicións análogas (*the*), a secuenciación análoga dos termos concretos da oración (un suxeito e un predicado, este último formado por un verbo e un obxecto), e o uso do elemento sufixal *-s* no verbo.

Cámbiese algún destes trazos e a oración ha resultar máis ou menos modificada non no relativo ó aspecto material senón no

puramente relacional. Se o *the* [o artigo] se omite (*Farmer kills duckling* [“Labrador mata parruliño”]; *Man takes chick* [“Home colle pitiño”]), a oración resultante vólvese un tanto insólita; cae fóra de todo patrón formal recoñecible posto que os dous suxeitos do discurso semellan incompletos, como pendurados no baleiro. Sentimos que non hai xa relación establecida entre eles e o que está nas mentes do falante e oínte. En canto o *the* se pon diante dos dous nomes, sentímonos aliviados. Sabemos que o labrego e o parruliño de que fala a oración son o mesmo labrego e parrulo sobre os que estivemos falando, sobre os que estivemos oíndo falar ou sobre os que pensamos algún tempo antes. Se me atopo cun home que non o estea vendo e que non saiba nada acerca do labrego ou agricultor en cuestión, o máis probable é que me fite desconcertado se lle solto o de *Farmer kills duckling* [ou en galego *Labrego (que labrego?) mata parruliño* (non se sabe se tiña un nin de quen era)]. En calquera caso, se o feito fose interesante dabondo para ser comunicado, debería obrigarme a falar de “*a farmer up my way*” [en galego: “un labrego que me atopei polo camiño”] e de “*a duckling of his*” [“un parruliño seu”]. Estas palabriñas, *the* e *a*, teñen a importante función de establecer se o referente é definido ou indefinido.

Se omito o primeiro *the* e tamén elimino o sufixo *-s*, obterei un conxunto de relacións completamente novas. En *Farmer, kill the duckling* [ou en galego: *Labrego, mata o parruliño*] suponse que eu estou agora a falar co labrador, e non só falando acerca del; tamén se supón que non está aínda matando a ave, senón que eu lle estou ordenando facelo. A relación subxectiva* establecida por *farmer* na primeira oración transformouse nunha relación vocativa, nunha chamada, e a actividade concíbese a modo de orde ou mandato, non de aseveración. Podemos, por tanto, concluír con que, se a intención é simplemente falar do

* N. do T. É dicir, a función de suxeito.

labrego, o pequeno *the* debera volver para o seu sitio e o *-s** de *kills* non se debera eliminar. Este último elemento define con claridade, ou polo menos axuda a definir, unha afirmación en contraste co que é unha orde. Pénsese, ademais, que se un quere falar de varios labregos, non se pode dicir *The farmers kills the duckling*, [“Os labregos mata o parruliño”] senón *The farmers kill the duckling* [isto é, “Os labregos matan o parruliño”]. Evidentemente, o *-s* expresa a noción de singularidade no suxeito. Cando o nome vai en singular, ó verbo cómprelle a forma que lle corresponde; cando o nome vai en plural, o verbo debe levar outra forma, a que lle corresponda.² A comparación de *he kills* con formas como *I kill* e *you kill* amosa, ademais, que o *-s* fai referencia exclusiva a unha persoa distinta da que fala e daquela á que se fala. Por conseguinte, de aquí conclúese, que o *-s* expresa, ademais da noción de singularidade, unha relación de persoa. Igualmente a comparación cunha oración como *The farmer killed the duckling* [equivalente á galega: “O labrego matou o parruliño”] apunta a que nese sobrecargado *-s* vai implícita, a maiores, unha clara referencia ó tempo presente. A aserción en tanto que aserción e a referencia persoal pódense tamén considerar conceptos intrinsecamente relacionais. O número é obviamente sentido polos falantes de inglés como expresión dunha relación necesaria, pois doutro modo non habería razón para expresar o concepto dúas veces, no nome e no verbo. Tamén o tempo se sente claramente como un concepto relacional; se non fose así, permitiríase dicir *The farmer killed-s* como forma correspondente a *The farmer kill-s*. Dos catro conceptos que aparecen entrelazados de modo inextricable no sufixo *-s*, todos son sentidos como conceptos de relación, e dous sono de maneira forzosa. A distinción entre o que é un verdadeiro concepto relacional e un que se sente ou se trata como tal, aínda

* N. do T. Indica a 3ª persoa do singular do presente do verbo inglés.

² É, dende logo, un “accidente” que o *-s* denote pluralidade no nome e singularidade no verbo.

que non ten que radicar na natureza das cousas, recibirá unha maior atención dentro dun momento.

Por último, pódese alterar de maneira radical as relacións implicadas na oración cambiando a ordenación dos seus elementos. Se as posicións de *farmer* and *kills* se trocan entre si, o resultado é *Kills the farmer the duckling* [literalmente, en galego, *Mata o labrego o parruliño*], que en inglés se pode interpretar de maneira espontánea como un modo pouco usual mais non inintelixible de facer a pregunta: *Does the farmer kill the duckling?** Na nova oración, a acción non se concibe no sentido de que forzosamente ocorrera. Pode estar sucedendo ou non, pero en todo caso a implicación é que o falante desexa saber a verdade do asunto e o esperable é que a persoa coa que se fala poida dar esa información. A oración interrogativa posúe unha modalidade diferente por completo da declarativa, e supón unha actitude moi distinta do falante cara ó seu interlocutor. Un cambio aínda máis sorprendente nas relacións persoais ten lugar cando intercambiamos *the farmer* e *the duckling*. En *The duckling kills the farmer* ["O parruliño mata o labrego"] aparecen involucrados os mesmos suxeitos do discurso e o mesmo tipo de actividade da primeira oración, pero os papeis destes suxeitos do discurso están agora invertidos. O parruliño, como apunta o proverbio inglés,** arrepiúxose ó home ou para dicilo con terminoloxía gramatical, o que era o "suxeito" é agora o obxecto, e o que era o "obxecto" é agora o suxeito.

Na seguinte táboa analízase a oración dende o punto de vista dos conceptos que se expresan nela e dos procedementos gramaticais que se empregan para os expresar.

* N. do T. Unha oración equivalente no galego podería ser, *E el o labrego matou o parruliño?*, na que *el* sería a marca interrogativa propia da nosa lingua.

** N. do T. O adaxio inglés ó que aquí se alude reza así: *Even a worm may turn*, "Mesmo un verme se pode revolver", ou, dito doutro xeito, "Ata a persoa máis insignificante se pode rebelar." O OED (vol. XII, p. 307 recolle o dito *Tread on a worm and it will turn* ["Pisa un verme e volverase contra ti"] que nos ensina que "even the humblest will resent extreme ill-treatment" ["incluso o máis humilde se ofenderá co maltrato extremo"].

I. CONCEPTOS CONCRETOS:

1. Primeiro suxeito do discurso: *farmer*
2. Segundo suxeito do discurso: *duckling*
3. Actividade: *kill*

— analizables como:

A. CONCEPTOS RADICAIS:

- i. Verbo: (*to*) *farm*
- ii. Nome: *duck*
- iii. Verbo: *kill*

B. CONCEPTOS DERIVATIVOS

- i. Axentivo: expresado polo sufixo *-er*
- ii. Diminutivo: expresado polo sufixo *-ling*

II. CONCEPTOS RELACIONAIS:

Referencia:

1. Determinación da referencia ó primeiro suxeito do discurso: expresado polo primeiro *the*, que ten posición anteposta.
2. Determinación da referencia ó segundo suxeito do discurso: expresado polo segundo *the*, que ten posición anteposta.

Modalidade:

3. Declarativa: expresada pola secuencia de “suxeito” máis verbo; e implicada polo sufixo *-s*

Relacións persoais:

4. Subxectividade de *farmer*: expresada pola posición de *farmer* antes de *kills*; e polo sufixo *-s*
5. Obxectividade de *duckling*: expresada pola posición de *duckling* despois de *kills*

Número:

6. Singularidade do primeiro suxeito do discurso: expresada pola falta de sufixo plural en *farmer*; e polo sufixo *-s* no seguinte verbo
7. Singularidade do segundo suxeito do discurso: expresado pola falta de sufixo plural en *duckling*

Tempo:

8. Presente: expresado pola ausencia de sufixo de pretérito no verbo e pola presenza do sufixo -s

Por tanto, nesta curta oración de cinco palabras hai expresados trece conceptos distintos, dos cales tres son radicais e concretos, dous derivativos, e oito relacionais. O resultado máis destacable da análise é quizais a verificación renovada da curiosa falta de correspondencia no inglés entre a función e a forma. O método da sufixación úsase tanto para elementos derivativos como relacionais; as palabras ou elementos radicais independentes expresan tanto ideas concretas (obxectos, actividades, calidades) como ideas de relación (artigos como *the* “o” e *a* “un”, palabras que definen relacións de caso, como *of* “de”, *to* “a”, *for* “para”, *with* “con”, *by* “por”; palabras que definen relacións de lugar, como *in* “en”, *on* “sobre”, *at* “a, en”); o mesmo concepto relacional pode ser expresado máis dunha vez (así, a singularidade de *farmer* exprésase de maneira negativa no nome pero de forma positiva no verbo); e un elemento dado pode antes expresar un grupo de varios conceptos entrelazados ca un único concepto definido (así o -s de *kills* encerra en si non menos de catro relacións independentes dende un punto de vista lóxico).

A nosa análise pode dar a impresión de ser un chisco complicada, mais é só por estarmos afeitos á rutina de transitar polas mesmas canles de expresión que acaban por parecermos inevitables. E, non obstante, se queremos entender modos de expresión fundamentalmente diferentes dos nosos, a análise destrutiva do familiar é o único método de aproximación. Cando un aprendeu a sentir o que é fortuíto ou ilóxico ou desequilibrado na estrutura da propia lingua, pódese dicir que un está capacitado para acoller con simpatía a expresión das múltiples clases de conceptos que se dan nos máis estraños tipos de linguas. Non todo o que é “extravagante” é intrinsecamente ilóxico ou forzado. Moitas veces é xusto o máis familiar o que visto dende unha perspectiva máis ampla se nos mostrará como

unha excepcional curiosidade. Dende a perspectiva da pura lóxica, é obvio que non hai ningunha razón concreta para que os conceptos expresados na oración que antes analizamos fosen destacados, tratados ou agrupados como o foron, e non o fosen outramente. A oración é principalmente consecuencia de forzas históricas e de forzas psicolóxicas irracionais e non tanto dunha síntese lóxica de elementos que foran percibidos con meridiana claridade na súa individualidade. Este é o caso, en maior ou menor grao, de todas as linguas, se ben nas formas de moitas se pode atopar un reflexo máis coherente e consecuente que nas formas do inglés desa análise inconsciente en conceptos individuais que nunca está de todo ausente da fala, aínda que os factores máis irracionais a complicasen ou desfigurasen.

Un exame rápido doutras linguas, sexan estas próximas ou remotas, demostraría deseguida que algúns dos trece conceptos que a nosa oración inclúe, ou todos eles, non só se poden expresar de forma diferente senón agrupar de maneira diferente; demostraría así mesmo que se pode prescindir dalgúns deles; e que outros conceptos, que o inglés non considera que paga a pena expresar, poden xulgarse absolutamente indispensables para facer a oración intelixible. Primeiro pasaremos revista ós diferentes modos de tratar os conceptos que se expresan na oración inglesa. Se volvemos a vista para o alemán, atopamos que na oración equivalente (*Der Bauer tötet das Entelein*) a determinación da referencia expresada no inglés por *the* vai acompañada doutros tres conceptos –número (tanto *der* coma *das* son explicitamente singulares); caso (*der* é subxectivo; *das* é subxectivo ou obxectivo, e por eliminación, por tanto, obxectivo); e xénero, un novo concepto de orde relacional que non se atopa neste caso explicitamente expresado no inglés (*der* é masculino, *das* é neutro). É máis, a carga principal da expresión de caso, xénero e número na oración alemá é vehiculada polas partículas de referencia e non polas palabras que expresan os conceptos concretos (*Bauer, Entelein*) ós que os conceptos rela-

cionais deberían loxicamente ligarse. Así mesmo, na esfera dos conceptos concretos paga a pena salientar que o alemán divide a idea de “matar” entre o concepto básico de “morto” (*tot*) e o derivativo de “facer que se faga (sexo ou estea) desta ou doutra maneira” (mediante o método do cambio vocálico *töt-*); o alemán *töt-et* (analiticamente *tot-* + cambio de vogal + *-et*) “fai que estea morto” é, máis ou menos, o equivalente formal do inglés *dead-en-s* “amortece, debilita, quita as forzas,” aínda que a aplicación idiomática desta última palabra sexa diferente.³

Se viaxamos un pouco máis lonxe nas nosas excursións polas linguas do mundo, podemos botarlle un ollo ó modo de expresión do yana. Traducida literalmente, a oración equivalente yana rezaría algo así como “Kill-s he farmer⁴ he to duck-ling,” [“Mat-a el labrego el a parrul-iño”], no que “he” (“el”) e “to” (“a”) son traducións inglesas bastante pouco axeitadas dun pronome persoal de terceira persoa (que valería por *he* [“el”], *she* [“ela”], *it* [“iso”], ou *they* [“eles, elas”]) e dunha partícula obxectiva que indica que o nome seguinte vai ligado ó verbo cunha función diferente da de suxeito. O elemento sufixal en “kill-s” correspóndese co sufixo inglés con dúas importantes salvidades: que non se refire ó número do suxeito, e que se sabe que a aseveración feita é verdade, que está avalada polo falante. O número só se expresa de maneira indirecta na oración, no sentido de que nela non aparece un sufixo verbal específico que indica a pluralidade do suxeito nin elementos plurais específicos nos dous nomes. Se a aseveración se fixese apelando a autoridade doutra persoa, tería que usarse un sufixo

³ “Facer que alguén morra” ou “causar a morte de alguén” no sentido de “matar” é unha expresión lingüística moi estendida en numerosas linguas. Tamén se atopa, por exemplo, en nootka e sioux.

⁴ Os yana non practicaban a agricultura. A idea verbal de *to farm* [en galego “cultivar a terra”, “labrar a terra”] probablemente se expresaría dunha maneira sintética do tipo “to dig-earth” [“cavar terra”] ou “to grow-cause” [“facer medrar”]. Hai elementos sufixais que tamén se corresponden cos sufixos ingleses *-er* [equivalente ó galego *-dor*] e *-ing* [equivalente a *-nte*].

modo-temporal totalmente diferente. Os pronomes de referencia (o equivalente a *he*, “el”) non indican nada en si mesmos no que se refire ó número, xénero e caso. O xénero, certamente, non existe en yana como categoría de relación.

A oración yana acaba de ilustrar o argumento de que certos conceptos en aparencia esenciais poden ser ignorados; tanto a oración yana coma a alemá ilustran ademais a idea de que certos conceptos que o falante de inglés, ou aínda mellor dito o hábito de falar inglés, necesita expresar non fai falla expresalos de ningún modo nesas linguas. Cabería seguir dando exemplos sen número de tales desviacións da forma inglesa, mais contentarémonos con só unhas cantas indicacións máis. Ningún falante chinés ten consciencia en “Man kill duck”, que podería considerarse a equivalente chinesa da inglesa *The man kills the duck*, do sentimento case infantil, vacilante, ou de que falta algo, que experimentamos coa tradución literal inglesa. Os tres conceptos concretos –dous obxectos e unha acción– exprésanse directamente por senllas palabras monosilábicas que son asemade elementos radicais; os dous conceptos relacionais –os de suxeito e obxecto– exprésanse unicamente a través da posición anterior ou posterior que ocupen as palabras con relación á palabra que refire a acción. E iso é todo. O carácter definido ou indefinido da referencia, o número, a persoa como aspecto inherente do verbo, o tempo, por non citar o xénero, non atopan expresión na oración chinesa, que, malia isto, constitúe unha comunicación perfecta e adecuada, sempre que se dea, xa ora, o contexto e o fondo de entendemento mutuo esencial para a intelixibilidade completa de calquera intercambio lingüístico. E esta cualificación non invalida o noso argumento, pois tamén na oración inglesa se deixa sen expresión un amplo número de ideas que, ou ben se dan por supostas, ou ben xa se desenvolveron, ou están a piques de se desenvolveren no curso da conversación. Por exemplo, nada se dixo na oración inglesa, alemá, yana ou chinesa con respecto ás relacións de lugar do labrego, do parruliño, do falante e do

oínte. Son visibles o granxeiro e mais o pato? Resultan invisibles un ou o outro dende o punto de vista do falante? Están ambos situados no horizonte do falante, do oínte, ou dalgún punto de referencia pouco concreto situado “máis alá”? Noutras palabras, parafraseando sen moito rigor certas ideas “demostrativas” latentes, que é o que está a suceder? Sucede que “un labrego” (ó que nós non vemos, pero de quen o que fala sabe que está de pé detrás da porta, non moi lonxe del, en tanto que ti sentas alá, fóra do alcance da acción) mata aquel parruliño (que é teu)? Ou sucede que aquel labrego (que vive na túa veciñanza e a quen vemos alá) mata aqueloutro parruliño (que é seu)? Este tipo de elaboración demostrativa é estraña á nosa maneira de pensar, mais semellaríalle moi natural, por non dicir inevitable, a un indio kwakiutl.

Daquela, cales son os conceptos absolutamente esenciais dun intercambio lingüístico, os conceptos que deben ser expresados para que a lingua sexa un medio de comunicación satisfactorio? Está claro que, antes de nada, debemos dispoñer dun extenso repertorio de conceptos básicos ou radicais, a materia prima da fala. Temos que ter obxectos, accións, calidades sobre as que falar, e todos eles deben ter cadanseus correlatos simbólicos baixo a forma de palabras independentes ou de elementos radicais. Ningunha proposición, por abstracta que sexa no seu propósito, é humanamente posible sen un atume a un ou máis puntos do mundo concreto do sentido. En toda proposición intelixible deben expresarse polo menos dúas destas ideas radicais, aínda que en casos excepcionais unha delas ou ambas poden ser sobreentendidas a partir do contexto. E, en segundo lugar, deben expresarse aqueles conceptos de relación de modo que amarren entre si os conceptos concretos e constrúan unha forma precisa e sólida de proposición. Nesa forma fundamental non debería haber dúbidas no tocante á natureza das relacións que se obteñen entre os conceptos concretos. Debemos saber que concepto concreto está relacionado de maneira directa ou indi-

recta con outro e como se relacionan. Se desexamos falar dunha cousa e dunha acción, cómpre saber se están coordinadas entre si (e.g., “He is fond of *wine and gambling*” [en galego: “gústalle moito *o viño e o xogo*”, pero tamén “devece polo viño e polo xogo” ou “*o viño e mais o xogo* tíranlle moito”]); ou se a cousa se concibe como punto de partida, isto é, como “axente” da acción, ou, conforme se acostuma dicir, como “suxeito” do que predica a acción; ou se, pola contra, é o punto de chegada, o “obxecto da acción”. Se eu quero comunicar unha idea intelixible sobre un agricultor, un parrulo, e o acto de matar, non abonda con enunciarse, ás toas, en calquera orde, os símbolos lingüísticos cos que expresamos esas ideas concretas, confiando que o oínte poida construír un certo tipo de esquema relacional de entre as probabilidades xerais do caso. As relacións sintácticas fundamentais deben ser expresadas sen ambigüidades. Un pódese permitir non dicir nada no que se refire ó tempo e ó lugar e ó número e a unha chea doutros posibles tipos de conceptos, mais non hai maneira de evitar o tema de quen é o que está matando. Non existe lingua coñecida que sexa capaz de eludilo, de igual modo que é imposible conseguir dicir algo sen o uso de símbolos que denoten conceptos concretos.

A distinción entre conceptos de relación esenciais ou inevitables e conceptos dispensables demanda de novo a nosa atención. Os primeiros son expresados sempre e en todas as linguas; os últimos, en troques, áchanse escasamente desenvolvidos nalgunhas linguas e noutras aparecen elaborados cunha sorprendente exuberancia. Pero, que nos impide engadir todos estes conceptos relacionais “dispensables” ou “secundarios” a un grupo tan amplo e de límites tan flutuantes coma o de conceptos derivativos e cualificativos que discutimos con anterioridade? Despois de todo o dito e feito, de veras existe unha diferenza fundamental entre un concepto cualificativo coma a negación de *unhealthy* [“insán, insalubre, pouco saudable”] e un concepto relacional coma o concepto de número en *books*

[“libros”]? Se *unhealthy* pode máis ou menos parafrasearse como *not healthy*, [“non saudable”], non podería *books* parafrasearse, con igual dereito, salvando evidentemente a violencia imposta sobre o inglés, como *several book* [“varios libro”]? Hai, de certo, linguas nas que o plural se concibe –cando este se chega a expresar– co mesmo espírito sobrio, restrinxido e, un case que diría, informal, có que sentimos na partícula negativa de *unhealthy*. Para esas linguas, o concepto de número non ten importancia sintáctica ningunha pois, en esencia, non se concibe como definidor de relación senón como integrante do grupo de conceptos derivativos ou mesmo de conceptos básicos. No inglés, porén, como ocorre no francés, no alemán, no latín e no grego –de certo, en todas as linguas coas que estamos máis familiarizados–, a idea de número non se engade só como un mero apéndice a un determinado concepto dunha cousa. Pode ter algo dese mero valor cualificativo, mais a súa forza esténdese alén disto. Afecta moitas outras cousas na oración, moldeando outros conceptos, incluso algúns que non gardan relación intelixible co número, e formas das que se di que “concordan” co concepto básico ó que o número se adheriu en primeiro lugar. Se en inglés é *A man falls* [“Cae un home”] pero *Men fall* [“Caen homes”] non é por razón dun cambio intrínseco á propia natureza da acción, nin porque a idea de pluralidade implícita no substantivo *men* [“homes”] teña que afectar, pola propia natureza das ideas, a acción realizada por eses homes. O que estamos a facer nestas oracións é o que, en maior ou menor medida e nun cento de variadas formas, adoitan facer as máis das linguas: tender, con ousadía, unha ponte entre eses dous tipos de conceptos basicamente diferentes, os conceptos concretos e os conceptos abstractos que rexen as relacións, infectando, como se dixeramos, estes últimos coa cor e espesor dos primeiros. En virtude dunha certa violencia metafórica, o concepto material vese forzado a comprometerse (ou entrelazarse) co concepto estritamente relacional.

O caso aínda é máis evidente se tomamos o xénero como materia de análise. Nas dúas frases inglesas *The white woman that comes* [en galego “A muller branca que vén”] e *The white men that come* [“Os homes brancos que veñen”], non hai nada que nos lembre que o xénero, como lle sucede ó número, pode ser considerado concepto relacional secundario. Resultaría un pouco inverosímil querer facer da masculinidade e feminidade, conceptos crasamente materiais e filosoficamente accidentais, un medio de relacionar calidade e persoa ou persoa e acción. Tampouco pensaríamos de primeiras, se non estudássemos os clásicos, que era absurdo inxectar en dous conceptos relacionais tan atenuados como os expresados por “the” [“o, a, os, as”] e “that” [“iso, ese, esa”; “aquilo, aquel, aquela”] as nocións combinadas de número e sexo. E no entanto, todo isto, e máis, sucede no latín. Traducidas conceptualmente, as frases *Illa alba femina quae venit* e *illi albi homines qui veniunt*, equivalen, respectivamente, a estas dúas fórmulas:

*iso-un-feminino-axente*⁵
un-feminino-branco-axente
feminino-que está facendo-un-muller
cal-un-feminino-axente
*outro*⁶*-un-agora-vir;*

e:

iso-varios-masculino-axente
varios-masculino-branco-axente
masculino-que está facendo-varios-home
cal-varios-masculino-axente
outro-varios-agora-vir.

Cada unha das palabras incorpora polo menos catro conceptos: un concepto radical (ou ben propiamente concreto –bran-

⁵ “Axente”, no sentido de “o que fai”, “o realizador”, e non “a quen se fai”, nin o “feito a alguén”. É esta, por forza, unha maneira torpe de representarnos o “nominativo” (subjectivo) en contraste co “acusativo” (obxectivo).

⁶ Isto é, non ti nin eu: el, outro.

co, home, muller, vir– ou ben demostrativo –iso, o cal), e tres conceptos relacionais, seleccionados de entre as categorías de caso, número, xénero, persoa e tempo. Do punto de vista lóxico, só o caso⁷ (a relación de *muller* ou *home* cos verbos que os seguen, de *cal* co seu antecedente, de *iso* e *branco* con *muller* ou *home*, e de *cal* con *vir*) esixe expresión forzosa, e isto só no que atinxe ós conceptos afectados de maneira directa (non é necesario, por exemplo, que se nos informe de se a brancura é a brancura de quen está a realizar a acción nestes momentos ou do que a fai normalmente).⁸ Os demais conceptos relacionais son ou ben parasitos (o xénero en toda a oración; o número no demostrativo, no adxectivo, no relativo e no verbo) ou irrelevantes para a forma sintáctica esencial da oración (o número no nome; a persoa; o tempo). Un chinés intelixente e sensible, afeito como está a recortalo todo ata ficar coa cerna da forma lingüística, podería dicir da frase latina: “Que imaxinación máis pedante!” Cando se atopa coas complexidades ilóxicas das nosas linguas europeas, debe ser difícil para el sentirse á vontade nunha actitude que confunde ata tal punto o tema do que se fala co seu patrón formal, ou para sermos máis exactos, que converte certos conceptos fundamentais tan concretos en usos de relación tan atenuados.

⁷ Por “caso” enténdese aquí non só a relación subxectiva-obxectiva senón tamén a de atribución.

⁸ Excepto na medida en que o latín se serve deste método como un estraño e tortuoso modo de establecer a atribución da cor a persoas ou obxectos concretos. En efecto un non pode dicir en latín de maneira directa que unha persoa é branca, como moito pode dicir que é semellante á persoa que é ou se comporta de tal e tal maneira (ou sobre a que se actúa dese xeito). En principio, o sentido do latín *illa alba femina* é realmente este: “esa-unha, a-branca-unha, (nomeadamente) a-muller” –tres ideas substantivas que están interrelacionadas por xustaposición co propósito de expresar unha identidade. O inglés e o chinés expresan a atribución directamente por medio da orde de palabras. En latín o *illa* e o *alba* poden ocupar calquera posición na oración. É importante observar que a forma subxectiva de *illa* e *alba* non define verdadeiramente unha relación destes conceptos cualificadores de *femina*. Esta relación poderíase expresar formalmente a través dun caso atributivo, por exemplo, o xenitivo (*muller de brancura*). No tibetano pódense empregar os dous métodos, o da orde e o da relación de caso: *muller branca* ou *branco-de muller* (i.e., “muller de brancura, muller que é branca, muller branca”).

Ata aquí esaxerei dalgún modo a concreción dos nosos conceptos de relación subsidiarios (ou non sintácticos) a fin de que os feitos esenciais puidesen destacar en todo o seu relevo. Non fai falla dicir que un francés non ten na súa mente unha clara idea sexual cando fala de *un arbre* (“un-árbore masculino”) ou de *une pomme* (“unha-mazá feminino”). Nin temos nós, a pesar dos gramáticos, un sentido moi vívido do presente, en contraste con todo tempo pasado e futuro cando dicimos *He comes* “el vén,”⁹ pois é evidente polo uso que facemos do presente que é posible indicar tanto o tempo do futuro (*He comes tomorrow*, “Vén mañá”) como unha actividade xeral non especificada canto ó tempo (*Whenever he comes, I am glad to see him*, en galego “Alégrome de velo sempre que vén”), no que *comes* (“vén”) refire sucesos pasados e futuros posibles antes cá actividade presente). Nos dous exemplos do francés e mais do inglés, as ideas primarias de sexo e tempo diluíronse por analoxía formal e por extensións dentro do que é a esfera das relacións. Os conceptos indicados de modo ostensible están agora tan vagamente delimitados que é sobre todo a tiranía do uso e non a necesidade da súa concreta expresión a que nos goberna na escolla desta ou daquela forma. Se o proceso de enfraquecemento continúa un tempo longo dabondo, poderíamos acabar por non ter máis do que un sistema de formas ó noso dispor, do que practicamente toda a cor da vida se esvae e só, por inercia, persistan as funcións sintácticas secundarias, duplicándose unhas ás outras con infinita prodigalidade. De aquí, en parte, os complexos sistemas conxugacionais de tantas linguas, nas que as diferenzas de forma non van acompañadas de diferenzas de funcións perfectamente distinguibles. Por exemplo, debeu haber un tempo no inglés, aínda que isto antecede as probas documentais máis temperás, no que o tipo de formación temporal representada por *drove*

⁹ Á parte, naturalmente, da vida e inminencia que poden crearse para tal ou cal frase nun contexto concreto.

(“conducín”) ou *sank* (“afondou, afundiú”) difería en significado, calquera que fose o matiz ou grao de diferenciación, do tipo *killed* (“matou”), *worked* (“traballou”), que se converteu agora no inglés na formación dominante do pretérito. Igual que no presente recoñecemos o valioso que é distinguir entre aqueles dous tipos e os perfectos *has driven*, *has killed*, é posible que nalgún momento do futuro esa distinción deixe de existir.¹⁰ A forma perdura no tempo máis có seu propio contido conceptual. Ambos están a cambiar sen cesar, pero a forma, en xeral, aínda tende a prolongarse cando o espírito fuxiu ou mudou a súa esencia. A forma irracional, a forma pola forma –chamémoslle como queiramos á tendencia da lingua a aferrarse a distincións formais unha vez que abrollaron– é algo tan natural para a vida das linguas coma o feito de que sobrevivan modos de conduta moito tempo despois de perderen o significado que outrora tiveran.

Existe outra moi forte tendencia que conduce á elaboracións formais que non se corresponden exactamente con nidas diferenzas conceptuais. É a tendencia a construír esquemas de clasificación dentro dos cales poidan encaixar todos os conceptos da lingua. Unha vez que decidimos que todas as cousas poden ser de maneira categórica boas ou malas, ou netamente brancas ou netamente negras, é difícil chegar a comprender o marco mental de quen recoñece que unha cousa concreta pode ser boa e mala á vez (noutras palabras, indiferente) ou tan branca como negra (noutras palabras, gris), e máis difícil aínda asumir que as categorías bo-malo ou branco-negro nin sequera teñan valor. En moitos respectos, a lingua é tan pouco razoable e tan teimuda nas súas clasificacións coma a mente que pensa a través dela. Da mesma maneira que as pombas teñen cadansúa casaña no seu pombal e non toleran nelas a aves vagabundas, así mesmo os conceptos deben ter cadan-

¹⁰ Isto sucedeu en boa medida no francés e no alemán populares, onde a diferenza é máis ben estilística ca funcional. Os pretéritos son máis literarios e cerimoniais no ton cóos perfectos.

seu lugar exclusivo na lingua e rexeitar a fantasía errabunda. Todo concepto que requira expresión debe someterse ás regras clasificatorias do xogo, do mesmo modo que o ateo máis convencido ten que aceptar a etiqueta de católico, protestante ou xudeu, nas enquisas estatísticas, se non quere correr o risco de ser ignorado. No inglés decidiuse que toda acción debía ser concibida en referencia a tres tempos estándares. E, en consecuencia, cando desexamos enunciar unha proposición que sexa tan verdadeira mañá como o foi onte, temos que pretender facer coma se o momento presente puidese alongarse para diante e para tras ata así abranguer a eternidade enteira.¹¹ No francés sabemos dunha vez por todas que un obxecto é masculino ou feminino, tanto se é un ser vivo coma se non. E o mesmo sucede con moitas linguas americanas e do leste asiático nas que un debe saber se os obxectos pertencen a certas categorías segundo a súa forma (digamos que redondas anulares –en forma de anel–, redondas esféricas –en forma de bóla–, longas e delgadas, cilíndricas, aplanadas –coma unha saba–, ou en masa coma o azúcar), antes de os poder enumerar (e.g., “dúas - clase das bólas - patacas,” “tres - clase das sabas - alfombras”), ou mesmo se é posible dicir “ser” ou “ser collido dunha determinada maneira” (o que sucede, por exemplo, nas linguas atabascanas e na lingua yana; “levar” ou “arrebolar” un croio é unha cousa bastante diferente de levar ou arrebolar un toco, non menos dende un punto de vista lingüístico ca en termos de experiencia muscular). Exemplos coma estes poderíanse multiplicar á vontade. É case coma se nalgún período da historia, a mente inconsciente da raza fixese un inventario apurado da experiencia comprometéndose nunha clasificación prematura que non permitiu revisión, e obrigando a cargar ós

¹¹ Así, *The square root of 4 is 2* [en galego, “A raíz cadrada de 4 é 2”] emprega exactamente o mesmo tempo verbal ca *My uncle is here now* [“O meu tío está aquí agora”]. Hai moitas linguas “primitivas” que son moito máis filosóficas e distinguen entre un verdadeiro “presente” e un tempo “xeral” ou “habitual.”

herdeiros da lingua cunha ciencia na que xa non crían nin á que tampouco eran quen de desmontar. O dogma, prescrito con toda rixidez pola tradición, consolídase no que se entende por formalismo. As categorías lingüísticas conforman un sistema de dogma sobrevivente: o dogma do inconsciente. Moitas veces son só medio reais en tanto conceptos; a súa vida tende sempre a languidecer no que é a forma pola forma.

Existe aínda unha terceira causa para a aparición desta forma non significante, ou mellor, destas diferenzas de forma sen significación. É a operación mecánica dos procesos fonéticos, que poden facer xurdir distincións formais que nunca tiveron a correspondente distinción funcional. As máis das irregularidades e da complexidade formal dos nosos sistemas de conxugación e declinación son debidas a este proceso. O plural de *hat* “sombreiro” é *hats*, “sombreiros,” o plural de *self* “mesmo” é *selves* “mesmos.” No primeiro caso temos un -s xordo marcando o plural; no último un son sonoro -z vencellado a un troco no elemento radical da palabra de *f* por *v*. Non temos aquí un encontro de formas que denotaron conceptos distintos nas súas orixes –como vimos que se podía presumir no caso das formas paralelas do pretérito *drove* “conducín” e *worked* “traballei”– senón un simple despregamento mecánico do mesmo elemento formal sen a correspondente aparición dun novo concepto. Este tipo de evolución formal, aínda que do máis grande interese para a historia xeral da lingua, non nos atinxe a nós de maneira directa no noso afán por entender a natureza dos conceptos gramaticais e a súa tendencia a dexenerar en simples accesorios formais.

Podemos agora revisar de maneira adecuada a nosa primeira clasificación de conceptos tal e como se expresan na lingua e suxerir o esquema seguinte:

- I. *Conceptos Básicos (Concretos)* (como obxectos, accións, calidades): normalmente expresados por palabras inde-

pendentes ou elementos radicais; non inclúe ningunha relación en tanto que tal¹²

II. Conceptos Derivativos (menos concretos, por regra xeral, cós do tipo I aínda que máis cós do III): expresados normalmente por medio da afixación de elementos non radicais ós elementos radicais ou por modificación interna destes; diferéncianse do tipo I porque delimitan ideas que non son importantes para a proposición no seu conxunto pero dan un incremento particular da significación ó elemento radical e, polo tanto están relacionados dunha maneira moi concreta cos conceptos de tipo I¹³

III. Conceptos Concretos de Relación (aínda máis abstractos, pero non totalmente desprovistos dunha certa concreción): normalmente expresados mediante a afixación de elementos non radicais, pero en xeral con maior autonomía cós elementos do tipo II, ou mediante a modificación interna de elementos radicais; diferéncianse fundamentalmente do tipo II en que indican ou supoñen relacións que transcenden a palabra concreta á que están inmediatamente adheridos, levándonos así para os do grupo IV.

IV. Conceptos Puros de Relación (puramente abstractos): exprésanse xeralmente por afixación de elementos non radicais a elementos radicais (en cuxo caso adoitan mesturarse cos de tipo III) ou por modificación interna, por palabras independentes, ou por posición; serven para

¹² Excepto, por suposto, a selección e o contraste fundamentais implicados necesariamente na definición dun concepto en oposición a outro. "Home" e "branco" están relacionados con "muller" e "negra", pero a súa relación é exclusivamente de contido conceptual e non ten interese directo para a gramática.

¹³ Así, o inglés *-er* [en galego o equivalente sería *-dor*] de *farmer* [en galego: *labrador*] pódese definir como indicador dun concepto substantivo concreto (obxecto ou cousa) que serve como suxeito habitual do verbo concreto ó que se afixou. Esta función de "suxeito" (*A farmer farms*, [en galego "Un labrego labra"]) é inherente e específica da palabra; non existe para a oración na súa totalidade. Da mesma maneira o *-ling* de *duckling* define unha relación específica de atribución que concirne só ó elemento radical, non á oración.

relacionar os elementos concretos da proposición entre si, e dese xeito proporcionarlle unha forma sintáctica definida.

A natureza destas catro clases de conceptos no que atinxe ó seu carácter concreto ou ó seu poder para expresar relacións sintácticas pode resumirse así:

Contido material	{	I. Conceptos básicos
		II. Conceptos derivativos
Relación	{	III. Conceptos concretos de relación
		IV. Conceptos puros de relación

Non precisamos renderlles preitesía a estes esquemas coma se fosen fetiches. Nas tarefas de análise aparecen decote problemas de difícil solución e o normal é ter dúbidas acerca de como agrupar un determinado conxunto de conceptos. Isto é o que adoita suceder no caso das linguas exóticas, coas que podemos sentirnos seguros dabondo no que concirne á análise das palabras dunha oración, e a pesar de todo non dar captado o “sentido” interno da súa estrutura que é o que nos capacita para decidir de modo infalible sobre o que é o “contido material” e o que é unha “relación”. Os conceptos da clase I son esenciais en todo idioma, igual cós conceptos da clase IV. Os conceptos II e III son ambos moi comúns, mais non esenciais. O grupo III, en particular, que representa unha confusión formal e psicolóxica dos tipos II e IV ou dos tipos I e IV, é, en efecto, unha clase de conceptos evitable. Loxicamente, existe un golfo impracticable entre o I e o IV, mais o xenio ilóxico e metafórico da fala foi capaz de atravesalo e establecer unha gama de conceptos e formas que vai dende a máis crúa das materialidades do tipo *house* (“casa”) ou *John Smith* (“Xan Ferreiro”) á máis sutil das relacións. En concreto, resulta moi significativo que a palabra independente non analizable pertence na meirande parte dos

casos ou ben ó grupo I ou ó grupo IV e moito menos a miúdo ó II ou ó III. Pode suceder que un concepto concreto, representado por unha simple palabra, perda por completo o seu significado material e pase de maneira directa á esfera do relacional sen perder ó mesmo tempo a súa independencia como palabra. É o que sucede, por exemplo, en chinés e camboxano, linguas nas que o verbo “dar” se usa en sentido abstracto como mero símbolo dunha relación “obxectiva indirecta” (e.g., camboxano *We make story this give all that person who have child*, (traducido en equivalentes galegos: “Nós facer conto este dar todo iso persoa quen ter neno,” i.e., “Inventamos este conto para todos os que teñen nenos” ou en inglés “We have made this story *for* all those that have children”).

Hai, dende logo, non poucos exemplos de transicións entre os grupos I e II e entre o I e o III, ademais da menos radical entre o II e o III. Á primeira destas transicións pertence unha clase completa de exemplos nos que a palabra independente, despois de pasar o estadio preliminar de ser o elemento secundario ou cualificativo dun composto, remata por converterse nun afixo derivativo puro e simple, mesmo sen se perder a memoria da súa anterior independencia. Tal elemento e concepto é o *full* de *teaspoonfull* “culleradiña,” (isto é, “te-culler-chea”) que, dende unha perspectiva psicolóxica, paira entre o status dun concepto radical independente (compárese *full* “cheo”) ou dun elemento subsidiario nunha palabra composta (cf. *brimfull* “cheo a rebordar, completamente cheo”, isto é, “bordo-cheo”) e o dun simple sufixo (cf. *dutiful* “obediente, submiso”, isto é “deber-cheo”) no que se deixou de sentir o primitivo carácter concreto. En xeral, canto máis sintético sexa o noso tipo lingüístico, máis difícil e mesmo máis arbitrario se volve distinguir entre os grupos I e II.

Non só se dá unha perda gradual do concreto a medida que pasamos do grupo I ó grupo IV, senón que tamén se dá un constante enfeblecemento do sentimento da realidade perceptible

dentro dos grupos principais dos propios conceptos lingüísticos. Por conseguinte, en moitas linguas resulta case obrigatorio facer varias subclasificacións para discriminar, por exemplo, entre os conceptos máis concretos e os conceptos máis abstractos do grupo II. Mais, en calquera caso, cómpre andar con cautela a fin de non interpretar entre os grupos máis abstractos aquel sentimento relacional e puramente formal, que dificilmente podemos deixar de asociar con algúns dos conceptos máis abstractos que, para nós, se sitúan dentro do grupo III, a menos que haxa de verdade probas claras que garantan tal lectura. Un exemplo ou dous deberían aclarar estas distincións tan importantes.¹⁴ Na lingua nootka temos un excepcional número de afixos derivativos que expresan conceptos do grupo II. Algúns deles refiren un contido bastante material (e.g., os equivalentes a “na casa” e a “soñar”); outros, como un elemento denotativo de pluralidade ou un afixo diminutivo, son moito máis abstractos no seu contido. Os do primeiro tipo están máis vencellados ó elemento radical cós do último, que só poden ser afixados a formacións que teñen o valor de palabras completas. Por conseguinte, se eu quixese dicir en nootka “os lumiños na casa” –e podo facelo nunha soa palabra– necesitaría primeiro formar a palabra “lume-en-casa” á que engadir logo, como apéndices, os elementos correspondentes a “pequeno”, a “plural” e a “o”. O elemento indicativo do carácter definido da referencia que se supón no noso “o” sitúase en nootka no extremo mesmo da palabra. Ata aquí todo ben. “Lume-en-casa-o” é un correlato intelixible do inglés “the house-fire” [ou do noso sintagma “o lume da casa”]¹⁵

¹⁴ É xustamente a incapacidade para sentir o “valor” ou “ton” real do concepto expresado por un elemento gramatical (como algo distinto da significación exterior) o que tantas veces fixo que os lingüistas non entendesen ben a natureza de linguas fundamente alleas ás súas. Non todo o que se chama “tempo” ou “modo” ou “número” ou “xénero” ou “persoa” é xenuinamente comparable ó que entendemos por eses termos en latín ou francés.

¹⁵ Os artigos sufixados danse tamén en dinamarqués e sueco e en numerosas outras linguas. O elemento nootka equivalente a “in the house” (“na casa”) difire do elemento

Pero é o correlato nootka de “os lumiños da casa” o verdadeiro equivalente do inglés “*the house-firelets*”?¹⁶ De ningún modo. Antes de nada, o elemento plural precede ó diminutivo en nootka, “fire-in-the-house-plural-small-the” [a serie galega sería: “lume-en-a-casa-plural-pequeno-o], ou noutras palabras, “the house-fires-let” [que, no correlato galego, sería coma se dixésemos: “a-casa-lumes-iño”], o cal nos revela, de contado, un feito importante, o de que os nootka non senten o concepto de plural de maneira tan abstracta nin tan “relacional” coma os ingleses (ou, para o caso, os galegos). Unha tradución máis adecuada da serie sería “the house-fire-several-let,” [ou en galego: a casa-lume-varios-iño] na que, a pesar de todo, *several* [“varios”] aparece como unha palabra demasiado groseira e o sufixo *-let* [“-iño, -elo”] como demasiado refinado (*small* [“pequeno”], sería, de novo, groseiro de máis). A verdade é que é imposible transportar o sentimento inherente á palabra nootka, que semella situarse entre “a casa-lumiños” e “a casa-lume-varios-pequeno”. Pero o que impide máis ca nada toda posibilidade de comparación entre o *-s* inglés de “house-firelets” [“casa-lumiños”] e o “-several-small” [“-varios-pequeno”] da palabra nootka é isto: que en nootka nin o plural nin o afixo diminutivo corresponden ou se refiren a nada na oración. No inglés diríase “The house-firelets burn” (non “burns”) [igual que en galego se diría “Os lumiños da casa arden” (non “arde”)], pero en nootka, polo contrario, nin o verbo, nin o adxectivo, nin ningunha outra cousa na proposición, teñen nada que ver co carácter plural ou diminuto do lume. Polo tanto, mentres que o nootka reconece unha fenda entre conceptos concretos e menos concretos dentro do grupo II, os menos concretos non desbordan o grupo ata conducirnos ó ámbito máis abstracto ó que o noso plural *-s* nos

inglés “house-” en que está sufixado e non se dá como palabra independente; ademais tampouco está relacionado coa palabra nootka que significa “house” (“casa”).

¹⁶ Asumindo que en inglés exista a palabra *firelet* “lumiño, cacheirola” como diminutivo de “fire” [“lume, cacheira”].

transporta. Mais, en calquera caso, o lector podería obxectar: é que hai algunha cousa pola que o afixo plural *nootka* non se poida integrar no grupo máis concreto dos afixos? E el non pode ter o diminutivo *nootka* un contido máis difuso e impreciso cós ingleses *-let* ou *-ling*, có alemán *-chen* ou *-lein*,¹⁷ ou có galego *-iño* ou *-ete*?

Poderíase clasificar un concepto como o de pluralidade cos conceptos moito máis materiais do grupo II? Xa ora que se podería. En *yana*, na terceira persoa do verbo non se marca a distinción formal entre o singular e o plural. Sen embargo, o concepto plural pódese expresar, e case sempre se expresa, por medio da sufixación dun elemento (*-ba-*) ó elemento radical do verbo. A oración *It burns in the east* (en galego: “Arde no leste”) tradúcese polo verbo *ya-hau-si* “burn-east-s”¹⁸ (en galego: “ard-leste-e”); *They burn in the east* (“Arden no leste”), por *ya-ba-hau-si*. Repárese en que o elemento radical (*ya-*) vai inmediatamente seguido do afixo plural, que fica así desconectado do elemento local (*-hau-*). Non é preciso un argumento moi elaborado para demostrar que o concepto de pluralidade rexistrado na frase é por forza menos concreto có de localización (*in the east*, “no leste”), ou que, polo sentido, a forma *yana* se corresponde menos co inglés *They burn in the east* (en latín: *Ardunt oriente*) que con “burn-several-east-s” (literalmente: “ard-varios-leste-e”), é dicir, con “Arde pluralmente no leste” ou “Arde en varios focos no leste,” expresións que malamente se poden comparar coa *nootka* debido á falta das necesarias canles formais a través das que vehicular o contido.

¹⁷ O diminutivo *nootka* é sen dúbida un elemento afectivo e de matización máis pronunciado có elemento *-ling* do inglés. Isto demóstrase polo feito de que se pode usar con verbos e mais con nomes. Cando se lle fala a un neno, o máis probable é que se lle engada o diminutivo a calquera palabra da oración, independentemente de se as palabras en cuestión teñen un significado diminutivo ou non.

¹⁸ O elemento *-si* é a terceira persoa do presente. O elemento *-hau-* “leste” é un afixo, non un elemento radical composto.

Pero, podemos dar un paso máis e dispoñer da categoría de pluralidade como se se tratase dunha idea absolutamente material, unha idea que fixese de *books* (“libros”) un *plural book* (“libro plural”), no que o adxectivo *plural*, coma o *white* (“branco”) de *white book* (“libro branco”), encaixase perfectamente dentro do grupo I? As frases *many books* (“moitos libros”) e *several books* (“varios libros”) non son obviamente exemplos moi oportunos. Mesmo se se puidese dicir *many book* (“moitos libro”) e *several book* (“varios libro”), como se pode dicir *many a book* (“máis dun libro”) e *each book* (“cada libro”), o concepto de pluralidade aínda non aparecería tan claramente como debería para apoiar o noso argumento; *many* “moitos” e *several* “varios” están contaminados por certas ideas de cantidade e escala que non son esenciais á idea propiamente dita de pluralidade. Cómpre acudir á Asia central e oriental para atopar o tipo de expresión que procuramos. No tibetano, por exemplo, *Nga-s mi mthong*¹⁹ “I-by man see, by me a man is seen, I see a man” (en galego: “eu-por home ver, por min un home é visto, eu vexo un home”) pode tamén entenderse como “Vexo homes,” cando non existe razón ningunha para destacar o feito da pluralidade.²⁰ Se, en troques, ese feito é considerado merecente de ser expresado, entón é posible dicir *Nga-s mi rnam mthong* “by me man plural see,” (“por min home plural ver”), no que *rnam* é análogo conceptual perfecto do -s de *books*, liberado de todo atume relacional. *Rnam* segue ó nome como o faría calquera outra palabra atributiva: *man plural* (“home plural”, tanto se son dous coma un millón) igual ca *man white* (“home branco”).” A menos que se queira recalcar o asunto, non hai por que preocuparse máis da súa pluralidade ca da súa brancura.

Naturalmente, o que se dixo acerca da idea da pluralidade podería valer para outros moitos importantes conceptos. Os

¹⁹ Estas formas son clásicas, non pertencen á lingua coloquial moderna.

²⁰ Igual que ocorre no inglés “He has written books” (“escribiu libros”) non se compromete no que toca a cantidade (“uns poucos, varios, moitos”).

conceptos non pertencen necesariamente ó grupo que aqueles que falamos inglés lles adxudicamos por simple hábito.* Poden cambiar cara ó grupo I ou cara ó grupo IV, os dous pólos da expression lingüística. Mellor é non ousar mirar con condescendencia o indio nootka e o tibetano por adoptaren unha actitude material cara a un concepto que para nós é abstracto e relacional, e así non gañarmos os reproches do francés, que coida atopar unha sutileza relacional nas frases *femme blanche* (“muller branca”) e *homme blanc* (“home branco”) alí onde o inglés o imita de maneira burda con *white woman* e *white man*.** Mais se o negro bantú fose filósofo podería ir máis alá e atopar á súa vez estraño que puxésemos no grupo II a categoría dos diminutivos, que el sente con toda certeza que pertence ó grupo III e que usa, xunto con varios outros conceptos clasificatorios,²¹ para relacionar os seus suxeitos e obxectos, os atributos e os predicados, tal e como un ruso ou un alemán manexan os xéneros das súas linguas. E quen sabe, se aínda con máis fineza.

É por mor de que o noso esquema conceptual funciona máis a modo de escala móbil que de simple análise filosófica da experiencia que non podemos anticiparnos á a posición xusta na que se situará un concepto dado. Noutras palabras, debemos prescindir dunha clasificación de categorías ben ordenada. Cal pode ser a utilidade de poñer o tempo e o modo aquí e o número alá cando a seguinte lingua que manexemos colocará o tempo un chanzo “máis embaixo” (cara ó grupo I), e o modo e o número un chanzo “máis enriba” (cara ó grupo IV)? Tampouco é que haxa moito que gañar propoñéndonos facer un inventario xeral

* N. do T. Sapir refírese aquí á idea de pensar as outras linguas nos termos das nosas propias linguas, en particular do inglés e das linguas europeas máis próximas. Noutras palabras, as linguas clasifican os conceptos de maneiras moi diferentes.

** N. do T. O que Sapir está a aludir con ironía é a “sutileza” que algúns falantes do francés poderían atopar na diferenciación da forma adxectiva para o masculino e feminino (*blanche* vs. *blanc*) cando o contrastan coa “simpleza” do inglés que non distingue o xénero.

²¹ Como, por exemplo, clase de persoas, clase de animais, clase de instrumentos, clase de aumentativos.

dos tipos de conceptos que normalmente se atopan nos grupos II, III e IV nun compendio resumido coma o noso. Hai demasiadas posibilidades. En todo caso, sería interesante mostrar cales son os elementos máis característicos na formación de nomes e verbos no grupo II; de que diversas maneiras se poden clasificar os nomes (polo xénero; persoais e non persoais; animados e non animados; pola forma; comúns e propios); como se elabora o concepto de número (singular e plural; singular, dual e plural; singular, dual, trial e plural; sinxelo, distributivo e colectivo); que distincións temporais se poden facer no verbo ou nome (o “pasado”, por exemplo, pode ser un pasado indefinido, inmediato, remoto, mítico, rematado, anterior); de que maneira tan refinada certas linguas desenvolveron a idea do “aspecto”²² (momentáneo, durativo, continuativo, inceptivo, cesativo, durativo-inceptivo, iterativo, momentáneo-iterativo, durativo-iterativo, resultativo, e aínda outros máis); que modos se poden recoñecer (indicativo, imperativo, potencial, dubitativo, optativo, negativo, e unha chea doutros²³); que distincións de persoa son posibles (“nós,” por exemplo, concíbese como unha pluralidade de “eu” ou é tan distinto de “eu” como este o é de “ti” e de “el”? –ambas actitudes aparecen representadas nas linguas; ademais, inclúe o “nós” ó ti para o que falo ou non? –formas “inclusivas” e “exclusivas”); cal

²² Un termo emprestado da gramática eslava. Indica o curso da acción, a súa natureza dende o punto de vista da continuidade. O verbo *to cry* “chorar, berrar” é indefinido canto ó aspecto, *be crying* “estar chorando, estar a berrar” é durativo, *cry out* “botar un berro” é momentáneo, *burst into tears* “botarse a chorar, poñerse a chorar, comezar a chorar” é incoativo, *keep crying* “seguir a chorar, continuar chorando” é continuativo, *start in crying* “comezar chorando” é durativo-incoativo, *cry now and again* “chorar seguido, chorar unha e outra vez” é iterativo, *cry out every now and then* “chorar de cadora en cando” ou *cry in fits and starts* “chorar de cando en vez” é momentáneo-iterativo, *to put on a coat* “poñer un abrigo” é momentáneo, *to wear a coat* “levar un abrigo” é resultativo. Como demostran estes exemplos, o aspecto exprésase en inglés por medio de todo tipo de xiros idiomáticos antes que por medio dun conxunto de formas gramaticais elaboradas de maneira consistente. En moitas linguas o aspecto presenta unha significación formal moito máis importante có tempo, categoría coa que tende a confundilo o lingüista inxenuo.

²³ Co de “modos” ou “modalidades” non me refiro tanto á enunciación factual da negación ou da incerteza en tanto que tales, como á súa implicación en termos de forma. Hai linguas, por exemplo, que teñen un aparato de formas negativas para o verbo tan elaborado como o grego as ten da modalidade optativa ou de desexo.

pode ser o esquema xeral da orientación, é dicir, das chamadas categorías demostrativas (“este”, “ese” e “aquele” nunha procesión de matices sen fin);²⁴ con tanta frecuencia a forma expresa a fonte ou natureza do coñecemento do falante (se o que se di se sabe por experiencia real, por oído dicir,²⁵ por dedución); como se expresan as relacións sintácticas no nome (subxectivo e obxectivo; axentivo, instrumental, e persoa afectada;²⁶ varios tipos de “xentivo” e de relacións indirectas) e, igualmente as correspondentes do verbo (activo e pasivo; activo e estático; transitivo e intransitivo; impersonal, reflexivo, recíproco, indefinido canto ó obxecto, e moitas outras limitacións especiais sobre o punto de partida e final no decurso da actividade. Estes detalles, importantes como son moitos deles para o entendemento da “forma interior” da linguaxe, confiren só unha significación xeral ás distincións grupais máis radicais que establecemos. É suficiente que o lector sinta que a lingua se debate entre os dous pólos da expresión lingüística —o contido material e a relación— e que eses pólos tenden a estar conectados por unha longa serie de conceptos transicionais.

Ó tratarmos das palabras e das súas variadas formas tivemos que anticipar cousas que atinxen á oración no seu conxunto.

²⁴ Compárese a páxina 97.

²⁵ É debido a esta clasificación da experiencia que, en moitas linguas, as formas verbais destinadas á narración mítica difiren das usadas comunmente na vida cotiá. Nós deixamos que estas matizacións as comunique o contexto ou contentámonos cun modo de expresión máis explícito ou perifrástico, e.g. *He is dead, as I happen to know* [“Polo que sei, morreu”; “Polo que cheguei a saber, morreu”, “Polo que me dixeron, morreu”], *They say he is dead* [“Dixeron que morrera”; “Disque morreu”], *He must be dead by the looks of things* [“Polo que parece debeu morrer”, “Seica morreu”].

²⁶ Dicimos “*I sleep*” (“Durmo”) e “*I go*” (“Vou”) o mesmo ca “*I kill him*” (“Mátoo”) mais, en troque, dicimos “*He kills me*” (“Mátame”). E, non obstante, dende o punto de vista psicolóxico, o *me* do último exemplo está, como mínimo, tan próximo do *I* (“eu”) de *I sleep* como o está este último do “*I*” de *I kill him*. É só a través da forma que podemos clasificar a noción do “*I*” de *I sleep* como a dun suxeito axente. Propiamente falando, estou nas mans alleas ó meu control tanto mentres durmo como cando alguén me mata. Numerosas linguas diferencian claramente entre suxeito activo e suxeito estático (*I go* e *I kill him* dinse de maneira diferente a *I sleep, I am good* ou *I am killed*) ou entre suxeito transitivo e suxeito intransitivo (*I kill him* é distinto de *I sleep, I am good, I am killed* ou *I go*). Os suxeitos intransitivos ou estáticos poden ou non ser idénticos ó obxecto do verbo transitivo.

Cada lingua ten o seu especial método ou métodos de vencellar unhas palabras a outras en unidades máis extensas. A importancia destes métodos tende a variar conforme a complexidade da palabra individual. Canto máis sintética sexa a lingua, isto é, canto máis claro estea indicado o status de cada palabra na oración mediante os seus propios recursos, menos necesidade hai de mirar máis alá da palabra cara á oración. O latín *agit* [“(el) actúa”] non precisa de axuda á hora de establecer o seu lugar nunha proposición. Tanto dá se digo *Agit dominus* [“O señor actúa”] como *Sic femina agit* [“Así actúa a muller”], o resultado neto de *agit* no que toca ó seu rol sintáctico é practicamente o mesmo. Só pode ser un verbo, o predicado dunha proposición, e só se pode concibir como a enunciación dunha actividade realizada por unha persoa (ou cousa) diferente de ti e de min. Non ocorre o mesmo en inglés cunha palabra coma *act*. *Act* é, vista dende un punto de vista sintáctico, unha peza extraviada ata que definamos o seu status na proposición –será unha cousa en *They act abominably* [“Actúan de maneira abominable”], outra moi distinta en *That was a kindly act* [“Foi unha acción chea de bondade”]. A oración latina fala coa seguridade que lle outorga cada un dos seus membros individuais, a palabra inglesa necesita da axuda dos seus parceiros. Falando en xeral, naturalmente. E, emporiso, se se di que cunha estrutura de palabras bastante elaborada se compensan os métodos sintácticos externos córrese o risco de dalo por sentado. Os elementos da palabra relaciónanse uns cos outros dunha maneira moi concreta e cada elemento segue a outro nunha secuencia rigorosamente determinada. Isto equivale a dicir que unha palabra que consiste en máis dun elemento radical é a cristalización dunha oración ou dunha parte dunha oración e que unha forma coma *agit* é, a grandes trazos, o equivalente psicolóxico²⁷ de *age is* [“actúa el].” Daquela, ó derrubarmos o muro que separa a pa-

²⁷ En último termo, tamén histórico –por exemplo, *age to* “actúa ese.”

labra da oración, podémonos preguntar: cales son, en última instancia, os métodos fundamentais cos que relacionar palabra con palabra e elemento con elemento? Ou, de xeito breve, con que métodos se pasa das nocións illadas simbolizadas por cada palabra e elemento á proposición unificada que corresponde a un pensamento?

A resposta é simple e está implícita nas observacións precedentes. O máis fundamental e o máis poderoso de todos os métodos de relación é o método da orde. Pensemos nunha idea máis ou menos concreta, poñamos por caso, a cor, e establezamos o seu símbolo, *red* [“vermello, rubio”]; pensemos logo noutra idea concreta, digamos que unha persoa ou obxecto e fixemos o seu símbolo, *dog* [“can”]; e, para rematar, noutra terceira idea concreta, por exemplo unha acción e no seu símbolo, *run* [“correr”]. Case non se poden enunciar os tres símbolos xuntos –*red dog run* [“rubio can correr”]– sen que os relacionemos dalgunha maneira, por exemplo, (*The*) *red dog run(s)* [“(O) can vermello corre”]. En absoluto quero postular que a proposición se desenvolve desta maneira analítica; só digo que o proceso mesmo de xustapoñer un concepto a outro concepto, e un símbolo a outro símbolo, fainos pensar, senón é noutra cousa, nun certo “sentido” das relacións. Os ingleses son moi sensibles a certas adhesións sintácticas, por exemplo, á relación atributiva de calidade (*red dog* [“can rubio”]) ou á relación subxectiva (*dog run* [“can correr”]) ou á relación obxectiva (*kill dog* [“matar can”]); a outras relacións, en troques, son moito máis indiferentes, por exemplo, á relación atributiva de circunstancia (*Today red dog run* [“Hoxe can rubio correr”]) ou *Red dog today run* [“Can rubio hoxe correr”] ou *red dog run today* [“Can rubio correr hoxe”], todas as cales son proposicións ou proposicións en estado embrionario equivalentes. As palabras e os elementos así listados nunha certa orde tenden, por tanto, non só a estableceren algún tipo de relación entre si senón a se atraeren uns a outros en maior ou menor medida. Podemos presumir que é esa maior ou

menor atracción a que, a fin de contas, dá lugar a eses grupos de elementos solidamente cimentados (elemento ou elementos radicais máis un ou varios elementos gramaticais) que estudamos como palabras complexas. Non son, con toda probabilidade, máis do que secuencias de elementos que se contraeron mutuamente e separaron doutras secuencias ou de elementos illados na corrente da lingua. Mentres tales elementos estean totalmente vivos, ou noutras palabras, mentres sexan funcionais en cada un dos seus aspectos, poderán manter unha certa distancia psicolóxica dos seus veciños. Cando pouco a pouco vaian perdendo vida, caerán no abrazo da oración en canto tal e a secuencia de palabras independentes volverá gañar a importancia que en parte cedera ós grupos cristalizados de elementos. A fala, xa que logo, tensa e afrouxa de continuo as súas secuencias de palabras. Nas súas formas máis integradas (como ocorre no latín e no esquimó), a “enerxía” da secuencia que se encerra maiormente en complexas formacións de palabras transfórmase nunha especie de enerxía potencial que pode non ser liberada en miles de anos. Nas súas formas máis analíticas (chinés, inglés), esta enerxía é móbil, lista para prestar o servizo que se pida dela.

Non existe a menor dúbida sobre a influencia que o acento xogou moitas veces como elemento de control da formación de grupos de elementos ou palabras complexas a partir de certas secuencias da oración. Unha palabra inglesa coma *withstand* “resistir, opoñerse” é simplemente a vella secuencia *with stand*, i.e., “against²⁸ stand” [en galego “contra estar”]*, na que o adverbio átono definitivamente atraído polo verbo seguinte perdeu a súa independencia como elemento significante. Da mesma maneira, os futuros franceses do tipo *irai* “(eu) irei, hei ir” non son senón o resultado da coalescencia de palabras orixinaria-

* N. do T. Confróntese a palabra análoga do galego, portugués, español e catalán “contrastar”, orixinada no latín *contra stare* “estar contra”.

²⁸ Para *with* no sentido de “contra,” compárese o alemán *wider* “contra.”

mente independentes: *ir*-²⁹ *ai* “ir – (eu) hei,” baixo a influencia dun acento unificador. Mais o acento serviu para máis cousas que articular ou unificar secuencias que por dereito propio suxiren relacións sintácticas. O acento é o medio máis natural ó noso dispor para realzar un contraste lingüístico, isto é, para indicar o elemento máis importante dunha secuencia. Por esta razón, non deberíamos sorprendernos de atopar que tamén o acento, tanto coma a secuencia, pode servir en por si de símbolo de certas relacións. Contrastes coma os de *go’ between* [“un que se mete no medio, mediador, alcaíote”] e *to go between’* [“servir de mediador, mediar”] poden ter unha orixe secundaria en inglés pero non hai razón ningunha para non crer que se deron distincións análogas en todos os tempos da historia lingüística. Unha secuencia coma *see’ man* [“ver home”] podería implicar un tipo de relación no que *see* cualificase a palabra seguinte, equivalendo por conseguinte a *a seeing man* [“un home vidente”] e mais *a seen (or visible) man* [“un home visto” ou “visible,”], ou ben podería ser o seu predicado, e de aí teríamos *the man sees* [“o home ve”] ou *the man is seen* [“o home é visto, o home vese”]; pola súa parte, outra secuencia coma *see man’* podería indicar que a palabra acentuada limita dalgunha maneira a aplicación da primeira, por exemplo como obxecto directo, por tanto *to see a man* [“ver un home”] ou *(he) sees the man* [“(el) ve o home”]. Modificacións de relación coma estas, que se simbolizan por medio de variacións acentuais, son importantes e aparecen con frecuencia en moitas linguas.³⁰

Unha especulación un pouco aventurada e non por iso totalmente carente de sentido é a que ve na orde das palabras e no acento os primitivos métodos da expresión de todas as relacións sintácticas e a que contempla o valor relacional das palabras e elementos específicos do presente como un mero procedemento

²⁹ Cf. latín *ire* “ir”; tamén o xiro inglés *I have to go*, i.e., “debo ir, teño que ir.”

³⁰ En chinés non menos ca en inglés.

secundario debido a unha transferencia de valores. Por tanto, podemos conxecturar que o latín *-m* de palabras coma *feminam*, *dominum*, e *civem* non indicou nun principio³¹ que “muller”, “señor” e “cidadán” estivesen relacionados de maneira obxectiva co verbo da proposición senón algo moitísimo máis concreto,³² que a relación obxectiva estaba meramente implícita pola posición ou o acento da palabra (o elemento radical) que precedía inmediatamente ó *-m*, e que, gradualmente, a medida que a significación máis concreta se foi esvaendo, adquiriu unha función sintáctica que non lle pertencía orixinalmente. Esta especie de evolución por transferencia pódese rastrexar en moitos exemplos. Así, o *of* (“de”) dunha frase inglesa coma *the law of the land* (“a lei do país”) está baleiro de contido, sendo un indicador de pura relación equivalente ó sufixo “xenitivo” *-is* na frase latina *lex urbis* “a lei da cidade.” Sabemos, non obstante, que foi orixinalmente un adverbio cun significado bastante concreto,³³ “lonxe, apartándose de,” e que nas súas orixes a relación sintáctica se expresaba a través da forma casual³⁴ do segundo nome. Cando a forma que indicaba o caso chegou a perder a súa vitalidade, o adverbio adquiriu a súa función. Se realmente temos un argumento co que asumir que a expresión de todas as relacións sintácticas se poden rastrexar en última instancia nestes dous trazos inevitables do dinamismo da lingua —a secuencia e o acento—,³⁵ xorde unha interesante tese: todos os actuais contidos da lingua, os seus grupos de vogais e consoantes, están nas súas orixes limitados ó mundo do concreto; as relacións non se expresaron orixinalmente nunha forma externa, articulábanse só de maneira implícita coa axuda

³¹ “Nun principio” quere dicir, claro está, algún tempo anterior ó período máis temperán das linguas indoeuropeas ás que é posible aproximarse por medio de metodoloxías comparativas.

³² Pode que fose unha especie de elemento clasificador de nomes.

³³ Compárese o seu moi próximo paralelo histórico *off*.

³⁴ “Ablativo,” en última análise.

³⁵ A entoación debería englobarse con toda probabilidade dentro do acento.

da orde e do ritmo. Noutras palabras, as relacións comezaron a sentirse de maneira intuitiva e só puideron xeneralizarse coa axuda de factores dinámicos que igualmente se movían nun plano intuitivo.

Existe un método especial para a expresión de relacións que se empregou tantas veces na historia da linguaxe que debemos botarlle un ollo un momento. É o método da “concordancia” ou de igual sinalización. Está baseado no mesmo principio da palabra clave ou da etiqueta. Todas as persoas ou obxectos que respondan ó mesmo contrasinal ou que porten a mesma marca son por conseguinte sinalados como se estivesen relacionados dalgún modo. Unha vez sinalados, importa pouco onde se atopen ou como se comporten. Sábese que están emparellados. Coñecemos a concordancia do latín e do grego. Os que a estudamos quedabamos abraiados ante as inexorables rimas de *Vidi illum bonum dominum* [“Vin aquel bo señor”] e de *Quarum dearum saevarum* [“Destas deusas severas”]. Non se trata de que ese eco sonoro, tanto na forma de rima como de aliteración³⁶, sexa necesario para a concordancia, aínda que nas súas formas máis típicas e orixinais a concordancia vaia case sempre acompañada da repetición de sons. A esencia do principio é, simplemente, que as palabras (os elementos) que se relacionan entre si, en particular se son equivalentes sintácticos ou se relacionan de forma análoga con outra palabra ou elemento, se marcan exteriormente cos mesmos afixos ou cos seus equivalentes funcionais. A aplicación do principio varia de maneira considerable segundo o xenio de cada lingua. No latín e no grego, por exemplo, a concordancia dáse entre o nome e a palabra que o cualifica (adxectivo ou demostrativo) con relación ó xénero, ó número e ó caso; entre o verbo e o suxeito só con relación ó número; e non se dá entre o verbo e o obxecto. No chinook, ó se establecer entre o nome, como suxeito ou obxecto, e mais o

³⁶ Como no bantú ou no chinook.

verbo, a concordancia é de moito maior alcance. Cada nome clasifícase segundo cinco categorías: masculino, feminino, neutro,³⁷ dual e plural. “Muller” é feminino, “area” é neutro e “mesa” é masculino. Se, daquela, quixese dicir “A muller puxo a area sobre a mesa”, debería colocar no verbo certos prefixos de clase ou xénero que concordasen cos correspondentes prefixos nominais. A oración quedaría constituída deste xeito en chinook:

“a (fem.)-muller ela (fem.)-o (neut.)-o (masc.)-sobre-puxo o (neut.)-area a (masc.)-mesa.”

Se a “area” a queremos cuantificar como “moita” e a “mesa” a quixésemos cualificar de “grande”, estas dúas novas ideas expresáranse como nomes abstractos, cada unha cos seus correspondentes prefixos de clase (“moita” é neutro ou feminino, “grande” é masculino) e cun prefixo posesivo que se refire ó nome cualificado. O adxectivo, por tanto, chama polo nome, e o nome polo verbo. Daquela, “A muller puxo moita area sobre a mesa grande” colle esta forma:

“a (fem.) - muller ela (fem.) - o (neut.) - o (masc.) - sobre - puxo a (fem.) - diso (neut.) - cantidade o (neut.) - area o (masc.) - diso (masc.) - grandura o (masc.) - mesa”.

Insístese, polo que se ve, tres veces sobre a clasificación de “mesa” como masculino: no nome, no adxectivo, e no verbo. Nas linguas bantús,³⁸ o principio da concordancia funciona parecido a como o fai no chinook. Nelas, os nomes tamén se clasifican en varias categorías e entran en relación con adxectivos, demostrativos, pronomes relativos, e verbos por medio de elementos prefixais que evocan a clase e conforman un complexo sistema

³⁷ Se cadra era mellor dicir “xeral.” O “neutro” chinook pode referir persoas e cousas e pode ser usado como plural. O “masculino” e “feminino,” como no alemán e no francés, inclúen un gran número de nomes inanimados.

³⁸ Faladas na meirande parte da metade sur de África. O chinook consiste en varios dialectos falados no val do río formado polo baixo Columbia. É impresionante observar como a mente humana chegou á mesma forma de expresión en dúas rexións sen ningún tipo de contacto histórico.

de concordancias. En oracións como *Ese fero león que chegou aquí está morto*, a clase de “león” á que poderíamos chamar “clase animal”, aparecería referida non menos de seis veces mediante a concordancia de prefixos: co demostrativo “ese”, o adxectivo cualificativo, o propio nome, o pronome relativo, o prefixo subxectivo ligado ó verbo da cláusula de relativo, e o prefixo subxectivo axuntado ó verbo da cláusula principal (“está morto”). Na insistencia sobre a claridade externa da referencia recoñecemos o mesmo espírito que nos conmove na máis familiar *illum bonum dominum*.

Dende unha perspectiva psicolóxica, os métodos da secuencia e do acento sitúanse no pólo oposto da concordancia. Aínda que todos están a favor da implicación e a sutileza do sentido, a concordancia móstrase impaciente ante a menor ambigüidade necesitando ter, a cada volta, as súas marcas perfectamente certificadas. A concordancia tende a prescindir da orde. No latín e no chinook as palabras independentes poden ocupar calquera posición na oración, en bantú son menos libres. No chinook e bantú, sen embargo, os métodos da concordancia e da orde das palabras teñen a mesma importancia na diferenciación do suxeito e do obxecto, pois os prefixos verbais clasificatorios refírense ó suxeito, ó obxecto ou ó obxecto indirecto segundo a posición relativa que ocupan. Estes exemplos amósannos de novo o feito decisivo de que antes ou despois, a orde afirmase en todas as linguas como o máis fundamental dos principios de relación.

Seguramente o atento lector estea abraiado de que durante todo este tempo dixésemos tan pouco das tradicionais “partes do discurso.” Non é difícil percantarse de cal é a razón. A nosa convencional clasificación das palabras nas categorías tamén denominadas “partes da oración” é só unha vaga e vacilante aproximación a un consistente pero rutineiro inventario de experiencia. Imaxinamos, para empezar, que todos os “verbos” designan esencialmente accións en tanto que tales, que

o “nome” é a denominación dalgún obxecto ou personalidade definidos que poden ser representadas na mente, que todas as calidades se expresan necesariamente a través dun determinado grupo de palabras ás que se aplica de maneira moi apropiada o termo “adxectivo”. Mais en canto poñemos a proba o noso vocabulario, descubrimos que as partes do discurso están moi lonxe de se axear a unha análise tan simple da realidade. Dicimos *It is red* (“É vermello”) e definimos “red” como unha palabra cualitativa ou adxectivo. Deberíamos estrañarnos de pensar nun equivalente de “is red” (isto é, do conxunto do predicado formado por adxectivo e verbo de estado) que puidera concibirse como verbo polas mesmas razóns que consideramos verbos as formas “extends” [“estende”], “lies” [“xace”] ou “sleeps” [“dorme”]. E, non obstante, ó lle darmos un xiro inceptivo ou transicional á noción “durativa” de ser vermello, podemos evitar a forma paralela *It becomes red, it turns red* [“Vólvese vermello, ponse vermello”] e dicir *It reddens* [“avermella, arrubia”]. Ninguén poderá negar que “reddens” é un verbo tan bo coma “sleeps” [“dorme”] ou incluso coma “walks” [“pasea”]. En todo caso, *It is red* está relacionado con *It reddens* da mesma forma en que *He stands* [“Está de pé”] o está con *He stands up* [“Ponse de pé”] ou *He rises* [“Érguese”]. Só é un problema do inglés e dos idiomas indoeuropeos en xeral que non poidamos dicir “it reds” no sentido de “it is red.” Hai centos de linguas que si o poden facer. E, certamente, hai moitas que poden expresar o que chamariamos adxectivo con só facer un participio a partir dun verbo. “Vermello” en tales linguas é unicamente unha palabra derivada do tipo “being red” [“vermelleante, avermellado”] no mesmo sentido en que “sleeping” [dormente, adormecido] ou “walking” [“andante, que anda”] son palabras derivadas de verbos primarios.

Da mesma maneira que podemos expresar en forma de verbo a idea dunha calidade en casos coma “reddens,” podemos tamén representar unha calidade ou unha acción coma se fose

unha cousa. Falamos da “altura” dun edificio ou da “caída” dunha mazá coma se esas ideas fosen parellas a do “teito” dun edificio ou a “pela” dunha mazá, esquecendo que os nomes (*altura*, *caída*) non deixaron de indicar unha calidade e un acto cando lles fixemos falar co acento de meros obxectos. E así como hai linguas que fan verbos da gran masa de adxectivos, hai igualmente outras que fan nomes a partir de verbos. No chinook, como vimos, *the big table* (“a mesa grande”) é “a-mesa súa-grandura”; en tibetano, a mesma idea pode referirse como “a mesa de grandura,” seguindo máis ou menos o mesmo procedemento que se usa para dicir en inglés *a man of wealth* (“un home de cartos”)* en vez de *a rich man* (“un home rico”).

Ora ben, non haberá certas ideas que non se poidan expresar excepto por medio de tales ou cales partes do discurso? Que é o que se pode facer co “to” de *He came to the house* (“Veu á casa”)? Ben, podemos dicir *He reached the house* [literalmente “Acadou a casa”] e eludir a preposición, dándolle ó verbo o matiz que absorbe a idea da relación local expresada por “to”. Mais, se insistirmos en dar independencia a esta idea da relación de lugar, non nos cumprirá entón aferrarnos á preposición? A resposta é non, pois podemos facer un nome da preposición. Podemos dicir *He reached the proximity of the house* [literalmente: “Acadou a proximidade da casa”, é dicir, “os arredores”] ou *He reached the house-locality* [literalmente: “Acadou a localidade da casa”, ou sexa, “o lugar da casa”]. En vez de dicir *He looked into the glass* [literalmente: “Mirou dentro do vidro”] podemos dicir *He scrutinized the glass-interior* [“Esculcou o interior do vidro”]. Tales expresións soan afectadas en inglés porque non cadran ben dentro das canles formais do inglés, mais en moitas linguas atopamos que as relacións de lugar se expresan xustamente desta maneira. As relacións locais nominalízanse. E así poderíamos continuar examinando as varias partes da oración e mostrar que non só se disolven

* N. do T. Literalmente “un home de riqueza”.

unhas noutras senón que, en realidade, se transforman unhas noutras de maneira asombrosa. A conclusión de tal exame sería convencernos de que a “parte do discurso” reflicte non tanto a nosa análise intuitiva da realidade coma a nosa habilidade para organizar a realidade nunha serie de patróns formais. Fóra das limitacións da forma sintáctica, unha parte do discurso non é senón a vontade dunha espiral de fume. Por tal razón, ningún esquema lóxico das partes do discurso –o seu número, a súa natureza e os seus necesarios límites– ten o máis mínimo interese para o lingüista. Cada lingua ten o seu propio esquema. Todo depende das demarcacións formais que recoñeza.

Secomasí, non debemos ser se cadra demasiado destrutivos. É bo recordar que a lingua consiste nunha serie de proposicións. Debe haber algo acerca do que falar e debe dicirse algo acerca do suxeito do discurso unha vez seleccionado este. Esta distinción é de tan fundamental importancia que a inmensa maioría de linguas a destacaron creando unha especie de barreira formal entre os dous termos da proposición. O suxeito do discurso é un nome. Como o suxeito máis normal do discurso é ou ben unha persoa ou unha cousa, o nome reúne en torno a si conceptos concretos daquela sorte. Como a cousa predicada dun suxeito é xeralmente unha actividade no sentido máis amplo da palabra, un paso dun momento a outro da existencia, a forma que foi elixida para esa acción de predicar, ou noutras palabras, o verbo, reúne en torno a si conceptos de actividade. Ningunha lingua é incapaz de distinguir entre nome e verbo, aínda que, en casos concretos, a natureza da distinción pode resultar difícil de delimitar. Sucede de maneira diferente co resto das partes do discurso. Ningunha delas é, por forza, necesaria para a vida da linguaxe.³⁹

³⁹ En yana, o nome e o verbo son netamente distintos, aínda que hai certos trazos comúns que tenden a achegalos un ó outro máis do que sería posible no inglés. De calquera xeito, non existe, propiamente falando, outro tipo de partes do discurso. O adxectivo é un verbo. Como tamén o son os numerais, os pronomes interrogativos (e.g., “ser que?”), e certas “conxuncións” e adverbios (e.g., “ser e” e “non ser”; dise “e-pasado-eu vou,” é dicir, “e eu fun”). Os adverbios e preposicións son ou ben nomes ou ben meros afixos derivativos no verbo.

6

Os tipos de estrutura lingüística

Ata agora, mentres tratábamos da forma lingüística, interesámonos unicamente polas palabras e polas relacións das palabras dentro da oración. Non nos enfrontamos ás linguas no seu conxunto no sentido de como se integran nun ou noutro tipo xeral. Observamos, de pasada, que mentres que unha lingua mostra tendencia a unha apertada síntese, outra conténtase cunha manipulación analítica e fragmentada dos seus elementos; ou que, nunha, as relacións sintácticas parecen puras mentres que noutra se combinan con certos outros elementos que teñen algo de concreto, por abstractos que se sintan na práctica. Se cadra así se pode obter unha leve noción do que queremos dicir cando falamos da forma xeral dunha lingua. Porque debe ser obvio para calquera que lle dedicase o máis pequeno pensamento a esta cuestión e para quen sentise algo do espírito dunha lingua estranxeira, que en cada lingua existe algo así coma un plan básico, un certo perfil que lle é propio. Este tipo, ou plan, ou “xenio” estrutural da lingua é algo moito máis fundamental, moito máis penetrante, ca calquera dos simples trazos dela que poidamos mencionar; e mal poderemos facernos unha idea adecuada da súa natureza a través dunha simple relación dos varios feitos que conforman a gramática desa lingua. Cando pasamos do latín ó ruso, sentimos que é case o mesmo horizonte o que limita a nosa vista, aínda que cambien os fitos máis próximos e familiares. Cando vimos para o inglés notamos que os outeiros son un pouco máis baixos, pero aínda así podemos recoñecer os accidentes xeográficos do país. Mais, cando nos achegamos ó chinés, o ceo que nos mira é un ceo completamente diferente. Podemos traducir estas metáforas e dicir que todas as linguas son diferentes unhas doutras pero que algunhas delas son máis diferentes cás outras. O que equivale a dicir que é posible agrupalas en distintas tipoloxías morfolóxicas.

A dicir verdade, sabemos por adiantado que é imposible establecer un número limitado de tipos que fagan xustiza ás peculiaridades dos milleiros de linguas e dialectos falados na superficie da terra. Coma todas as institucións humanas, a lingua é demasiado variable e difícil de precisar para poder etiquetala de modo apropiado sen correremos demasiados riscos. Mesmo se operamos cunha escala de tipos e con minuciosas subdivisións, podemos estar ben seguros de que moitas das nosas linguas terán que ser demoucadadas antes de que encaixen no marco proposto. Para acollelas dentro do esquema será necesario esaxerarmos a importancia deste ou daqueloutro trazo ou pasarmos por alto, polo menos de momento, certas contradicións do seu mecanismo. Pero, a dificultade da clasificación demostra a inutilidade da tarefa? Coido que non. Sería fácil de máis liberarnos da carga do pensamento construtivo e asumir a perspectiva de que cada lingua ten a súa historia única e, xa que logo, a súa estrutura única. Tal perspectiva non expresa senón unha verdade a medias. Da mesma maneira que as institucións sociais, económicas e relixiosas evoluíron en distintas partes do mundo a partir de antecedentes históricos distintos, así tamén as linguas, nas súas particulares singraduras por distintos roteiros, tenderon a converxer cara a formas similares. Ademais, o estudo histórico da lingua demostrounos máis alá de toda dúbida que a lingua cambia non só gradualmente senón de maneira coherente, que muda de modo inconsciente dun tipo cara a outro, e que se observan tendencias análogas nos lugares máis remotos do globo. Disto séguese que linguas non emparentadas chegaron moitas veces a ter morfoloxías máis ou menos afíns sen nunca entraren en contacto. Ó asumirmos, por conseguinte, a existencia de tipos comparables non estamos a negar a individualidade de todos os procesos históricos; só estamos afirmando que por detrás da historia superficial existen poderosas correntes que dirixen a linguaxe, coma outros produ-

tos sociais, cara a patróns equilibrados, noutros palabras, cara a outros tipos. Como lingüistas, contentarémonos con saber que eses tipos existen e que certos procesos na vida da linguaxe tenden a modificalos. Por que se forman tipos parecidos e cal é a natureza das forzas que os fan e os desfán son preguntas máis doadas de facer ca de responder. Poida que os psicólogos do futuro sexan quen de darnos as razóns últimas da formación de distintos tipos lingüísticos.

Cando se chega á verdadeira tarefa da clasificación, un atópase con que o camiño non é fácil de andar. Suxeríronse varias clasificacións, e todas elas conteñen elementos valiosos, aínda que ningunha resulta satisfactoria. Non é tanto que non se conseguise abranguer as linguas coñecidas, como que se acabase por encorsetalas forzándoas a encaixar en categorías demasiado pequenas e ríspetas. As dificultades encontradas foron de varios tipos. A primeira e principal é que resultaba difícil escoller un punto de vista. Sobre que bases se debía clasificar? Unha lingua móstranos á vez tantas facetas que é para ficarmos perplexos. Abondaría con manexar un único punto de vista? En segundo lugar, é perigoso xeneralizar a partir do reducido número de linguas que se escollan. Escoller, como é o caso do noso material, o latín, o árabe, o turco, o chinés, e se cadra, como trasacordo, o esquimó e mais o sioux, é procurar o desastre. Non temos ningún dereito a asumir que chegaría con engadir uns cantos tipos exóticos que suplementasen o puñado de linguas de xunta a casa que son do noso interese máis inmediato. En terceiro lugar, a vontade ansiosa por atopar unha fórmula simple¹ foi causa da perdición de moitos lingüistas. Hai un non sei que de irresistible no método de clasificación que comeza con dous pólos, digamos que

¹ Con preferencia, unha fórmula tripartita.

exemplificados polo chinés e latín, agrupa o que pode de maneira apropiada en torno a eses dous pólos, e bota todo o demais dentro dun “tipo transicional”. De aquí xurdiu a clasificación de linguas aínda popular en tres grupos: “isolantes” (ou “illantes”), “aglutinativas” (ou “aglutinantes”), e “inflectivas” (ou “flexionais”). Ás veces, ás linguas dos indios americanos fáiselles ocupar unha incómoda posición na retagarda “polisintética” das linguas aglutinativas. Pódese xustificar o uso de todos estes termos, aínda que se cadra non co espírito en que son comunmente empregados. En calquera caso, é moi difícil de asignar a un ou outro destes grupos todas as linguas coñecidas, e máis, se cabe, na medida en que non se exclúen mutuamente. Unha lingua pode ser aglutinativa e asemade inflectiva, ou inflectiva e polisintética, ou mesmo polisintética e isolante, como habemos de ver un pouco máis tarde.

Hai unha cuarta razón para explicar por que, en xeral, a tarefa da clasificación das linguas tivo un devir pouco frutífero. É probable que aquí resida o obstáculo máis poderoso á hora de proceder a pensar de maneira obxectiva. Trátase do prexuízo evolucionista infundido nas ciencias sociais contra mediados do século XIX, de cuxo tiránico dominio exercido sobre as nosas mentes, só agora, na segunda década do XX, comezamos a liberarnos. Vencellado a este prexuízo científico, e en boa medida anticipándoo, había outro moito máis humano. A inmensa maioría dos lingüistas teóricos falaban linguas do mesmo tipo ó que pertencían o latín e o grego que aprenderan na súa nenez. Non lles era difícil deixarse persuadir de que esas linguas para eles tan familiares representaban o grao de desenvolvemento “máis alto” que a fala conseguira e que todos os outros tipos non eran senón pasos no camiño cara ó moi querido tipo “inflectivo.” Todo o que se adecuaba ó patrón do sánscrito, do grego, do latín

e do alemán aceptábase como a expresión do “máis elevado”, todo o que se arredaba dese esquema era desaprobado como defecto ou, no mellor dos casos, como aberración interesante.² Ora ben, toda clasificación que parta de valores preconcebidos ou que sirva satisfaccións sentimentais condénase a si mesma por anticientífica. Un lingüista que insista en falar do tipo latino de morfoloxía como se fose necesariamente o abalo da evolución lingüística é coma o zoólogo que ve no mundo orgánico unha enorme conspiración evolutiva dirixida a producir o cabalo de carreiras ou a vaca de Jersey. A linguaxe, nas súas formas fundamentais, é a expresión simbólica das intuicións humanas. Estas poden adoptar centos de formas, con total independencia do progreso ou atraso material do pobo que use tales formas, as cales –non é preciso dicilo– empréganse, na súa maior parte, de maneira inconsciente. Por conseguinte, se o que desexamos é entender a linguaxe na súa verdadeira intimidade, cómpre liberarnos as nosas mentes dos “valores” que nos son máis queridos³ e acostumarnos a considerar o inglés e o hotentote, co mesmo frío, aínda que interesado, desapego.

Mais voltemos á nosa primeira dificultade. Que punto de vista adoptaremos para a nosa clasificación? Despois de todo o

² Un célebre autor americano que escribiu sobre cultura e lingua declarou que, por estimables que puidesen ser os falantes de linguas aglutinativas, sería un crime que unha muller de lingua flexional casase cun home de fala aglutinante. Evidentemente, os valores espirituais que revelan estas manifestacións son tremendos. Os defensores das linguas flexionais están mesmo prestos a vangloriarse das irracionalidades do latín e do grego, agás cando se precisa resaltar o seu carácter profundamente “lórico”. E, secasí, a sobria lórica do turco e do chinés déixaos impasibles. Igual que non teñen estómago para as incomprendibles irracionalidades e complexidades formais de moitas linguas “salvaxes”. Os sentimentalistas son xente difícil.

³ O que teño en mente é as avaliacións da forma en tanto que tal. Se unha lingua dispón dun vocabulario útil e amplo ou non xa é un asunto distinto. O tamaño real dun vocabulario nun tempo dado non é unha cousa que ofrezca un interese real para o lingüista, pois todas as linguas teñen recursos ó seu dispor para a creación de novas palabras, no caso de teren necesidade delas. Ademais, o que aquí nos ocupa non garda relación ningunha co feito de que unha lingua teña un gran valor práctico ou sexa o medio de expresión dunha gran cultura. Todas estas consideracións, importantes dende outros puntos de vista, non teñen nada que ver co seu valor formal.

que dixemos sobre a forma gramatical no capítulo precedente, é claro que non podemos agora facer a distinción entre linguas “formais” (ou con forma) e linguas “informes” (ou sen forma) que tanto atraía a algúns vellos autores. Cada lingua pode e debe expresar as relacións sintácticas fundamentais aínda que entre o seu vocabulario non se poida atopar nin un só afixo. Deberíamos concluír, por tanto, con que toda lingua é unha lingua con forma. Á parte de ser capaz de expresar a relación pura, unha lingua pode, dende logo, ser “informe”, quérese dicir, “sen forma”, no sentido mecánico e bastante superficial de non estar cangada co uso de elementos non radicais. Ás veces tense intentado formular unha distinción con base na “forma interior.” O chinés, por exemplo, non ten elementos formais puros e simples nin “forma exterior”, mais demostra un profundo sentido das relacións, da diferenza entre suxeito e obxecto, atributo e predicado, e demais. Noutras palabras, ten unha “forma interior” no mesmo sentido en que a ten o latín, aínda que careza exteriormente de “forma”, xusto onde o latín amosa unha exterioridade “formal.” Doutra banda, suponse que hai linguas⁴ que non se fan cargo das relacións fundamentais e que se contentan coa expresión máis ou menos precisa das ideas materiais, despregando ás veces unha exuberante “forma exterior,” e desentendéndose das relacións puras que se poden inferir do contexto. Estou disposto a crer que esta suposta “infirmidade interior” de certas linguas é simple ilusión. Ben pode ser que as relacións nesas linguas non se expresen dun modo tan inmaterial coma no chinés, ou mesmo no latín,⁵ ou que o principio da orde varíe máis ca no chinés, ou que unha tendencia a facer derivacións complexas libere esas linguas da expresión dalgúñas relacións dun modo tan explícito como

⁴ Por vía de exemplo, o malaio e o polinesio.

⁵ Onde, como xa vimos, as relacións sintácticas non están libres do concreto.

se fai noutras linguas máis analíticas.⁶ Todo isto non significa que as linguas en cuestión non teñan un verdadeiro sentido das relacións fundamentais. Non poderemos usar a noción de “infirmidade interior”, excepto no sentido, completamente modificado, de que as relacións sintácticas poidan fundirse con nocións doutra índole. A este criterio de clasificación teremos que regresar un pouco máis tarde.

Máis xustificable sería unha clasificación que atendese ós procedementos formais máis típicos desenvolvidos por cada lingua.⁷ Aquelas linguas que sempre identifican a palabra co elemento radical formarían o grupo “isolante” en oposición ás que afixan elementos modificadores (linguas afixantes) e ás que posúen o poder de cambiar a significación do elemento radical mediante cambios internos (reduplicación; cambio vocálico e consonántico; cambios en cantidade, acento e ton). Este terceiro tipo podería recibir o nome, non sen razón, de linguas “simbólicas.”⁸ As linguas afixantes subdividiríanse naturalmente en linguas que usan sobre todo a prefixación coma o bantú e o tlingit, e linguas que, coma o esquimó, o algonquino, ou o latín, se serven principalmente ou totalmente da sufixación. Hai dous graves inconvenientes con esta clasificación cuatripartita (isolante, prefixante, sufixante e simbólica). En primeiro lugar, a maior parte das linguas poderíanse integrar en máis de un destes grupos. As linguas semíticas, por exemplo,

⁶ Da mesma maneira que o inglés *cod-liver oil* (“bacallau-figado-aceite”) evita ata certo punto o traballo de explicitar as relacións dos tres nomes. Contrástese o francés *huile de foie de morue* “aceite de figado de bacallau.”

⁷ Véxase o capítulo 4.

⁸ Probablemente exista unha conexión psicolóxica real entre o simbolismo e alternancias tan significativas coma a do inglés *drink, drank, drunk* ou o chinés *mai* (con ton ascendente) “mercar” e *mai* (con ton descendente) “vender.” As obras de psicoloxía máis recentes xustamente poñen de relevo a tendencia inconsciente do simbolismo. Persoalmente, coído que o cambio de *sing* a *sang* partilla coa alternancia de cores un mesmo sentido simbólico –e.g. “verde” como símbolo de estar a salvo e “vermello” como símbolo de perigo. Mais é probable que a intensidade coa que sentimos ese simbolismo sexa moi diferente do simbolismo presente nos cambios lingüísticos daquel tipo.

son prefixantes, sufixantes e simbólicas a un mesmo tempo. En segundo lugar, a clasificación, na súa forma simple, é superficial. Poñería xuntas linguas que difiren completamente no seu espírito só por mor dunha certa similitude formal externa. Está claro que hai unha diferenza abismal entre unha lingua prefixante coma o camboxano, que limita severamente o uso dos seus prefixos (e infixos) á expresión de conceptos derivativos, e as linguas bantús, nas que os elementos prefixados teñen unha significación de grande alcance como símbolos de relacións sintácticas. A clasificación ten moito máis valor se se entende con referencia á expresión de conceptos relacionais.⁹ Baixo esta forma modificada, retomarémola como criterio subsidiario. Comprobaremos que os termos “isolante”, “afixante” e “simbólico” teñen un valor incontestable. Mais, no canto de distinguir entre linguas prefixantes e sufixantes, veremos que ten moito maior interese para este estudo facer unha distinción alternativa que se basee na relativa firmeza con que os elementos afixados se unen ó radical da palabra.¹⁰

Pódese facer aínda outro útil grupo de distincións, pero, tampouco estas as habería que aplicar de maneira exclusiva so pena de que a clasificación así obtida resultase igualmente superficial. Refírome ás nocións de “analítico”, “sintético” e “polisintético.” Os termos explícanse a si mesmos. Unha lingua

⁹ Puros ou “de relación concreta.” Véxase o capítulo 5.

¹⁰ A pesar dos meus reparos a salientar a diferenza entre linguas prefixantes e sufixantes, coido que esta distinción é máis importante do que xeralmente se recoñece. Paréceme que se dá unha diferenza psicolóxica importante entre unha lingua que decide o status formal da raíz antes de dala a coñecer –e isto é, en efecto, o que linguas coma o tlingit, o chinook e o bantú fan normalmente– e outra que comeza co núcleo concreto dunha palabra e define o status do seu núcleo a través de limitacións sucesivas, cada unha delas restrinxindo nalgunha medida a xeneralidade de todo o que o precede. O espírito do primeiro método ten algo de diagramático ou arquitectónico, o último é un método de emendar trasacordos. Nas linguas prefixantes que presentan unha maior elaboración lingüística, a palabra tende a afectarnos á maneira dunha cristalización de elementos flotantes; as palabras das linguas tipicamente sufixantes (o turco, o esquimó, o nootka) son formacións “determinantes” nas que cada elemento engadido determina a forma do novo conxunto. Na práctica resulta tan difícil aplicar estas esquivas, aínda que importantes, distincións que a un estudo elemental coma este non lle queda outro remedio que ignoralas.

analítica é a que ou ben non combina os conceptos en palabras individuais (o caso do chinés) ou ben o fai de maneira económica (o caso do inglés e do francés). A oración, nunha lingua analítica, ten sempre unha importancia suma; a palabra, en troques, ten menor interese. Nunha lingua sintética (o caso do latín, do árabe e do finés), os conceptos agloméranse de maneira máis densa e as palabras están moito máis ricamente amobladas, pero a tendencia, en xeral, é a moderar o alcance do significado concreto na palabra individual. Unha lingua polisintética, como o seu nome indica, é máis que o que se entende normalmente por sintética. A elaboración da palabra é extrema. Nas linguas polisintéticas, conceptos que nunca imaxinaríamos que poderían tratarse de forma subalterna simbolízanse a través de simples afixos derivativos ou cambios “simbólicos” no elemento radical, ó tempo que nocións máis abstractas, incluídas as que refiren relacións sintácticas, poden atopar expresión dentro da palabra. Unha lingua polisintética non ilustra principios que non fosen antes exemplificados nas linguas sintéticas coas que estamos máis familiarizados. Está en relación con elas de maneira parecida a como se pode relacionar unha lingua sintética cunha lingua analítica coma o inglés.¹¹ Os tres termos son puramente cuantitativos –e relativos, isto é, unha lingua pode ser “analítica” dende un punto de vista e “sintética” dende outro. Eu coído que os termos son máis útiles para definir certas correntes que como etiquetas válidas de modo absoluto. Moitas veces resulta iluminador ver como unha lingua se foi facendo cada vez máis analítica no curso da súa historia ou que amosa signos de que partindo dunha simple base analítica chegou a cristalizar nunha forma altamente sintética.¹²

¹¹ O inglés, non obstante, é só analítico, na súa tendencia. Con relación ó francés, aínda é abondo sintético, polo menos en certos aspectos.

¹² O primeiro proceso pódese demostrar recorrendo ó inglés, francés, dinamarqués, tibetano, chinés, e a un montón doutras linguas. A última tendencia pódese exemplificar, coído eu, atendendo a varias linguas amerindias como, por exemplo, o chinook e o navaho. Por debaixo da súa actual forma, moderadamente polisintética, é posible discernir unha

Chegamos agora á diferenza entre unha lingua “inflectiva” e unha “aglutinativa”. Como xa resaltei, a distinción é útil, e incluso necesaria, pero foi escurecida por varias cousas que nos importan agora pouco e polo inútil esforzo posto en aplicar os termos a todas as linguas que non pertencen, coma o chinés, a unha caste especificamente isolante. O significado que mellor corresponde ó termo “inflectivo” pódese obter se se examinan brevemente os trazos básicos do latín e do grego que foron considerados típicos das linguas “inflectivas”. Primeiro de nada, son máis sintéticas ca analíticas. Isto non é de moita axuda. En relación con moitas outras linguas que se asemellan a elas en termos estruturais, o latín e o grego non son linguas notablemente sintéticas. Por outra banda, dos seus descendentes modernos, o italiano e o grego modernos, aínda que son moito máis analíticos,¹³ non se pode dicir que, dende un punto de vista estrutural, se separasen o suficiente como para as podemos catalogar noutro grupo distinto. Unha lingua inflectiva, debemos insistir, pode ser analítica, sintética ou polisintética.

O latín e o grego sérvense sobre todo do método da afixación e dan grande importancia á sufixación. As linguas aglutinativas son tan tipicamente afixantes coma elas. De entre as aglutinativas, algunhas favorecen os prefixos; outras inclínanse polo uso de sufixos. A afixación por si soa non define a flexión. Quizais todo dependa de con que tipo de afixos haxa que tratar. Se comparamos as palabras inglesas *farmer* “labrego, granxeiro, agricultor,” e *goodness* “bondade” con *height* “altura” e *depth*, “profundidade, fondura” non podemos deixar de sorprendernos pola notable diferenza na técnica de afixación de cada un dos dous pares de exemplos. Os sufixos *-er* e *-ness* engádense de maneira mecánica ós elementos radicais que son á vez palabras

base analítica que no caso do chinook pode, en xeral, describirse como semellante á do inglés e no caso do navaho á do tibetano.

¹³ Isto atinxe en particular ó grupo de linguas románicas: o italiano, español, portugués, francés e romanés. O grego moderno non é tan claramente analítico.

independentes (*farm* “labrar; granxa”, *good* “bo”). Non son, de ningún modo, elementos significantes que poidan funcionar autonomamente, pero determinan o significado (axentivo, calidade abstracta) de maneira eficaz e directa. O seu uso é simple e regular e non deberamos ter problemas para amecelos a calquera verbo ou a calquera adxectivo, por moi recentes que estes sexan na lingua. No inglés, a partir do verbo *to camouflage* “camuflar” podemos formar o nome *camouflager* “alguén que se camufla,” do adxectivo *jazzy* “sincopado, discordante, parecido ó jazz” dérívase perfectamente *jazziness* “calidade do que é *jazzy*”. É diferente o caso de *height* e *depth*. Dende unha perspectiva funcional, a relación con *high* e *deep* é xusto a que se dá entre *goodness* e *good* pero o grao de coalescencia entre o elemento radical e o afixo é maior. O elemento radical e o elemento afixal, perceptiblemente distintos, non poden separarse coa mesma facilidade con que se separan *good* e *-ness* en *goodness*. O *-t* de *height* non é a forma típica do afixo (compárense *strength* “forza, vigor”, *length* “lonxitude, longura”, *filth* “sucidade, porquería”, *breadth* “anchura, larganza”, *youth* “xuventude, mocidade”), e *dep-* non é idéntico a *deep*. Podemos designar os dous tipos de afixación como “fusión” e “xustaposición.” A técnica da xustaposición, se nos gusta, podemos denominala “aglutinativa.”

En consecuencia, a técnica da fusión constitúe a esencia da flexión? Temo que aínda non chegásemos á nosa meta. Se o inglés estivese ateigado de coalescencias do tipo de *depth*, anque, por outra parte, usase o plural sen ter en conta a concordancia co verbo (e.g., *The books falls* [“os libros cae”] igual ca *The book falls* [“o libro cae”], ou *The book fall* [“o libro caen”] como *The books fall* [“os libros caen”]); se usase as terminacións persoais con independencia do tempo (e.g., *The book fells* por *The book falls* [“o libro cae”]*, ou *The book fall* por *The book fell* [“o libro

* N. do T. No inglés, a desinencia *-s* úsase coa terceira persoa do singular do presente (*It falls* “cae”) mais non do pasado (*It fell* “caeu”).

caeu”]), e os pronomes con independencia do caso (e.g., *I see he* igual ca *He sees me* [“el veme”], ou *Him see the man* por *The man sees him* [“O home veo”]), se cadra dubidabamos en describilo como lingua inflectiva. O simple feito da fusión non parece que chegue a satisfacernos no sentido de ser por si só un claro indicativo do proceso flexional. Hai, de certo, un gran número de linguas que funden o elemento radical e o afixo de maneira tan plena e intrincada como sexamos quen de imaxinar sen por iso daren signos do particular formalismo que caracteriza como linguas flexivas o latín e o grego.

O que se afirmou sobre a fusión é igualmente aplicable ós procesos simbólicos.¹⁴ Hai lingüistas que falan de alternancias do tipo de *drink* “bebo” e *drank* “bebín” coma se fosen o punto culminante da flexión, unha especie de quintaesencia espiritualizada da forma flexional pura. Non obstante, en formas gregas coma *pepomphe-a* “enviei,” que se contrapón a *pemp-o* “envío” polo triplo cambio simbólico do seu elemento radical (reduplicación de *pe-*, cambio de *e* para *o*, cambio de *p* para *ph*), o que lle dá carácter flexional é a peculiar alternancia da primeira persoa do singular do perfecto *-a* co *-o* do presente. Nada podería ser máis inexacto que imaxinar que os cambios simbólicos do elemento radical, mesmo para a expresión de conceptos abstractos coma os de número e tempo, se asocian sempre coas particularidades sintácticas dunha lingua inflectiva. Se por lingua aglutinativa temos en perspectiva a que engade afixos seguindo a técnica da xustaposición, non podemos dicir outra cousa que hai centos de linguas fusionadoras e simbólicas –non aglutinativas por definición– e que son, a pesar diso, absolutamente alleas no seu espírito ó tipo inflectivo do latín e do grego. Podemos chamar inflectivas (flexivas ou flexionais) a esas linguas se así o queremos, mais nese caso cómpre estarmos preparados para unha revisión radical da noción de forma flexional.

¹⁴ Véxanse as páxinas 133 e 134.

É necesario entender que a fusión do elemento radical e o afixo se pode considerar nun sentido psicolóxico máis amplo do que indiquei ata agora. Se todo plural en inglés fose do tipo *book* : *books* [en galego, *libro* : *libros*], se non houbera patróns conflitivos como *deer* : *deer*, *ox* : *oxen*, *goose* : *geese* [formalmente irregulares en inglés; en galego, regulares, *cervo* : *cervos*, *boi* : *bois*, *ganso* : *gansos*, respectivamente] que complican o marco xeral da formación do plural, non nos ficaría a menor dúbida de que a fusión dos elementos *book* e-*s* na palabra unificada *books* se sentiría un pouco menos perfecta do que en verdade é. Inconscientemente, un razoa, ou sente, sobre este tema da maneira que segue: se o patrón formal representado pola palabra *books* é idéntico, no que respecta ó uso, ó da palabra *oxen*, os elementos pluralizantes *-s* e *-en* non poden ter un valor tan definido e tan autónomo como a primeira vista poderíamos supoñer. Son só elementos plurais en tanto que o plural se predica de conceptos seleccionados. As palabras *books* “libros” e *oxen* “bois” son, xa que logo, algo máis do que mecánicas combinacións do símbolo dunha cousa (*book*, *ox*) e dun claro símbolo de pluralidade. Do punto de vista psicolóxico, hai unha lixeira incerteza ou confusión acerca da unión que se realiza en *book-s* e *ox-en*. A forza do *-s* e do *-en* aparece un pouco anticipada ou apropiada polas palabras en si, *book* e *ox* ; da mesma maneira, a forza conceptual de *-th* en *dep-th* é bastante máis frouxa cá de *-ness* en *good-ness* , a pesar do paralelismo funcional que existe entre *depth* and *goodness*. Cando hai incerteza acerca da unión, cando o elemento afixado non pode reclamar por dereito propio a posesión completa do significado, a palabra enteira como unidade aparece realizada de maneira moito máis pronunciada. A mente debe estearse en algo e se non pode repousar facilmente nos elementos constitutivos, asume de contado a palabra como un todo. Unha palabra como *goodness* “bondade” ilustra a “aglutinación;” *books* “libros”, unha “fusión normal;” *depth*

“profundidade”, unha “fusión irregular;” *geese* unha fusión “simbólica” ou “simbolismo.”¹⁵

A distintividade psicolóxica dos elementos afixados nun termo aglutinativo pode ser aínda máis marcada que no *-ness* de *goodness*. Para sermos exactos, a significación de *-ness* non está tan esencialmente determinada, nin é tan autónoma, como podería ser. Atópase á mercé do elemento radical precedente ata o extremo de que é obrigado que o preceda un tipo particular de elemento, a saber, un adxectivo. Deste modo, o seu poder está controlado de antemán. En todo caso, a fusión é aquí tan vaga e elemental, é algo tan natural na maioría dos casos de afixación, que é case normal pasar por alto a súa realidade e destacar ante todo o carácter de xustaposición ou aglutinación do procedemento de afixación. Se o sufixo *-ness* puidese engadirse como un elemento abstracto a todos e cada un dos tipos de elementos radicais, se puidésemos dicir *fightness* (“o acto ou calidade de loitar”) ou *waterness* (“a calidade ou estado da auga”) ou *awayness* (“o estado de estar lonxe”) do mesmo modo que dicimos *goodness* (“o estado de ser bo”), achegariámonos sensiblemente ó pólo aglutinativo. Unha lingua que se incline a unha síntese desta índole, articulada con tanta liberdade, pódese considerar exemplo do tipo aglutinativo ideal, en particular se os conceptos expresados polos elementos aglutinados son relacionais ou, polo menos, pertencen á clase máis abstracta das ideas derivativas.

Pódense citar formas tiradas do nootka moi aleccionadoras. Imos voltar por un momento ó mencionado “fire in the house” (“lume na casa”).¹⁶ A palabra nootka *inikw-ihl* “lume na casa” non é unha palabra tan formalizada nin tan rematada

¹⁵ As seguintes formulas poden ser útiles para aqueles que teñan inclinacións matemáticas. A aglutinación: $c = a + b$; a fusión regular: $c = a + (b - x) + x$; a fusión irregular: $c = (a - x) + (b - y) + (x + y)$; o simbolismo: $c = (a - x) + x$. Non quero dicir con isto que haxa un certo valor místico no proceso de fusión. É moi probable que se desenvolvese como un poduto puramente mecánico de forzas fonéticas que produciran irregularidades de varios tipos.

¹⁶ Véxase a páxina 110.

como a súa tradución suxire. En realidade, o elemento radical *inikw-* “lume” é un termo verbal e asemade nominal; ora pode traducirse por “lume,” ora por “arder,” conforme as esixencias sintácticas da oración. O elemento derivativo *-ihl* “na casa” non reduce esa vaguidade ou xeneralidade; *inikw-ihl* continúa sendo “lume na casa” ou “arder na casa.” Pódese nominalizar ou verbalizar de maneira definitiva mediante a afixación de elementos que, en rigor, sexan exclusivamente nominais ou verbais. Por exemplo, *inikw-ihl-’i*, co artigo sufixado, é unha clara forma nominal: “o acto de queimar algo na casa, o lume na casa”; *inikw-ihl-ma*, co sufixo de indicativo, é da mesma maneira nidiamente verbal: “arde na casa.” O débil que ten que ser o grao de fusión entre o elemento equivalente a “lume na casa” e o sufixo nominalizador ou verbalizador é patente polo feito de que *inikwihl*, indeterminada dende o punto de vista formal, non é unha abstracción obtida por análise senón unha palabra completa, lista para o uso na oración. O nominalizador *-’i* e o indicativo *-ma* non son afixos formais fundidos coa raíz; son simplemente adicións de contido formal. Pero podemos seguir mantendo en suspenso a natureza verbal ou nominal de *inikwihl* moito antes de chegar ó *-’i* ou ó *-ma*. Podemos poñela en plural: *inikw-ihl-’minih* continúa a ser ou ben “lumes na casa” ou ben “arder pluralmente na casa.”*Podemos facer un diminutivo dese plural: *inikw-ihl-’minih-’is*, “lumiños na casa” ou “arder plural e escasamente na casa.” E pasa algo se engadimos o sufixo de pretérito-*it*? Non é *inikw-ihl-’minih-’is-it* necesariamente un verbo: “arderon varios lumes pequenos na casa”? Pois non, non o é. E aínda así pódese nominalizar; *inikwihl’minih’isit-’i* quere dicir “os antigos lumes pequenos na casa, os lumiños que antano arderon na casa.” Non será un verbo indiscutible ata que adquiera unha forma que exclúa toda outra posibilidade,

* N. do T. Isto é: “Arden varios lumes na casa.”

como ocorre no indicativo *inikwihl-minih'isit-a* “varios lumiños arderon na casa.” De seguida se recoñece que os elementos *-ihl*, *-'minih*, *-'is*, and *-it*, á parte da natureza máis ou menos concreta ou abstracta do seu contido, e á parte, con máis razón, do grao de cohesión (fonética) externa que teña cos elementos que os preceden, manteñen unha independencia psicolóxica que en ningún momento chegaron a ter os nosos sufixos. Son elementos tipicamente aglutinados, malia non teren maior independencia externa nin capacidade de viviren sen o elemento radical ó que se afixan cás que ten o sufixo *-ness* de *goodness* ou o *-s* de *books*. Disto non se segue que unha lingua aglutinativa non poida facer uso, en boa medida, do principio da fusión, tanto externa coma psicolóxica, ou ata do simbolismo. É unha cuestión de tendencia. Dáse unha inclinación formal claramente perceptible cara ó método aglutinativo? Se é así, a lingua é “aglutinativa.” E, como tal, poderá ser prefixante ou sufixante, analítica, sintética, ou polisintética.

Volvendo á flexion, unha lingua inflectiva coma o latín ou o grego utiliza o método da fusión, e esta fusión ten un significado psicolóxico interno, e un significado fonético externo. Mais non abonda con que a fusión opere meramente na esfera dos conceptos derivativos (grupo II),¹⁷ debe tamén abranguer as relacións sintácticas, que poden ser expresadas en forma pura (grupo IV), ou ben, como ocorre no latín e no grego, como “conceptos concretos de relación” (grupo III).¹⁸ No que atinxe

¹⁷ Véxase o Capítulo 5.

¹⁸ Se non aceptamos que o termo “inflectivo” (ou “flexional”) se poida aplicar a linguas fusionadoras que expresan relacións sintácticas nunha forma pura, isto é, sen a participación de conceptos tales como número, xénero e tempo, só porque tales termos nos son familiares no latín e no grego, corremos o risco de facer da “inflexion” (ou “flexión”) un concepto aínda máis arbitrario do que necesita ser. Ó mesmo tempo é verdade que o método da propia fusión tende a destruír a fronteira entre os grupos II e IV, para crear o grupo III. E, con todo e iso, aínda non se debería desbotar a posibilidade de tales linguas inflectivas. No tibetano moderno, por exemplo, no que os conceptos do grupo II apenas son expresados, se é que o son, e no que os conceptos de relación (e.g., o xenitivo, o axentivo ou o instrumental) se expresan sen mestura do material, atopamos moitos exemplos interesantes de fusión, incluso de simbolismo. *Mi di*, “home este, o home,” é, por exemplo, unha

ó latín e o grego, a súa flexión consiste esencialmente na fusión de elementos que expresan lóxicamente conceptos relacionais impuros con elementos radicais e con outros elementos que expresan conceptos derivativos. A fusión como método xeral e mais a expresión de conceptos de relación na palabra son necesarios para a noción de “flexión.”

Mais, definir así a flexión significa cuestionar o valor do termo para describir unha clase maior. Por que destacar unha técnica e un contido ó mesmo tempo? Sen dúbida deberíamos aclararnos sobre cal deles estimamos máis. “Fusional” e “simbólico” contrastan con “aglutinativo,” que non é de ningún modo o mesmo ca “inflectivo”. Que habemos facer coas linguas fusionais e simbólicas que non expresan os conceptos relacionais na palabra senón que os deixan para a oración? Teríamos que distinguir entre as linguas aglutinativas que expresan os mesmos conceptos na palabra —e que nese sentido son semellantes ás inflectivas— e as que non o fan? Rexeitamos, para o propósito que aquí nos ten, a escala de linguas analíticas, sintéticas e polisintéticas por se focar de máis no aspecto cuantitativo. A de isolantes, afixantes e simbólicas parece, así mesmo, insuficiente pola razón de que pon demasiada énfase en aspectos técnicos externos. Isolantes, aglutinativas, fusionais e simbólicas é un esquema preferible, mais aínda bordea o externo. Ha de ser mellor, paréceme a min, manter o termo “inflectivo” (ou “flexional”) a modo de útil suxestión para un esquema máis amplo e coherente, ou dito doutro xeito, como estímulo de cara a unha clasificación que se basee na natureza dos conceptos

forma absoluta que se pode usar como suxeito dun verbo intransitivo. Cando o verbo é transitivo (en realidade pasivo), o suxeito (lóxico) ten que asumir a forma axentiva. *Mi di*, daquela, tórnase *mi di* “polo home,” simplemente alongando a vogal do pronome demostrativo (ou artigo), aínda que probablemente mude tamén o ton da sílaba. Isto, dende logo, é o que constitúe a esencia da flexión. Que o tibetano moderno poida, a pesar de todo, clasificarse, non de maneira totalmente impropia, como lingua isolante, á marxe de exemplos de fusión e simbolismo como os xa mencionados, constitúe dende logo unha chamada de atención sobre a insuficiencia da clasificación actual, que considera os grupos “inflectivo” e “isolante” como mundos completamente á parte.

expresados pola linguaxe. As outras dúas clasificacións, a primeira baseada no grao de síntese, e a segunda, no grao de fusión dos elementos, poderían manterse como esquemas que facilitan o entrecruzamento e brindan a oportunidade de subdividir os nosos principais tipos conceptuais.

É bo recordar que todas as linguas necesitan expresar conceptos radicais (grupo I) e ideas relacionais (grupo IV). No que toca ós outros dous grandes grupos de conceptos, os derivativos (grupo II) e o relacionais mixtos (grupo III), podémonos atopar con que están ambos ausentes, que estean os dous presentes, ou que só un deles teña presenza. Isto proporciónanos un método simple, incisivo e absolutamente inclusivo co que se poden clasificar todas as linguas. É este:

- A. As que expresan só conceptos dos grupos I e IV; noutras palabras, linguas que manteñen relacións sintácticas puras e que non posúen o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos.¹⁹ Podemos denominalas *Linguas sen derivación de relacións puras* ou, máis concisamente, *Linguas simples de relacións puras*. Estas son as linguas que máis se aproximan ó miolo da expresión lingüística.
- B. As que expresan conceptos dos grupos I, II, and IV; noutras palabras, linguas que conservan as relacións sintácticas puras e que posúen o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos. Esta son as *Linguas derivativas (ou con derivación) e de relacións puras* ou *Linguas complexas de relacións puras*.

¹⁹ Elimino por completo a posibilidade de composición de dous ou máis elementos radicais nunha única palabra ou frases que funcionan a modo de palabras (véxase as páxinas 67-70). Considerar de maneira expresa a composición no presente estudo de tipos sería complicar o noso problema. A meirande parte das linguas que non teñen afixos derivativos de ningún tipo poden a pesar de todo facer uso da composición libre de elementos radicais (de palabras independentes). Tales compostos poden ter unha fixeza que simula moitas veces a unidade das palabras simples.

- C. As que expresan conceptos dos grupos I e III;²⁰ noutras palabras, linguas nas cales as relacións sintácticas se expresan en conexión necesaria con conceptos que non están totalmente desprovistos de significación concreta, mais que non posúen, á parte desa mestura, o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos.²¹ Estas son as *Linguas non derivativas (sen derivación) de relacións mixtas* ou *Linguas simples de relacións mixtas*.
- D. As que expresan conceptos dos grupos I, II, e III; noutras palabras, linguas nas que as relacións sintácticas se expresan de forma mixta, como en C, e que tamén posúen o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos. Estas son as *Linguas derivativas (con derivación) de relacións mixtas* ou *Linguas complexas de relacións mixtas*. A este tipo de linguas pertencen as “inflectivas” coas que estamos máis familiarizados e moitas linguas aglutinativas, algunhas polisintéticas e outras meramente sintéticas.

Esta clasificación conceptual das linguas, debo repetir, prescinde dos aspectos externos e técnicos da linguaxe. Responde, de feito, a dúas cuestións fundamentais que concirnen a tradución de conceptos en símbolos lingüísticos.

²⁰ Podemos asumir que nestas linguas e nas do tipo D, a totalidade dos conceptos de relación ou a gran maioría exprésanse de forma mixta e que, por exemplo, un concepto coma o da subxectividade non pode expresarse sen que se vexan involucrados simultaneamente o número e o xénero, ou que unha forma verbal activa ten que adoptar un tempo definido. De aí que se deba entender que o grupo III inclúe, ou absorbe, o grupo IV. En teoría, por suposto, certos conceptos relacionais poden ser expresados de forma pura, e outros de forma mixta, pero na paráctica non é fácil facer a distinción.

²¹ A liña de separación entre os tipos C e D non se pode debuxar de maneira nidia. É principalmente unha cuestión de grao. Unha lingua de tipo relacional marcadamente mixta, pero de pouco poder derivativo, coma o bantú e o francés, pode ser convenientemente clasificada dentro do tipo C, aínda que non estea desprovida dunha serie de afixos derivacionais. En termos xerais, as linguas de tipo C pódense considerar formas do tipo D altamente analíticas (“purificadas”).

A primeira pregunta é esta: mantén a lingua os seus conceptos radicais puros ou constrúe as súas ideas concretas mediante a agregación de elementos inseparables (os tipos A e C fronte ós tipos B e D)?

E a segunda é esta: mantén, ou non, a lingua os conceptos relacionais básicos, aqueles que son absolutamente inevitables na ordenación dunha proposición, sen mesturalos con elementos concretos (os tipos A e B fronte a C e D)?

Das dúas, a min paréceme que a segunda é a máis importante. Podemos, polo tanto, simplificar a nosa clasificación e presentala na seguinte forma:

- | | | |
|---|---|--------------|
| I. Linguas de relacións puras (ou relacionais puras) | { | A. Simples |
| | | B. Complexas |
| II. Linguas de relacións mixtas (ou relacionais mixtas) | { | C. Simples |
| | | D. Complexas |

Esta clasificación é radical e xeral de máis para que poida servir de base á elaboración dun esbozo sinxelo e descritivo das moitas variedades da fala humana. Cómpre ampliála. Cada un dos tipos A, B, C e D pode dividirse á vez nos subtipos aglutinativo, fusional e simbólico, segundo o método dominante de modificación do elemento radical. No tipo A, ademais, distínguese un subtipo isolante, caracterizado pola ausencia de todos os afixos e modificacións no elemento radical. Nas linguas isolantes, as relacións sintácticas exprésanse por medio da posición das palabras na oración. O mesmo se pode dicir de moitas linguas do tipo B, nas que os termos aglutinativo, fusional e simbólico se aplican exclusivamente ó tratamento dos conceptos derivativos e non ó dos conceptos relacionais. A tales linguas poderíamos denominalas “aglutinativas-isolantes”, “fusionais-isolantes” e “simbólicas-isolantes”.

Neste punto vémonos abocados á importante consideración xeral de que o método de tratamento dun grupo de conceptos

non precisa, de modo ningún, ser idéntico ó usado por outro grupo. Os termos compostos poderían usarse para indicar esta diferenza, se se desexase. O primeiro elemento do composto podería referirse ó tratamento dos conceptos do grupo II, o segundo ó dos conceptos dos grupos III e IV. Unha lingua “aglutinativa” debería entenderse que designa una lingua que aglutina todos os seus elementos afixados, ou que o fai na maior parte dos casos. Nunha lingua “fusional-aglutinativa”, os elementos derivativos aglutínanse ás veces na forma de prefixos, mentres os elementos relacionais (puros ou mixtos) se funden co elemento radical, posiblemente como outro grupo de prefixos que segue ó primeiro grupo, ora en forma de sufixos, ora en parte en forma de prefixos e en parte de sufixos. Por lingua “fusional-aglutinativa” entenderíamos unha que funde os seus elementos derivativos pero que permite unha maior independencia a aqueloutros elementos que indican relacións. Todas estas distincións, e outras similares, non son soamente posibilidades teóricas; pódense ilustrar copiosamente describindo feitos lingüísticos de índole morfolóxica. Máis adiante, se se coida desexable insistir no grao de elaboración da palabra, os termos “analítico”, “sintético” e “polisintético” poderíanse engadir como termos descritivos. Non fai falla dicir que as linguas de tipo A son forzosamente analíticas e que as linguas de tipo C, sendo predominantemente analíticas, non é probable que se desenvolvan máis alá do estadio sintético.

Ora ben, non temos por que concederlle demasiada importancia á terminoloxía. Todo depende da énfase relativa que se poña neste ou naquel trazo ou punto de vista. O método de clasificación de linguas aquí proposto ten esta gran vantaxe, que se pode refinar ou simplificar conforme as necesidades da discusión concreta de que se trate. O grao de síntese pódese ignorar por completo; a “fusión” e o “simbolismo” pódense a miúdo combinar con proveito baixo a etiqueta de “fusión”; mesmo a diferenza entre aglutinación e fusión se pode deixar a un lado,

se así se quere, tanto porque sexa demasiado difícil de delimitar como porque sexa irrelevante para o caso. As linguas, á fin e ó cabo, son estruturas históricas extraordinariamente complexas. É moito menos importante encaixar cada lingua nun grupo determinado que o feito de idear un método flexible que nos permite situar cada lingua, dende dous ou tres puntos de vista independentes, con relación ás outras. Todo isto non significa que certos tipos lingüísticos non sexan máis estables ou estean máis representados ca outros, que son igualmente normais dende unha perspectiva teórica. Mais estamos aínda demasiado pouco informados acerca do espírito estrutural de gran número de linguas para arrogarnos o dereito de elaborar unha clasificación que non sexa outra cousa que flexible e experimental.

O lector poderá ter unha idea máis vívida das posibilidades da morfoloxía lingüística se bota un ollo á táboa analítica dos tipos seleccionados incluída aquí debaixo. As columnas I, II e III refírense ós grupos de conceptos así numerados no capítulo precedente. As letras *a*, *b*, *c* e *d* refírense, respectivamente, ós procesos de isolación (posición na oración), aglutinación, fusión e simbolismo. Cando se emprega máis dunha técnica, colócanse por orde de importancia.²²

²² Cando se pretende definir o tipo de lingua ó que pertence un determinado idioma, cómpre ter coidado de non confundir trazos estruturais que poidan pertencer a un estadio antigo, que non teñan vida produtiva e non formen parte do patrón ou esquema inconsciente da lingua. Todas as linguas dan abeiro a unha chea destes elementos petrificados. O inglés *-ster* de *spinster* e *Webster* é un vello sufixo de axente, pero, no que atinxe ó sentimento da xeración anglofalante do presente, non se pode dicir que o sexa realmente; *spinter* e *Webster* desligáronse por completo do grupo etimolóxico de *spin* e de *weave* (*web*). De modo análogo, pódese dicir que existen moreas de palabras relacionadas entre si en chinés que difiren na consoante inicial, na vogal, no ton, ou na presenza ou ausencia dunha consoante final. E mesmo así, aínda que o chinés perciba a relación etimolóxica –e nalgúns casos é imposible que non a perciba–, non saberá asignar unha función concreta á variación fonética en tanto que tal. Polo tanto, esa variación non constitúe un trazo vivo do mecanismo lingüístico e convén ignoralo se se pretende definir a forma xeral da lingua. A precaución aínda é máis necesaria cando é precisamente o estranxeiro o que se aproxima á nova lingua cunha certa curiosidade esculcadora, pois é quen máis vida tende a ver en trazos que o nativo non ten para nada en conta ou que os sente como vestixios de formas mortas.

Tipo Fundamental	I	II	III	Técnica
A (Simple de relacións puras)	—	—	a	Isolante
	(d)	—	a, b	Isolante (débilmente aglutinativo)
	(b)	—	a, b, c	Aglutinativo (moderadamente aglutinativo-fusional)
B (Complejo de relacións puras)	b, (d)	—	a	Aglutinativo-isolante
	b	—	a, (b)	Aglutinativo-isolante
	c	—	a	Fusional-isolante
	b	—	b	Aglutinativo
	b, d	(b)	b	Aglutinativo (matizadamente simbólico)
	c, d, (b)	—	a, b	Fusional-aglutinativo (moderadamente simbólico)
	b	—	c	Aglutinativo-fusional
	c	—	c	Fusional
d, c	(d)	d, c, a	Simbólico	
C (Simple de relacións mixtas)	(b)	b	—	Aglutinativo
	(c)	c, (d)	a	Fusional
D (Complejo de relacións mixtas)	b, c, d	b	b	Aglutinativo (matizadamente simbólico)
	c, (d)	b	—	Fusional-aglutinativo
	c, (d)	c, (d), (b)	—	Fusional
	c	c, d	a	Fusional
	c, d	c, d	—	Fusional (matizadamente simbólico)
	c, b, d	c, d	(a)	Fusional (fortemente simbólico)
	d, c	c, d	(a)	Simbólico-fusional

²³ Case podería colocarse dentro de D.

²⁴ Case podería considerarse dentro do tipo complexo de relacións puras.

	Síntese	Exemplos
	Analítico	Chinés; Annamita
	Analítico	Ewe (Costa da Guinea)
	Analítico	Tibetano Moderno
	Analítico	Polinesio
	Polisintético	Haida
	Analítico	Camboxano
	Sintético	Turco
	Polisintético	Yana (Norte de California)
	Sintético (moderadamente)	Tibetano Clásico
	Sintético (moderadamente polisintético)	Sioux
	Sintético	Salinano (Sudoeste de California)
	Analítico	Shilluk (Alto Nilo)
	Sintético	Bantú
	Analítico (moderadamente sintético)	Francés ²³
	Polisintético	Nootka (Illa de Vancouver) ²⁴
	Polisintético (moderadamente)	Chinook (Curso Baixo do Río Columbia)
	Polisintético	Algonquino
	Analítico	Inglés
	Sintético	Latín, Grego, Sanscrito
	Sintético	Takelma (Sudoeste de Oregon)
	Sintético	Linguas Semíticas (Árabe, Hebreo)

Non é necesario salientar que estes exemplos están moi lonxe de esgotar as posibilidades de estrutura lingüística. Nin dicir que o feito de que dúas linguas aparezan clasificadas de maneira similar non equivale a que teñan que parecerse superficialmente. No que aquí estamos máis interesados é nos trazos fundamentais e xeneralizados do seu espírito, na técnica e no grao de elaboración dunha lingua dada. A pesar de todo, en numerosos exemplos é posible observar un feito destacado e suxerinte: que as linguas que pertencen á mesma clase presentan paralelismos en infinidade de detalles ou en trazos estruturais que non se tiveron en conta no esquema da clasificación. Así, poderíase esbozar un moi interesante paralelismo estrutural entre o takelma e o grego,²⁵ linguas que están tan lonxe a unha da outra xeograficamente, e tan desligadas en sentido histórico como o poderían estar calquera outras dúas linguas que se escollesen ó chou. O seu parecido vai máis alá dos feitos xerais rexistrados na táboa. Case se podería pensar que trazos lingüísticos que se poderían considerar totalmente autónomos, e que en teoría non parecen vencellados, tenden, a pesar de todo, a se agruparen ou iren xuntos seguindo o fondo impulso cara á forma que controla e domina a deriva lingüística. Xa que logo, se só podemos estar seguros da similitude intuitiva de dúas linguas dadas, da súa posesión dun mesmo sentimento da forma subxacente, non temos por que sorprendernos ó atopar que procuran e evitan certas evolucións lingüísticas. Polo de agora, estamos moi lonxe de poder definir xustamente cales son esas fundamentais intuicións formais. Como moito, podemos percibilas de maneira vaga e debemos contentarnos na maior parte dos casos con anotar os seus síntomas. Estes síntomas están a ser recollidos nas gramáticas descritivas e históricas de moitas linguas. Talvez algún día sexamos quen de ler a partir

²⁵ Non o grego en concreto, por nada en particular, senón como típico representante do indoeuropeo.

delas os grandes plans ocultos que guían o desenvolvemento lingüístico.

Unha clasificación das linguas puramente técnica coma a que na actualidade as divide entre “isolantes”, “aglutinativas” e “inflectivas” (léase “fusionais”) non pode aspirar a ter un gran valor como instrumento que nos permita penetrar e descubrir as formas intuitivas da linguaxe. Non sei se a clasificación suxerida de catro grupos conceptuais nos vai levar ou non a un coñecemento das linguas máis profundo. Teño a sensación de que si, pero as clasificacións, esas perfectas construcións da mente especulativa, son máis incertas do que parecen. Teñen que poñerse á proba unha e outra vez, a cada oportunidade, antes de se poderen aceptar como válidas. Entrementres, pódenos ser de certa axuda a aplicación dun test histórico, bastante curioso, aínda que sinxelo. As linguas están nun proceso continuo de cambio, mais é razoable supoñer que tenden a preservar canto poden o máis fundamental das súas estruturas. Ora ben, se tomamos grandes grupos de linguas emparentadas xeneticamente,²⁶ atopamos que cando pasamos dunha a outra ou trazamos o curso do seu desenvolvemento, aparece adoito un cambio gradual de tipo morfolóxico. Nada disto nos sorprende, pois non hai razón pola que unha lingua teña que permanecer indefinidamente fiel á súa forma orixinal. É interesante, de todos os xeitos, reparar en tres cousas: en que, das tres clasificacións entrecruzadas representadas na nosa táboa (tipo conceptual, técnica e grao de síntese), é o grao de síntese o que semella cambiar máis axiña; en que a técnica é modificable pero con menos frecuencia ca aquel; e en que é o tipo conceptual o que tende a persistir máis tempo.

O material ilustrativo recollido na táboa é escaso de máis para valer de proba efectiva, pero ata onde alcanza resulta moi

²⁶ Noutras palabras, coma as que, atendendo a probas documentais ou comparativas, derivan dunha fonte común. Véxase o capítulo 7.

suxerinte dentro das súas limitacións. Os únicos cambios de tipo conceptual dentro de grupos de linguas relacionadas que se poden respigar na táboa son de B a A (o shilluk en contraste co ewe; ²⁷ o tibetano clásico en contraste co tibetano moderno e co chinés) e de D a C (o francés en contraste co latín).²⁸ Pero os tipos A : B e C : D están relacionados un co outro, respectivamente, como unha forma simple e complexa dun tipo aínda máis fundamental (de relacións puras ou de relacións mixtas). Do paso do tipo relacional puro ó relacional mixto, ou viceversa, non podo axuntar exemplos convincentes.

A táboa mostra de forma bastante clara a relativa pouca permanencia existente nos trazos técnicos da lingua. Que moitas veces linguas moi sintéticas (coma o latín e o sánscrito) se descompuxeran dando lugar a formas analíticas (coma o francés ou o bengalí) ou que linguas aglutinativas (coma o finés) foran adquirindo, gradualmente en moitos casos, trazos inflectivos (flexionais) son feitos ben coñecidos, pero a dedución de que posiblemente o contraste entre linguas sintéticas e analíticas, ou entre as aglutinativas e inflectivas (fusionais), non é, despois de todo, tan fundamental, non parece que fose resaltada moi a miúdo. Retornando agora ás linguas indochinesas, atopámonos con que o chinés é un exemplo de lingua isolante tan perfecto coma calquera outro exemplo no que poidamos pensar, e con que o tibetano clásico non só ten trazos fusionais senón trazos fortemente simbólicos (e.g., *g-tong-ba* “dar,” pasado *b-tang*, futuro *gtang*, imperativo *thong*). En todo caso, tanto o chinés coma o tibetano clásico son linguas de relacións puras. O ewe

²⁷ Estas dúas linguas son as representantes extremo-orientais e extremo-occidentais do grupo sudanés proposto por D. Westermann. A relación xenética entre o ewe e o shilluk é sumamente remota no mellor dos casos.

²⁸ Este caso é dubidoso. Situei o francés en C antes ca en D despois de moito consideralo. Todo depende de como un avalíe elementos como *-al* en *nacional* [“nacional”], *-té* en *bonté* [“bondade”], ou *re-* en *retourner* [“retornar”]. Son moi comúns, pero están vivos? Ou noutras palabras, están tan pouco petrificados, e son tan pouco librescos, coma os sufixos do inglés *-ness* e *-full* ou *un-*?

ou é isolante ou só levemente aglutinativo, mentres que o shilluk, aínda que sobriamente analítico, é unha das linguas máis simbólicas que coñezo. Ambas as dúas linguas sudanesas son de relacións puras. A relación entre o polinesio e o camboxano é remota, aínda que certa con case toda seguridade. A pesar de que o último presenta trazos fusionais máis marcados có primeiro,²⁹ ambos axústanse ó tipo complexo de relacións sintácticas puras. O yana e o salinano son linguas moi distintas na superficie. O yana é altamente polisintético e moi tipicamente aglutinativo, o salinano non é máis sintético nin é máis irregular nin compactamente fusional (“inflectivo”) có latín; ambas pertencen ó tipo lingüístico de relacións sintácticas puras. Pola súa parte, o chinook e o takelma, linguas remotamente relacionadas de Oregón, diverxeron moitísimo entre si, non só con respecto á técnica e á síntese en xeral senón a case todos os detalles da súa estrutura. Ambas son linguas complexas de relacións mixtas, aínda que de maneiras moi diferentes. Feitos coma estes prestan apoio á sospeita de que no contraste entre as linguas de relacións puras e as de relacións mixtas (ou de relacións concretas), atopámonos con algo máis profundo, de moito maior alcance, có contraste entre linguas isolantes, aglutinativas e fusionais.³⁰

²⁹ A pesar do seu carácter máis isolante.

³⁰ Nun libro deste tipo é naturalmente imposible ofrecer unha idea adecuada da estrutura lingüística nas súas variadas formas. Só é posible ofrecer unhas poucas indicacións esquemáticas. Cumpriría outro volume separado para darlle vida ó esquema. En tal volume destacaríanse as características estruturais máis salientables dun variado número de linguas, seleccionadas de tal sorte que o lector puidese adquirir unha certa idea da economía formal daqueles tipos lingüísticos que máis chaman a atención pola súa diverxencia.

A lingua como produto histórico: a deriva lingüística

Todos sabemos que a lingua varía. Dous individuos da mesma xeración e localidade, falando exactamente o mesmo dialecto e movéndose nos mesmos círculos sociais, nunca marchan ó únisono nos seus hábitos de fala. Unha investigación minuciosa da fala de cada individuo revelaría incontables diferenzas de detalle –na escolla de palabras, na estrutura da oración, na relativa frecuencia con que se usan certas formas ou combinacións de palabras, na pronuncia de certas vogais e consoantes, e de combinacións de vogais e consoantes e en todos aqueles trazos, tales como a rapidez, o acento e o ton, que dan vida á linguaxe falada. En certo sentido, non falan de maneira idéntica a mesma lingua, falan dialectos un pouco diverxentes da mesma lingua.

Hai, en todo caso, unha importante diferenza entre as variacións individuais e as variacións dialectais. Se tomamos dous dialectos estreitamente relacionados, digamos que o inglés falado polas “clases medias” de Londres, e o inglés falado polo novaiorquino medio, observaremos que, por moito que os falantes individuais de cada unha das cidades se diferencien entre si, o conxunto dos londinienses forman un grupo compacto, relativamente unificado en contraste co conxunto dos novaiorquinos. As variacións individuais son asolagadas ou absorbidas por certas concordancias maiores –digamos que de pronuncia e vocabulario– que resaltan con forza cando a lingua do conxunto do grupo se compara coa doutro grupo. Isto significa que hai algo así como unha entidade lingüística ideal que domina os hábitos de fala dos membros de cada grupo, e que a liberdade case ilimitada que cada individuo sente cando usa a súa lingua está en realidade restrinxida por unha norma que a dirixe de maneira tácita. Un individuo se cadra non se axusta á norma dun modo idiosincrático nalgún punto concreto, mentres

outro, que se cadra está máis cerca da media lingüística nese aspecto concreto en que o primeiro se aparta dela, é seguro que se separará do estándar nalgunha outra particularidade referida a calquera outro aspecto, e así sucesivamente. O que prevén as variacións individuais de adquiriren a importancia das variacións dialectais non é só o feito de seren pouco importantes, calquera que sexa o relevo que teñan –hai diferenzas dialectais moi marcadas que non son de maior magnitude cás variacións individuais dentro dun dialecto–, senón o feito de que o uso consensuado as “corrixen” ou elimina. Se todos os falantes dun determinado dialecto fosen arranxados con orde segundo o grao de conformidade co uso medio da lingua, non hai dúbida ningunha de que se constituiría unha serie gradual agrupada en torno a unha norma ou centro ben definidos. As diferenzas entre dous falantes próximos na serie pasaríanse por alto e non terían significancia máis que para a investigación lingüística máis microscópica.¹ As diferenzas entre os membros dos extremos da serie serían seguramente considerables, con toda probabilidade o suficientemente importantes como para se revelaren á altura dunha verdadeira variación dialectal. O que nos impide dicir que estes individuos atípicos falan dialectos distintos é que as súas peculiaridades, en tanto que vistas como un todo unificado, non se relacionan con ningunha outra norma máis que coa da súa propia serie.

Se a fala de cada membro da serie se puidese incorporar a unha serie diferente de dialectos,² non teríamos verdadeiras barreiras dialectais nin lingüísticas. Teríamos unicamente unha serie continua de variacións individuais que se estenderían por todo o espazo dunha área lingüística historicamente unificada.

¹ En tanto que non se arreden do grupo lingüístico normal por razóns debidas a un defecto de fala moi marcado, ou por tratarse de estranxeiros illados que adquiriron a lingua nunha idade serodia.

² Obsérvese que estamos a falar da lingua dun individuo no seu conxunto. Non se trata de illar algunha peculiaridade concreta da pronuncia ou uso e anotar a súa similitude ou identidade cun trazo doutro dialecto.

A división desta extensa área (nalgúns casos abarcando partes de varios continentes) en distintos dialectos e linguas sería fundamentalmente un acto arbitrario, sen outra xustificación para tal proceder que a conveniencia práctica. Pero tal concepción da natureza da variación dialectal non se corresponde cos feitos que coñecemos. Poden atoparse individuos illados que se sirven dunha especie de variedade de compromiso entre dous dialectos dunha lingua, e se o seu número e importancia medra, poden incluso acabar creando unha norma dialectal propia, un dialecto no que se achaian as peculiaridades extremas dos dous dialectos de que se orixinou. No debido tempo, ese dialecto intermedio pode absorber os dialectos que lle deron orixe, aínda que o máis frecuente é que estes tendan a prolongarse indefinidamente como formas marxinais da área dialectal ampliada. Mais tales fenómenos —e son comúns dabondo na historia das linguas— son dende logo moi secundarios. Aparecen intimamente vencellados a desenvolvementos sociais como a aparición dunha nacionalidade, á formación de literaturas que tentan chegar a audiencias non exclusivamente locais, ás migracións de poboación rural ás cidades, e ás varias outras tendencias que arromban o intenso localismo que o home pouco sofisticado sempre encontrou natural.

A explicación de cómo se xeran as primeiras diferenzas dialectais aínda está por investigar. Obviamente non chega con dicir que se un dialecto ou lingua se fala en dous lugares distintos ou dous estratos sociais distintos asume naturalmente formas distintivas, as cales co tempo acaban por seren diverxentes dabondo e mereceren o nome de dialectos. Certamente isto é verdade no que ten xustamente de explicación limitada. Os dialectos pertencen, en primeiro lugar, a grupos sociais perfectamente delimitados, e homoxéneos dabondo como para despregaren o sentimento e propósito comúns necesarios para a creación dunha norma. Mais ó momento xorde unha cuestión embarazosa: se todas as variacións individuais dentro dun dia-

lecto se asimilan constantemente á norma dialectal, se as peculiaridades do individuo non amosan unha tendencia apreciable a iniciar un cisma dialectal, por que tería que haber variacións dialectais? Non debería a norma reafirmarse de maneira automática no momento e no lugar en que estivese ameazada? Non se deberían amortecer as variacións de cada localidade, incluso na ausencia de intercambio entre elas, e someterse á mesma norma de fala aceptada por todos?

Se as variacións individuais de tipo horizontal fosen o único tipo de variabilidade na lingua, non saberíamos explicar como e por que nacen os dialectos, por que un prototipo lingüístico se escinde gradualmente nunha cantidade variable de linguas inintelixibles. Mais a lingua non é só algo que se estende no espazo, coma se unha única e inmutable representación atemporal se reflectise nunha serie de mentes individuais. A lingua flúe a través do tempo nunha corrente que ela mesma crea. Ten unha certa deriva. Se non se dese a ruptura dunha lingua en dialectos, se cada lingua continuase como unha unidade autónoma e sólida, a lingua continuaría distanciándose constantemente de toda norma dada, desenvolvendo de maneira incesante novos trazos e transformándose gradualmente nunha lingua tan diferente do seu punto de partida que sería en efecto unha nova lingua. Ora ben, os dialectos nacen non por causa do mero feito da variación individual senón porque dous ou máis grupos de individuos se tornaron suficientemente autónomos e desligados os uns dos outros como para colleren diferentes rutas ou marcharen de maneira independente, en vez de seguiren xuntos. En tanto se mantiveren esencialmente unidos, ningunha variación individual por importante que sexa levará á formación de novos dialectos. Na práctica, naturalmente, ningunha lingua se pode expandir sobre un vasto territorio, ou mesmo sobre unha zona considerable sen que mostre variacións dialectais, pois é imposible impedir que unha poboación numerosa se segregue en grupos locais, cada un coa súa propia fala, evoluíndo de maneira independente. Baixo

condicións culturais coma as que en aparencia prevalecen hoxe en día, que combaten, a cada paso, o localismo, a tendencia á escisión dialectal está sendo constantemente neutralizada e en parte “corrixida” polos factores uniformizadores xa sinalados. Aínda así, mesmo nun país tan novo como é América, as diferenzas dialectais non son pouco considerables.

En contextos primitivos, os grupos políticos son pequenos e a tendencia ó localismo extraordinariamente forte. É, pois, normal que as linguas dos pobos primitivos e, en xeral das poboacións non urbanas se amosen fragmentadas nun gran número de dialectos. Hai partes do globo onde case cada aldea ten o seu propio dialecto. A vida da comunidade dunha rexión limitada é apertada e intensa; a súa fala, como é de esperar, resulta en si mesma peculiar. É moi dubidoso que unha lingua chegue a falarse sobre unha área moi extensa sen se multiplicar dialectalmente. Non ben os vellos dialectos comezan a achaiarse en solucións de compromiso ou son varridos pola expansión e influencia do dialecto da cultura predominante cando unha nova morea de dialectos comezará a desfacer a acción niveladora do pasado. Foi exactamente o que pasou en Grecia, por exemplo. Na antigüidade clásica falábanse un número grande de dialectos locais, varios dos cales están representados na literatura. Cando a supremacía cultural de Atenas medrou, o seu dialecto, o ático, espallouse ás expensas do resto, ata que, no chamado período helenístico que seguiu á conquista macedonia, o dialecto ático, na forma vulgarizada que recibiu o nome de “koiné,” se converteu na lingua estándar de toda Grecia. Mais esta uniformidade lingüística non persistiu durante moito tempo.³ Nos dous milenios que separan o grego de hoxe do seu prototipo clásico, a “koiné” dividiuse pouco a pouco nunha serie de dialectos. Grecia presenta agora unha

³ Eu mesmo dubido se temos dereito a falar de uniformidade lingüística durante o predominio da “koiné”. É difícil de imaxinar que, ó adoparen a koiné ateniense, os varios grupos de gregos que non eran da Ática non impregnasen deseguida a súa pronuncia coas peculiaridades dialectais inducidas polos seus hábitos articulatorios anteriores.

diversidade tan rica na súa fala como nos tempos de Homero, aínda que os dialectos locais do presente, salvo os da mesma Ática, non son descendentes directos dos antigos dialectos da era pre-alexandrina.⁴ O caso de Grecia non é excepcional. Os vellos dialectos son destruídos de continuo só para deixar lugar a novos dialectos. As linguas poden cambiar en tantos puntos da fonética, da morfoloxía e do vocabulario que non nos debe sorprender que unha vez que a comunidade lingüística se rompeu escape en diferentes direccións. Sería demasiado esperar que unha lingua diversificada localmente se desenvolvese seguindo liñas estritamente paralelas. En canto a fala dunha localidade comeza a evolucionar pola súa propia conta, é case seguro que se afastará cada vez máis dos seus parentes lingüísticos. Ó fracasar o efecto retardador das interinfluencias dialectais, ás que xa fixen referencia, cada grupo de dialectos, no seu conxunto, diverxerá con relación a todos os outros.

Co tempo, cada dialecto vaise dividindo en subdialectos, que gradualmente se van investindo da dignidade de dialectos propiamente ditos ó tempo que os dialectos iniciais se acaban transformando en linguas inintelixibles entre si. E así continúa o proceso de xermolamento, ata que as diverxencias se volven tan grandes que unicamente un lingüista, armado con probas documentais e servíndose do método comparativo ou reconstructivo, poderá concluír que as linguas en cuestión estiveron xenealoxicamente relacionadas, e que, dito noutras palabras, representan liñas independentes de desenvolvemento dun remoto e común punto de partida. E, non obstante, isto é tan certo (polo menos tan certo como o pode ser calquera feito histórico) como que linguas modernas que se parecen tan pouco coma o irlandés, o inglés, o italiano, o grego, o ruso, o armenio, o persa e o bengalí non son no presente senón os puntos de chegada de derivas lingüísticas que

⁴ O dialecto zacónico de Lacedemonia é a única excepción. Non deriva da "koiné" senón do dialecto dórico de Esparta.

converxen nun punto de partida común no máis escuro pasado. Naturalmente, non hai razón para crermos que este antiquísimo prototipo “indoeuropeo” (ou “ario”), que en parte puidemos reconstruír e, en parte, aínda que fose de modo confuso, adiviñar, é en si máis do que un sinxelo “dialecto” dun grupo que, ou ben se extinguiu na maior parte, ou ben está agora representado por linguas diverxentes de máis para podermos recoñecer o seu claro parentesco cos limitados medios de que dispoñemos.⁵

De entrada, todas as linguas das que se sabe que están xeticamente emparentadas (i.e., que son formas diverxentes dun único prototipo) poden considerarse parte constituyente dunha “familia lingüística.” Nada hai de definitivo sobre isto da “familia lingüística.” Cando establecemos o termo, dixemos meramente que, en efecto, ata aí se podía chegar e non máis lonxe. En calquera momento das nosas pesquisas, unha inesperada raiola de luz pode acabar desvelándonos que a “familia” non é senón un “dialecto” dun grupo máis grande. Os termos dialecto, lingua, rama, familia –non fai falla dicilo– son puramente relativos. Poden cambiar na medida en que a nosa perspectiva se alargue ou se contraia.⁶ Resultaría en van especular agora acerca de se no futuro estaremos ou non capacitados para demostrar que todas as linguas proveñen dunha mesma fonte. En anos recentes, os lingüistas conseguiron facer sínteses históricas máis amplas cás que se crían factibles tempos atrás, do mesmo modo que estudosos da cultura foron capaces de mostrar conexións históricas entre áreas e institucións culturais que noutro tempo se crían totalmente alleas as unhas ás outras. O mundo humano contráese non só prospectivamente senón tamén cara a tras no que atinxe á exploración da historia da cultura. Malia todo, estamos aínda

⁵ Se ben non faltan indicios do que puido ser este parente remoto das linguas indoeuropeas. En todo caso, este é un tema que aínda se debate e un asunto pouco apropiado para un estudo xeral sobre a lingua coma este.

⁶ O termo “dialecto”, no sentido de oposto a unha norma literaria aceptada, é un uso que non se considera aquí.

moi lonxe de dar reducido o barullo de linguas faladas a un pequeno número de “familias.” Debemos aínda funcionar cun número moi considerable desas familias. Algunhas delas, coma a indoeuropea ou a indochinesa, cobren tremendas extensións; outras coma a vasca, esténdense curiosamente sobre territorios moi limitados,⁷ e son con toda probabilidade vestixios en declive de grupos que unha vez estiveron moito máis amplamente distribuídos. Polo que atinxe á orixe múltipla ou única da linguaxe, é probable que a lingua como institución humana (ou, se un o prefire, como “facultade” humana) só aparece unha única vez na historia da raza e que toda a súa complexa historia sexa un acontecemento cultural único. Non obstante, unha teoría coma esa, construída “en principios xerais” non ten interese real para a ciencia da lingüística. O que non sexa demostrable débesele deixar ó filósofo ou ó novelista.

Temos que volver agora ó concepto de “deriva” lingüística. Se os cambios históricos que teñen lugar nunha lingua, se a vasta acumulación de modificacións diminutas que co tempo resultan na súa remodelación completa non son en esencia idénticos ás variacións individuais que observamos en todo o noso redor, se estas variacións xorden só para morrer sen deixaren rastro, mentres os cambios igualmente pequenos, ou ata máis pequenos, que conforman a corrente da deriva lingüística fican impresos para sempre na historia da lingua, non será que lle estaremos a conceder a esa historia un certo halo místico? Non lle estamos dando á lingua o poder de mudar pola súa propia iniciativa en detrimento da involuntaria tendencia dos individuos a variaren a norma? E se esa mudanza da lingua non é unicamente o xa coñecido conxunto das variacións individuais vistas en perspectiva vertical, isto é, historicamente, senón horizontalmente, é dicir, na experiencia cotiá, que pode ser entón? A lingua só

⁷ No caso da “familia vasca” sobre unha pequena área na rexión dos Pireneos, entre Francia e España.

existe en tanto que se usa –en tanto que se fala, se oe, se escribe e le. Os cambios significativos que teñen lugar nela deben existir nun principio como variacións individuais. Isto é absolutamente certo, e, así e todo, de ningún modo se debe deducir de aquí que a deriva xeral da lingua se poida entender a partir dun exhaustivo estudo descritivo desas variacións.⁸ As mesmas variacións son fenómenos debidos ó azar,⁹ coma as ondas do mar, que van e veñen nun fluxo sen fin. Mais o cambio lingüístico ten dirección. Noutras palabras, só aquelas variacións individuais que o moven nunha certa dirección lle dan forma ou o conducen, tal e como só certos movementos das ondas na baía marcan a liña da marea. A deriva da lingua fica establecida por medio da selección inconsciente por parte dos falantes daquelas variacións individuais que acaban acumulándose nunha dirección determinada. Esta dirección pódese inferir, no fundamental, da historia desa lingua. Co correr do tempo, cada novo trazo da deriva lingüística pasa a formar parte da lingua común e a ser aceptada, pero durante moito tempo pode existir como mera tendencia na fala duns poucos, ou se cadra na duns poucos con pouco ou nada de prestixio. Mentres miramos ó noso redor e observamos o uso corrente da lingua, non é probable que se nos ocorra que a nosa lingua está atravesando unha “transformación,” que os cambios dos seguintes séculos se están prefigurando en certas escuras tendencias do presente e que estes cambios, cando se leven a cabo, non se verán senón como continuacións de cambios que xa se produciron. Na práctica, preferimos pensar que a nosa lingua é case un sistema fixo e que é igual de probable que todos os pequenos cambios que se van dar nela vaian nunha dirección coma noutra. Pero este sentimento é falaz. A nosa propia incerteza en torno ós detalles do inminente cambio fai moito máis impresionante a consistencia final da súa dirección. Ás veces podemos intuír

⁸ Ou máis ben captar, porque, dito cruamente, aínda non o comprendemos de todo.

⁹ Dende logo, en última instancia non só ó azar, senón só de modo relativo.

cara a onde nos leva a deriva da lingua, aínda cando loitemos contra ela. Probablemente, a maioría dos que están lendo estas palabras senten que é incorrecto dicir *Who did you see?* [literalmente “Quen viches?”]. Nós, lectores de moitos libros, aínda temos coidado de dicir *Whom did you see?* [“A quen viches?”] pero sentímonos probablemente un pouco incómodos (poida que mesmo orgullosos da incomodidade) cando o facemos. É probable que tentemos evitar a locución e digamos *Who was it you saw?* [literalmente “Quen era o que ti viches?”] conservando a tradición literaria (o *whom*) coa dignidade do silencio.¹⁰ O pobo non se desculpa. *Whom did you see?* pode valer para un epitafio, pero *Who did you see?* é a forma natural dunha pregunta impaciente. É, dende logo, á fala irrefreada e espontánea do pobo á que debemos mirar se queremos ter información sobre o movemento xeral da lingua. Non é arriscado profetizar que dentro dun par de séculos nin sequera o xurista máis culto dirá *Whom did you see?* Para daquela o *whom* será tan candidamente arcaico como o é hoxe o uso isabelino de “his” [“seu” masculino] por “its” [“seu” neutro].¹¹ Ningún argumento lóxico ou histórico valerá para salvar o desgrazado *whom*. A demostración da simetría “I : me = he : him = who : whom” será convincente na teoría mais, na práctica, ninguén lle fará caso.

Mesmo agora podemos chegar a afirmar que a maioría dos falantes ingleses desexa en segredo poder dicir *Who did you see?* Se algunha autoridade divina, desobedecendo o dedo acu-

¹⁰ Nas oracións de relativo tamén tendemos a evitar a forma obxectiva de *who* (“quen”). En vez de *The man whom I saw* [“O home a quen vin”] é máis probable que digamos *The man that I saw* [“O home que vin”] ou *The man I saw* [literalmente “O home (ó que) eu vin”].

¹¹ Houbo un tempo no que o *its* era unha incorrección tan flagrante coma o *who* de *Who did you see?* Entrou no inglés porque a vella separación entre masculino, feminino, e neutro foi substituída lentamente pero con firmeza por unha nova separación entre a clase dos obxectos e a clase dos seres animados. Esta última clasificación tornouse demasiado vital para que se consentise o emparellamento de machos e cousas (*his*) en oposición a femias (*her*). A forma *its* tivo que crearse por analogía con expresións do tipo *man’s* [“do home”], co fin de dar satisfacción ó crecente sentimento formal. A deriva evolutiva foi forte dabondo como para sancionar un disparate gramatical.

sador do pedagogo, lles dese ós falantes correntes carta branca, liberaría dun gran peso o seu inconsciente. Pero, con igual franqueza, debo dicir que non podemos anticipar alegremente o cambio e manter o tipo. Debemos finxirnos ignorantes de cara a onde imos e darnos por contentos co conflito entre a aceptación consciente pouco cómoda do *whom* e o desexo inconsciente do *who*.¹² Entre tanto, mostrámonos condescendentes co desexo furtivo que nos inspira a locución prohibida usando o *who* en certos casos fronteirizos nos que podemos desculpar a falta apelando á escusa do inconsciente. Imaxinemos que non estamos escoitando con atención e que alguén deixa caer o comentario *John Smith is coming tonight* [“John Smith vai vir esta noite”]. Como non entendemos ben o nome, preguntamos *Who did you say?* en vez de *Whom did you say?* [“Quen dixeches?”]. É probable que haxa unha pequena vacilación na escolla da forma, pero o precedente de usos como *Whom did you see?* [“A quen viches?”] ou *Whom did you mean?* [“A quen te referías?”] se cadra non nos parece razón suficiente para decidirmos a preguntar *Whom did you say?* Aínda que non sexa relevante, o gramático sempre pode facer a observación de que a oración *Who did you say?* non é estritamente análoga a *Whom did you see?* ou *Whom did you mean?* A pregunta encabezada por *who* é máis ben unha forma abreviada dunha oración como “*Who, did you say, is coming tonight?*” [literalmente “Quen, dicías, que vai vir esta noite?”]. Velaí a declaración exculpatória a que me referín antes, e realmente ten unha certa lóxica da súa parte. Pero, aínda así, hai moito menos caso do que o gramático coida que hai, pois en resposta a unha pregunta como *You’re a good hand at bridge, John, aren’t you?* [“Tes moi boa man xogando

¹² Os psicoanalistas recoñecerán o mecanismo. O mecanismo da “represión do impulso” e da súa simbolización sintomática pódese ilustrar nos máis inesperados recunchos da psicoloxía individual e grupal. Unha psicoloxía máis xeral cá de Freud acabará por demostrar que eses mecanismos se poden aplicar tanto á procura da forma abstracta e do ordenamento lóxico e estético da experiencia, como á vida dos instintos fundamentais.

ó bridge, non si, John?"]. John, un pouco sorprendido, podería murmurar *Did you say me?* [literalmente: “Dixeches min?”] pero é case seguro que non diga *Did you say I?* [literalmente: “Dixeches eu?”]. E, non obstante, a lóxica desta última (“*Did you say I was a good hand at bridge?*” [en galego: “Dixeches que tiña boa man xogando ó bridge?”]) é evidente. O que sucede é que o *whom* non ten vitalidade abonda para superar as pequenas dificultades que *me* soluciona sen esforzo. A correspondencia “*I : me = he : him = who : whom*” é, dende o punto de vista lóxico e histórico, perfecta pero incerta dende o punto de vista psicolóxico. *Whom did you see?* é correcta, mais a súa corrección ten algo de falsa.

Paga a pena ver a razón da nosa curiosa repugnancia a usar frases nas que entra a palabra *whom*, en especial no sentido interrogativo. As únicas formas caracteristicamente obxectivas que aínda temos en inglés son *me*, *him*, *her* (a última un pouco borrosa por ser idéntica ó posesivo *her*), *us*, *them*, and *whom*. En todos os outros casos o obxectivo acabou identificándose co subxectivo –isto é, na forma externa, pois non estamos tendo en conta a súa posición na oración. Ó mirarmos a lista de formas obxectivas, observamos inmediatamente que *whom* está psicolóxicamente illado. *Me*, *him*, *her*, *us*, and *them* forman un grupo sólido e ben integrado de pronomes persoais obxectivos, paralelo á serie subxectiva *I*, *he*, *she*, *we*, *they*. As formas *who* e *whom* son tecnicamente pronomes pero non se sente que formen parte da mesma categoría cós pronomes persoais. É claro que *Whom* ten unha posición débil, un flanco exposto, por así dicilo, pois as palabras cos mesmos posibles tenden a agruparse xuntas,* e se unha queda atrás, é probable que estea poñendo a vida en perigo. Ora ben, os outros pronomes interrogativos e

* N. do T. *Birds of a feather flock together*, “cada cal co seu igual”, “cada ovella coa súa parella”; *birds of a feather*, “xente da mesma calaña”, “xente de igual laia”; *to feather one’s nest*, “enriquecerse, encher os petos”. No galego popular “os posibles” equivale a “recursos”.

relativos (*which, what, that*), cos que *whom* se debería agrupar, non distinguen entre formas obxectivas e subxectivas. Non nos parece válido, dende un punto de vista psicolóxico, debuxar unha separación formal entre *whom* e os pronomes persoais, por un lado, e os restantes pronomes interrogativos e relativos, por outro. Os grupos formais deberan gardar unha relación simétrica cos grupos funcionais, aínda que non sexan a mesma cousa. Se *which, what, and that* tivesen formas obxectivas paralelas a *whom*, a posición deste último sería moito máis sólida. Na situación en que está, a palabra presenta un non se sabe que de antiestético. Suxire un patrón formal que non se ve completado polos outros membros do grupo. A única maneira de remediar esta distribución formal irregular é abandonar de vez a *whom*, pois non existe xa o poder de crear novas formas obxectivas e non se pode remodelar o grupo de *which-what-that* ata facelo paralelo ó grupo máis pequeno de *who-whom*. Unha vez que se elimina o *whom*, *who* únese ó seu grupo e o noso desexo inconsciente de simetría formal fica satisfeito. Non nos irritamos secretamente con *Whom did you see?* sen razón.¹³

Pero este repudio de *whom* ten aínda outros determinantes. As palabras *who* e *whom* no seu sentido interrogativo non só están relacionadas psicolóxicamente cos pronomes *which* (“cal”) e *what* (“que”), senón cun grupo de adverbios interrogativos –*where, when, how* (“onde, cando, como”)–, que son todos invariables e xeralmente enfáticos. Creo que se pode inferir en confianza que hai no inglés un sentimento fondo de que os pronomes e adverbios interrogativos, que son tipicamente elementos enfáticos na oración, deberían de ser invariables. O *-m* inflectivo de *whom* séntese como unha pexa á efectividade re-

¹³ Repárese en que é diferente de *whose*. *Whose* non ten o apoio de formas posesivas análogas no seu propio grupo funcional, mais o poder analóxico do gran número de posesivos de nomes (*man's* “do home”, *boy's* “do rapaz”) e mais o de certos pronomes persoais (*his* “seu, del”, *its* “seu, disto”; e como posesivos tamén *hers* “seu, dela”, *yours* “teu”, *theirs* “seu, deles”) é suficiente para conferirlle vitalidade.

tórica da palabra. Cómpre eliminala se o pronome interrogativo ha de recibir todo o seu poder latente. Hai aínda unha terceira razón, e moi poderosa, pola que se evita o *whom*. O contraste entre a serie subxectiva e obxectiva dos pronomes persoais (*I, he, she, we, they : me, him, her, us, them*) asóciase en inglés cunha diferenza na colocación. Dicimos *I see the man* (“Eu vexo o home”) pero *The man sees me* (“O home veme”); *He told him* (“El díxolle”) nunca *Him he told* (“Lle el dixo”) ou *him told he* (“Lle dixo el”). Usos coma os dous últimos son tipicamente poéticos e arcaicos. Opóñense á deriva presente da lingua. Ata nunha oración interrogativa un non di *Him did you see?* (“O viches ti?”). Son só as oracións do tipo *Whom did you see?* as que usan un obxectivo flexionado antes do verbo. Por outra banda, a orde en *Whom did you see?* é obrigatoria debido á súa forma interrogativa; o pronome ou adverbio interrogativo van normalmente ó comezo da oración (*What are you doing?* “Que fas?”, *When did he go?* “Cando se foi?”, *Where are you from?* “De onde es?”). No *whom* de *Whom did you see?* (“A quen viches?”) ocúltase, por tanto, un conflito entre a orde propia dunha oración que contén unha partícula obxectiva flexionada e a orde natural dunha oración cun pronome ou adverbio interrogativo. A solución *Did you see whom?* (“Viches a quen?”) ou *You saw whom?* (“Ti viches a quen?”)¹⁴ é demasiado contraria á evolución da lingua para que se poida considerar aceptable. A solución máis radical *Who did you see?* é a solución á que gradualmente se vai encamiñando a lingua.

Estes tres conflitos –en relación coa agrupación de formas, coa énfase retórica, e coa orde– agrávanse cunha cuarta dificultade. A enfática *whom*, coa súa pesada constitución (vogal

¹⁴ Á marxe de certos usos idiomáticos, como é o caso de *You saw whom?* [“A quen viches?”] no sentido equivalente de *You saw so and so and that so and so is who?* [“Viches a tal e tal pero quen é o tal?”]. En tales oracións *whom* pronúnciase en ton elevado e prolongado para remarcar o feito de que a persoa que o oínte acaba de referir non se coñece ou recoñece.

semilonga seguida de consoante labial), debería contrastar coa sílaba máis lixeira que fose a continuación. En *whom did*, polo contrario, o que sucede é un retardo involuntario que fai que a locución soe “tosca.” Esta torpeza dá lugar, á parte da insatisfacción xerada polos factores gramaticais que xa analizamos, a un verdadeiro veredicto fonético. Esta mesma obxección prosódica non é aplicable a locucións paralelas tales como *what did* e *when did*. As vogais de *what* e *when* son máis breves e as súas consoantes finais son fáciles de assimilar ó *d* seguinte, que se pronuncia coa mesma posición da lingua có *t* e o *n*. O instinto que os falantes dunha lingua nativa teñen para os ritmos máis axeitados na súa propia lingua fai tan difícil que un falante de inglés se poida sentir satisfeito con *whom did*, como que un poeta sexa quen de usar palabras coma *dreamed* “soñado, enseñado” e *hummed* “cantarexado, tarareado” nun verso rápido. Nin o sentimento común nin a escolla do poeta precisan ser totalmente conscientes. Poida que non todos sexamos igual de sensibles ó fluír rítmico da fala, pero é probable que o ritmo sexa un determinante lingüístico inconsciente, mesmo para os que estiman en pouco o seu uso artístico. De calquera xeito, os ritmos do poeta non deixan de ser máis do que unha aplicación sensible e estilizada das tendencias rítmicas características da fala cotiá da xente.

Acabamos de descubrir nada menos ca catro factores que inflúen no sutil desafecto dos falantes de inglés por *Whom did you see?* A xente sen educación que di *Who did you see?* sen que lle remorda a conciencia ten un sentido máis agudo da xenuína deriva da lingua cós lingüistas que se dedican a estudala. Naturalmente, os catro factores restritivos non operan independentemente. As enerxías separadas de cada un deles, facendo uso dun concepto da mecánica, “canalízanse” nunha forza única. Esta forza ou integración minúscula dentro da evolución xeral da linguaxe aparece rexistrada psicolxicamente como unha pequena vacilación cando se usa a palabra *whom*.

É probable que tal vacilación sexa inconsciente, aínda que un pode recoñecela de contado se lle presta atención. Para o falante normal, esta análise será certamente inconsciente ou pasaralle desapercibida.¹⁵ Como podemos, daquela, estar certos de que, nunha análise coma a que realizamos, todos os determinantes asignados se encontran operativos e non só algúns deles? Dende logo, non todos eles teñen a mesma forza. Os seus valores varían, á alza ou á baixa segundo o individuo e a elocución concreta.¹⁶ Pero que todos eles existen, cada un por dereito propio, pode ás veces probarse polo método da eliminación. Se un ou outro factor non aparece e observamos unha pequena diminución na correspondente reacción psicolóxica (“vacilación”, no noso caso), concluírase que o factor é xenuinamente positivo noutros usos. O segundo dos nosos catro factores funciona só no uso interrogativo de *whom*, o cuarto factor funciona con máis forza no interrogativo que no relativo. Podemos por iso entender que unha oración como *Is he the man whom you referred to?* [“É o home a quen ti te referías?”] aínda que non sexa tan propia do idioma coma *Is he the man (that) you referred to?* (lémbrese que vai contra as consideracións un e tres), non é tan difícil de reconciliar co sentido innato dos falantes de inglés pola súa lingua coma *Whom did you see?*¹⁷ Se eliminamos o cuarto factor do uso interrogativo, digamos que en *Whom are you looking at?* na que a vogal seguinte a *whom* libera a palabra do seu peso fonético, poderemos observar, se non estou equivocado, unha menor aversión a usar o *whom*. *Who are you looking at?* [“A quen estás

¹⁵ Os lingüistas non poden ter unha actitude completamente normal cara á súa propia fala. Se cadra era mellor dicir “falante inxenuo (ou “falante naïve”)” en vez de “falante normal.”

¹⁶ Esta variabilidade do valor nos compoñentes máis importantes da deriva lingüística xeral é probablemente a responsable da aparición das variacións dialectais. Cada dialecto continúa a corrente xeral do ancestro común, pero non dá mantido coa suficiente presteza os valores constantes de cada compoñente da deriva lingüística. As desviacións da corrente mesma, ó primeiro leves, e co tempo acumulativas, son por tanto inevitables.

¹⁷ As oracións que comezan polo interrogativo *whom* van seguidas na súa maioría por *did* ou ben *does* e *do*. Aínda que non todas.

mirando?"] podería incluso soar lixeiramente ofensivo ós oídos que aceptan *Who did you see?*

Podemos establecer unha escala de “valores de vacilación” máis ou menos coma esta:

1. Valor 1: factores 1, 3. “The man whom I referred to.”
2. Valor 2: factores 1, 3, 4. “The man whom they referred to.”
3. Valor 3: factores 1, 2, 3. “Whom are you looking at?”
4. Valor 4: factores 1, 2, 3, 4. “Whom did you see?”

Podemos aventurarnos a conxecturar que aínda que *whom* acabará por desaparecer definitivamente da lingua inglesa, as locucións do tipo *Whom did you see?* estarán absolutamente en desuso cando frases coma *The man whom I referred to* aínda estean languidecendo do uso. É imposible, en todo caso, estarmos completamente seguros de que así será pois non estamos certos de que conseguísemos illar todos os determinantes da evolución. No noso caso particular, ignoramos o que pode chegar a ser un factor decisivo na historia de *who* e *whom* como relativos. Referímonos ó desexo inconsciente de deixar estas palabras para a función interrogativa, e de concentrar en *that* ou na simple orde de palabras a expresión do relativo (e.g., *The man that I referred to* ou *The man I referred to*).* Este desenvolvemento, que non atinxe directamente o uso de *whom* como tal (só o de *whom* como unha forma de *who*) puido facer que o uso do relativo *whom* se volvea obsoleto antes de que outros factores que afectaban ó relativo chegasen a actuar. Unha consideración coma esta resulta moi instrutiva porque indica que non chega con coñecermos a evolución xeral dunha lingua para conseguirmos ver con claridade cara a onde se dirixe o cambio. Cómprenos saber algo da potencia e da velocidade relativas dos compoñentes da corrente da evolución da lingua.

* N. do T. No galego tamén presenta variación: “O home a que me referín” e “O home ó que me referín”.

Non é necesario dicir que as mudanzas concretas en torno ó uso de *whom* interésannos non en por si senón como síntomas de tendencias máis amplas que se detectan na lingua. Pódense discernir polo menos tres forzas ou –como aquí as denominamos– derivas da maior importancia. Cada unha delas estivo operando durante séculos, cada unha funciona en distintas partes do mecanismo lingüístico do inglés, e é case seguro que todas elas continuarán durante séculos e posiblemente milenios. A primeira é a coñecida tendencia a igualar o subxectivo e o obxectivo; trátase dun simple capítulo serodio na redución continua do vello sistema indoeuropeo de casos sintácticos. Este sistema, que no presente se conserva no lituano,¹⁸ fora xa considerablemente reducido na antiga lingua xermánica, da que o inglés, holandés, alemán, danés e sueco son formas dialectais modernas. Os sete casos do indoeuropeo (nominativo, xenitivo, dativo, acusativo, ablativo, locativo e instrumental) xa se reduciran a catro (nominativo, xenitivo, dativo e acusativo). Sabémolo por medio da comparación e reconstrución feitas a partir dos máis antigos dialectos xermánicos de que aínda temos rexistro (gótico, islandés antigo, alto alemán antigo e anglosaxón). Para o estudo do grupo dos dialectos xermánicos occidentais, o antigo alto alemán, o anglosaxón, o frisón antigo e mais o saxón antigo constitúen as fontes máis antigas e máis valiosas. Neles consérvanse aqueles catro casos, pero a forma fonética das sílabas portadoras do caso aparece xa moi reducida e, en determinados paradigmas, certos casos concretos xa converxeran. O sistema de casos resiste case intacto pero é evidente que se está a desintegrar. Dentro dos períodos do anglosaxón e do inglés medio temperán terán lugar aínda máis cambios na mesma dirección. A forma fonética das sílabas que marcaban

¹⁸ A verdade é que o sistema consérvase moito mellor que nos máis antigos documentos latinos e gregos. Soamente as antigas linguas indo-iranianas (o sánscrito, o avestano) mostran un estrato tan arcaico (ou mesmo máis arcaico) da primitiva lingua indoeuropea no referido ás formas de caso.

o caso aínda se reduciría máis e a distinción entre o acusativo e o dativo acabou por desaparecer. O novo “obxectivo” é en realidade unha amálgama das formas do antigo acusativo e dativo. Así, *him*, o antigo dativo (aínda dicimos *I give him the book* “Doulle o libro”, que non é a versión “abreviada” de *I give to him* “Doulle”; compárese o gótico *imma*, alemán moderno *ihm*) recolleu as funcións dos antigos acusativo (anglosaxón *hine*; compárese o gótico *ina*, alemán moderno *ihn*) e dativo. A distinción entre o nominativo e o acusativo erosionouse como consecuencia de procesos fonéticos e nivelacións morfolóxicas ata que só certos pronomes retiveron as formas subxectiva e obxectiva como distintas.

Na Idade Media tardía e nos tempos modernos déronse, comparativamente, poucos cambios aparentes no sistema de casos do inglés á parte da substitución gradual de *thou* - *thee* (singular) e *ye* - *you* (plural), formas respectivas do caso subxectivo e do caso obxectivo, por un *you* único e indiferenciado. Durante todo ese tempo, sen embargo, o sistema de casos, tal como era (subxectivo-obxectivo, en realidade absoluto e posesivo nos nomes; subxectivo, obxectivo e posesivo en certos pronomes), foise debilitando con paso firme, tamén en termos psicolóxicos. No presente, atópase máis seriamente minada do que coidamos a maioría de nós. O posesivo ten pouca vitalidade excepto no pronome e nos nomes animados. En teoría aínda podemos dicir *the moon's phases* (“as fases da lúa” ou *a newspaper's vogue* (“a popularidade dun xornal”); na práctica, máis ben, limitámonos a usar as locucións analíticas *the phases of the moon* and *the vogue of a newspaper*. A tendencia é claramente a limitar o uso das formas posesivas cos nomes animados. Todas as formas pronominais posesivas excepto *its* e, en parte, *their* e *theirs*, son tamén animadas. É significativo que *theirs* case nunca se empregue con relación a nomes inanimados, que haxa certa aversión a ese uso de *their*, e que *its* tamén comece a ceder ante *of it*. *The appearance of it* ou *the looks of it* “o seu aspecto, o aspecto diso”

(dunha cousa) está máis dentro do que é a tendencia da lingua ca *its appearance*. É curioso e significativo que *its young* “as súas crías” (referido ós cachorros dun animal) sexa preferido a *the young of it*. Esta forma é só en aparencia neutra, en sentimento é animada; dende unha perspectiva psicolóxica correspóndese con *his children* “os seus fillos” (dunha persoa), non con *the pieces of it* “os seus pedazos” (dunha cousa). Será posible que unha palabra tan común coma *its* estea realmente comezando a ser problemática? Estará condenada a desaparecer? Sería case temerario declarar que amosa signos dunha inminente obsolescencia, pero non hai dúbida de que se está a enfeblecer a paso firme.¹⁹ En calquera caso, non é esaxerado dicir que existe unha forte tendencia cara á restrición das formas posesivas flexionadas con nomes e pronomes animados.

Que é o que pasa coa alternancia dos casos subxectivo e obxectivo no pronome? Dando por descontado que *whom* é un parente pobre, que os dous casos se igualaron en *you* (ata onde nós sabemos, en *it*, *that*, e *what* nunca houbo distinción²⁰), e que *her* como obxectivo é un pouco feble debido á súa identidade formal co posesivo *her*, hai algunha razón para dubidar da vitalidade de alternancias tales como *I see the man* (“Vexo o home”) e *The man sees me* (“O home veme a min”)? Seguramente a distinción entre o subxectivo *I* “eu” e o obxectivo *me* “me”, entre o subxectivo *he* “el” e o obxectivo *him* “o, lle”, e entre as correspondentes formas doutros pronomes persoais, pertence á cerna mesma da lingua. Podemos desfacernos de *whom* pola súa inutilidade, podemos máis ou menos arranxarnos sen un *its*, pero fusionar nun único caso *I* (“eu”) e *me* (“me, a min”), non sería desfigurar o inglés máis alá de todo posible recoñece-

¹⁹ Se o *its* desaparece finalmente, tería unha curiosa historia. No seu momento xogaríase o papel de ponte entre *his* no seu uso non persoal (véxase nota a pé de páxina 13, páxina 218) e a forma analítica serodía *of it*.

²⁰ Agás na medida en que *that* absorbeu outras funcións diferentes ás que orixinariamente lle pertencían. De entrada só era un nominativo-acusativo neutro.

mento? Non existe a tendencia cara a algo tan horroroso como *Me see him* ou *I see he*. A verdade é que a disparidade fonética entre *I* e *me*, *he* e *him*, *we* e *us*, era grande de máis para que se dese unha posibilidade real de asimilación formal. Disto non se segue que a distinción de casos como tal teña aínda vitalidade. Unha das peculiaridades máis insidiosas dunha corrente lingüística é que alí onde non pode arrombar o que atopa no seu camiño, tórnao inocuo ó desgastalo, desprovéndoo do seu vello significado. Converte os seus inimigos ós seus propios fins. E isto condúcenos á segunda das maiores forzas, a tendencia á posición fixa na oración, determinada pola relación sintáctica da palabra.

Non é necesario entrar agora na historia desta importantísima tendencia. Abonda con saber que a medida que as formas con flexión do inglés se fixeron máis escasas, a medida que as relacións sintácticas se expresaron cada vez de modo máis inadecuado pola forma das palabras mesmas, a posición na oración comezou a facerse cargo gradualmente de funcións que orixinalmente lle eran alleas. *The man* (“O home”) en *The man sees the dog* (“O home ve o can”) é subxectivo; en *The dog sees the man* (“O can ve o home”) é obxectivo. Absolutamente paralelas a estas oracións son *He sees the dog* (“El ve o can”) e *The dog sees him* (“O can veo (a el)”). Acaso o valor subxectivo de *he* e o valor obxectivo de *him* dependen completamente, ou incluso principalmente, da diferenza de forma? Eu dubídoo. Poderíamos soste esta visión se fose posible dicir *the dog sees he* ou *him sees the dog*. Houbo un tempo en que si se podían construír tales frases, pero esa prerrogativa perdeuse e agora non se din. Noutras palabras, alomenos unha parte do sentimento de caso que se ten en *he* e *him* debe atribuírse á súa posición antes ou despois do verbo. Xa que logo, non podería ser, que *he* e *him*, *we* e *us*, máis que formas obxectivas e subxectivas sexan formas preverbais e posverbais, do mesmo xeito que *my* e *mine* son hoxe formas prenominais e posnominais do posesivo (*my fa-*

ther [“meu pai”] pero *father mine* [“pai meu”]; *It is my book* [“É o meu libro”] pero *The book is mine* [“O libro é meu”]? A lingua do pobo indica de novo que esta interpretación cadra coa actual deriva lingüística do inglés. A xente di *It is me* [“son eu”], pero non *It is I*, que é “correcta”, pero tan falsamente correcta coma o *Whom did you see?* que xa analizamos. *I’m the one that will win out* [“Son o que gañará”], *It’s me that will win out* [“Son eu quen gañará”]; *We’re the ones that will win out* [“Somos os que gañaremos”], *It’s us that will win out* [“Somos nós quen gañaremos”] –tales son as construcións paralelas existentes hoxe no inglés para expresar un mesmo contido. Non hai dúbida de que *It is I* será tan imposible en inglés como o é hoxe en francés *C’est je*, por *C’est moi* [“Son eu”].

O chauceriano *It am I* mostra que a relación *I : me* se sente hoxe moi diferente a como se sentía nos tempos de Chaucer. Aquí o aspecto subxectivo distintivo do pronome *I* era suficiente para influenciar a forma do verbo precedente a pesar do *it* introdutorio.* A locución de Chaucer alíase antes co latín *Sum ego* [“Son eu”] que coas correspondentes locucións inglesas, a moderna *It is I* e a coloquial *It is me*. Aínda temos outra curiosa proba para demostrar que o pronome persoal inglés perdeu parte da súa forza sintáctica orixinal. Se *he* [“el”] and *she* [“ela”] foran pura e simplemente formas subxectivas, se non loitasen, por así dicilo, por se transformaren en formas absolutas e sen caso, coma *man* ou outro nome calquera, sería imposible cuñar compostos tales como *he-goat* [“castrón, chibo”] and *she-goat* [“cabra, chiba”], palabras que son, do punto de vista psicolóxico, análogas a *bull-moose* [“alce macho”] e *mother-bear* [“nai osa”]. E algo semellante ocorre cando preguntamos por un neno que acaba de nacer *Is it a he or a she?* [“É un meniño ou unha meniña?”], literalmente: “é iso un el ou unha ela?”] coma se *he*

* N. do T. O verbo vai en primeira persoa a pesar de que o *it* que encabeza a locución é un pronome de terceira persoa.

e *she* fosen os equivalentes de *macho* e *femia* ou *nen* e *nena*. En resumo, podemos concluír que o sistema casual inglés é máis feble do que parece e que, dunha maneira ou doutra, está destinado a quedar reducido a unha forma absoluta (sen caso) para todos os nomes e pronomes agás os que designan seres animados. O que é seguro é que os nomes e pronomes animados van ter formas posesivas distintivas durante un longo período de tempo indefinido.

Entrementres, obsérvese que a antiga serie das formas de caso está a ser invadido por dúas novas categorías –unha categoría posicional (preverbal e posverbal) e unha categoría clasificatoria (animada e inanimada). O feito de que os nomes e pronomes posesivos que se requiren a seres animados estean destinados a distinguirse cada vez con máis nitidez dos nomes e pronomes que fan referencia a obxectos inanimados (*the man's* “do home”, pero *of the house* “da casa”; *his* “seu (del)”, pero *of it* “seu (de algo)”) e que, en xeral, só os pronomes animados distinguan entre formas preverbais e formas posverbais é do maior interese teórico,²¹ pois demostra que, por moito que a lingua tenda a unha forma cada vez máis analítica, de ningún modo manifesta unha tendencia cara á expresión de conceptos de relación “puros”, á maneira da familia lingüística indochinesa.²² A insistencia na condición concreta dos conceptos relacionais é, dende logo, máis forte có poder destrutivo das tendencias máis amplas e persistentes que coñecemos da historia e prehistoria da lingua inglesa.

A deriva lingüística cara á abolición da meirande parte das distincións de caso e o consecuente cambio cara á posición como método gramatical de primeira magnitude van acompañados, e nun certo senso aparecen dominados, pola última das tres maiores correntes que mencionei con anterioridade. Referímonos á

²¹ *They: them*, en tanto que pertencentes ó grupo inanimado, poden ser tidos como unha especie de empréstito da clase animada, á que, en sentimento, pertence propiamente.

²² Véxase páxina 205.

tendencia cara á palabra invariable. Ó analizarmos a oración de *whom*, subliñei que algo da énfase retórica natural do pronomine interrogativo se perdía na súa variabilidade formal (*who*, *whose*, *whom*). Este empeño a prol dunha correspondencia simple e sen matices entre idea e palabra, tan invariable como poida ser, é moi forte no inglés. Dá conta dunha serie de tendencias que a primeira vista non parecen conectadas entre si. Certas formas ben establecidas, coma o -s da terceira persoa do singular de *works* [“traballa”] ou o plural -s de *books* [“libros”], resistiron a forza da corrente que empuxaba a lingua á formación de palabras invariables, posiblemente porque simbolizan certas arelas de forma máis fortes, que aínda non chegamos a comprender de todo. É interesante anotar que as derivacións que se arredan dabondo da noción concreta da palabra radical para existir como centros conceptuais independentes non se viron afectadas por esta deriva difícil de precisar. No momento en que a derivación corre o risco de ser sentida como mera matización dun concepto primario, como xogo melindroso, tende a ser absorbida pola palabra radical, a desaparecer como tal. As palabras inglesas requiren espazo entre elas, non lles gusta amorsearse en grupos con centros de significado só un pouco diverxentes, cada un deles indo un pouco máis alá có resto. *Goodness* [“bondade”], un nome de calidade, case un nome de relación, que segue o exemplo da idea concreta de “good” [“bo”] sen predicar necesariamente a calidade [e.g., *I do not think much of his goodness* “non me convence a súa bondade”], está suficientemente afastado de *good* como para que este non o absorba. De igual modo, *unable* [“incapaz”] pode manterse en contraste con *able* [“capaz”] porque este destrúe a esfera de influencia daquel; dende unha perspectiva psicolóxica, *unable* é tan diferente de *able* coma *blundering* [“parvo, tranggalleiro”] ou *stupid* [“estúpido, parvo”]. Non sucede o mesmo cos adverbios rematados en -ly [“-mente”]. Dependén, en exceso, dos adxectivos para dispoñeren da vitalidade que o inglés demanda das

súas palabras. Dende un punto de vista psicolóxico, o enunciado *Do it quickly!* “ [“Faino rapidamente!”] é un laido rastro.²³ O matiz expresado por *quickly* atópase demasiado preto do de *quick* [“rápido”]; os seus círculos de concreción son parecidos de máis para que as dúas palabras se poidan sentir cómodas xuntas. Por tal razón, e a pesar da súa obvia utilidade, é probable que os adverbios en *-ly* sexan levados ó paredón nun futuro non moi distante. Outro exemplo do sacrificio de formas útiles a esta ansiedade matizadora é o grupo *whence* [“de onde”], *whither* [“a onde”], *hence* [“de aquí”], *thence* [“de alí”], *hither* [“cara acó”], e *thither* [“cara aló”]. Non puideron persistir no uso vivo porque chocaban de fronte coas áreas de significado representadas polas palabras *where* [“onde”], *here* [“aquí, acá, acó”] e *there* [“alí, alá, aló”]. Ó dicirmos *whither* sentimos demasiado vivamente que repetimos todo *where*. Que engadamos a *where* un matiz importante de dirección irrita antes do que satisfai. Preferimos fusionar o estático e o directivo (*Where do you live?* [“Onde vives?”] con *Where are you going?* [“A onde vas?”]) ou, se fose necesario, esaxerar un chisco o concepto de dirección (*Where are you running to?* [“Para onde marchas?”], [“A onde vas con tanta présa?”]).

Ora ben, o sintomático da natureza desta aversión ós agrupamentos de palabras é que en realidade non poñemos obxeccións ós matices en tanto que tales; ó que poñemos obxección é a que nos marquen formalmente esas matizacións. De feito, o noso vocabulario é moi rico en case sinónimos e en grupos de palabras relacionadas do punto de vista psicolóxico, mais tales case sinónimos e grupos de palabras non están conectados uns cos outros por razóns de etimoloxía. Estamos contentos con *believe* [“crer”] e *credible* [“crible”] porque gardan as distancias como é debido. *Good* [“bo”] e *well* [“ben”] marchan xuntos moito mellor

²³ N. do T. Compárese en galego con *Faino rápido!*, *Faino de présa!* ou o simple *Apura!*”

ca *quick* [“rápido”] e *quickly* [“rapidamente”]. O vocabulario inglés conforma unha rica miscelánea porque cada palabra inglesa quere ter a súa propia fortaleza. Foi o inglés especialmente receptivo ás palabras estranxeiras porque anhelaba ter acceso a tantas áreas léxicas como fose posible? Foi, polo contrario, a imposición mecánica dunha enzurrada de empréstitos franceses e latinos, sen raíces na tradición antiga, a que debilitou tanto o sentido da potencialidade dos recursos nativos que os ingleses deixan que esmorezan por desleixo? Eu imaxino que as dúas proposicións son certas. Aliméntanse unha á outra. Non obstante, eu non creo probable que os empréstitos supuxesen no seu día un proceso tan mecánico e externo como xeralmente se, di que foi. Había algo na deriva do inglés, xusto antes do período que seguiu á conquista normanda, que propiciaba a acollida de novas palabras. Era a compensación a algo que se debilitaba dentro do propio inglés.

8.

A lingua como produto histórico: as leis fonéticas

Ata aquí preferín ocuparme, con certo detalle, da análise da vacilación que axeca os usuarios do inglés ante unha locución como *Whom did you see?* e sinalar certas tendencias do inglés, concretas e xerais, que interveñen nesa vacilación, antes de me poñer a discutir o cambio lingüístico de maneira abstracta. O que dixen acerca deste particular modismo do inglés, pódese dicir de todas as outras áreas da lingua. Nada hai nela perfectamente estático. Cada palabra, cada elemento gramatical, cada locución, cada son e acento constitúen unha lenta configuración cambiante, moldeada pola evolución invisible e impersoal que é a vida dunha lingua. Todos os testemuños demostran de maneira abrumadora que esa deriva lingüística segue unha dirección determinada e coherente. A súa rapidez varía enormemente segundo circunstancias que non sempre son doadas de deslindar. Xa vimos que o lituano está hoxe en día máis próximo ó prototipo indoeuropeo do que o estaba a hipotética lingua nai xermánica cincocentos ou mil anos antes de Cristo. O alemán mudou máis lento có inglés. Nalgúns aspectos atópase máis ou menos a medio camiño entre o inglés e o anglosaxón; noutros, naturalmente, diverxeu da xínea anglosaxoa. Cando no capítulo precedente subliñei que os dialectos se formaron porque a lingua que se fragmentara localmente non podía evolucionar na mesma dirección en todos os seus fragmentos, está claro que quería dicir que os cambios non se podían dar de forma idéntica. A corrente xeral dunha lingua ten as súas profundidades. Na superficie, a deriva é relativamente rápida. En certos trazos, os dialectos arrédanse con rapidez uns doutros. A través deste feito, eses trazos revélanse como menos fundamentais para o xenio da lingua cós trazos que se modifican máis amodo e que os dialectos manteñen moito despois de desenvolveren formas lingüísticas diverxentes. Pero isto non é todo. O ímpeto da deriva fundamental, a pre-dialectal,

é de tal calibre que linguas separadas dende hai moito tempo pasarán a través das mesmas fases ou de fases asombrosamente similares. En moitos deses casos está perfectamente claro que non puido haber influencias entre os dialectos.

Estes paralelismos na deriva das linguas poden operar tanto na esfera fonética coma na morfolóxica ou poden ter lugar nas dúas ó mesmo tempo. Velaquí un interesante exemplo. O tipo inglés de plural representado por *foot* : *feet* (“pé” : “pés”), *mouse* : *mice* (“rato” : “ratos”) é estritamente paralelo ó do alemán *Fuss* : *Füsse*, *Maus* : *Mäuse*. Un séntese inclinado a conxecturar que esas formas dialectais se retrotraen a alternancias do mesmo tipo presentes no antigo xermánico e no xermánico occidental. Pero os testemuños documentais mostran de maneira conclusiva que non puido haber plurais deste tipo no primitivo xermánico. Non hai restos de tal mutación vocálica (“umlaut”) en gótico, a lingua xermánica máis arcaica. Máis significativo aínda é o feito de que non aparece nos textos máis antigos do primitivo alto alemán, e que só comeza a desenvolverse ó remate mesmo do período do alto alemán antigo (c. 1000 d.C.). Na época do alto alemán medio, a mutación afectara a todos os dialectos. As formas típicas do alto alemán antigo son: singular *fuoss*, plural *fuossi*;¹ singular *mus*, plural *musi*. As formas correspondentes do alto alemán medio son: *fuoss*, *füesse*; *mus*, *müse*. As do alemán moderno *Fuss* : *Füsse*, *Maus* : *Mäuse* son desenvolvementos regulares daquelas formas medievais. Volvendo ó anglosaxón, encontramos que as formas do inglés moderno cadran coas antigas *fof*, *fet*; *mus*, *mys*.² Estas formas, que aparecen xa usadas nos monumentos ingleses máis temperáns que se conservan, datan do século VIII, antecedendo,

¹ Retoquei un pouco a ortografía do alto alemán antigo e medio a fin de facelo concordar co uso moderno. Estas modificacións puramente ortográficas non son relevantes. O *u* de *mus* é unha vogal longa, moi próxima ó *oo* do inglés *moose* “alce (americano)”.

² As vogais destas catro palabras son longas; o coma en *rode* (“montei, pretérito de *ride*”), e coma o *a* de *fade* (“murchar, esvaerse”), *u* coma *oo* de *brood* (“larada, niñada”), *y* coma o alemán *ü*.

polo tanto ás formas do alto alemán medio en trescentos anos ou máis. Noutras palabras, neste punto en concreto, o alemán tardou polo menos tres séculos en alcanzar a corrente desta deriva fonético-morfolóxica,³ que dirixía o inglés desde había moito tempo. O feito de que as vogais afectadas nas palabras emparentadas (alto alemán antigo *uo*, anglosaxón *o*) non sexan sempre as mesmas demostra que a mudanza se deu en diferentes períodos no alemán e no inglés.⁴ Evidentemente, existía unha tendencia xeral ou un grupo de tendencias operando no xermánico antigo, moito antes de que o inglés e o alemán se desenvolvesen como tales, que ó final empurraría os dous dialectos por camiños estreitamente paralelos.

Como evoluíron alternancias como *fof* : *fet*, *fuoss* : *füesse*, tan asombrosas na súa peculiaridade? Con elas chegamos ó que talvez é o problema central da historia lingüística: o cambio fonético gradual. As “leis fonéticas” constitúen unha parte extensa e fundamental do estudo da lingüística. Como imos ver, a súa influencia esténdese máis alá da propia esfera da fonética e invade a da morfoloxía. Unha modificación que comeza como un lixeiro reaxuste ou unha leve alteración fonética pode ocasionar no curso de varios milenios os máis profundos cambios estruturais. Por exemplo, o mero feito de que haxa unha tendencia crecente a situar o acento de maneira automática na primeira sílaba dunha palabra pode acabar por cambiar o tipo inicial da lingua, reducindo as súas sílabas finais a cero, e impeléndoa a usar métodos cada vez máis analíticos ou simbólicos.⁵ As leis

³ Ou máis ben a un estadio dun movemento ou da corrente dunha deriva.

⁴ O anglosaxón *fet* (con vogal “non redondeada”) procede dun antigo *fōt*, que se relaciona foneticamente con *fof* exactamente do mesmo modo ca *mys* (i.e., *mūs*) con *mus*. O alto alemán medio *ue* (alemán moderno *u*) non se desenvolveu a partir dun prototipo alterado por “umlaut” do antigo alto alemán *uo* ou anglosaxón *o*, senón do dialectal *uo*. O prototipo non modificado foi o *o* longo. Se este *o* fose afectado no período do alemán primitivo ou xermánico-occidental, teríamos unha alternancia prexermana *fof* : *fōti*; este *ō* máis antigo non podería chegar a *ue*. Por sorte non necesitamos servirmos de inferencias neste caso, aínda que os métodos comparativo-dedutivos, se se manexan con coidado, poden ser moi útiles. De feito, son indispensables para o historiador da lingua.

⁵ Véxase páxina 184.

fonéticas do inglés implicadas na aparición de *foot*, *feet*, *mouse* e *mice* a partir dos prototipos antigos do xermánico occidental *fot*, *foti*, *mus*, *musi*⁶ poden ser resumidas como segue:

1. En *foti*, inglés “feet” (galego: “pés”), o *o* longo foi asimilado polo seguinte *i* dando lugar a un *ö* longo, isto é, o *o* mantivo a calidade de vogal redondeada ó se pronunciar cos labios redondeados e a altura media da posición da lingua pero anticipou a posición frontal do *i*; o *ö* é o compromiso resultante. Este cambio asimilatorio era regular, i.e., cada *o* longo tónico seguido dun *i* na seguinte sílaba desenvolvía de maneira mecánica un *ö* longo; de aí que *tothi* “teeth” (“dentes”) se convertese en *töthi* e *fodian* “to feed” (“alimentar, manter”) se tornase *födian*. Ó primeiro non había dúbida de que a alternancia entre *o* e *ö* non se sentía como intrinsecamente significativa. Puido non ser máis ca un axuste inconsciente e mecánico coma o que se pode observar na lingua de moitos falantes actuais que modifican o son “oo” de palabras coma *you* e *few* na dirección do alemán *ü* sen se arredaren o suficiente da vogal “oo” e impedir a rima de *who* e *you*. Máis tarde, a calidade da vogal *ö* debeu de separarse o necesario do *o* inicial e os falantes comezarían a ser conscientes⁷ dese *ö* como vogal nidiamente distinta. En canto isto sucedeu, a expresión da pluralidade en *föti*, *töthi*, e palabras análogas, tornouse simbólica e fusional, e non meramente fusional.

2. En *musi*, inglés “mice” (galego: “ratos”) o *u* longo tinguíuse, en contacto coa vogal seguinte, da cor do *i* ata dar lugar a un *ü* longo. Este cambio tamén era regular; *lusi* “lice” (“piollos”) fíxose *lüsi*, *kui* “cows” (“vacas”) volveuse *küi* (máis tarde simplificada en *kü*; aínda preservada como *ki-* en *kine* “cow”, “vaca”), *fulian* “to make foul” (“ensuciar, emporcar”) converteuse en *fülian* (que se conserva como *-file* en *defile*

⁶ Xermánico primitivo *fot(s)*, *fotiz*, *mus*, *musiz*; indoeuropeo *pods*, *podes*, *mus*, *muses*. As vogais das primeiras sílabas son todas longas.

⁷ Ou será que o patrón fonético inconsciente está sempre a piques de se converter en consciente. Véxase page 108.

“ensuciar, manchar”). A psicoloxía desta lei fonética é totalmente análoga á de 1.

3. A antiga tendencia á redución de sílabas finais, unha consecuencia rítmica do forte acento xermánico sobre a primeira sílaba, comezou entón a manifestarse. O *-i* final, orixinalmente un elemento funcional importante, había moito tempo que perdera gran parte do seu valor, ó ser transferido ó cambio simbólico de vogais (*o*: *ö*). Mostrou, por esta razón, pouco poder de resistencia á mudanza que se estaba a operar. Foise escurecendo ata se transformar nun descolorido *-e*; *fōti* converteuse en *fōte*.

4. Este *-e* feble acabou desaparecendo. É probable que as formas *fōte* e *fōt* coexistisen durante moito tempo como variantes prosódicas segundo os requirimentos rítmicos da oración; máis ou menos, como seguen existindo agora no alemán as variantes *Füsse* e *Füss*'.

5. O *ö* de *fōt* pasa a pronunciarse como vogal “non redondeada” ó se transformar nun *e* longo (coma o *a* actual do inglés *fade*). A alternancia de *fot* : *foti*, que pasa pola fase de transición *fot* : *fōti*, *fōte*, *fōt*, aparece agora como *fot* : *fet*. De maneira análoga, *tōth* aparece como *teth*, *fōdian* como *fedian*, e máis tarde *fedan*. O novo *e* longo “xúntase” coa antiga vogal *e*, que existía na lingua con anterioridade (e.g., *her*, no inglés moderno *here*, “aquí” e *he* “el”). De aquí en diante as dúas vogais aparecen fusionadas nunha e comparten a historia posterior. Por tanto, o *he* do presente ten a mesma vogal ca *feet*, *teeth*, e *feed*. Noutras palabras, o antigo esquema sonoro *o*, *e*, tras un intermedio de *o*, *ö*, *e*, reaparece como *o*, *e*, coa diferenza de que agora o *e* ten un maior “peso” ca antes.

6. *Fot* : *fet*, *mus* : *mūs* (escrito *mys*) son as típicas formas da literatura anglosaxoa. Cara ó mesmo final do período anglosaxón, digamos que entre o 1050 e o 1100 d.C., o *ü*, tanto longo como breve, deixou de ser redondeado e pasou a ser *i*. *Mys* era daquela pronunciado como *mis* con *i* longo (rimaría coa actual *niece* “sobriña”). O cambio é análogo ó descrito en 5, mais verificase varios séculos despois.

7. Nos días en que vivía Chaucer (c. 1350-1400 d.C.), as formas continuaban sendo *fo*t : *fe*t (escritas *foot*, *feet*) e *mu*s : *mi*s (escritas de modo moi variado, aínda que *mous*, *myse* son características da época). En torno ó 1500 todas as vogais *i* longas, tanto as orixinais (as de *wri*te “escribir,” *ri*de “montar,” *wi*ne “viño”) coma as non redondeadas procedentes do *ü* anglosaxón (as de *hi*de “agochar,” *bride* “noiva,” *mice* “ratos,” *de*file “ensuciar”), ditongaron en *ei* (i.e., *e* de *me*t + *i* breve). Shakespeare pronunciaba *mice* como *meis* (con case a mesma pronuncia cá do cockney* de *mace* “maza” de hoxe en día).

8. Mais ou menos ó mesmo tempo, toda vogal *u* longa ditongaba en *ou* (i.e., *o* de *no*t do escocés actual + *u* de *fu*ll). O *mu*s : *mi*s chauceriano aparece agora como o shakespeareano *mou*s : *meis*. Este cambio púidose manifestar un pouco máis tarde ca 7; todos os dialectos ingleses ditongaron o antigo *i* longo xermánico⁸ pero o *u* longo non ditongado aínda se conserva no escocés das Terras Baixas, no que *hou*se “casa” e *mou*se “rato” riman coa palabra do inglés contemporáneo *loose* “solto.” 7 e 8 son evolucións análogas, como o eran 5 e 6; ó parecer os cambios de 8 son posteriores ós de 7, de igual modo que os de 6, séculos antes, foran posteriores ós de 7.

9. Algún tempo antes do 1550, o *e* longo de *fe*t (escrito *feet*) ocupou o posto que deixara libre o antigo *i* longo, agora ditongado (véxase 7), i.e., o *e* colle a posición máis alta da lingua de *i*. Por conseguinte, o “*e* longo” actual (e o de Shakespeare tamén) correspóndese foneticamente co antigo *i* longo. *Feet* “pés” rimaba agora co antigo *wri*te “escribir” e co actual *bea*t** “bater”.

10. Máis ou menos ó mesmo tempo, o *o* longo de *fo*t (escrito *foot*) ocupou o posto que deixara libre o antigo *u* longo, agora ditongado (véxase 8), i.e., o *o* colle a posición máis alta da lingua de *u*. O “*oo* longo” actual (e o de Shakespeare) correspóndese

* N. do T. Trátase dun dialecto popular de Londres.

⁸ Da mesma maneira que ditongou na maioría dos dialectos holandeses e alemáns.

** N. do T. Como se o escribísemos en galego *bit* pero co *i* alongado.

foneticamenteo co antigo *u* longo. *Foot* “pé” rimaba agora co antigo *out* “fóra” e co actual *boot* “bóta.” Resumindo os pasos de 7 a 10, Shakespeare pronunciaba *meis*, *mous*, *fit* e *fut*; deles, *meis* e *mous* soarían ós nosos oídos como unha versión “afectada” dos *mice* e *mouse* de hoxe en día; *fit* soaría case idéntico ó actual *feet* (anque se cadra un pouco máis “arrastrado”), en tanto que *foot*, que rimaba con *boot*, sería considerado como absolutamente “escocés.”

11. De maneira gradual, a primeira vogal do ditongo en *mice* (véxase 7) foise retraendo e abaixando na súa posición. O ditongo resultante varía hoxe nos diferentes dialectos ingleses, pero *ai* (i.e., *a* de *father*, pero máis breve, + *i* breve) pódese considerar como unha transcrición bastante aceptable da súa calidade media.⁹ O que agora chamamos “*i* longo” (en palabras como *ride* “montar a cabalo”, *bite* “trabar, morder”, *mice* “ratos”) correspóndese, dende logo, co ditongo *ai*. *Mice* pronúnciase agora *mais*.

12. De xeito análogo ó descrito en 11, a primeira vogal do ditongo en *mouse* (véxase 8) deixaría de pronunciarse cos labios redondeados e comezaría a pronunciarse coa lingua en posición máis baixa. O ditongo resultante pódese transcribir foneticamente como *au*, aínda que a súa pronuncia varía de maneira considerable segundo o dialecto. *Mouse*, por conseguinte, pronúnciase agora *maus*.

13. A vogal de *foot* (véxase 10) fíxose máis “aberta” en calidade e “abreviada” en cantidade, i.e., concorrendo co antigo *u* breve de palabras como *full* “cheo,” *wolf* “lobo” e *wool* “lá.” Esta mudanza tivo lugar en numerosas palabras que tiñan orixinariamente un *u* longo (o *o* longo e pechado de Chaucer), tales como *forsook* (“abandonei, desamparei,” pasado de *to forsake*,”) *hook* “anzol, gancho” *book* “libro,” *look* “mirar” *rook* “gralla,” *shook* (“sacudín, abaneei,” pasado de *to shake*), todas as cales tiveran outrora a vogal de *boot*. En

⁹ Polo menos en América.

todo caso, esta antiga vogal aínda se conserva na maioría das palabras desta clase, coma en *fool* “parvo, tolo,” *moon* “lúa,” *spool* “rolo, bobina,” *stoop* “agacharse, debruzarse.” O feito de que aínda haxa no presente variación local en varias palabras di moito da lentitude con que se difunde unha “lei fonética.” Por exemplo, un pode oír *roof* “teito, tellado,” *soot* “sarro, feluxe” e *hoop* “aro, arco” tanto coa vogal longa de *boot* como coa breve de *foot*. Noutras palabras, é imposible hoxe en día afirmar de maneira definitiva cal é a “lei fonética” que regulou o cambio da antiga *foot* (que rimaba coa palabra *boot*) para a actual *foot*. Sabemos que hai unha tendencia forte cara á vogal breve e aberta de *foot*, pero non nos podemos atrever a dicir se en última instancia afectará a todas as palabras coa antiga “oo longa.” Se a deriva lingüística as arrastra todas ou case todas, a lei fonética 13 será tan “regular,” e tan “xeral”, coma a meirande parte das que a precederon. Se non é así, e se a experiencia do pasado é un guieiro seguro, pode ser que algún día sexa posible mostrar que as palabras que acabaron modificadas formaban un grupo fonético natural, isto é, que a “lei” operara no seu día baixo certas condicións restritivas e definibles, e.g., que afectou todas as palabras rematadas nunha consoante xorda coma *p, t, k, f* (e.g., *hoof* “casco, pezuña,” *foot* “pé,” *look* “mirar, ollar,” *roof* “tellado, lousado”), pero deixou sen alterar todas as rematadas na vogal *oo* ou en consoante sonora (e.g., *do* “facer”, *food* “comida”, *move* “mover”, *fool* “tolo, parvo”). Calquera que sexa a conclusión, podemos estar ben seguros de que unha vez que a “lei fonética” chegue á súa fin, a distribución das vogais “longas” e “breves” das palabras co antigo *oo* non nos parecerá tan errática como no momento de transición do presente.¹⁰ De camiño, podemos aprender o feito fundamental de que as leis fonéticas non operan cun au-

¹⁰ É posible que outros factores diferentes dos puramente fonéticos interveñan na historia destas vogais.

tomatismo espontáneo, de que son simplemente unha fórmula usada para dar conta dunha transformación xa consumada, que empeza por un punto débil dende unha perspectiva psicolóxica, e que pouco a pouco se abre paso entre unha gama de formas foneticamente análogas.

Será instrutivo establecer unha táboa de secuencias de formas, unha especie de historia resumida das palabras *foot*, *feet*, *mouse* e *mice* nos últimos mil cincocentos anos:¹¹

- I. *fo* : *foti*; *mu* : *musi* (xermánico occidental)
- II. *fo* : *föti*; *mu* : *müsi*
- III. *fo* : *föte*; *mu* : *müse*
- IV. *fo* : *föt*; *mu* : *müs*
- V. *fo* : *fet*; *mu* : *müs* (anglosaxón)
- VI. *fo* : *fet*; *mu* : *mis* (Chaucer)
- VII. *fo* : *fet*; *mou* : *meis*
- VIII. *fu* (rima con *boot*): *fit*; *mou* : *meis* (Shakespeare)
- IX. *fu* : *fit*; *mau* : *mais*
- X. *fu* (rima con *put*): *fit*; *mau* : *mais* (inglés de 1900)

Non será necesario facer unha lista das leis fonéticas que foron diferenciando, pouco a pouco, os equivalentes alemáns modernos procedentes das formas orixinais do xermánico occidental das formas cognatas inglesas. A táboa seguinte dános unha idea aproximada das secuencias de formas en alemán:¹²

- I. *fo* : *foti*; *mu* : *musi* (xermánico occidental)
- II. *foss* :¹³ *fossi*; *mu* : *musi*
- III. *fuoss* : *fuossi*; *mu* : *musi* (alto alemán antigo)

¹¹ A ortografía é máis ou menos fonética. Débense pronunciar longas todas as vogais acentuadas, excepto onde se indique o contrario, e breves as vogais que non vaian acentuadas; débenselles dar ás vogais os valores que teñen nas linguas europeas continentais, non as do inglés actual.

¹² Despois do / / os números non se corresponden cronoloxicamente cos da táboa inglesa. A ortografía empregada é de novo máis ou menos fonética.

¹³ Uso *ss* para indicar o peculiar son longo e xordo *s*, que era etimolóxica e foneticamente distinto do antigo xermánico *s*. Retrotráese sempre a un antigo *t*. Nas fontes antigas escríbese xeralmente como unha variante de *z*, aínda que non debe ser confundido co alemán moderno *z* (= *ts*). Foi con toda probabilidade unha dental (ceceante) *s*.

- IV. *fuoss* : *füessi*; *mus* : *müsi*
 V. *fuoss* : *füesse*; *mus* : *müse* (alto alemán medio)
 VI. *fuoss* : *füesse*; *mus* : *müze*¹⁴
 VII. *fuos* : *füese*; *mus* : *müze*
 VIII. *fuos* : *füese*; *mous* : *möüze*
 IX. *fus* : *füse*; *mous* : *möüze* (Lutero)
 X. *fus* : *füse*; *maus* : *moize* (alemán de 1900)

Non podemos comezar a investigar nin discutir todos os problemas psicolóxicos que se agochan detrás destas esquemáticas táboas. O seu paralelismo xeral é evidente. É máis, podemos dicir que as formas inglesas e alemás parécense hoxe máis entre si que calquera das dúas series de prototipos do xermánico occidental de que cada unha deriva independentemente. Cada unha das dúas táboas ilustra a tendencia á redución das sílabas átonas, a modificación vocálica do elemento radical baixo a influencia da vogal seguinte, a elevación na posición da lingua das vogais longas en posición medial (o inglés *o* pasa a *u*, *e* pasa a *i*; o alemán *o* pasa a *uo* e logo a *u*, *üe* pasa a *ü*), a ditongación das antigas vogais altas (o inglés *i* pasa a *ei* e logo a *ai*; o inglés e alemán *u* pasan a *ou* e logo a *au*; o alemán *ü* pasa a *öü* e posteriormente a *oi*). Estes paralelismos dialectais non poden ser mero accidente. Teñen as súas raíces nun mesmo pulo predialectal.

Os cambios fonéticos son “regulares.” Todos os cambios das leis fonéticas representadas nas nosas táboas menos un (o da fila X da táboa inglesa), e este porque aínda está inconcluso, afectan a todos os exemplos do son en cuestión ou, cando o

¹⁴ O *z* débese interpretar coma o francés e inglés *z*, e non coma o correspondente á actual letra alemá. Falando de maneira estrita, este “*z*” (-*s*- intervocálico) non se pronunciaba como sonoro senón como un son suave e xordo. Equivalía a unha sibilante intermedia entre o *s* e o *z* do inglés. No alemán setentrional moderno este *z* fíxose sonoro. É importante non confundir este *s* -*z*- coa xorda intervocálica *s* que apareceu de contado a partir do antigo *ss* ceceante. No alemán moderno (deixando a un lado algúns dialectos), os antigos *s* e *ss* non se diferencian en posición final (*Maus* e *Fuss* teñen sibilantes idénticas), mais aínda se distingue un *s* sonoro e outro xordo cando van entre vogais (*Mäuse* e *Füsse*).

cambio fonético é condicional, a todos os exemplos que teñen o son en similares circunstancias.¹⁵ Un exemplo do primeiro tipo de cambio no inglés é o paso de todo antigo *i* longo ó ditongo *ai* a través de *ei*. A mudanza fonética dificilmente se puido levar a cabo de maneira repentina ou automática, pero foi rápida dabondo para impedir unha irregularidade evolutiva debida á irrupción doutras forzas de cambio. O segundo tipo de cambio aparece ilustrado no paso do *o* longo anglosaxón a *e* longo, vía *ö*, por influencia do seguinte *i*. No primeiro caso podemos dicir que *au* substituíu mecanicamente o *u* longo; no segundo, que o antigo *o* longo “dividiuse” en dous sons –o *o* longo, que finalmente deu lugar a *u*, e o *e* longo, resolto finalmente en *i*. O primeiro tipo de cambios non violentaba o antigo patrón fonético, isto é, a distribución formal de sons en grupos; o segundo, pola contra, rearranxaba o sistema. Se ningún dos dous sons en que se “divide” un antigo son é novo significa que se deu un nivelamento fonético: que dous grupos de palabras, cada un co seu son ou combinación de sons particulares, confluíron nun único grupo. Este tipo de nivelamento é moi frecuente na historia da lingua. No inglés, por exemplo, vimos que todos os antigos *ü* longos, en canto deixaron de ser “redondeados,” se volveron indistinguibles da masa de *i* longos. Isto supuxo que a vogal *i* longa, despois disto, pasou a ter moito máis peso ca antes dentro do patrón fonético da lingua. É curioso observar a frecuencia coa que as linguas se afanan en promover sons distintos pola súa orixe para certas posicións privilexiadas do sistema, sen teren en conta as confusións que ocasionan.¹⁶ No

¹⁵ Na práctica, as leis fonéticas teñen as súas excepcións, mais un estudo detido mostra de maneira case invariable que esas excepcións son máis aparentes do que reais. Son debidas xeralmente á influencia perturbadora de agrupamentos morfolóxicos ou a razóns psicolóxicas especiais que inhiben o progreso normal da deriva fonética. É de destacar as poucas excepcións coas que un necesita operar na teoría lingüística, á parte do “nivelamento analóxico” (substitución morfolóxica).

¹⁶ A pesar de todo, estas confusións son máis teóricas ca reais. Unha lingua dispón de innumerables métodos para evitar ambigüidades prácticas.

grego moderno, por exemplo, a vogal *i* é o resultado histórico de non menos de dez vogais (longas e breves) e ditongos diferentes na súa etimoloxía do que un día foi a lingua clásica de Atenas. Hai, xa que logo, probas evidentes que demostran a existencia de derivas fonéticas xerais cara a determinados sons.

A deriva fonética exhibe, con moita máis frecuencia, un carácter máis xeral. Non é tanto un movemento cara a unha serie concreta de sons como cara a certos tipos de articulación. As vogais teñen tendencia a se faceren ou máis altas ou máis baixas, os ditongos tenden a monotongar, as consoantes xordas a sonorizar, as oclusivas a fricativizar. Na verdade, case todas as leis fonéticas enumeradas nas dúas táboas non son senón casos específicos desas derivas fonéticas de longo alcance. A elevación do *o* longo inglés a *u* e do *e* longo a *i*, por exemplo, era parte dunha tendencia xeral a elevar a posición da lingua nas vogais longas do mesmo modo que o cambio de *t* a *ss* no alto alemán antigo formaba parte dunha tendencia xeral a pronunciar as antigas consoantes oclusivas xordas como fricativas xordas. Un simple cambio fonético, incluso se non se dá unha asimilación fonética, xeralmente ameaza con desestabilizar o antigo patrón fonético porque introduce disonancia no agrupamento de sons. Para reestablecer o antigo patrón sen retornar ó estado inicial do cambio, o único método posible é que os outros sons da serie se transformen dunha maneira análoga. Se por unha ou outra razón, o *p* se muda en *b*, a correspondente consoante sonora, a antiga serie *p, t, k* adopta a forma asimétrica *b, t, k*. Para os efectos fonéticos, esta serie non é equivalente á antiga serie, por máis que responda á etimoloxía. Neste sentido, o patrón fonético xeral resulta debilitado. Mais se o *t* e o *k* se mudan polas correspondentes sonoras *d* e *g*, a antiga serie restitúese baixo unha nova forma *b, d, g*, e o patrón, en tanto que tal, consérvase ou restáurase. Aínda que, certamente, a condición de que a nova serie *b, d, g* non chegue a confundirse coa antiga serie *b, d, g*, de antecedentes históricos distintos. Se non existe esa serie

máis antiga, a creación da serie *b, d, g* non causa dificultades. Se existe, o antigo sistema só se pode manter alterando dalgunha maneira os antigos sons *b, d, g*. Pódense facer aspirados *-bh, dh, gh-* ou fricativos ou nasalados, ou poden desenvolver calquera outra peculiaridade que os manteña intactos como serie e os diferencie doutras series. Este tipo de cambios que non resulta na perda do sistema orixinal, ou que se salda cunha perda mínima, é probablemente a tendencia máis importante na historia dos sons lingüísticos. A nivelación ou asimilación fonética e a “división” ou “fisión” de sons contrarréstana ata certo punto, pero, en xeral, aquela tendencia remanece como principal regulador inconsciente do curso e velocidade dos cambios fonéticos.

O desexo de manterse fiel a un determinado patrón, a tendencia a “corrixir” as alteracións por medio dunha sofisticada cadea de cambios suplementarios esténdese a miúdo durante séculos ou incluso milenios —estas correntes psíquicas subterráneas da lingua sobrepasan a capacidade de comprensión en termos de psicoloxía individual, mais a súa realidade histórica é innegable. Sabemos pouco de cal é a causa primaria do desequilibrio dun patrón fonético e de cal é a forza acumulativa que selecciona estas ou aquelas variacións particulares dos individuos sobre as que flutúan os reaxustes do modelo. Moitos lingüistas cometeron a fatal equivocación de pensar no cambio fonético coma se se tratase dun fenómeno case fisiolóxico en vez de como un fenómeno estritamente psicolóxico, ou ben tentaron formular o problema servíndose de lugares comúns como “a tendencia a unha maior facilidade na articulación” ou “o resultado acumulativo dunha serie de percepcións defectuosas” (digamos que de parte dos nenos ó aprenderen a falar). Explicacións así de simples non nos valen. A “facilidade de articulación” pode entrar no proceso como factor, pero no mellor dos casos, non vai máis alá de ser un concepto subxectivo. Os indios atopan dificultades sen fin con sons e combinacións de sons que son

sinxelos para os falantes de inglés; unha lingua estimula unha preferencia fonética que outra fai todo o posible por combater. A “percepción defectuosa” non explica a impresionante cadea de cambios nos sons da lingua sobre a que acabo de insistir. Moito mellor é admitirmos que aínda non entendemos a causa ou causas primarias da lenta evolución fonética, aínda que poñamos moitas veces indicar os factores que contribúen a ela. É moi probable que non avancemos en serio ata que estudemos as bases intuitivas da fala. Como imos entender a natureza desa corrente que desgasta e reforma os patróns fonéticos cando nunca se nos deu por estudar a súa estruturación sonora e os “pesos” e relacións psíquicas dos elementos constituíntes (os sons individuais) deses patróns?

Todos os lingüistas saben que a mudanza fonética vai decote seguida de rearranxos morfolóxicos, mais adoitan asumir que a morfoloxía exerce pouca ou ningunha influencia no curso da historia fonética. Inclínome a crer que a nosa actual tendencia a illar a fonética e a gramática como áreas lingüísticas reciprocamente irrelevantes a unha para a outra é moi pouco afortunada. É moi probable que haxa entre elas e entre as súas respectivas historias relacións fundamentais que aínda non chegamos a captar enteiramente. Despois de todo, se os sons lingüísticos só existen porque son portadores simbólicos de conceptos e agrupacións de conceptos importantes, por que un cambio de certo calado ou unha característica permanente na esfera conceptual non van influír acelerando ou retardando a mudanza fonética? Eu creo que tales influencias se poden demostrar e que merecen un estudo moito máis coidadoso do que recibiron ata o momento.

Isto fainos retornar á pregunta aínda non respondida: como se entende que o inglés e mais o alemán desenvolvesen a curiosa alternancia da vogal inalterada no singular (*foot*, *Fuss*) e alterada no plural (*feet*, *Füsse*)? Era a alternancia pre-anglosaxoa un fenómeno absolutamente mecánico e carente

de interese morfolóxico? Así é como sempre se nos presentou, e, de certo, todos os datos e feitos externos apoian esta visión das cousas. O cambio de *o* para *ö*, e logo para *e*, non é baixo ningún concepto exclusivo do plural. Atópase tamén no dativo singular (*fet*), pois este tamén se retrotrae a unha forma máis antiga *foti*. Ademais, o *fet* do plural refírese só ó nominativo e acusativo; o xenitivo é *fota* e o dativo *fotum*. Só séculos despois se reinterpretaría a alternancia de *o* e *e* como medio de distinguir o número; o *o* xeneralizaríase a todo o singular, o *e* ó plural. Unicamente cando se levou a cabo esta redistribución de formas ficou o moderno valor simbólico da alternancia *foot* : *feet* establecido de maneira clara.¹⁷ A máis, non debemos esquecer que o *o* se transformou en *ö* (*e*) en todas as outras formacións gramaticais e derivativas. Por tanto, a un pre-anglosaxón *hohan* (máis tarde *hon*), no inglés moderno “to hang” (galego: “colgar, pender”), correspondía *höhith*, *hehith* (máis tarde *hehth*), inglés moderno “hangs” (el “colga”); a *dom* “doom” (“xuízo”), *blod* “blood” (“sangue”) e *fod* “food” (“comida, alimento”) correspondían os derivados verbais *dömian* (máis tarde *deman*) “to deem” (“xulgar, sentenciar”), *blödian* (máis tarde *bledan*) “to bleed” (“sangrar”) e *födian* (máis tarde *fedan*) “to feed” (“alimentar, manter”). Todo isto parece apuntar á natureza puramente mecánica da modificación de *o* para *ö* e logo para *e*. Foron tantas e tan dispares as funcións gramaticais ás que en última instancia serviu o cambio vocálico que non cremos que estivese motivado por ningunha delas.

Os datos do alemán apuntan na mesma dirección. A alternancia vocálica só chegou a ser relevante para o número moito máis tarde na historia da lingua. E, non obstante, cómpre considerar os seguintes feitos. O cambio de *foti* por *föti* antecedeu o de *föti* para *föte*, *föt*. Isto poderíase ver como un “afortunado accidente,” pois se *foti* pasase a ser *fote*, *fot* antes de que o *-i* ti-

¹⁷ Un tipo de axuste xeralmente coñecido como “nivelamento analóxico”.

vese a possibilidade de exercer unha influencia retroactiva sobre o *o*, non se chegaría a producir a diferenza entre o singular e o plural. Isto provocaría unha anomalía no anglosaxón nos nomes masculinos. Pero foi a secuencia de cambios fonéticos un “accidente”? Considérense estoutros dous feitos. Todas as linguas xermánicas adoitaban empregar alteracións vocálicas que denotaban unha significación funcional. As alternancias do tipo *sing*, *sang*, *sung* “canto, cantei, cantado” (anglosaxón *singan*, *sang*, *sungen*) estaban arraigadas na consciencia lingüística. A maiores, a tendencia ó enfeblecemento das sílabas finais, que dun ou doutro xeito se estivera manifestando durante séculos, era, incluso daquela, moi forte. Eu coído que estes feitos adicionais axúdannos a entender o verdadeiro encadeamento dos cambios fonéticos. Podemos chegar a afirmar que o *o* (e o *u*) puido retardar o cambio a *ö* (e a *ü*) ata que a deriva destrutora avanzou deica o punto no que se producirían embarazosas perturbacións morfolóxicas, de non se modificar a vogal. A unha certa altura, a terminación *-i* do plural (e terminacións análogas con *i* noutras formacións) sentiuse feble de máis para soportar na debida forma a súa carga funcional. O inconsciente lingüístico anglosaxón, se se me permite relatar dunha maneira resumida todos estes feitos un tanto complexos, alegrouse da oportunidade brindada por certas variacións individuais, ata ese momento sistematicamente desbotadas, para descargar parte do peso sobre elas. Estas variacións concretas resultaron convincentes porque permitían á perfección que a deriva fonética xeral seguise o seu curso sen desestabilizar o contorno morfolóxico da lingua. E a presenza da variación simbólica (*sing*, *sang*, *sung* “canto, cantei, cantado”) actuou como forza de atracción sobre a xeración dunha nova variación de carácter similar. Todos estes factores operaron de igual maneira na mutación das vogais alemás. Posto que a deriva fonética destrutora procedía a un ritmo máis lento no alemán ca no inglés, o cambio conservador de *uo* a *üe* (de *u* a *ü*) no alemán non tivo que producirse ata uns trescentos anos despois

de se consumir no inglés un cambio similar. E xaora que non era necesario que se producise. Algo que é, na miña opinión, un feito altamente significativo. Os cambios fonéticos poden ás veces ser estimulados de maneira inconsciente a fin de manter intactos os espazos psicolóxicos existentes entre as palabras e as formas das palabras. O impulso xeral da lingua sérvese das variacións fonéticas individuais que a axudan a preservar o seu equilibrio morfolóxico ou que tenden a reconducila ó equilibrio a que sempre aspira.

Eu suxeriría, pois, que o cambio fonético está integrado por alomenos tres elementos: (1) unha deriva xeral nunha dirección concreta da que apenas sabemos nada da súa natureza, mais da que se pode sospeitar que é predominantemente dinámica (isto constituiría a tendencia da lingua, e.g. un acento tónico máis ou menos marcado, unha maior ou menor sonorización dos elementos); (2) unha tendencia ó reaxuste que ten por obxecto conservar ou restaurar o patrón fonético fundamental da lingua; (3) unha tendencia conservadora que comeza a funcionar cando a deriva principal ameaza con desestabilizar gravemente a morfoloxía. Non imaxino nin por un momento que se poidan sempre separar estes tres elementos nin que esta exposición puramente esquemática faga xustiza ás complexas forzas que guían a deriva fonética. O patrón fonético dunha lingua non é invariable, pero é moito menos proclive a mudar cós sons que o compoñen. Cada un dos elementos fonéticos que o integran pode cambiar radicalmente e, aínda así, o patrón estrutural pode non verse afectado. Sería absurdo pretender que o patrón actual do inglés e o do antigo indoeuropeo son idénticos, pero, aínda así, conmove reparar en que, incluso a día de hoxe, a serie inglesa de consoantes iniciais

<i>p</i>	<i>t</i>	<i>k</i>
<i>b</i>	<i>d</i>	<i>g</i>
<i>f</i>	<i>th</i>	<i>h</i>

cadra, punto por punto, coa serie do sánscrito:

<i>b</i>	<i>d</i>	<i>g</i>
<i>bh</i>	<i>dh</i>	<i>gh</i>
<i>p</i>	<i>t</i>	<i>k</i>

A relación entre o patrón fonético e cada un dos sons individuais é máis ou menos parella á que se obtén entre o tipo morfolóxico dunha lingua e cada un dos seus trazos morfolóxicos específicos. Tanto o patrón fonético coma o tipo fundamental son sumamente conservadores, por moito que todas as aparencias superficiais parezan indicar o contrario. Cal dos dous é máis conservador non o podemos dicir. Supoño que dependen o un do outro dunha maneira que de momento aínda non chegamos a entender debidamente.

Se todos os cambios fonéticos orixinados pola deriva fonética puidesen permanecer é probable que a meirande parte das linguas presentase tales irregularidades no seu contorno morfolóxico que perderían o contacto co seu esquema formal básico. Os cambios fonéticos operan mecanicamente. De aí que é probable que nalgures afecten a todo un grupo morfolóxico –o cal non ten importancia– e noutro lado só a unha parte doutro grupo morfolóxico –e isto si pode ser perturbador. Desta maneira, o antigo paradigma anglosaxón

	Sing.	Plur.
Nom., Acus.	<i>Fot</i>	<i>Fet</i> (máis antigo <i>foti</i>)
Xen.	<i>Fotes</i>	<i>Fota</i>
Dat.	<i>Fet</i> (máis antigo <i>foti</i>)	<i>Fotum</i>

non puido resistir os cambios durante moito tempo. A alternancia *o* - *e* foi ben recibida na medida en que permitía distinguir máis ou menos o singular do plural. O dativo singular *fet*, no entanto, aínda que xustificado historicamente, foi deseguida percibido como un intruso. A analoxía con paradigmas máis simples e máis numerosos deu orixe á forma *fote* (compárese, e.g., *fisc* “fish” (en

galego “peixe”), dativo singular *fisce*). *Fet* como dativo tórnase obsoleto. O singular agora tiña *o* en todas as formas. Mais este mesmo feito fixo que as formas con *o* do xenitivo e dativo plural parecían fóra de lugar. O nominativo e o acusativo *fet* eran moito máis frecuentes no uso cás correspondentes formas do xenitivo e dativo. E estas, ó final, non tiveron máis remedio que seguir a analoxía de *fet*. Ó mesmo comezo do período do inglés medio atopamos, por tanto, que o antigo paradigma dera paso a un moito máis regular:

	Sing.	Plur.
Nom. Acus.	* <i>Fot</i>	* <i>Fet</i>
Xen.	* <i>Fotes</i>	<i>Fete</i>
Dat.	<i>Fote</i>	<i>Feten</i>

As formas marcadas con asterisco integran o vello núcleo en torno ó que se constrúe o novo paradigma. As non marcadas non son descendentes directas dos prototipos formais. Son substitutos analóxicos.

A historia da lingua inglesa está chea de tales converxencias e extensións. As formas *elder* (“máis vello”) e *eldest* (“o máis vello”) foron nun tempo os únicos comparativo e superlativo, respectivamente, de *old* (compárese alemán *alt*, *älter*, *der älteste*; a vogal que seguía a *old-*, *alt-* era orixinalmente un *i*, que modificou a calidade da vogal radical). A analoxía xeral da inmensa maioría dos adxectivos do inglés provocou, non obstante, a substitución das formas *elder* e *eldest* polas formas con vogal inalterada *older* e *oldest*. *Elder* e *eldest* só sobreviven como termos máis ou menos arcaicos para designar o irmán ou a irmá máis vellos. Isto ilustra a tendencia das palabras que están psicolóxicamente desligadas do seu grupo etimolóxico ou formal a conservar trazos de leis fonéticas que, polo demais, non deixaron trazo recoñecible, ou a preservar vestixios dun proceso morfolóxico que perdeu hai moito tempo a súa vitalidade. Un estudo en detalle deses sobreviventes ou formas atrofiadas non

deixa de ser interesante de cara á reconstrución dos primeiros tempos da historia dunha lingua nin de suxerir indicios no que respecta ás súas filiacións máis remotas.

A analoxía non remodela apenas certas formas dentro dos lindes dun grupo de formas relacionadas (un “paradigma”), tamén pode estender a súa influencia máis alá delas. De entre varios elementos funcionalmente equivalentes, pode que só un sobreviva e o resto se renda á cada vez máis constante e ampla influencia da analoxía. Isto foi o que sucedeu co *-s* plural do inglés. Confinado nas súas orixes a unha clase particular de masculinos (aínda que certamente importante), o *-s* do plural foise xeneralizando pouco a pouco a todos os nomes menos a un simple puñado que aínda exemplifica tipos de plural agora extintos (*foot* : *feet*, *goose* : *geese*, *tooth* : *teeth*, *mouse* : *mice*, *louse* : *lice*; *ox* : *oxen*; *child* : *children*; *sheep* : *sheep*, *deer* : *deer*). Polo tanto, a analoxía, ademais de regularizar irregularidades que chegaron á lingua como consecuencia da evolución fonética, provoca turbulencias, xeralmente en favor dunha maior simplicidade ou regularidade, nun sistema de formas establecido desde tempo atrás. Estes axustamentos analóxicos son case sempre síntomas da deriva morfolóxica xeral da lingua.

Un trazo morfolóxico que xorde como consecuencia accidental dun proceso fonético, coma o plural inglés con vogal modificada, pode espallarse por analoxía con non menos rapidez cós vellos trazos que deben a súa orixe a causas distintas da fonética. Unha vez que a vogal *e* do inglés ficou máis ou menos confinada ó plural, non había razón teórica para que as alternancias do tipo *foet* : *fet* and *mus* : *mis* non se afirmasen como unha clase produtiva de distinción de número no nome. Pero a verdade é que non conseguiron consolidarse como tales. O tipo de plural *foet* : *fet* asegurouse de establecer unha base de operacións momentánea pero máis nada. Entrou con paso maxestoso impelido por unha das correntes superficiais da lingua mais non tardou en ser varrido bruscamente no período do inglés medio por unha corrente moito

máis poderosa que impulsaba as formas distintivas simples. Era xa demasiado tarde para que o inglés se afanase en serio con simbolismos case ornamentais do tipo *foot* : *feet*. Os exemplos deste tipo que naceron de xeito lexítimo, isto é, a través de procesos puramente fonéticos, toleráronse durante un certo tempo, pero o tipo en si nunca chegou a ter moito futuro.

Foi diferente en alemán. A serie completa de cambios fonéticos comprendidos baixo o termo “Umlaut” –da que *u* : *ü* e *au* : *oi* (escrito *äu*) non son senón exemplos específicos– conncionou a lingua alemá nun tempo no que a deriva xeral tendente á simplificación morfolóxica non era tan forte e no que os tipos formais resultantes, como por exemplo *Fuss* : *Füsse*; *fallen* “to fall” (“caer”) : *fällen* “to fell” (“tumar”); *Horn* “horn” (“corno”) : *Gehörne* “group of horns” (“cornas”); *Haus* “house” (“casa”) : *Häuslein* “little house” (“casiña”), podían preservarse intactos e incluso estenderse a formas que non pertencían lexítimamente ó seu ámbito de influencia. O “Umlaut” continúa sendo un proceso simbólico moi vivo no alemán, e posiblemente estea aínda máis vivo hoxe ca en tempos medievais. Plurais analóxicos coma *Baum* “tree” (“árbore”) : *Bäume* –contrástese co alto alemán medio *boum* : *boume*–, e derivados como *lachen* “to laugh” (“rir”) : *Gelächter* “laughter” (“risa”) –contrástese co alto alemán medio *gelach*– amosan que a mutación vocálica conseguiu o status de proceso morfolóxico produtivo en alemán. Algúns dialectos aínda foron máis alá co alemán estándar, polo menos en certos respectos. En yiddish,¹⁸ por exemplo, formáronse plurais “umlaut” onde non existían prototipos no alto alemán medio nin paralelos literarios modernos, e.g., *tog* “day” (“día”) : *teg* “days” (“días”) –fronte ó alemán *Tag* : *Tage* –, por analoxía con *gast* “guest” (“convidado”) : *gest* “guests” (“convi-

¹⁸ Separado doutros dialectos alemáns a fins do século XV e comezos do XVI. É, xa que logo, unha boa proba para determinar a forza da tendencia ó Umlaut, en particular porque o impulsa unha forte deriva cara a métodos analíticos.

dados”) –alemán *Gast* : *Gäste*–, *shuch*¹⁹ “shoe” (“zapato”) : *shich* “shoes” (“zapatos”) –alemán *Schuh* : *Schuhe*–, por analogía con *fus* “foot” (“pé”) : *fis* “feet” (“pés”). É posible que, algún día, ó “Umlaut” lle chegue a súa fin no alemán e deixe de operar como proceso funcional vivo, mais ese tempo non parece estar aínda cerca. Entrementres, a consciencia meramente fonética da súa natureza hai séculos que desapareceu. Hoxe en día é sentida como un proceso morfolóxico, e de ningún modo se pode considerar unha simple adaptación fonética mecánica. No “Umlaut” temos un espléndido exemplo de como unha simple lei fonética, sen sentido en si mesma, pode co tempo colorear ou transformar amplas áreas da morfoloxía dunha lingua.

¹⁹ O *ch* pronúnciase coma o alemán *Buch*.

Como inflúen unhas linguas noutras

As linguas, coma as culturas, raramente son autosuficientes. As necesidades de intercambio fan que os falantes dunha lingua entren en contacto directo ou indirecto cos falantes de linguas veciñas ou culturalmente dominantes. O intercambio pode ser cordial ou hostil. Pode levarse a cabo no plano monótono dos negocios e das relacións comerciais, ou pode consistir en emprestar ou trocar determinados bens espirituais –arte, ciencia, relixión. Sería difícil mencionar un dialecto ou idioma completamente illado, e máis difícil aínda atopalos entre os pobos primitivos. Moitas veces, a tribo é tan pequena que non son raros os matrimonios mixtos con membros de tribos alleas que falan outros dialectos ou mesmo linguas sen ningún parentesco. Mesmo sería lícito pensar que, en termos comparativos, os matrimonios interlingüísticos, o comercio entre tribos, e os intercambios culturais en xeral teñen unha maior transcendencia entre os pobos primitivos ca entre nós.

Calquera que sexa o grao ou natureza do contacto entre pobos veciños, polo xeral é suficiente para que apareza algún tipo de influencia entre as súas linguas. Con frecuencia, o influxo exerceuse con forza nunha única dirección. Naturalmente, a lingua dun pobo que se vexa como centro de cultura é moito máis probable que inflúa de maneira apreciable nas linguas faladas nos territorios veciños ca que sexa influenciada por elas. O chinés asolagou durante séculos os vocabularios do coreano, xaponés e annamita, sen que recibise nada en troco. Na Europa Occidental dos tempos medievais e modernos, o francés exerceu un papel similar, aínda que se cadra a súa influencia foi menos abrumadora. O inglés tomou emprestado un inmenso número de palabras do francés dos invasores normandos e, máis tarde, xa da corte francesa da Illa de Francia, non deixaría de seguir importando un importante número de elementos afixais

de valor derivativo (e.g., o *-ess* de *princess* “princesa,” o *-ard* de *drunkard* “borracho” e o *-ty* de *royalty* “realeza”). O contacto co francés puido estimular dalgún modo a deriva xeral, fundamentalmente analítica, do inglés,¹ que incluso chegou a modificar lixeiramente o seu patrón fonético (e.g., *v* e *j* iniciais en palabras como *veal* “xato, tenreira” e *judge* “xuíz”; en palabras de orixe anglosaxoa o *v* e o *j* só poden aparecer despois de vogais, e.g., *over* “sobre,” *hedge* “sebe”). Pero o inglés case non chegou a exercer influencia sobre o francés.

O tipo máis simple de influencia que unha lingua pode exercer sobre outra é o “empréstimo” léxico. Cando hai un préstamo cultural sempre se dá a posibilidade de que á vez se collan tamén emprastadas as palabras que van asociadas con el. Cando os primeiros pobos xermánicos do norte de Europa souberon da cultura do viño e das estradas pavimentadas ó contactaren por vía comercial ou militar cos romanos, era natural que tivesen que adoptar as palabras latinas para a estraña bebida (*vinum*, inglés *wine*, alemán *Wein*) e para o insólito tipo de camiño (*strata [via]*, inglés *street*, alemán *Strasse*). Máis tarde, cando o cristianismo se introduciu en Inglaterra, unha serie de palabras asociadas con el, coma *bishop* “bispo” e *angel* “anxo,” abriuse camiño no inglés. E así continuou o proceso de maneira ininterrompida ata o día de hoxe, con cada onda cultural traendo á lingua un novo depósito de palabras emprastadas. Un estudo serio de tales empréstimos constitúe un interesante comentario sobre a historia da cultura. Un case pode facer unha avaliación do papel que os varios pobos xogaron no desenvolvemento e espallamento das ideas culturais observando ata que punto os seus vocabularios se infiltraron no doutros pobos. Cando nos decatamos de que un xaponés educado apenas pode facer unha oración sen servirse de recursos orixinariamente chineses, de que ata os nosos días o

¹ Os primeiros estudosos do inglés, non obstante, esaxeraban burdamente o efecto “desintegrador” do francés sobre o inglés medio. O inglés apurábase cara a unha estrutura analítica moito antes de que a influencia francesa comezase a operar.

siamés e o birmano e o camboxano levan a inequívoca impronta do sanscrito e do pali que chegaron co budismo hindú séculos atrás, ou de que, tanto se argumentamos a favor ou en contra do ensino do latín e do grego, é seguro que os nosos argumentos estarán tachonados de palabras que chegaron a nós de Roma e Atenas, podemos facernos unha idea do que a cultura chinesa antiga, o budismo e a civilización mediterránea clásica significaron na historia do mundo. Hai tan só cinco linguas que tiveron unha importancia de primeira orde como irradiadoras de cultura. Son o chinés, o sánscrito, o árabe, o grego e o latín. En comparanza con elas, ata linguas coma o hebreo e o francés, importantes polas culturas que vehiculan, afúndense nunha segunda posición. É un pouco decepcionante saber que en xeral a influencia cultural do inglés foi ata agora pouco menos ca insignificante. A lingua inglesa estase expandindo porque os ingleses colonizaron inmensos territorios. Pero nada hai que demostre que estea penetrando o corazón léxico doutras linguas de maneira similar a como o francés coloreou a complexión do inglés ou a como o árabe permeou o persa e o turco. Este feito é, en por si, significativo do poder que o nacionalismo, tanto cultural como político, adquiriu durante o século XIX. Agora existe unha certa resistencia psicolóxica ós empréstitos, ou –deberamos dicir mellor– a novas fontes de empréstito,² que nin a Idade Media nin o Renacemento coñeceron.

Existen outras formas máis sutís de resistencia ó empréstito de palabras? Xeralmente asúmese que a natureza e o alcance do empréstito depende por enteiro dos feitos históricos das relacións culturais. Que o alemán, por exemplo, collera empréstadas menos palabras do latín e do francés có inglés sería só debido a que Alemaña mantivera relacións menos íntimas coas esferas culturais da Roma clásica e de Francia ca Inglaterra. Isto

² Pois aínda hoxe se continúan a nomear os novos instrumentos científicos e as patentes médicas.

é verdade ata certo punto, mais non é toda a verdade. Cómpre non esaxerarmos a importancia física da invasión normanda nin subestimar a significación do feito de que a posición xeográfica central de Alemaña a fixo peculiarmente sensitiva á influencia francesa durante toda a Idade Media, á influencia humanística de fins do século XV e comezos do XVI, e de novo á poderosa influencia francesa dos séculos XVII e XVIII. Parece moi probable que a actitude psicolóxica da propia lingua prestameira con relación ó material lingüístico teña moito que ver coa súa receptividade ás palabras estranxeiras. O inglés devece dende hai séculos por acoller palabras independentes e non analizables, sen se preocupar de se son monosilábicas ou polisilábicas. Palabras coma *credible* “verosímil, crible,” *certitude* “certeza, certitude” e *intangible* “intanxible, indefinido”, foron ben recibidas no inglés porque cada unha representa unha idea unitaria e ben matizada, e porque a mente inconsciente (*cred-*, *cert-*, e *tang-* non teñen existencia real no inglés comparable á de *good-* “bo” en *goodness* “bondade”) non precisa analizalas formalmente (*cred-ible*, *cert-itude*, *in-tang-ible*). Unha palabra coma *intangible*, unha vez aclimatada, é unha entidade psicolóxica case tan simple coma calquera outro radical monosilábico (poñamos por caso *vague* “vago, indeciso”, *thin* “delgado, fino” ou *grasp* “agarrar, entender”). No alemán, en troques, a tendencia é a analizar as palabras polisilábicas nos seus elementos significativos. De aí que unha gran cantidade de palabras francesas e latinas, emprestadas no apoxeo de certas influencias culturais, non conseguisen manterse na lingua. Palabras latinoxermanas coma *kredibel* “crible, verosímil” e francoxermanas coma *reussieren* “ter éxito” non tiñan nada que o inconsciente dese asimilado ó método xermánico habitual de sentir e manexar as palabras. É como, se a pesar de todo, o inconsciente dixese: “Estou disposto a aceptar *kredibel* a condición de que me digas o que queres dicir con *kred-*.” De aí que, en xeral, o alemán atopou máis normal e menos difícil crear novas palabras a partir dos seus propios recursos, a medida que se facía sentir a súa necesidade.

Este contraste psicolóxico entre o inglés e o alemán no que atinxe ó tratamento que reciben as palabras estranxeiras pode ser estudado en todas as partes do mundo. As linguas atabascanas de América fálanas pobos que tiveron contactos culturais sorprendentemente variados, e, no entanto, por ningures se pode atopar un dialecto atabascano que tomase préstamos das linguas veciñas con total liberdade.³ A estas linguas sempre lles foi máis doado crear novas palabras por composición a partir dos elementos que tiñan á man. Son, por esta razón, altamente resistentes a recibir a impronta lingüística das experiencias culturais externas dos seus falantes. O camboxano e o tibetano ofrecen un contraste moi revelador na súa reacción á influencia do sánscrito. Ambas son linguas analíticas, cada unha delas totalmente diferente da lingua inflectiva e tremendamente elaborada da India. O camboxano é isolante, pero, a diferenza do chinés, contén moitas palabras polisilábicas que non requiren da análise etimolóxica que outras linguas efectúan sobre o seu léxico. Por conseguinte, coma o inglés na súa relación co francés e co latín, o camboxano acolleu inmensas cantidades de empréstitos do sánscrito, moitos dos cales se usan hoxe a diario. Nada na lingua lles opoñía resistencia psicolóxica ningunha. A literatura clásica tibetana foi unha adaptación servil da literatura hindú budista e en ningures se implantou o budismo de maneira máis firme ca no Tíbet; e, non obstante, resulta estraño saber que moi poucas palabras sánscritas entraron na lingua. O tibetano resistiu con eficacia as palabras polisilábicas do sánscrito porque estas non se integraban de maneira automática nas sílabas significantes daquela lingua, condición necesaria para satisfacer o sentimento tibetano da forma. Foi isto o que obrigou ó tibetano a traducir a gran maioría das voces sánscritas con equivalentes nativos. O anhelos de forma dos tibetanos foi así satisfeito, aínda que os termos estranxeiros traducidos literalmente deberon de

³ Non debería dicirse senón que “non adoptou palabras.”

violentar non poucas veces o carácter enxebre do idioma tibetano. Ata os nomes propios dos orixinais sánskritos se traduciron con todo coidado elemento por elemento; e.g., *Suryagarbha* “Sun-bosomed” (“O que ten no seu seo o Sol”) foi tibetanizado co maior dos esmeros como *Nyi-mai snying-po* “Sol-de corazón-o; o corazón (ou a esencia) do sol.” O estudo de como a lingua reacciona ante a presenza de voces estranxeiras –rexeitándoas, traducíndoas, ou aceptándoas de maneira xenerosa– pode botar luz valiosísima sobre as súas tendencias formais innatas.

O empréstito de palabras estranxeiras sempre supón a modificación fonética daquelas. Hai sen dúbida sons estraños ou peculiaridades acentuais que non cadran cos hábitos fonéticos nativos. É por iso polo que se alteran ata violentaren o menos posible eses hábitos. Con frecuencia danse compromisos fonéticos. Tal é o caso de *camouflage*, unha palabra procedente do francés de recente introdución no inglés. Tal e como os ingleses a pronuncian normalmente non se corresponde nin co uso fonético típico do inglés nin co do francés. O *k* aspirado, a vogal escura da segunda sílaba, a calidade precisa do *l* e do último *a*, e, sobre todo, o acento forte sobre a primeira sílaba, son todos resultado dunha inconsciente asimilación ós hábitos de pronuncia ingleses. Todo isto diferencia claramente o *camouflage* inglés da mesma palabra pronunciada polos franceses. Doutra banda, a vogal longa e pesada da terceira sílaba e mais a posición final do son “zh” (coma o *z* de *azure* “azul celeste”) son trazos caracteristicamente antiingleses, similares na súa anomalía históricofonética ó *j* e ó *v* de principio da palabra,⁴ sons que, no inglés medio, non se deberon sentir, polo menos ó primeiro, en completa harmonía cos hábitos ingleses, malia que a estrañeza inicial acabase un día por desaparecer. Nestes catro casos –o *j* inicial, o *v* inicial, o *zh* final e o *a* átono de *father*– non se trataba de que o inglés adoptase un novo son, senón de simplemente estender o uso dun vello son xa coñecido.

⁴ Véxase páxina 255.

De cando en cando é posible que se introduza un novo son, pero é igual de probable que desapareza sen tardar. Na época de Chaucer, o antigo *ü* anglosaxón (escrito *y*) había tempo que se volviera *i* (non redondeado), pero un novo grupo de vogais do tipo *ü*- procedente do francés (en palabras tales como *due* “debi- do,” *value* “valor,” *nature* “natureza”) volveu a entrar na lingua. Este novo *ü* non se mantivo como tal moito tempo, pois ditongou en *iu* e amalgamouse co *iu* nativo de palabras como *new* “novo” e *slew* “matei,” pasado de *to slay* “matar.” Finalmente, o ditongo apareceu como *yu*, con cambio de acento –*dew* (do anglosaxón *deaw* “rosada”) como *due* (en Chaucer *dü*). Feitos coma estes mostran a teimudez con que unha lingua pode resistir altera- cións radicais que violenten o seu sistema fonético.

A pesar de todo, sabemos que as linguas si se influencian foneticamente unhas a outras, e isto á parte de que adopten sons alleos coas palabras emprastadas. Un dos fenómenos máis curiosos ós que a lingüística se ten que referir é o caso dos rechamantes paralelismos fonéticos en linguas sen ningún tipo de parentesco ou moi remotamente relacionadas dunha área xeográfica concreta. A verdade é que estes paralelismos resul- tan impresionantes cando se contrastan dende unha perspectiva fonética ampla. Velaquí uns poucos exemplos. As linguas xermá- nicas no seu conxunto non desenvolveron vogais nasais. Algúns dialectos suabios alto-alemáns nasalizan agora as vogais en vez de manteren a antiga secuencia vogal + consoante nasal (n).* Pódese dicir que é unha casualidade que eses dialectos se falen nas zonas próximas ó francés, unha lingua que fai uso abundante das vogais nasais? Outro caso máis: existen certos trazos foné- ticos xerais que separan o holandés e o flamengo dos dialectos escandinavos e do alemán setentrional. Un deles é a presenza de oclusivas xordas non aspiradas (*p*, *t*, *k*), emitidas cun timbre nidio e metálico que recorda os correspondentes sons franceses

* N. do T. Os dialectos suabios actuais derivan de dialectos xermánicos altoalemáns probablemente emparentados coa lingua sueva que falaban os invasores xermánicos de Galicia no século V d.C.

e que contrasta coas oclusivas máis fortes e aspiradas do inglés, do alemán setentrional e o dinamarqués. Aínda que asumamos que as oclusivas non aspiradas son máis arcaicas e que son as descendentes non modificadas das antigas consoantes xermánicas, non é talvez un feito histórico significativo que os dialectos neerlandeses, veciños do francés, se inhibisen de modificar esas consoantes seguindo o que parece que foi a deriva fonética xeral das linguas xermánicas? Aínda máis abraiante ca estes exemplos é o peculiar parecido, en certos aspectos fonéticos, do ruso e outras linguas eslavas con linguas uralo-altaicas da rexión do Volga coas que non están emparentadas xeneticamente.⁵ Por exemplo, a típica vogal escura coñecida en ruso como “yeri” correspóndese cunha vogal análoga nas linguas do grupo uralo-altaico,⁶ pero non forma parte do inventario fonético das linguas xermánicas, do grego, do armenio e do grupo indoiraniano, os conxéneres indoeuropeos máis próximas do eslavo. En último termo, non parece fóra de razón supoñer que, nalgún momento da historia lingüística, a vogal eslava estivese en relación coas vogais análogas uralo-altaicas.

Un dos casos máis estraños de paralelismo fonético proporcionanolo un gran número de linguas amerindias faladas ó oeste das Montañas Rochosas. Ata nas estimacións máis básicas se dá por ben establecida a existencia de polo menos catro familias lingüísticas non emparentadas na rexión que vai da Alasca meridional á California Central. No entanto, todas ou case todas as linguas desta inmensa rexión teñen en común uns cantos trazos fonéticos importantes. O principal é a presenza dunha serie “glotalizada” de consoantes oclusivas que se articulan dunha maneira moi característica e presentan un efecto acústico bastante pouco común.⁷ Na parte norte da área, todas as linguas,

⁵ O fino-ugrio e o turco (tártaro).

⁶ Probablemente, na terminoloxía de Sweet, posterior, alta (ou, aínda mellor, entre posterior e posicións “mixtas”), aproximante e non redondeada. Xeralmente correspóndese cun *u* longo indoeuropeo.

⁷ Semella haber sons análogos ou parcialmente análogos en certas linguas do Cáucaso.

tanto as emparentadas entre si coma as pertencentes a outras familias, tamén posúen varios tipos de *l* xordos e unha serie de consoantes oclusivas “velares” (guturais posteriores) que son, na súa etimoloxía, distintas do *k* máis ordinario. É difícil de crer que tres trazos fonéticos tan peculiares coma os que mencionei puidesen evoluir de maneira independente en grupos de linguas que son veciños uns doutros.

Como imos explicar estes casos e centos de converxencias fonéticas similares? É certo que nalgúns casos concretos poderíase tratar de semellanzas debidas a unha relación xenética que de momento non é posible demostrar. Ora ben, esta interpretación non nos vai levar moi lonxe. Sen necesidade de termos que recorrer a un tribunal, debemos descartala de vez en dous dos tres exemplos europeos que citei. Está demostrado que tanto as vogais nasaladas coma o “yeri” eslavo teñen unha orixe secundaria no indoeuropeo. Por moito que afrontemos o proceso en detalle, é imposible deixar de inferir que os sons lingüísticos e certas formas de articulación tenden a estenderse sobre unha área continua da mesma maneira que se irradian outros elementos da cultura dende un centro xeográfico. Podemos supoñer que as variacións concretas xurdidas nas fronteiras lingüísticas –quer pola inconsciente influencia suxestiva de hábitos lingüísticos estranxeiros, quer pola transferencia de sons estranxeiros á fala de individuos bilingües– se foron incorporando gradualmente á deriva fonética da lingua. Na medida en que o principal obxectivo é a preservación do sistema fonético e non dos sons concretos en tanto que tales, non hai en realidade razón ningunha para que unha lingua non poida asimilar de maneira inconsciente sons alleos que conseguiron introducirse e acomodarse na gama de variacións individuais, sempre a condición de que as novas variacións adoptadas (ou as antigas variantes reforzadas) se aliñen na dirección da tendencia nativa.

Unha simple ilustración botará luz sobre esta concepción. Supoñamos que dúas linguas veciñas e non emparentadas, A e

B, teñen cadanseu *l* xordo (véxase o galés *ll*). Supoñamos que isto non é casualidade. Quizais un estudo comparativo revele o feito de que o *l* xordo da lingua A se corresponde cunha serie sibilante doutras linguas emparentadas con ela: que a antiga alternancia *s* : *sh* acabou por transformarse na nova alternancia *l* (xordo) : *s*.⁸ É lóxico deducir que a consoante *l* xorda da lingua B tivo a mesma historia? Nin por asomo. Se cadra B mostra unha tendencia moi marcada a unha emisión perfectamente audible ó final de palabra, de maneira que o *l* final, coma calquera outra vogal final, sempre ía seguido dunha aspiración moi acentuada. Os individuos seguramente acostumaban anticipar o xordo escape de aire e facer xorda a última parte do *l* final (a maneira de como o *l* de palabras inglesas coma *felt* “feltro” tende a ser parcialmente xordo en anticipación da xordez do *t*). E, secomasí, este *l* final, coa súa tendencia latente ó enxordecemento, puido moi ben non chegar a orixinar nunca un *l* plenamente xordo se o *l* xordo presente en A non actuase a modo de estímulo inconsciente ou de suxestiva incitación a un cambio máis radical en liña coa propia deriva de B. Unha vez que apareceu o *l* xordo final, é moi probable que a súa alternancia en palabras afíns co *l* sonoro medial dese lugar á súa extensión analóxica. O resultado sería que A e B terían un importante trazo en común. Ó final, os seus respectivos sistemas fonéticos, se se xulgan como meras ensamblaxes de sons, poderían incluso chegar a asimilarse reciprocamente, aínda que isto sexa un caso extremo que dificilmente se dea na práctica. O máis significativo acerca destas interinfluencias é a tendencia de cada lingua a manter intacto o seu patrón fonético. Na medida en que as respectivas series de sons similares sexan diferentes, e teñan diferentes “valores” e “pesos”, non se poderá dicir que esas linguas sen relación de parentesco aparente diverxesen substancialmente da liña fixada pola súa propia deriva. Na

⁸ En realidade este cambio pódese exemplificar cun dos dialectos atabascanos do Yukón.

fonética, coma no vocabulario, debemos ser cautos e non esaxerar a importancia das influencias interlingüísticas.

Xa salientei de pasada que o inglés adoptara do francés un certo número de elementos morfolóxicos. O inglés tamén usa numerosos afixos derivados do latín e do grego. Algúns destes elementos de orixe estranxeira, coma o *-ize* de *materialize* “materializar” ou o *-able* de *breakable* “rompible”, son aínda produtivos hoxe en día. Exemplos coma estes apenas poñen en evidencia a influencia morfolóxica que exerce unha lingua sobre outra. Deixando a un lado o feito de que pertencen á esfera dos conceptos derivativos e non atinxen ó problema morfolóxico central da expresión das ideas de relación, os sufixos coma os mencionados non engaden nada substancial ás peculiaridades estruturais da lingua inglesa. O inglés xa estaba preparado para a relación de *pity* “compaixón, pena” e *piteous* “compasivo, apenado”, a partir de pares nativos do tipo *luck* “sorte, fortuna” e *lucky* “feliz, afortunado”; con *material* e *materialize* simplemente se elevou o rango dun patrón familiar a partir de exemplos tales como *wide* “ancho, amplo, largo” e *widen* “anchear, ampliar, alargar.” Noutras palabras, se a influencia morfolóxica exercida sobre o inglés por outras linguas se pretende calibrar a partir de exemplos coma os citados, o que se pode dicir é que non é dun tipo moi diferente ó do mero empréstito de palabras. A introdución do sufixo *-ize* (en galego *-izar*) pouco máis cambiou o edificio esencial da lingua có que supuxo o mero feito de incorporar un certo número de palabras. Se o inglés desenvolvese un novo futuro baseado no modelo do futuro sintético do francés ou se adoptase do latín e do grego o seu emprego da reduplicación como mecanismo funcional (latín *tango* : *tetigi*; grego *leipo* : *leloipa*) teríamos dereito a falar dunha verdadeira influencia morfolóxica. Mais, influencias dese alcance non se poden demostrar. No curso da historia da lingua inglesa case non se pode destacar un único cambio importante que non estivese determinado pola deriva nativa, aínda que aquí e acolá

poidamos supoñer que a corrente se precipitou un tanto pola suxestiva influencia das formas francesas.⁹

É importante que se recoñeza o desenvolvemento morfolóxico continuo e autónomo do inglés, e o moi modesto impacto ó que se someteu a súa estrutura fundamental a causa de influencias externas. A historia da lingua inglesa foi ás veces representada como unha especie de caída no medio do caos coa chegada dos normandos, os cales procederían a xogar ós birlos coa tradición anglosaxoa. Hoxe os lingüistas son máis conservadores nas súas apreciacións. Que un desenvolvemento analítico de longo alcance se pode producir sen a influencia foránea externa que afectou ó inglés demostra a historia do dinamarqués, o cal, nalgunhas tendencias niveladoras, iría moito máis lonxe có inglés. O inglés pódenos ser moi útil como proba *a fortiori*. Na idade media tardía, nunha época na que a corrente tendente ó tipo analítico era especialmente forte, o inglés foi anegado de empréstitos franceses. Por conseguinte estaba mudando, a toda marcha, tanto na superficie como na estrutura interna. O asombroso non é, por conseguinte, que adoptase uns cantos trazos morfolóxicos externos, simples engádegas ó seu inventario particular, senón que, exposto como estaba a influencias remodeladoras, permanecese tan fiel ó seu propio tipo e á súa propia deriva histórica. Todo o que sabemos a través da documentación recollida na historia lingüística xeral reforza o que adquirimos a través do estudo da lingua inglesa. En ningures atopamos máis interinfluencias morfolóxicas cás meramente superficiais. E desta constatación podemos concluír que polo menos unha das seguintes inferencias debería ser correcta: ou ben, que unha influencia morfolóxica realmente sería non é, se cadra, imposible, pero que tal operación é tan lenta que non tivo a oportunidade de facerse notar na porción relativamente pequena da historia lingüística que se pode investigar; ou ben, que hai certas condicións favorables

⁹ No eido da sintaxe, pódense apuntar certas influencias francesas e latinas, máis é dubidoso que atinxisen estratos máis profundos có da lingua escrita. A meirande parte deste tipo de influencias pertence máis ó estilo literario cá morfoloxía propiamente dita.

que si poden dar lugar a perturbacións morfolóxicas profundas dende fóra, poñamos por caso unha especial inestabilidade de tipo lingüístico ou un grao inusual de contacto cultural, condicións ambas que non se intúen no material que nos serviu de documentación; ou ben, que non temos o dereito a asumir que unha lingua pode exercer facilmente unha influencia morfolóxica remodeladora sobre outra.

Entrementres, debemos afrontar o desconcertante feito de que existen trazos importantes da morfoloxía que se atopan distribuídos con moita frecuencia entre linguas moi diversas dunha área extensa. Tan profundamente diversas, de feito, que o máis normal é considerar que non están emparentadas dende un punto de vista xenético. Ás veces poderíase supoñer que a semellanza se debe á casualidade dunha simple converxencia, que un trazo morfolóxico parecido puido desenvolverse de maneira independente en varias linguas con orixes dispares. Mais, aínda así, certas distribucións morfolóxicas son demasiado peculiares na súa especificidade para que poidan pasarse por alto de maneira tan sinxela. Debe haber algún factor histórico que poida dar razón delas. Ora ben, debería recordarse que este concepto de “familia lingüística” non é definitivo en sentido exclusivo.¹⁰ Só podemos dicir, con razoable certeza, que tal e tal lingua descenden dunha fonte común, pero non podemos dicir o mesmo de que tal e tal outra non estean relacionadas xeneticamente. Todo canto podemos afirmar sobre algunhas linguas é que non hai probas abondas da relación que permitan concluír que partillan necesariamente unha orixe común. Non pode ser, entón, que moitos trazos de similitude morfolóxica entre linguas diverxentes dunha rexión sexan simplemente os últimos vestixios dunha comunidade de tipo e de substancia fonética que o traballo destrutivo de derivas diverxentes acabou por facer irrecoñecibles? Quizais aínda hoxe exista abonda semellanza léxica e morfolóxica entre o inglés moderno e o irlandés como

¹⁰ Véxase páxina 211.

para permitirnos defender a súa relación xenética sobre a base exclusiva dos testemuños descritivos actuais. Non sería unha tarefa inútil, en todo caso, pois é probable que en canto pasen outros dous ou tres milenios os trazos semellantes sexan tan borrosos que o inglés e o irlandés, en ausencia de toda outra evidencia descritiva, sexan categorizados como linguas non emparentadas. Aínda manterán en común certos aspectos morfolóxicos fundamentais, pero será difícil saber como avalialos. Só á luz da perspectiva contrastiva que se pode adquirir comparándoas con linguas aínda máis diverxentes, como o vasco e o finés, se lle pode dar ás semellanzas que aínda permanecen o seu verdadeiro valor histórico.

Non me queda outra alternativa que sospeitar que moitas das distribucións máis significativas das similitudes morfolóxicas se terían que interpretar como vestixios dun pasado común. A teoría do “empréstimo” semella totalmente inadecuada para explicar eses trazos fundamentais da estrutura, agochados na mesma cerna do complexo lingüístico, que foron destacados como comúns entre, por exemplo, as linguas semíticas e camíticas,*entre as varias linguas sudanesas, entre as malaio-polinesias, as mon-khmer¹¹ e os munda,¹² entre as atabascanas e o tlingit e o haida. Non debemos deixarnos acovardar pola timidez dos especialistas, a quen moitas veces lles falta de maneira notoria o sentido do que eu chamei “perspectiva contrastiva.”

Algunhas veces tentouse explicar a distribución destes trazos estruturais fundamentais pola teoría da difusión. Sabemos que os mitos, as ideas relixiosas, os tipos de organización social,

* N.do T. O termo “camítico” (ou “hamítico”) empregouse nas súas orixes para referir os pobos africanos que se cría que descendían do Cam bíblico, un dos tres fillos de Noé (os outros, segundo *Xénese* 10, foron Sem e Iafet, dos que descenderían os pobos semíticos e iaféticos). Nas clasificacións etnolingüísticas é hoxe un termo practicamente obsoleto e desprestixiado ó ser empregado como xustificación da política colonial europea en África nos séculos XIX e XX. Nas máis recentes clasificacións lingüísticas a denominación usual para referirse á antiga familia semito-hamítica é a de “linguas afroasiáticas”.

¹¹ Un grupo de linguas faladas no sueste asiático, das cales o khmer (camboxano) é o representante máis coñecido.

¹² Un grupo de linguas faladas no nordeste indio.

os inventos da industria, e outros trazos da cultura pódense estender dun punto a outro, acomodándose gradualmente en culturas que un día os tiveron por estraños. Sabemos tamén que as palabras poden espallarse con tanta liberdade coma elementos culturais, que os sons tamén se poden “emprestar” e que mesmo se poden adoptar elementos morfolóxicos. Podemos ir aínda máis lonxe e recoñecer que certas linguas adquiriron, con toda probabilidade, trazos estruturais debido á influencia suxestiva das linguas veciñas. Nembargantes, un exame de tales casos¹³ revela case de modo invariable o feito significativo de que son adicións superficiais feitas sobre o núcleo morfolóxico da lingua. Mentres os testemuños históricos directos que temos non nos ofrezan exemplos máis convincentes dunha influencia morfolóxica profunda, faremos ben en non fiarnos demasiado das teorías da difusión.

En xeral, por tanto, adscribiremos as principais concordanancias e diverxencias na forma lingüística –isto é, no patrón fonético e na morfoloxía– á deriva autónoma da lingua, e non ó efecto intricado de trazos sinxelos e difusos que se agrupan agora dun xeito e logo doutro. De todos os fenómenos sociais, a linguaxe é talvez o fenómeno social que máis se basta a si mesmo (isto é, o máis autónomo) e o que máis resiste a influencia de fóra (é dicir, o máis compacto). É máis doado matar unha lingua que desintegrar a súa forma característica.

¹³ Véñense á memoria, por exemplo, a presenza de posposicións no alto chinook, un trazo que se debe claramente á influencia das linguas sahapinas veciñas; ou o uso de prefixos instrumentais no takelma, que é probable que fose inducido polas linguas veciñas “hokanas” (o shasta e o karok).

Lingua, raza e cultura

A lingua ten o seu lugar. O pobo que a fala pertence a unha raza (ou a varias razas), é dicir, a un grupo que se diferencia doutros grupos por medio de características físicas propias. Ora ben, a lingua non existe separada da cultura, isto é, do conxunto de prácticas e crenzas herdadas socialmente que determina a textura das nosas vidas. Os antropólogos adoitaban estudar o home baixo as tres rúbricas de raza, lingua e cultura. Unha das primeiras cousas que fan cunha área xeográfica natural coma África ou os mares do Pacífico é debuxar o mapa baixo estes tres puntos de vista. Os mapas resultantes responden a estas preguntas: cales son as divisións principais do animal humano, considerado dende un punto de vista biolóxico (e.g. o negro do Congo, o branco exipcio, o negro australiano, o polinesio), e onde se localizan?; cales son os agrupamentos lingüísticos máis inclusivos, as “familias lingüísticas”, e cal é a distribución de cada un deles (e.g. as linguas camíticas da África do norte, as linguas bantús do sur, as linguas malaio-polinesias de Indonesia, Melanesia, Micronesia e Polinesia)?; como se dividen os pobos dunha determinada área a si mesmos en tanto que seres culturais?, cales son as “áreas culturais” máis destacadas e cales son as ideas dominantes de cada unha delas (e.g. o norte de África mahometano; a cultura non agrícola de cazadores primitivos dos bosquimáns do sur; a cultura dos aborixes australianos, pobre en aspectos físicos pero moi desenvolvida no aspecto cerimonial; a cultura máis avanzada e altamente especializada da Polinesia)?

O home da rúa non se para a analizar a súa posición no esquema xeral da humanidade. Sente que representa unha porción perfectamente integrada da humanidade –ora pensada como “nacionalidade”, ora como “raza”– e que todo o que lle pertence a el como representante típico dese grupo máis amplo, tamén lle pertence, dalgún modo, ós demais. Se un é inglés,

séntese membro da raza “anglosaxoa”, cuxo “xenio” modelou a lingua inglesa e a cultura “anglosaxoa,” da cal a lingua é a súa expresión. A ciencia é máis fría. Pregúntase se estes tres tipos de clasificación –racial, lingüística e cultural– son congruentes, e se a súa asociación é en si necesaria ou se é un mero asunto de historia externa. A resposta a esta investigación non é moi favorable para os sentimentalistas da “raza”. Os historiadores e antropólogos atoparon que as razas, as linguas e as culturas non están distribuídas de modo paralelo, que as súas áreas de distribución entrecrúzanse da maneira máis sorprendente, e que a historia de cada unha segue o seu propio curso. As razas entremestúranse dun modo moi diferente ó que se mesturan as linguas. Por outra banda, as linguas pódense espallar moito máis alá do seu fogar orixinal, invadindo o territorio doutras razas e doutras esferas culturais. Unha lingua pode incluso desaparecer da súa área primitiva e vivir entre pobos que foron violentamente hostís ós que a tiveron como fala orixinal. Ademais, os accidentes da historia están a corrixir sen cesar as fronteiras das áreas culturais sen que, de modo necesario, se destrúan as divisións lingüísticas existentes. Se por unha vez nos podemos convencer de que a raza, no seu único sentido intelixible, que é o biolóxico, é absolutamente indiferente á historia das linguas e das culturas, e de que estas son tan pouco explicables en termos de razas como das leis da física ou da química, conseguiremos dispoñer dunha perspectiva que permita interesarse por eslogans místicos como a eslavofilia, a anglosaxonía, o teutonismo, ou o xenio latino, pero que refusa caer no seu engado. Un estudo detallado das distribucións lingüísticas e da historia de tales distribucións constitúe un dos máis áridos comentarios sobre estes credos sentimentais.

Que un grupo de linguas non necesita corresponderse nin o máis mínimo cun grupo racial ou unha área cultural é moi fácil de demostrar. Podemos incluso mostrar o modo en que unha lingua dada se entrecruza coas variables da cultura e da raza. A

lingua inglesa non a fala unha única raza. Nos Estados Unidos hai varios millóns de negros que non coñecen outra lingua. É a súa lingua nai, a roupaxe formal dos seus pensamentos e sentimentos máis íntimos. É da súa propiedade, e tan inalienablemente “súa”, como o é do rei de Inglaterra. Nin sequera os anglofalantes brancos de América constitúen unha raza ben definida salvo que os consideremos en contraste cos negros. Das tres razas brancas fundamentais que os antropólogos físicos recoñecen xeralmente en Europa –a báltica ou norteeuropea, a alpina, e a mediterránea–, todas teñen numerosos individuos que se serven do inglés en América. Pero é que acaso os pobos que constitúen o núcleo dos falantes de inglés, esa poboación relativamente “non mixta” que aínda reside en Inglaterra e nas súas colonias, representan unha raza pura e única? O pobo inglés é unha amálgama de moitas diferentes tensións. Ademais do antigo elemento “anglosaxón”, noutras palabras, do xermánico do norte, que convencionalmente se di representar a liñaxe básica, o sangue inglés comprende un elemento franco-normando,¹ escandinavo,² céltico e precéltico. Se por inglés entendemos tamén “escocés” e “irlandés”,³ entón o termo “céltico” estámolo usando de maneira moi vaga para polo menos dous elementos raciais moi distintos –o tipo baixo e de pel moura de Gales, e o máis alto, máis branco e moitas veces rubio das Terras Altas de Escocia e de partes de Irlanda. Mesmo se nos limitamos ó

¹ En si mesmos unha amálgama de francés setentrional e elementos escandinavos.

² O sangue “celta” do que é hoxe Inglaterra e Gales non se restrinxe ó que son ós países de fala céltica –Gales e, ata moi recentemente, Cornualle. Hai todas as razóns para crer que as tribos xermánicas invasoras (anglos, saxóns e xutos) non exterminaron os celtas británicos de Inglaterra nin obrigaron ó conxunto da poboación autóctona a refuxiarse en Gales e Cornualle (as historias falan de máis de pobos conquistados que foron reducidos ás montañas e ás fisterras!), e que, pola contra, se mesturaron con eles impoñéndolles a súa lei e a súa lingua.

³ Na práctica estes tres pobos dificilmente se poden separar como razas distintas. Os termos teñen un valor máis local e sentimental que claramente racial. Os matrimonios mixtos foron comúns en todas as épocas históricas e é só en certas rexións periféricas se poden atopar tipos relativamente puros, e.g., o escocés das Terras Altas nas illas Hébridas. En América, o elemento inglés, escocés, e irlandés entremesturáronse de maneira inextricable.

elemento anglosaxón, que, escusado é dicir, non aparece puro por ningures, estamos moi lonxe de que se acaben os nosos problemas. Podemos identificar este elemento, *grosso modo*, co tipo racial agora predominante no sur de Dinamarca e nas partes contiguas da Alemaña do Norte. Sendo así, debemos contentarnos coa reflexión de que mentres que a lingua inglesa está emparentada co frisón e en segundo grao cos outros dialectos xermánico-occidentais (baixo saxón ou “Plattdeutsch”, holandés e alto alemán), e só en terceiro grao co escandinavo. O tipo racial especificamente “saxón” que invadiu Inglaterra nos séculos V e VI é a grandes trazos o mesmo que aínda representan hoxe en día os dinamarqueses, que falan unha lingua escandinava; en contraste, a poboación falante de alto alemán do centro e sur de Alemaña é notoriamente distinta.⁴

Pero que pasa se ignoramos estas sutís distincións e simplemente asumimos que o tipo racial teutónico ou báltico ou norte-europeo coincidían na súa distribución co das linguas xermánicas? Non estamos, entón, pisando terreo máis seguro? A resposta é non, máis ca nunca estamos pisando terreo esvaradío. En primeiro lugar, a masa da poboación alemánfalante (Alemaña Central e Meridional, Suíza Alemá, Austria Alemá) non pertence á raza teutónica, alta, loira e de cabeza alongada,⁵ senón á raza alpina, máis baixa, de pel máis escura e cabeza redonda,⁶ da que son igualmente bos representantes a poboación central de Francia, a Suíza Francesa e a meirande parte dos eslavos occidentais e setentrionais (e.g. bohemios e polacos). A distribución destas poboacións “alpinas” correspóndese en parte coa dos antigos “celtas” continentais, cuxa lingua cedeu en todos os lados ante a presión do itálico, do

⁴ O alto alemán que se fala na actualidade na Alemaña setentrional é de uso moi recente. Débese a expansión do alemán estándar, baseado no alto saxón, un dialecto alto alemán, ás expensas do “Plattdeutsch” ou baixo alemán.

⁵ “Dolicocefálico.”

⁶ “Braquicefálico.”

xermánico e do eslávico. Fariamos ben en evitar falar dunha “raza céltica,” pero se nos sentíssemos tentados a darlle un contido, sería quizais máis apropiado aplicala, dun modo xeral, á porción oeste dos pobos alpinos ca ós dous tipos presentes na illa, ós que xa nos referimos. Estes últimos foron sen dúbida “celtizados”, na fala e, en parte, no sangue, exactamente igual ca, séculos máis tarde, a maior parte de Inglaterra e parte de Escocia sería “teutonizada” por anglos e saxóns. No que á lingua se refire, os “celtas” de hoxe (o gaélico irlandés, o manés, o gaélico escocés, o galés e o bretón) son célticos e a maioría dos alemáns de hoxe son xermánicos exactamente do mesmo modo en que os negros americanos, os xudeus americanizados, os suecos de Minnesota, e os xermanoamericanos son “ingleses.” Mais, en segundo lugar, a raza báltica non era, nin é, de ningún modo, un pobo de fala exclusivamente xermánica. Os “celtas” das terras máis setentrionais, coma os escoceses das Terras Baixas, son con toda probabilidade unha das ramas desta raza. O que este pobo falaba antes de que fose “celtizado” ninguén o sabe, mais non hai nada que indique que falasen unha lingua xermánica. A súa lingua puido moi ben estar tan lonxe de todo idioma indoeuropeo coñecido como o están hoxe o vasco ou o turco. De por parte, para o leste dos escandinavos atópanse os membros non xermánicos da raza –os fineses e pobos con eles emparentados, que falan linguas que, polo que sabemos, non están relacionadas co indoeuropeo.

Non podemos deternos nisto. A posición xeográfica das linguas xermánicas é tal,⁷ que é moi probable que non representen senón unha antiga transferencia dun dialecto indoeuropeo (posiblemente un prototipo celto-itálico) a un pobo báltico que

⁷ Se nos retrotraemos ós datos que posuímos, podemos tirar a conclusión de que estas linguas estiveron confinadas orixinalmente a unha rexión relativamente pequena no norte de Alemaña e Escandinavia. Esta rexión é claramente marxinal con relación á área total de distribución dos pobos de fala indoeuropea. O seu centro de gravidade, digamos que en torno ó 1000 a. de C., semella estar na Rusia meridional.

falaba unha lingua ou un grupo de linguas totalmente alleas ó indoeuropeo.⁸ Xa que logo, non só non fala no presente o inglés unha raza unificada senón que é máis probable do que non que o seu prototipo fose nun principio unha lingua allea á raza coa que o inglés se asocia de maneira máis particular. Non temos por que abeirar a idea de que o inglés ou o grupo de linguas ó que pertence sexa, de ningunha das maneiras en que isto se queira entender, a expresión da raza; nin de que conteña incorporadas á súa gramática calidades que reflectan o temperamento ou “xenio” dunha particular caste de seres humanos.

Se o espazo o permitise, poderíanse ofrecer moitos outros exemplos –e, sen dúbida, máis rechamantes– da falta de correspondencia que existe entre a raza e a lingua. Abondará cun só exemplo máis. As linguas malaio-polinesias forman un grupo ben definido que abrangue o extremo sur da península Malaia e o inmenso mundo de illas para o sur e leste (excepto Australia e a maior parte de Nova Guinea). Nesta vasta rexión atopamos representadas non menos de tres razas distintas –os papúas negroides de Nova Guinea e Melanesia, a raza malaia de Indonesia, e a polinesia das illas exteriores. Os polinesios e malaios falan linguas do grupo malaio-polinesio, mentres que as linguas dos papúas pertencen en parte a este grupo (o melanesio), e en parte a outro non relacionado co malaio-polinesio (o papúa).⁹ A pesar do feito de que a división racial máis importante na rexión está entre os papúas e os polinesios, a maior distancia lingüística é a que se dá entre o malaio dun lado, e o melanesio e polinesio, doutro.

⁸ Aínda que isto é só unha teoría, a evidencia técnica que a avala é máis poderosa do que un podería supoñer. Existe un sorprendente número de palabras xermánicas moi comúns e características que non poden ser vencelladas a elementos radicais indoeuropeos coñecidos e que poden moi ben ser restos dunha hipotética lingua prexermánica; tales son os casos de *house* “casa,” *stone* “pedra,” *sea* “mar”, *wife* “esposa” (e os equivalentes alemáns *Haus*, *Stein*, *See*, *Weib*).

⁹ Soamente a parte máis oriental da illa de Nova Guinea a ocupan papúas de lingua melanesia.

O que se di da raza, vale para a cultura. En particular, nos niveis máis primitivos, onde non existe o poder unificador do ideal “nacional”¹⁰ que altera a corrente do que poderíamos chamar distribucións naturais, é fácil demostrar que a lingua e a cultura non marchan asociadas de modo intrínseco. Linguas sen ningún tipo de parentesco poden compartir unha única cultura, mentres que linguas estreitamente emparentadas –mesmo unha única lingua– poden pertencer a esferas culturais moi distintas. Temos moitos e excelentes exemplos na América aborixe. As linguas atabascanas conforman un grupo tan unificado e tan de seu, do punto de vista estrutural, coma calquera outro no que eu poida agora pensar.¹¹ Os falantes destas linguas pertencen a catro áreas culturais distintas –a simple cultura cazadora do Canadá occidental e o interior de Alasca (Loucheux, Chipewya), a cultura do búfalo das planicies (Sarcee), a cultura altamente ritualizada do sudoeste (Navaho), e a cultura especializada peculiar da California noroccidental (Hupa). A adaptabilidade cultural dos pobos de fala atabascana contrasta estrañamente co carácter refractario das súas linguas ás influencias externas doutras linguas.¹² Os indios hupa son un pobo típico da área cultural a que pertencen. Idénticos en cultura son os seus veciños yurok e karok. Entre as tres tribos existe un intercambio tribal moi activo, de tal xeito que, xeralmente, as tres asisten ás cerimoniais relixiosas que celebran as outras. É difícil dicir que

¹⁰ Unha “nacionalidade” é un grupo de certa importancia unido polos seus sentimentos. Os factores históricos que contribúen a un sentimento de unidade nacional son moi variados: políticos, culturais, lingüísticos, xeográficos, ás veces especificamente relixiosos. Factores raciais verdadeiros tamén poden formar parte do sentimento nacional, aínda que cando se pon o acento sobre a “raza” o que hai detrás son valores xeralmente psicolóxicos máis ca estritamente biolóxicos. Nunha rexión na que predomina o sentimento nacional adoita darse a tendencia a que a lingua e a cultura se tornen uniformes e propios desa rexión, de maneira que as fronteiras lingüísticas e culturais tenden como mínimo a coincidir. Non obstante, mesmo no mellor dos casos, a unificación lingüística nunca chega a ser absoluta, ó tempo que a unidade cultural é probable que sexa superficial, de natureza case política, antes ca fonda e de moito alcance.

¹¹ As linguas semíticas, idiosincráticas como son, non presentan caracteres máis marcados nin definidos.

¹² Véxase páxina 258.

elementos da cultura compartida pertencen en orixe a cada tribo de tan harmonizadas como están na súa acción comunal, nos seus sentimentos e no seu pensamento. Mais as súas linguas non son só diferentes e alleas entre si senón que pertencen a tres dos maiores grupos lingüísticos de América, cada un deles correspondente a un inmenso territorio no continente da América do Norte. O hupa, como xa vimos, é unha lingua atabascana e, nese sentido, está remotamente emparentado co haida (illas da Raíña Carlota) e co tlingit (Alasca meridional); o yurok é unha das dúas linguas californianas illadas do resto da familia algonquina, que ten o seu centro de gravidade na rexións dos grandes lagos; o karok é o membro máis setentrional do grupo hokan, que se estende cara ó sur ata máis alá dos confíns de California e ten os seus parentes máis remotos ó longo do golfo de México.

Volvendo ó inglés, os máis dos americanos estaríamos dispostos a admitir, coido eu, que a comunidade de lingua existente entre a Gran Bretaña e os Estados Unidos está moi lonxe de significar unha comunidade de cultura análoga. Acostúmase dicir que británicos e americanos posúen un herdo cultural común “anglosaxón”, pero non é certo que hai diferenzas significativas na vida e nos sentimentos que as persoas “cultas” tenden a ocultar ó daren por feito ese herdo común? Se América aínda é especificamente “inglesa”, éo só na medida en que foi unha colonia ou que ofrece vestixios da colonización inglesa; a súa deriva cultural dominante condúcea en parte a desenvolvementos autónomos e orixinais, e en parte á inmersión nunha cultura europea máis ampla, da que a inglesa constitúe só unha entre as varias facetas daquela. Non podemos negar que a posesión dunha lingua común pode facilitar no presente e continuar a facilitar durante moito tempo o camiño do entendemento cultural mutuo entre Inglaterra e os Estados Unidos, pero é claro que outros factores –e algúns deles acumúlanse con rapidez– están a contrarrestar poderosamente aquela influencia niveladora. Unha lingua común non pode asegurar de maneira

indefinida unha cultura común cando os determinantes físicos, políticos e económicos da cultura deixan de ser os mesmos en toda a súa xeografía.

A lingua, a raza e a cultura non se correlacionan necesariamente. Isto non significa que non poida haber unha correlación entre elas. De feito, existe certa tendencia a que as liñas das divisións raciais e culturais se correspondan coas lingüísticas, aínda que en determinados casos estas últimas poden non ter o mesmo grao de importancia cás outras. Deste xeito, e a pesar dun considerable solapamento, pódese falar dunha fenda divisoria bastante clara entre as linguas, a raza e a cultura polinesias, por unha parte, e as linguas, a raza e a cultura melanesias, por outra.¹³ En calquera caso, debe recoñecerse que mentres que a división cultural e racial, e en particular a cultural, teñen unha grande importancia, a división lingüística ten unha significación moito menor, xa que as linguas polinesias constitúen pouco máis do que unha subdivisión dialectal do grupo melanesio-polinesio. Pódense atopar, malia todo, coincidencias máis marcadas entre os tres aspectos. A lingua, a raza e a cultura dos esquimós son moi distintas das dos veciños;¹⁴ na África do sur, a lingua, a raza e a cultura dos bosquimáns fornece aínda un contraste moito maior cos seus veciños bantús. As coincidencias deste tipo teñen dende logo moita importancia, pero a súa significación non depende da relación psicolóxica que haxa entre os tres factores, entre raza, lingua e cultura. As coincidencias nas separacións apuntan simplemente a unha comprensible asociación histórica. Se os bantús e os bosquimáns son tan extremadamente diferentes en todos os aspectos é porque os bantús acaban de chegar hai relativamente pouco tempo ó sur de

¹³ Os fidxianos, por exemplo, aínda que son de raza papúa (negroide), son polinesios antes ca melanesios nas súas afinidades lingüísticas e culturais.

¹⁴ Aínda que mesmo con relación a isto danse solapamentos significativos. Os esquimós de Alasca máis meridionais asimiláronse na súa cultura ós veciños tlingit. Do mesmo modo, na Siberia norteorienta non existe unha nidia separación cultural que separe os esquimós e os chukchi.

África. Os dous pobos desenvolvéronse en completo illamento un do outro; a súa actual veciñanza é recente de máis para que o lento proceso de asimilación cultural e racial puidese actuar con forza. Cando retrocedemos no tempo, temos que asumir que os vastos territorios sudafricanos estiveron ocupados por poboacións relativamente pequenas e que o contacto con outras masas de poboación non era tan insistente nin tan prolongado como o sería máis tarde. O illamento xeográfico e histórico que orixinou as diferenciacións raciais era naturalmente favorable á aparición de variacións de grande alcance na lingua e na cultura. O propio feito de que, as razas e culturas que entran en contacto tendan co tempo a asimilarse unhas a outras, en tanto que as linguas veciñas só se influencian mutuamente de maneira ocasional e en aspectos superficiais,¹⁵ indica que non hai unha relación causal profunda entre o desenvolvemento da lingua e o desenvolvemento específico da raza e da cultura.

Mais seguramente, o lector cauto obxectará que debe haber algunha relación entre lingua e cultura, e entre a lingua e polo menos o aspecto intanxible da raza que denominamos “temperamento.” É totalmente inconcibible que as calidades colectivas da mente que deron forma á cultura non sexan tamén as responsables da evolución dunha morfoloxía lingüística particular? Esta cuestión condúcenos á cerna dalgún dos problemas máis difíciles da psicoloxía social. Dubido que haxa alguén que teña claro dabondo a natureza do proceso histórico e dos factores implicados nos cambios lingüísticos e culturais para poder respondela de maneira intelixente. O único que podo facer de maneira breve é presentar os meus propios puntos de vista, e sobre todo a miña actitude xeral. Sería difícil probar que o “temperamento”, a disposición emocional xeral dun pobo, é o principal determinante da tendencia e da corrente dunha

¹⁵ Claro está que a substitución dunha lingua por outra non é verdadeiramente unha cuestión de asimilación lingüística.

cultura,¹⁶ por moito que esta se poida manifestar no uso que os individuos fan dos elementos desa cultura. Pero aínda aceptando que o temperamento teña un certo valor na modelación da cultura, a pesar de que sexa difícil dicir como, non hai razón para deducir que xogue o mesmo papel na configuración da lingua. É imposible demostrar a máis mínima relación entre a forma da lingua e o temperamento nacional. A variación, a súa deriva, corre inexorablemente na canle determinada polos seus antecedentes históricos; e faino con independencia das sensacións e sentimentos dos seus falantes, de igual modo a como un río seguirá o seu curso sexan cales foren as condicións atmosféricas da caprichosas paisaxe. Estou convencido de que é absolutamente futil procurar na estrutura lingüística diferenzas que se correspondan con variacións temperamentais relacionadas coa raza. A este respecto é bo lembrar que o aspecto emocional da nosa vida psíquica só se expresa de maneira moi pobre na estrutura da lingua.¹⁷

A lingua está inextricabilmente entretecida coas rutinas do noso pensamento; nun certo sentido son unha e a mesma cousa. Como nada hai que nos demostre que haxa diferenzas raciais importantes na conformación fundamental do pensamento, cómpre deducir que a infinita variabilidade da forma lingüística, outro nome para a infinita variabilidade do verdadeiro proceso do pensamento, nada nos pode indicar acerca das tales diferenzas raciais. Isto só é un paradoxo en aparencia. O contido latente de todas as linguas é o mesmo: a *ciencia* intuitiva da experiencia. É a forma manifesta que nunca se repite dúas veces do mesmo modo,

¹⁶ Co termo “temperamento” é difícil de traballar. Unha boa parte daquilo ó que se lle atribúe a marca de “temperamento” nacional non é outra cousa que comportamento habitual, o efecto de ideais de conduta tradicionais. Nunha cultura, por exemplo, que non mira con bos ollos a demostración dos sentimentos, a tendencia natural a mostrar a emoción tende a inhibirse máis do que é normal. Sería erróneo pensar nesta inhibición habitual, que é un feito cultural, como se fose algo característico do temperamento nativo. Pero, normalmente só podemos chegar a observar a conduta humana vendo como se modifican os comportamentos culturais. O temperamento en si é cousa difícil de precisar.

¹⁷ Véxase páxinas 91 e 92.

pois esta forma, á que podemos denominar morfoloxía lingüística, non é nin máis nin menos cá unha *arte* colectiva do pensamento, unha arte espida das insignificancias do sentimento individual. En última instancia, por tanto, a lingua non pode xurdir da raza do mesmo xeito que non pode xurdir da raza un soneto.

E non podo tampouco crer que entre a cultura e a lingua se poida dar unha verdadeira relación de causa-efecto. Unha cultura pode ser definida como *o que* unha sociedade fai e pensa. A lingua é un *como* particular do pensamento. É difícil de ver que relacións causais concretas se espera que subsistan entre un selecto inventario de experiencia (a cultura é unha escolma significativa da experiencia feita pola sociedade) e a maneira peculiar en que a sociedade expresa a experiencia no seu conxunto. A deriva da cultura, unha forma diferente de dicir, a deriva da historia, consiste nunha complexa serie de cambios no inventario seleccionado pola sociedade –adicións, perdas, cambios nos seus intereses e nas súas relacións. A evolución da lingua nada di respecto ós cambios de contido, senón respecto ós cambios de expresión formal. É posible, en teoría, cambiar cada son, cada palabra, cada concepto concreto dunha lingua sen cambiar en nada a súa realidade interna. Nun molde concreto tanto se pode verter auga como xeso ou ouro fundido. Se se puidese demostrar que a cultura ten unha forma innata, unha serie de contornos, independentes da materia de calquera descrición, teríamos algo na cultura que podería servir como termo de comparación ou como un posible medio de relacionala coa lingua. Pero ata que eses patróns puramente formais da cultura se descubran e se deixen ver na súa nudez, faremos ben en manter que as correntes da lingua e da cultura non constitúen procesos relacionados nin comparables. Disto séguese que calquera intento que pretenda vencellar determinados tipos de morfoloxía lingüística con estadios de desenvolvemento cultural con eles relacionados resultará totalmente van. Mellor dito, tales correlacións son puro lixo. A ollada máis superficial verifica o

noso argumento teórico sobre este asunto. En todos os niveis de progreso cultural se poden atopar variedades lingüísticas que van dos tipos máis simples ós máis complexos. No que atinxe á forma lingüística, Platón camiña á par do porqueiro macedonio; Confucio, co salvaxe cazador de cabezas de Assam.

Non é mester recalcar que o contido da lingua se encontra intimamente relacionado coa cultura. A unha sociedade que non ten coñecementos de teosofía non lle fai falla ter nome para ela; os indíxenas que nunca viran nin oíran falar dun cabalo sentíronse obrigados a inventar ou coller emprestada unha palabra para o animal cando se familiarizaron con el. No sentido de que o vocabulario dunha lingua reflicte máis ou menos fielmente a cultura a que serve é perfectamente lícito afirmar que a historia da lingua e a historia da cultura seguen liñas paralelas. Mais esta especie de paralelismo superficial e insignificante carece dun especial interese para o lingüista excepto na medida en que a creación ou empréstito de novas palabras permiten, se acaso, botar luz sobre as tendencias formais da lingua. O lingüista nunca debería cometer o erro de identificar unha lingua co seu dicionario.

Se este capítulo e o precedente foron principalmente negativos nas súas argumentacións, eu coido que foron moi saudables. Seguramente non haxa mellor forma de aprehender a natureza esencial da fala que adquirir consciencia do que non é e do que non fai. As súas vinculacións superficiais con outros procesos históricos son tan estreitas que precisa ser liberada delas se pretendemos vela en si mesma. Todo o que ata agora vimos que era verdade acerca da linguaxe pon de relevo o feito de que é a obra máis importante e colosal que produciu o espírito humano —nada menos ca unha forma acabada de expresión para toda experiencia comunicable. O individuo pode variar infinitamente esta forma sen que por iso perda os seus contornos distintivos; e, como toda arte, está renovándose constantemente. A lingua é a arte máis sólida e abrangente que coñecemos, unha obra enorme e inconsciente, moldeada por sucesivas xeracións de anónimos falantes.

As linguas son para nós moito máis ca sistemas de transferencia de pensamento. Son a roupa invisible que viste o noso espírito e lle dá unha forma predeterminada a toda a súa expresión simbólica. Cando a expresión adquire máis importancia do normal, chamámoslle literatura.¹ A arte é unha expresión tan persoal que non nos gusta pensar que está obrigada a someterse a formas predeterminadas de de ningunha clase. As posibilidades de expresión individual son infinitas, e a lingua en concreto é o máis fluído de todos os medios. E con todo e iso, debe de haber algunha limitación a esta liberdade: o medio debe presentar algunha resistencia. Na grande arte existe a ilusión de absoluta liberdade. As restricións que o material impón –pintura, branco e negro, mármore, tons do piano, ou o que sexa– non se perciben; é coma se houbo liberdade entre a plena utilización da forma polo artista e todo o que a materia pode dar se si pola súa propia natureza. O artista sométese intuitivamente á implacable tiranía do material e fai que o material bruto se funda sen esforzo co seu concepto. O material “desaparece” precisamente porque non hai nada na concepción do artista que indique que haxa outra materia. Polo de agora, el, e nós con el, moverémonos no medio artístico coma peixes na auga, facendo caso omiso de que existe unha atmosfera estraña. Non obstante, aínda non ben transgrida o artista a lei do medio en que se move decatáronos asustados de que hai un medio ó que obedecer. A lingua é o medio da literatura, do mesmo modo que o mármore ou o bronce ou a arxila son os materiais do escultor.² Posto que toda lingua ten as súas pecu-

¹ Non me podo parar a definir o modo en que unha expresión pode ser “importante” dabondo para merecer ser denominada arte ou literatura. Ademais, non o sei exactamente. Teremos que dar por sentado que entendemos que é literatura.

² Esta “submisión intuitiva” non ten nada a ver co servilismo ás convencións artísticas. Máis dunha revolta das rexistradas na arte moderna estiveron dominadas polo desexo de

liaridades distintivas, as limitacións formais nativas –e as posibilidades– dunha literatura non son case nunca as mesmas cás de calquera outra. A literatura modulada a partir da forma e da substancia dunha lingua ten a cor e a textura da súa matriz. O artista literario se cadra non chega a ser consciente de como é estorbado, ou axudado, ou mesmo guiado pola matriz, mais, cando se trata de traducir a súa obra a outra lingua, a natureza da matriz orixinal deseguida se manifesta. Todos os efectos foran calculados ou sentidos de maneira intuitiva con relación ó “xenio” formal da súa propia lingua; e non poderán ser vertidos a outra lingua sen perda ou sen modificación. Croce ten, xa que logo, toda a razón cando di que a obra literaria nunca pode ser traducida.³ A pesar de todo, a literatura si se pode traducir, e ás veces con increíble exactitude. Isto lévanos á pregunta de se na arte da literatura non se atopan entrelazados dous tipos ou niveis de arte diferente –unha arte xeral, non-lingüística, que pode ser transferida sen perda nun medio lingüístico alleo, e unha arte especificamente lingüística que non se pode transferir.⁴ Coido que esta distinción é totalmente válida, aínda que nunca chegamos a ter na práctica os dous estratos en estado puro. A literatura xoga coa lingua como medio, mais ese medio comprende dous estratos, o contido latente da lingua –o noso

extraer do material de que se serve todo o que realmente se poida dar sacado. O impresionista quere luz e cor porque a pintura lle pode dar esas dúas propiedades; a “literatura” en pintura, a suxestión sentimental dunha “historia,” oféndeo porque non quere que a súa forma específica de arte se vexa velada polas sombras doutro medio. De igual modo, o poeta insiste, máis do que nunca antes o fixera, en que as palabras só significan o que elas realmente significan.

³ Véxase Benedetto Croce, “Aesthetic.” (“Estética”).

⁴ A cuestión da “transferibilidade” das producións artísticas seméllame un problema de xenuíno interese teórico. Por moito que falamos da unicidade sacrosanta dunha determinada obra de arte, sabemos moi ben, aínda que non sempre o admitamos, que non todas as producións poden ser tratadas de igual maneira no tocante á súa transferencia. Un estudo de Chopin é inviolable; sempre se move no mundo musical do ton do piano. Unha fuga de Bach é transferible a un outro conxunto de timbres musicais sen unha seria perda de significación estética. Chopin xoga coa lingua do piano como se non existise ningunha outra lingua (o medio “desaparece”); Bach fala a lingua do piano como medio práctico de dar expresión a unha concepción forxada na linguaxe xeneralizada do ton.

registro intuitivo da experiencia— e a configuración particular de cada lingua —o como específico do noso registro da experiencia. A literatura que toma o seu sustento principalmente —nunca enteiramente— do nivel máis baixo, poñamos por caso unha peza dramática de Shakespeare, é traducible sen demasiada perda do carácter que ten de seu. Se a peza literaria se move no nivel superior, e non no inferior —un bo exemplo é un poema lírico de Swinburne— a obra será boa na medida en que sexa intraducible. Ambos os tipos de expresión literaria poden ser excelentes ou mediocres.

En realidade, isto non ten misterio ningún. Podemos aclaralo un pouco comparando a literatura coa ciencia. Unha verdade científica é impersoal, no que é a súa esencia non aparecerá tinguida polo medio lingüístico concreto en que atopase expresión. A súa mensaxe pode transmitirse con igual facilidade en chinés ca en inglés.⁵ E malia todo, debe atopar expresión, e esa expresión precisa ser de orde lingüística. É máis, a aprehensión dunha verdade científica é en si mesma un proceso lingüístico, pois o pensamento non é outra cousa ca lingua espida da súa roupaxe externa. O medio máis propio da expresión científica é, polo tanto, unha lingua xeral que poida definirse como álgebra simbólica da que todas as linguas coñecidas son traducións. A literatura científica pode traducirse de maneira adecuada porque a expresión científica orixinal é en si unha tradución. A expresión literaria é persoal e concreta, pero isto non quere dicir que a súa significación estea totalmente limitada polas calidades accidentais do medio. Un verdadeiro simbolismo profundo, por exemplo, non depende das asociacións verbais dunha lingua en concreto senón que repousa seguramente sobre a base intuitiva que subxace a toda expresión lingüísti-

⁵ Dende logo, a condición de que o chinés se forneza do necesario vocabulario científico a conciencia. Como calquera outra lingua, pódese facer sen graves dificultades sempre que xurda a necesidade.

ca. A “intuición” do artista, para usar o termo de Croce, está construída de maneira inmediata a partir dunha experiencia humana xeral –pensamento e sentimento–, da que a súa propia experiencia individual non é senón a súa persoal escolma. As relacións de pensamento no nivel máis profundo non teñen unha vestimenta lingüística específica; os ritmos son libres, e, de primeiras, non aparecen vencellados ós ritmos tradicionais da lingua do artista. Algúns artistas cuxo espírito se move de maneira principal no estrato non lingüístico (ou mellor, no estrato lingüístico xeral) mesmo atopan unha certa dificultade para darse expresado nos ríxidos termos establecidos no idioma normalmente aceptado. Un sente que se afanan inconscientemente na procura dunha lingua artística xeral, unha álgebra literaria, que se relacione coa suma de todas as linguas coñecidas da mesma forma en que un simbolismo matemático perfecto o fai con todas as explicacións perifrásticas que a lingua común é capaz de ofrecer sobre as relacións matemáticas. A expresión artística dos artistas é con frecuencia tensa; e soa ás veces como a tradución dun orixinal descoñecido –o cal, a dicir verdade, é xustamente o que é. Estes artistas –os Whitmans e os Brownings– impresiónannos máis pola grandeza do seu espírito que pola propiedade mesma da súa arte. O seu relativo fracaso é de gran valor en tanto que nos diagnostica e nos indica a presenza sutil na literatura dun medio lingüístico máis amplo e máis intuitivo có de calquera lingua concreta.

A pesar de todo, sendo a expresión humana o que é, os máis grandes artistas literarios –ou deberamos dicir, os máis satisfactorios–, os Shakespeares e Heines, son aqueles que souberon de maneira subconsciente acomodar ou arranxar a máis fonda intuición ós acentos provinciais da súa fala cotiá. Neles non hai efecto nin esforzo violento. A súa “intuición” persoal aparece como unha síntese total da arte absoluta da intuición e da arte innata e especializada do medio lingüístico. Con Heine, por

exemplo, un cae na ilusión de que o universo fala alemán. O material “desaparece”.

Cada lingua é en por si unha arte colectiva da expresión. Agochados nela encóntranse unha serie de factores estéticos –fonéticos, rítmicos, simbólicos, morfolóxicos– que non partilla na totalidade con ningunha outra lingua. Estes factores poden confluír no seu potencial cos daquela lingua absoluta e descoñecida a que me referín –este é o método de Shakespeare e Heine– ou poden urdir un tecido privado, técnico e artístico de seu, a arte nativa da lingua intensificada ou sublimada. Este último tipo, a arte máis tecnicamente “literaria” de Swinburne e dunha hoste de delicados poetas “menores”, é fráxil de máis para que perdure. Está construída con materiais espiritualizados, non con espírito. Os éxitos dos Swinburnes son de tanto valor para fins diagnósticos coma os relativos fracasos dos Brownings. Mostran ata que punto a arte literaria pode estearse na arte colectiva da lingua mesma. Os creadores máis extremadamente técnicos poden individualizar con tal exceso esta arte colectiva que poden chegar a facela case insufrible. Un non sempre está disposto a agradecer que lle conxelen a experiencia máis íntima e viva e a convertan en marfil.

Un artista debe utilizar os recursos estéticos nativos da súa fala. E debería sentirse agradecido se a paleta de cores que a lingua lle ofrece é rica, e o trampolín, lixeiro. Pero non hai por que lle apoñer un especial creto polos acertos que só a lingua lle proporciona. Debemos aceptar esa lingua con todas as calidades de flexibilidade e rixidez e ver o traballo do artista en relación a ela. Unha catedral no medio dunha chaira é máis alta ca un pau sobre o Mont Blanc. Noutras palabras, non deberamos cometer a torpeza de admirar un soneto francés porque as vogais francesas sexan máis sonoras cás inglesas ou condenar a prosa de Nietzsche porque dea abeiro na súa textura a combinacións de consoantes que amedrentan os oídos dos nacidos

en chan inglés. Xulgar así a literatura sería equivalente a amar *Tristan e Isolda* porque un adora o timbre dos cornos. Hai certas cousas que unha lingua pode facer á perfección mentres que a outras o propio intento resultaríalles inútil. En xeral, sempre hai compensacións. O vocalismo do inglés é intrinsecamente máis escuro cá escala de vogais do francés, e, no entanto, o inglés resárcese deste revés coa súa maior axilidade rítmica. Incluso é dubidoso que a sonoridade innata dun sistema fonético teña máis importancia como factor estético cás relacións entre sons, a gama total de similitudes e contrastes. Mentres que o artista teña con que dispoñer as súas secuencias e ritmos, importa pouco cales son as calidades sensoriais dos elementos deste material. Non obstante, os fundamentos fonéticos dunha lingua son só un dos trazos que lle dá á súa literatura unha certa dirección. Moito máis importantes son as súas peculiaridades morfolóxicas. Ten bastante máis relevancia na explicación do estilo se a lingua pode ou non crear palabras compostas; se a súa estrutura é sintética ou analítica; se as palabras das súas oracións teñen considerable liberdade na posición que poden ocupar, ou se están obrigadas a se someter a unha rigorosa orde xa determinada de antemán. As características máis importantes do estilo, na medida en que o estilo é unha cuestión técnica relativa á construción e ordenación de palabras, veñen dadas pola lingua mesma de maneira tan inexorable como que o efecto acústico do verso o causan os sons e os acentos naturais da lingua. Estas continxencias necesarias do estilo son poucas veces sentidas polo artista como restricións da expresión da súa individualidade. Realmente son elas as que apuntan ós recursos estilísticos que máis se axustan á inclinación natural da lingua. É moi pouco probable que un estilo verdadeiramente grande poida opoñerse seriamente ós patróns formais básicos da lingua.

Non só os incorpora, constrúe sobre eles. O mérito dun estilo coma o de W.H. Hudson ou George Moore⁶ é que logra con naturalidade e economía o que a lingua sempre intenta facer. A lingua de Carlyle, aínda que persoal e vigorosa, non chega a ser estilo; é un mero manierismo teutónico. Como tampouco a prosa de Milton e dos seus contemporáneos chega a ser estritamente inglesa; é semilatina, feita con suntuosas palabras inglesas.

É estraño o moito que tardaron as literaturas europeas en comprender que o estilo non é algo absoluto que debe ser imposto sobre a lingua a partir dos modelos grego e latino, senón simplemente a lingua mesma, discorrendo polas súas canles naturais, e con acento individual dabondo como para permitir que a personalidade do artista se sinta coma unha presenza, non coma unha acrobacia. Agora entendemos con máis claridade que o que é efectivo e fermoso nunha lingua é un vicio noutra. O latín e o esquimó, coas súas formas tan flexivas, préstanse a unha estrutura de períodos tan elaborada que produciría un cansazo enorme no inglés. O inglés permite, mesmo esixe, unha liberdade que sería insípida no chinés. E o chinés, coas súas palabras inmutables e as súas ríxidas secuencias, ofrece unha frase tan compacta, un paralelismo tan terso e unha evocación tan muda que sería demasiado conciso e demasiado matemático para o xenio inglés. Se non podemos entender ben os suntuosos períodos do latín nin o estilo puntillista dos clásicos chineses, poden en todo caso axudarnos a entrar con simpatía no espírito destas técnicas estrañas.

Eu coido que todo poeta inglés de hoxe en día se sentiría agradecido de poder ter a concisión que consegue sen o máis mínimo esforzo un poetastro chinés. Velaquí un exemplo traducido palabra a palabra ó inglés:⁷

⁶ Á parte de certas peculiaridades individuais na dicción, na escolma e na avaliación de palabras concretas.

⁷ É claro que non se trata dun gran poema senón duns versos circunstanciais escritos por un meu amigo chinés cando partiu de Xangai para o Canadá.

Wu-river⁸ stream mouth evening sun sink, // Wu-río*
corrente boca serán sol afundirse

North look Liao-Tung,⁹ not see home. // Norte mirar Liao-Tung non ver fogar.

Steam whistle several noise, sky-earth boundless, // Vafo asobiar varios ruído, ceo-terra infindo,

Float float one reed out Middle-Kingdom. // Aboiar aboiar un xunco fora Reino Medio

As vinte e oito sílabas do chinés poden interpretarse de maneira un tanto esfarrapada como: “Na boca do río Iang-Tse, mentres o sol se pon, miro ó norte cara a Liao-Tung pero non vexo o meu lar. A sirena do vapor chía varias veces sobre o espazo sen fin onde o ceo se xunta coa terra. O vapor, abaneándose maino coma un xunco verde, zarpa do Reino Medio.”¹⁰ De calquera xeito, non temos por que envexarlle ó chinés a súa esaxerada concisión. O máis prolixo modo de expresión do inglés tamén posúe a súa beleza, e a máis compacta exuberancia do estilo latino non resulta por iso menos fermoso. Case hai tantos estilos, tantas ideas naturais de estilo literario, como linguas. Os máis deles son potenciais, á espera das mans de artistas que xamais chegarán. E, non obstante, nos textos que se preservan da tradición e dos cantos primitivos hai moitas pasaxes dunha forza e beleza únicas. A estrutura da lingua produce moitas veces combinacións de conceptos que nos provocan a sensación de estarmos ante verdadeiros achados estilísticos. Hai palabras sinxelas no algonquino que son como diminutos poemas imaxinistas. Pero deberíamos ter coidado de non esaxerar a frescura do contido que, en parte, polo menos, está provocado pola novidade da aproximación. En todo caso, a posibilidade de que

* N. do T. Nalgunhas linguas europeas este río recibiu, a partir do francés, o nome de río Azul, quizais por contraste co outro gran río chinés, o río Amarelo, que debe o seu nome á lama e barro que arrastran as súas augas.

⁸ Trátase do antigo nome do país en torno á boca do río Iang-Tse (ou Yangtze).

⁹ Unha provincia de Manchuria.

¹⁰ I.e., China.

existan estilos literarios completamente estraños, cada un deles coa súa particular revelación do espírito humano na procura da forma bela, fica demostrada.

É probable que nada illustre mellor a dependencia formal da literatura da lingua có aspecto prosódico da poesía. Para os gregos o verso cuantitativo era enteiramente natural, non só porque a poesía se desenvolveu en conexión co canto e coa danza,¹¹ senón porque a alternancia de sílabas longas e breves eran realidades fondamente vivas na economía diaria da lingua. Os acentos tonais, que só eran fenómenos acentuais secundarios, contribuían a darlle á sílaba a súa individualidade cuantitativa. Cando a métrica grega foi transportada ó verso latino, fíxoo sen apenas violencia, pois o latín tamén se caracterizaba por unha aguda consciencia das distincións cuantitativas. O acento latino, no entanto, era máis marcado có grego. Quizais por esa razón, a métrica cuantitativa latina modelada sobre o grego se sentiu máis artificiosa ca na lingua da que procedía. O intento análogo de verter os versos ingleses nos moldes latinos e gregos nunca conseguiu tampouco un éxito real. A base dinámica do inglés non é a cantidade¹² senón o acento, a alternancia de sílabas tónicas e átonas. Este feito, que lle confire ó verso inglés a súa propia idiosincrasia, determinou o desenvolvemento das súas formas poéticas, e é responsable da evolución de novas formas. Nin o acento nin a medida das sílabas constitúen un factor psicolóxico relevante na dinámica do francés. A sílaba francesa ten unha sonoridade inherente grande e non flutúa de maneira significativa nin na cantidade nin no acento. A métrica cuantitativa e a métrica acentual serían tan artificiais no francés coma a métrica acentual no grego clásico ou a cuantitativa ou

¹¹ Nas súas orixes, a poesía é en todos os sitios inseparable da voz do canto e do ritmo da danza. En calquera caso, os tipos de verso silábicos e acentuais, e non os versos cuantitativos, semellan ser a norma predominante.

¹² As diferenzas cuantitativas existen como feito obxectivo mais non teñen o mesmo valor interno e psicolóxico que tiñan no grego.

puramente silábica no inglés. A prosodia do francés viuse obrigada a desenvolverse a base de grupos silábicos unitarios. A asonancia, e máis tarde a rima, demostraron ser non só bos medios de articular e seccionar a débil corrente de sílabas sonoras senón absolutamente necesarios. O inglés foi moi hospitalario á suxestión francesa da rima, pero non a necesitaba seriamente para a súa economía rítmica. De aí que a rima, un trazo dalgún modo simplemente decorativo, sempre estivese subordinada de maneira moi estrita ó acento, e que moitos poetas prescindisen acotío dela. Non é un accidente psicolóxico que a rima chegase máis tarde ó inglés có francés e que a abandonase antes.¹³ O verso chinés desenvolveuse seguindo basicamente as mesmas directrices có verso francés. A sílaba é unha unidade aínda máis compacta e sonora cá do francés en tanto que a cantidade e o acento son demasiado variables para que sirvan de base a un sistema métrico. Os grupos silábicos –a cantidade de sílabas por unidade rítmica– e mais a rima son, por tanto, dous dos factores de control da prosodia chinesa. O terceiro factor, a alternancia de sílabas de ton normal con sílabas de ton ascendente ou descendente, é característico do chinés.

En resumo, o verso latino e grego dependen do principio de contraste cuantitativo; o verso inglés, do contraste do acento tónico; o verso francés, do principio do número de sílabas e da rima; o verso chinés, do número de sílabas, da rima e do contraste de tons. Cada un destes sistemas rítmicos procede do hábito dinámico inconsciente da lingua, tal e como sae dos labios do pobo. Estúdese a fondo o sistema fonético dunha lingua, sobre todo os trazos dinámicos, e entenderase perfectamente o tipo de verso que desenvolveu ou –se a historia lle fixo unha

¹³ Emile Verhaeren, que non era de certo un escravo do alexandrino, apuntáballe a Arthur Symons, co gallo da tradución de *Les Aubes*, que, aínda aprobando que a versión inglesa non se servise da rima, coidaba que esa era unha decisión que non debería ter nada que ver co orixinal francés.

trasnada á súa psicoloxía— o tipo de verso que puido desenvolver ou que ha de desenvolver algún día.

Calquera que sexan os sons, acentos, e formas dunha lingua, calquera que sexa a maneira en que eles modelaran a súa literatura, existe unha sutil lei de compensacións que lle permite ó artista actuar con liberdade. Se se ve un chisco atado nalgures, sempre poderá dar unhas brazadas de estilo libre noutro lado. Xeralmente, sempre ten corda abonda para colgarse, se así o quixer. Non é estraño que así sexa. A lingua é en por si a arte colectiva da expresión, un resumo de miles e miles de intuicións individuais. O individuo pérdese na creación colectiva, pero a súa expresión persoal deixa a súa impronta no medio da flexibilidade e elasticidade inherentes a todas as obras colectivas do espírito humano. A lingua sempre está presta, ou pode facerse que o estea de contado, para que o artista defina a súa propia individualidade. Se non aparece un artista literario, non é esencialmente porque a lingua sexa un instrumento demasiado débil, é porque a cultura da xente non é favorable a que medre unha personalidade que procure verdadeiramente unha expresión de seu.

ÍNDICES

Bach, Johann Sebastian (1685-1750), (283)

Músico e compositor alemán. O máis famoso membro dunha familia de músicos e un dos máis grandes e influentes compositores europeos de todos os tempos a pesar de que na propia época as súas formas barrocas e estilo contrapuntista fosen considerados anticuados en relación coas novas modas rococó e neoclásica. É continuador das tradicións da música polifónica do século XVII. A súa enorme obra inclúe unhas 190 cantatas e oratorios, concertos para varios instrumentos, música de cámara e un vasto corpo de música para órgano e teclado. Destacan a *Tocata e Fuga en D menor* e a *Fantasia e Fuga en G menor*, os seis *Concertos de Bandemburgo*, a *Paixón segundo san Xoán*, e a *Paixón segundo san Mateu*.

Browning, Robert (1812-1889), (285) (286)

Poeta e dramaturgo inglés cuxo dominio do verso dramático, e en particular dos monólogos, o converteron nun dos máis sobranceiros poetas victorianos. Estivo casado coa poeta Elizabeth Barrett, autora dos famosos *Sonnets from the Portuguese*. En 1850 publicou un volume de prosa poética, *Noiteboa e Pascua*, e comezou a escribir dous volumes sobre os que se asentou a súa reputación: *Homes e Mulleres* (1859) e *Dramatis Personae* (1864), nos que incluíu moitos dos mellores exemplos de monólogo dramático. *Asolando* (1889) foi seu derradeiro volume publicado.

Carlyle, Thomas (1795-1881), (288)

Filósofo, historiador e ensaísta escocés. Influenciado pola filosofía e literatura alemás, mostra en moitas das súas obras unha filosofía antirracionalista apaixonada e a crenza de que o progreso humano ten lugar, principalmente, grazas á

personalidade de grandes individuos. Traduciu a Goethe e escribiu *A vida de Schiller*, *A Revolución Francesa*, *Frederico o Grande* e *As cartas e discursos de Oliver Cromwell*.

Chaucer, Geoffrey (1340-1400), (227) (237) (238) (260)

Poeta inglés. *Os Contos de Canterbury* é a súa obra máis popular polo seu realismo cómico, agudeza e humanidade. A súa maior innovación foi a introdución dos estilos francés e italiano na prosodia, que botou a un lado a tradición nativa do verso aliterativo. Sen reformar ostensiblemente a lingua inglesa, encamiñouna cara ó que se coñece como inglés moderno e contribuíu decisivamente á superación da literatura inglesa en latín.

Chopin, Frédéric François (1810-1849), (283)

Compositor e pianista polaco. O seu pai era francés. Ós vinte anos chega a París, onde fai carreira como intérprete, profesor e compositor. Toda a súa obra, á que imprime a súa persoal impronta romántica, por veces melancólica e elexíaca, está feita para o piano (mazurcas, valeses, nocturnos, polonesas...).

Croce, Benedetto (1866-1952), (53) (283) (285)

Filósofo idealista, crítico literario e refundador ideolóxico do liberalismo italiano. Escribiu, entre outros temas, sobre filosofía da historia e sobre estética. Influenciado por Hegel e por outros idealistas alemáns como Fichte, partilla con eles a idea de que o espírito anima e organiza a realidade. Como idealista, Croce concibe o mundo como inseparable da consciencia: no seu pensamento, as ideas constitúen, en última instancia, a natureza última da realidade. Os seus “conceptos puros” coinciden grosso modo coas “ideas” de Platón e coas “categorías” de Kant. As súas teorías filosóficas e estéticas son fortemente historicistas. O coñecemento da

historia motivado polos intereses do presente bota luz sobre a xénese dos feitos e é útil para descifrar a racionalidade do proceso do espírito. A historia é a vida mesma en movemento e os seus resultados son dificilmente previsibles. Para Croce, o obxecto fundamental da estética é a linguaxe. Publicou sobre oitenta obras entre as que cabe citar: *Materialismo histórico e economía marxista* (1900), *A estética como ciencia da expresión e lingüística xeral* (1902), *A lóxica como ciencia do concepto puro* (1909), *Breviario de estética* (1912), *Teoría e historia da historiografía* (1917), *A poesía* (1936), *A Historia como pensamento e acción* (1938), e *Filosofía e Historiografía* (1949). A súa revista *La Critica*, fundada en 1903, influenciou o pensamento literario do mundo occidental.

Freud, Sigmund (1856-1939), (216n)

Médico austríaco. Psiquiatra especializado en neuroloxía. É o fundador da escola psicanalítica de psicología. Nas súas teorías enfatiza o papel do inconsciente no comportamento e a importancia da sexualidade infantil e do complexo de Edipo no desenvolvemento persoal. Sostiña que a neurose podía ser tratada traendo á consciencia, a través da psicanálise, pensamentos e recordos inconscientes relacionados coa agresividade e co sexo. As súas principais obras son *A interpretación dos soños*, *A psicopatoloxía da vida cotiá*, *Máis alá do principio do pracer* e *O ego e o id*.

van Ginneken, Jac (1877-1945), (92)

Lingüista holandés, xesuíta dende 1902 e profesor da Universidade Católica de Nimeguen a partir de 1923 onde ensina lingua e literatura holandesas, lingüística comparada das linguas indoeuropeas e sánscrito. As súas dúas obras principais son *Principios de lingüística psicolóxica* (1907) e *A reconstrución tipolóxica das linguas arcaicas da humanidade* (1939).

Heine, Christian Johann Heinrich (1797-1856), (285) (286)

Poeta e xornalista alemán. É considerado o último poeta do romanticismo alemán e, á vez, o poeta que axudou a superalo. Ó tempo que na súa poesía consegue dar calidade lírica á lingua corrente combinando unha vívida imaxinería natural cunha mestura de sentimento e ironía, na prosa dos seus artigos xornalísticos e libros de viaxes dotará o alemán dunha sinxeleza e elegancia literarias ata el descoñecidas. Como crítico, xornalista politicamente comprometido, ensaísta, e polemista foi tan admirado coma temido. É un dos poetas alemáns máis coñecidos e traducidos no estranxeiro. Moitos dos seus poemas foron musicados en forma de Lied. En 1824 apareceron os seus *Trinta e tres poemas*, entre os que estaba a súa peza máis coñecida en Alemaña: “Die Loreley”. De 1827 é o *Libro de cancións*. De 1838, *O espello de Suabia*. Os seus “novos e mellores poemas” son editados co título de *Novos poemas* (“Neue Gedichte”) en 1844. Das viaxes a Inglaterra e Italia deixou cadernos coma *O mar do Norte*, *Os baños de Lucca* e *Ideas*.

Hudson, William Henry (1841-1922), (288)

Autor, naturalista, e ornitólogo. Nacido na Arxentina de ascendencia norteamericana, asentouse en Inglaterra en 1869. Produciu unha serie de estudos ornitolóxicos que inclúen *Ornitología Arxentina* (1888-1899) e *Aves Británicas* (1895), pero a fama chegaríalle da man dos seus libros sobre a campaña inglesa con títulos como *A pé por Inglaterra* (1909), *Unha vida de pastor* (1910) e *Tan lonxe e hai tanto tempo* (1918), que axudaron a darlle pulo ó movemento de volta á natureza das décadas de 1920 e 1930. A novela máis coñecida é *Mansións Verdes* (1904).

Luther, Martin (1483-1546), (241)

Líder alemán da Reforma. Foi un monxe agostiño, teólogo e profesor universitario. É considerado o “Pai do

15. Sons fricativos [sons espirantes]. *Fricatives*, (104).
16. Sons inspiratorios. *Inspiratory sounds*, (106n)
17. Sons labiais. *Labial*, (103)
18. Sons laterais. *Lateral sounds*, (104)
19. Sons nasais. *Nasal sounds*, (101n) (102)
20. Sons orais. *Oral sounds*, (103-9)
21. Sons sonoros. *Voiced sounds*, (101) (103)
22. Valores psicolóxicos dos... *Psychological values of* (107-9)
23. Variabilidade dos... *Variability of*, (97) (99)

Sonoridade. *Voiced sounds*, (102) (104)

Subdialectos. *Sub-dialects*, (211)

Substitución dunha lingua por outra. *Supersession of one language by another*, (278n)

Subxectividade (relación persoal) [subxectivo, valor subxectivo, formas subxectivas, caso subxectivo, serie subxectiva, relación do suxeito]. *Subjectivity, subjective*, (83) (143) (145) (151) (196) (217) (219) (223) (224) (225) (226) (227)

Sufixación. *Suffixing*, (112) (114) (121-4) (144) (162)

Sufixante. *Suffixing language*, (184) (193). Véxase *lingua sufixante*

Sufixos [elemento sufixal]. *Suffixes*, (78) (110) (112) (113) (117) (119) (121) (123) (125) (125n) (132) (139) (146) (187) (198) (264)

1. Sufixo axentivo [sufixo de axente]. *Agentive*, (137) (199)
2. Sufixo casual [sufixo de caso]. *Case*, (134)
3. Sufixo diminutivo. *Diminutive*, (137)
4. Sufixo participial. *Participle*, (83) (134)
5. Sufixo xenitivo. *Genitive*, (171)

Susurrar. *Whisper*, (101n) (102). Véxase *bisbilleo*

Suxeito 1 [suxeito do discurso]. *Subject of discourse*, (83) (136) (140) (142) (143) (149) (166) (174) (177)

Suxeito 2 [función]. *Subject*, (83) (120) (124) (129) (139) (142) (146) (149) (223) (224). Véxase *relacións persoais*

1. Suxeito axente [suxeito activo]. *Active subject*, (166n)

2. Suxeito estático [suxeito intransitivo]. *Static subject*, (166n)

T

Técnica [trazos técnicos] (200) (203) (204) (205)

Temperamento [temperamento nacional]. *Temperament*, (278) (278n) (279) (279n). Véxase *xenio*

Tempo 1 [tempos, tempo xeral]. *Tense*, (111) (112) (122) (124) (141) (144) (149) (155) (189) (147) (165)

Tempo 2. *Time*, (123n). Véxase *tempo*

Tendencia [tendencia nativa, tendencia da lingua, tendencia evolutiva, tendencias, tendencias innatas, tendencias formais, tender]. (114) (154) (193) (214) (224) (225) (226) (228) (229). Véxase *deriva*

1. Tendencia analítica. *Analytic tendency*, (186) (187) (198) (200-1) (204) (216) (217)
2. Tendencia sintética. *Synthetic tendency*, (119)

Teoría. *Theory*

1. Teoría da difusión. *Theory of diffusion*, (267)
2. Teoría da orixe única da linguaxe. *Theory of the single origin of speech*, (213)
3. Teoría do “empréstito”. *Theory of “borrowing”*, (267)
4. Teoría imitativa dos sons naturais da orixe da linguaxe (teoría onomatopeica). *Sound-imitative theories of the origin of speech*, (56-9)
5. Teoría interxeccional da orixe da linguaxe. *Interjection theory of the origin of speech*, (58-9)

Termos coextensivos. *Coterminous expressions*, (67)

Teutonismo. *Teutonism*, (270)

Tipo [tipoloxía, plan básico, esquema lingüístico, prototipo, tipos, tipos lingüísticos, tipoloxías]. *Type*, (114) (144) (180) (205) (249)

1. Tipo A, tipo simple de relacións puras. *Simple Pure-relational*, (195) (196) (197) (200-1)

2. Tipo B, tipo complexo de relacións puras. *Complex Pure-relational*, (195) (196) (197) (200-1)
3. Tipo C, tipo simple de relacións mixtas. *Simple Mixed-relational*, (196) (197) (200-1)
4. Tipo D, tipo complexo de relacións mixtas. *Complex Mixed-relational*, (196) (197) (200-1)

Tipos de conceptos. *Types of concepts*, (110) (156) (157) (158) (159) (160)

Tipos de estrutura lingüística. *Types of linguistic structure*

1. Clasificación de... en formais e informes (con e sen forma). *Classification of... into "formal" and "formless"*, (182) (183) (184)
2. Clasificación de... segundo o carácter dos conceptos. *Classification of... by character of concepts*, (193-7)
3. Clasificación de... segundo a perspectiva tripartita. *Classification from threefold standpoint*, (197-8) (203-4)
4. Clasificación segundo o grao de fusión. *Classification by degree of fusion*, (185-93)
5. Clasificación segundo o grao de síntese. *Classification by degree of synthesis*, (184) (185)
6. Clasificación segundo os procesos formais. *Classification by formal processes*, (182-184)
7. Exemplos de... *Examples of*, (199-201)
8. Mixta. *Mixed*, (197)
9. Problemas á hora de clasificar... *Difficulties in classifying*, (180-5) (197-9)
10. Realidade dos... *Reality of*, (180) (181) (182) (198-9) (202) (203)
11. Test histórico dos... *Historical test of*, (202-5)

Tipos de pensamento. *Types of thinking*, (70) (71)

Tipos de transferencia lingüística. *Types of linguistic transfer*, (71-74)

Ton [tonalidade]. *Pitch, tone*, (101) (101n) (106) (133) (206) (291). Véxase **altura**

1. Diferenzas importantes no... *Significant differences in*, (106-7)
2. Realización do... *Production of*, (101) (101n)
3. Ton alto, ton simple, ton ascendente. *Low tone, simple tone, rising tone*, (134) (135) (291)
4. Ton descendente, ton composto, ton baixo. *Falling tone, compound tone*, (134) (135) (291)
5. Ton medio, ton neutral, ton normal. *Middle tone, level tone*, (134) (291)
6. Uso gramatical do... *Grammatical use of*, (134-5)
7. Uso métrico do... *Metrical use of*, (296)

Tradución [traducir] (258) (283) (284) (285)

Transferencia lingüística. *Linguistic transfer*, (71-4)

Transferibilidade. *Transferability*, (282) (283) (283n)

Transformación. “*Slope*”, (214). Véxase **deriva**

U

Umlaut [mutación vocálica]. “Umlaut”, (233) (252) (253).

Véxase **mutación vocálica**

Unidade [unión]. *Unity*

1. Unidade cultural. *Cultural unity*, (275n)
2. Unidade psicolóxica. *Psychological unity*, (136)

Unidades [elementos]. *Unities*

1. Unidades formais da lingua (palabras). *Formal units of speech*, (84) (85)
2. Unidades funcionais da lingua (radicais, elementos gramaticais, oracións). *Functional units of speech*, (84) (85)

Unificación lingüística [uniformidade]. *Linguistic unification*, (210) (210n) (211) (275n)

Uso [usar]. *Usage*, (138) (153) (207) (216) (219) (221) (231)

1. Uso consensuado. *Consensus of usage*, (207)

2. Uso corrente. *Current usage*, (214)
 3. Uso medio, estándar. *Average usage*, (207)
 4. Uso moderno. *Modern usage*, (233n)
 5. Uso moi estendido. *Wide-spread usage*, (146n)
 6. Uso vivo. *Live usage*, (230)
- Úvula. *Uvula*, (99) (104) (105). Véxase **campaiña**

V

Vacilación. *Hesitation*, (91) (232). Véxase **dubitación**

Valor [valores]. *Values*

1. Valor fonético, valores fonéticos. *Phonetic*, (107) (108)
2. Valor morfolóxico [valor formal]. *Morphologic*, (181) (182) (182n)
3. Valor práctico. *Practical value*, (182n)
4. Valores psicolóxicos. *Psychological values*, (107)
5. Variabilidade nos valores dos compoñentes da deriva evolutiva. *Variability in, of components of drift*, (222) (223)

Variabilidade [variar]. *Variability*, (93) (106) (209) (229)

Variación [variacións, variacións locais, variantes, variación individual, variación dialectal]. *Linguistic variation*. Véxase **dialecto**

1. Antigas variantes reforzadas. *Reinforced old variations*, (262)
2. Variacións adoptadas. *New variations*, (262)
3. Variacións dialectais. *Dialect variations*, (206-9) (210-3) (239)
4. Variacións históricas. *Historical variations*, (208-252)
5. Variacións individuais. *Individual variations*, (93) (206-8) (213) (214) (247) (262)

Variiedade [variedades lingüísticas]. *Variety*, (90) (283)

1. Variiedade de compromiso. *Compromise dialect*, (208) (210). Véxase **dialecto intermedio**

Verbo [verbos]. *Verb*, (128) (133) (135) (139) (143) (166) (172) (173) (174) (177) (188)

1. Relacións sintácticas expresadas no... *Syntactic relations expressed in*, (167)
2. Diferenza entre o verbo e o nome. *Difference between verbs and nouns*, (128) (133) (134)

Verso. *Verse*, (290) (291)

1. Acentual. *Accentual*, (290) (291)
2. Cuantitativo. *Quantitative*, (290) (291)
3. Determinantes lingüísticos do... *Linguistic determinants of*, (287-91)
4. Silábico. *Syllabic*, (290)

Vibrantes [rolantes]. *Trills*, (104)

1. Vibrantes labiais. *Labial trills*, (104n)

Vitalidade. *Vitality*, (217) (226) (229) (250). Véxase **arcaísmo**, **obsolescencia**

Vocabulario científico. *Scientific vocabulary*, (284n)

Vogal [vogais, vocalismo]. *Vowels*, (101) (103) (106) (112) (206) (243) (286) (287). Véxanse **consoantes**, **sons**

1. “Vogais xordas”. “*Voiceless vowels*”, (103)
2. Vogais breves. *Short vowels*, (96) (236) (238) (239)
3. Vogais longas. *Long vowels*, (115) (235) (236) (237) (238) (239) (242)
4. Vogais nasais, nasaladas [vogais nasalizadas]. *Nasal vowels, nasalized vowels*, (102)
5. Vogais orais. *Oral vowels*, (102)
6. Vogais redondeadas. *Rounded vowels*, (103) (235) (236) (262)

Volición [aspecto volitivo, vontade]. *Volition*. Véxase **propósito**

1. Volición expresada na fala. *Volition expressed in speech*, (91) (92)

Voz. *Voice*

1. Produción da... *Production of*, (101)

W

Whom (uso e deriva evolutiva). “*Whom,*” *use and drift of,* (215-22) (225)

X

Xeminación consonántica. *Consonantal doubling,* (115).

Véxase *modificación interna*

Xénero (concepto relacional). *Gender,* (82) (125n) (145) (147) (150-3) (155) (164) (172) (173) (173n)

Xenio da lingua [xenio da fala, xenio estrutural, xínea]. (87) (116) (172) (178)

1. Xenio estrutural da lingua (274) (283) (288)

2. Xenio fonético (107)

Xenio. Véxase *temperamento nacional.*

1. Xenio latino, *Latin genius,* (270)

Xeografía. *Geography,* (273) (277) (278)

Xordez. “*Voicelessness,*” (100-4)

1. Producción de... *Production of,* (100) (101)

Xordo [xordos]. *Voiceless,* (100), (102)

1. Laterais. *Laterals,* (104) (262) (263)

2. Nasais. *Nasals,* (102)

3. Sons xordos *Sounds,* (100) (101) (102)

4. Vibrantes. *Trills,* (104)

5. Vogais. *Vowels,* (103)

Xustaposición. *Juxtaposing,* (116) (117) (118) (168) (188).

Véxase *aglutinación, fusión*

Y

Yeri [yeri eslavo, vogal eslava] (261) (262)

Procedementos (forma) e conceptos (función)

Resulta esencial diferenciar de xeito independente as funcións ou valores presentes nas linguas e os procedementos estruturais que os soportan e evidencian. Un mesmo concepto pode estar expresado formalmente de distintos xeitos. Así, o “número” en galego pode ter manifestación formal mediante flexión (*libro / libros*), a través de afixos derivativos (*piñeiro*), ou no significado radical da palabra (*rabaño*). Naturalmente, a importancia do “número” vai da man da súa función sistemática ó se expresar regularmente con afixos. Resumindo, as funcións esenciais en cada lingua son consecuencia dos mecanismos de expresión gramatical que as canalizan.

Sapir identifica os procedementos formais como os métodos propiamente gramaticais que caracterizan as tendencias estruturais de cada lingua. Dito nas súas propias palabras: “os métodos formais empregados pola linguaxe”. Algúns coma a sufixación son moi correntes, atopándose amplamente estendidos por todas as linguas; outros resultan case excepcionais como procesos con relevancia.

“Cada lingua posúe un ou máis métodos formais de indicar a relación dun concepto secundario co concepto principal do elemento radical. Algúns destes procedementos gramaticais, coma a sufixación, están sumamente estendidos a través das linguas; outros, coma o cambio vocálico, son menos comúns pero están moi lonxe de seren procedementos raros; e aínda outros, coma o acento e o cambio consonántico, son un pouco excepcionais como procedementos funcionais.”

Sapir agrupa en seis tipos principais os mecanismos de formación de estruturas gramaticais nas linguas:

“Poden ser agrupados en seis tipos principais: a orde das palabras; a composición; a afixación, incluíndo nela a prefixación,

a sufixación e os infixos; a modificación interna do elemento radical ou gramatical, tanto se afecta a unha vogal coma a unha consoante; a reduplicación; e as diferenzas acentuais, sexan dinámicas (acento de intensidade) ou tonais (acento de altura). Existen tamén procedementos cuantitativos especiais, coma o alongamento ou abreviación vocálica e a xeminación consoántica, mais todos eles deben ser observados como subtipos particulares dos procedementos de modificación interna.”

Orde

A “orde” é un proceso que rexe a secuenciación de palabras nunha estrutura. A xustaposición de dúas ou máis palabras nunha secuencia definida é para Sapir o método máis simple e económico de expresar unha noción gramatical.

“O método máis simple, ou polo menos o máis económico, de expresar calquera tipo de noción gramatical consiste en xustaponer dúas ou máis palabras nunha secuencia concreta sen intentar modificalas co ánimo de establecer unha conexión entre elas. Poñamos ó chou dúas simples palabras inglesas. Digamos que *sing praise* “cantar + gabar”, por exemplo. Esta secuencia non transmite ningún pensamento completo en inglés, nin chega a establecer unha clara relación entre a idea de “cantar” e a de “gabar”. A pesar de todo, se oímos ou vemos escritas as dúas palabras xustapostas é imposible non se afanar en procurarlle ó conxunto algún significado coherente. O intento non é probable que produza un resultado completamente satisfactorio, pero o que é significativo é que non ben se poñen xuntos dous ou máis conceptos radicais nunha secuencia inmediata, a mente humana esfórzase en enlazalos e dotalos dalgún tipo de valor.”

A orde de palabras, o seu ordenamento nun marco estrutural, as regras que as organizan nunha orde determinada, teñen un valor funcional de importancia capital en moitas linguas. Mentres que no latín case todas as relacións se expresan modificando o corpo da palabra mesma e a orde secuencial de

palabras fica reducida a unha cuestión retórica ou estilística antes ca propiamente gramatical, no chinés, no siamés ou no annamita, a orde de palabras constitúe un medio de expresión tan potente como pode ser o procedemento sufixal do caso no latín ou a elaboración prefixal do verbo en chinook, dous exemplos de linguas que se sitúan no extremo oposto no relativo a unha estrita ordenación secuencial das formas. A maior parte dos idiomas ocupan un lugar entre eses dous extremos.

Nalgunhas linguas, por tanto, o cambio na orde dos elementos dentro da oración pode dar lugar a significacións e implicacións semánticas completamente diferentes. O chinés e o inglés caracterízanse por unha orde oracional ríxida. No inglés, por exemplo, a modalidade declarativa ou interrogativa conséguese cambiando a orde, e o intercambio da posición dos elementos reverte dramaticamente os roles dos suxeitos do discurso ou da proposición.

“O máis fundamental e o máis poderoso de todos os métodos de relación é o método da orde”, escribe Sapir. E, explicando a súa orixe, aclara: “as relacións non se expresaron orixinalmente nunha forma externa, articulábanse só de maneira implícita coa axuda da orde e do ritmo. Noutras palabras, as relacións comezaron a sentirse de maneira intuitiva e só puideron xeneralizarse coa axuda de factores dinámicos que igualmente se movían nun plano intuitivo.”

Composición

A composición consiste na unificación nunha única palabra de dous ou máis elementos radicais.

A composición como procedemento está estreitamente conectada co método da orde de palabras, na medida en que a relación entre os elementos está implícita e non expresamente enunciada.

“A diferenza entre un e outro procedemento, é dicir entre a composición e a mera xustaposición de palabras na oración radica no feito de que os elementos da composición non son sentidos senón como partes constitutivas dun único organismo léxico.”

En xeral, as linguas difiren na súa capacidade para formar palabras compostas pero non se trata, contrariamente ó que puidésemos pensar, dun procedemento lingüístico visible en todas elas:

“Hai moitas linguas, coma o esquimó e o nootka e, deixando a un lado excepcións pouco significativas, as linguas semíticas, que non poden crear palabras compostas a partir de elementos radicais. E o que aínda é máis estraño é o feito de que moitas desas linguas non só non teñen a máis mínima aversión a formacións complexas de palabras senón que, pola contra, poden efectuar sínteses que superan absolutamente todo o que o grego e o sánscrito son capaces de facer”.

A tendencia á síntese non debe, por conseguinte, confundirse coa tendencia á composición. Existe, no entanto, unha enorme variedade de tipos de palabras compostas que varían segundo a función, a natureza dos elementos da composición e a orde en que se colocan. Cada lingua ofrece unha certa predisposición a combinar certos tipos de elementos e a ordenalos dunha maneira particular. Ademais da función delimitadora do procedemento da composición presente na maioría das linguas, hai outros roles sistemáticos asignados a este método:

“algunhas linguas coma o iroqués e o nahuatl, empregan o método da composición para un traballo moito máis laborioso ca este. No iroqués, por exemplo, a composición integrada por un nome, na súa forma radical, seguido dun verbo é un procedemento típico para expresar relacións de caso, en particular do suxeito e do obxecto.”

Afixación

Trátase dun procedemento de expresión que consiste na adición de elementos non radicais (modificadores) a elementos radicais. Aqueles elementos modificadores son denominados “elementos gramaticais”, “incrementos gramaticais” ou

“afixos”. Son indicadores de conceptos subsidiarios xeralmente máis abstractos cás raíces ás que se unen e dalgunha maneira cualifican os conceptos radicais.

“Se simbolizamos un termo coma *sing* pola notación alxebraica A , teremos que simbolizar termos tales coma *sings* e *singer* pola fórmula $A+b$. O elemento A pode ser unha palabra completa e independente (*sing*) ou ben a substancia fundamental, a chamada raíz, radical ou “elemento radical” (*sing-*) dunha palabra. O elemento b (*-s*, *-ing*, *-er*) é o indicador dun concepto subsidiario e, polo regular, máis abstracto. Impón ó concepto de base unha limitación formal, entendendo a palabra “forma” no seu máis amplo sentido. Podemos denominalo “elemento gramatical” ou afixo. Como habemos de ver máis tarde, o elemento gramatical ou incremento gramatical, como o deberamos denominar, non ten por que ser engadido como sufixo ó elemento radical. Pode ser aumentado como prefixo (como o *un-* de *unsingable* “incantable”), pode ser un elemento inserido no corpo mesmo da raíz (como o *n* do latín *vinco* “venzo, conquisto”) que contrasta coa súa ausencia en *vici* “vencín, conquistei”).”

Nas clasificacións que Sapir somete a escrutinio, as *linguas afixantes*, aquelas que “que afixan elementos modificadores” opóñense ás *isolantes*, aquelas “que sempre identifican a palabra co elemento radical” e ás *simbólicas*, aquelas “que posúen o poder de cambiar a significación do elemento radical mediante cambios internos (reduplicación; cambio vocálico e consonántico; cambios en cantidade, acento e ton)”.

“As linguas afixantes subdividiríanse naturalmente en linguas que usan sobre todo a prefixación coma o bantú e o tlingit, e linguas que, coma o esquimó, o algonquino, ou o latín, se serven principalmente ou totalmente da sufixación.”

Posto que moitas linguas poden ser á vez prefixantes, sufixantes e simbólicas, Sapir desbota unha clasificación baseada nos procesos formais que adopta cada lingua.

Prefixación

A prefixación consiste na adición dun elemento con incremento gramatical previo á raíz. Os prefixos poden expresar as máis diversas ideas dependendo das linguas: conceptos pronominais coma no hebreo (e.g., hebreo *e-shmor* “eu hei gardar”), ou pluralidade como ocorre no nass (e.g. *ka-an'on* “mans”). Nalgúñas linguas coma o latín e o ruso os prefixos limitáanse a restrinxir ou cualificar a significación concreta do radical sen influír a súa función na oración. En hupa, en chinook e noutras linguas, os prefixos constitúen os elementos gramaticalmente significativos mentres que os sufixos son relativamente dispensables. Nas linguas bantús, os elementos prefixais teñen unha importancia de primeira magnitude como símbolos de relacións sintácticas.

Sufixación

O proceso de sufixación consiste na adición dun elemento gramatical posterior ao elemento radical. Dende o punto de vista do conxunto das linguas, a formación de palabras que se serve de sufixos ten maior importancia cós outros dous procedementos xuntos (é dicir, a prefixación e infixación).

“Dos tres tipos de afixación –mediante prefixos, sufixos e infixos–, a sufixación é con moito a máis común. É máis, podería conxecturarse que os sufixos realizan un maior traballo de formación nas linguas ca todos os outros métodos combinados.”

Mentres que moitas linguas recusan a prefixación pero botan man dun complexo aparato de sufixos, o caso contrario é moito máis raro. Ora ben, unha considerable maioría son á vez linguas prefixantes e sufixantes.

Infixación

Os elementos denominados infixos están integrados no mesmo radical:

“un elemento inserido no corpo mesmo da raíz (como o *n* do latín *vinco* “venzo, conquisto” que contrasta coa súa ausencia en *vici* “vencín, conquistei”).

O procedemento da infixación goza en linguas amerindias e do sueste asiático da mesma vitalidade que posúen os prefixos e os sufixos máis comúns noutras linguas. O plural da lingua yana fórmase ás veces mediante un elemento infixo, e.g., *k'uruwi* “menciñeiros,” *k'uwi* “menciñeiro”.

Modificación interna

Os procesos de cambios internos na raíz que comportan función gramatical poden apreciarse en forma de variacións vocálicas, consonánticas ou acentuais. Trátase dun procedemento formal subsidiario pero moi produtivo á hora de dar soporte a funcións. É o caso en inglés de *sing* “cantar”, *sang*, *sung*, *song* ou de *goose* “ganso”, *geese*.

“Alternancias rechamantes parecidas ás do inglés e grego do tipo *sing* “canto”- *sang* “cantei” e *leip-o* “deixo,” *leloip-a* “deixei,” son as somalís *al* “son,” *il* “era”; *i-dah-a* “digo,” *i-di* “dixen,” *deh* “di!”

Sapir advirte de que non todas as alternancias que se dan nunha lingua son igual de relevantes: “no inglés, o cambio consonántico que se dá entre *book-s* “libros” e *bag-s* “bolsas” (/s/ no primeiro e /z/ no segundo) non ten ningunha significación funcional. É un cambio mecánico, puramente externo, inducido pola presenza da consoante xorda, [k] que a precede, no primeiro caso, e da consoante sonora, [g] no segundo caso. Esta alternancia mecánica é, obxectivamente, a mesma que se dá entre o nome *house* “casa” (con /s/ final) e o verbo *to house* “aloxar” (con /z/ final). No segundo caso, de calquera xeito, ten unha función gramatical importante, a de transformar un nome nun verbo. As dúas alternancias pertencen, por tanto, a categorías psicolóxicas en todo diferentes. Só o segundo caso é unha verdadeira ilustración da modificación consonántica como procedemento gramatical.”

Reduplicación

A modificación interna pode consistir na repetición da totalidade ou de parte do elemento radical:

“Nada hai máis natural na lingua cá frecuencia con que se dá a reduplicación, ou, noutras palabras, a repetición de todo ou parte do elemento radical. En xeral, o procedemento emprégase, cun valor simbólico evidente, para indicar conceptos tales como a distribución, a pluralidade, a repetición, a actividade habitual, o crecemento de tamaño, a intensidade crecente, a continuidade. Aínda que non se teña por un dos mecanismos de formación de palabras característicos do inglés, non é descoñecido nesta lingua. Palabras tales como *goody-goody* “boño, boazo” e *pooh-pooh* “facer burla, mofarse; renegar, rexeitar con desdén” son agora aceptadas como parte do vocabulario normal do idioma, pero o método da duplicación pode ás veces usarse con máis liberdade cá que indican eses dous exemplos estereotipados.”

Variación acentual

As variacións no acento, tanto de intensidade como de tonalidade, son, para Sapir, o “máis sutil dos procedementos gramaticais.”

O valor funcional da variación acentual pódese observar nos dobles que en inglés diferencian formas verbais e substantivas tales como *to refund* e *a refund*, *to extract* e *an extract*, *to come down* e *a come down*.

A variación atinxe tanto ó acento de intensidade (stress) coma o acento tonal (pitch). As variacións de ton son esenciais en linguas coma o chinés nas que o seu valor é fonémico.

“O acento tonal pode ser tan funcional como o acento tónico de intensidade, e seguramente o é máis a miúdo. A pesar de todo, o mero feito de que as variacións tonais sexan esenciais para a lingua dende o punto de vista fonético, como ocorre no chinés (e.g., *feng* “vento” con ton neutral, *feng* “servir” con ton descendente)

ou no grego clásico (e.g., *lab-on* “collendo antes, tendo collido”, con ton simple ou ascendente no sufixo participial *-on*, *gynaik-on* “das mulleres”, con ton composto ou descendente no sufixo de caso *-on*), non quere dicir que as linguas teñan que facer un uso funcional, ou, talvez deberíamos mellor dicir, gramatical, do ton.”

Conceptos (función)

Todas as linguas conteñen elementos conceptuais que translocen contidos. Mais non todas as linguas ofrecen a mesma distribución de conceptos nin tampouco eses conceptos se expresan sempre en idénticos procedementos formais.

Hai catro tipos de conceptos. (I) Os *conceptos materiais* (ou básicos), (II) os *conceptos derivativos*, (III) os *conceptos concretos de relación*, e (IV) os *conceptos puros de relación*. A diversidade lingüística é moi ampla e non existen criterios para determinar o predominio de certas clases de conceptos en cada caso:

“É por mor de que o noso esquema conceptual funciona máis a modo de escala móbil que dunha simple análise filosófica da experiencia que non podemos dicir por adiantado a posición xusta na que se debe colocar un significado dado. Noutras palabras, debemos prescindir dunha clasificación de categorías ben ordenada. ¿Cal pode ser a utilidade de poñer o tempo e o modo aquí e o número alá cando a seguinte lingua que manexamos coloca o tempo un chanzo “máis embaixo” (cara ó grupo I), e o modo e o número un chanzo “máis enriba” (cara ó grupo IV)? Tampouco é que haxa moito que gañar propoñéndonos facer un inventario xeral dos tipos de conceptos que normalmente se atopan nos grupos II, III e IV nun compendio resumido coma o noso. Hai demasiadas posibilidades. Sería interesante mostrar cales son os elementos máis característicos na formación de nomes e verbos no grupo II; de qué diversas maneiras se poden clasificar os nomes (polo xénero; persoais e non persoais; animados e non animados; pola forma; comúns e propios); cómo se elabora o concepto de número (singular e plural; singular, dual

e plural; singular, dual, trial e plural; sinxelo, distributivo e colectivo); qué distincións temporais se poden facer no verbo ou nome (o “pasado”, por exemplo, pode ser un pasado indefinido, inmediato, remoto, mítico, rematado, anterior); de qué maneira tan refinada certas linguas desenvolveron a idea do “aspecto” (momentáneo, durativo, continuativo, inceptivo, cesativo, durativo-inceptivo, iterativo, momentáneo-iterativo, durativo-iterativo, resultativo, e aínda outros mais (...)). Estes detalles, importantes como son moitos deles para o entendemento da “forma interior” da linguaxe, confiren só unha significación xeral ás distincións grupais máis radicais que establecemos. É suficiente que o lector xeral sinta que a lingua se debate entre os dous pólos da expresión lingüística –o contido material e a relación– e que eses pólos tenden a estar conectados por unha longa serie de conceptos transicionais.”

Os elementos da lingua etiquetan conceptos pero a función da linguaxe non é unicamente “conceptual”. Segundo Sapir, no mundo cotián non estamos tan interesados nos conceptos propiamente ditos como nas peculiaridades concretas e nas relacións específicas que establecemos entre elas.

Contido material	}	I. Conceptos básicos
		II. Conceptos derivativos
Relación	}	III. Conceptos concretos de relación
		IV. Conceptos puros de relación

Conceptos

Os conceptos delinean significados independentes esenciais en calquera lingua (obxectos, accións, cualidades). Distínguense os *conceptos básicos* e os *conceptos derivativos*.

“Algúns significados concretos como *kill*, exprésanse por medio dun radical; outros, como *farmer* e *duckling*, exprésanse por medio da derivación. Correspondéndose con estes dous

modos de expresión temos dous tipos de conceptos e de elementos lingüísticos, radicais (*farm, kill, duck*) e derivativos (*-er, -ling*).”

Os conceptos derivativos son conceptos subsidiarios encarnados a través de varios procedementos gramaticais cos que se modifican ou cualifican os conceptos básicos. En tanto que “derivativos” ou “cualificadores” teñen como referencia ideas intermediarias entre varios conceptos e son expresados por elementos mediadores tales como afixos, modificacións do elemento radical, ou palabras independentes. Sapir achega esta definición:

“*Conceptos Derivativos* (menos concretos, por regra xeral, cós do tipo I aínda que máis cós do III): expresados normalmente por medio da afixación de elementos non radicais ós elementos radicais ou por modificación interna destes; diferéncianse do tipo I porque delimitan ideas que non son importantes para a proposición no seu conxunto pero dan un incremento particular da significación ó elemento radical e, polo tanto están relacionados dunha maneira moi concreta cos conceptos de tipo I.”

Conceptos de relación

Os conceptos de relación comportan significados que marcan vínculos entre as palabras. Poden ser *conceptos concretos de relación* (coma os morfemas gramaticais de número, de persoa ou de xénero en linguas achegadas a nós) ou *conceptos puros de relación* (coma as preposicións ou as conxuncións).

En toda oración, deben expresarse, ademais de conceptos *básicos* os conceptos de relación que conectan os conceptos materiais uns con outros e constrúen unha forma definida e fundamental de proposición. Os conceptos de relación ou conceptos relacionais son, por tanto, “os que amarran entre si os conceptos básicos”.

O concepto de número en inglés, en francés ou en galego é na maioría dos casos un concepto concreto de relación pois afecta a moitos outros elementos da oración ó facerlles “concordar” co concepto básico ó que se adheriu en primeiro lugar. Algo parecido ocorre co xénero e co tempo.

“O número é obviamente sentido polos falantes de inglés como expresión dunha relación necesaria, pois doutro modo non habería razón para expresar o concepto dúas veces, no nome e no verbo. Tamén o tempo se sente claramente como un concepto relacional; se non fose así, permitiríase dicir *The farmer killeds* como forma correspondente a *The farmer kill-s*. Dos catro conceptos que aparecen entrelazados de modo inextricable no sufixo *-s*, todos son sentidos como conceptos de relación, e dous sono de maneira forzosa.”

Os conceptos concretos de relación son propios das linguas flexivas. Exemplos de linguas inflectivas (ou flexivas) que expresan relacións sintácticas a través de conceptos concretos de relación son o latín e o grego.

“As relacións sintácticas (...) poden ser expresadas en forma pura (grupo IV), ou ben, como ocorre no latín e no grego, como “conceptos relacionais concretos” (grupo III). No que atinxe ó latín e o grego, a súa flexión consiste esencialmente na fusión de elementos que expresan lóxicamente conceptos relacionais impuros con elementos radicais e con outros elementos que expresan conceptos derivativos. A fusión como método xeral e mais a expresión de conceptos de relación na palabra son necesarios para a noción de “flexión.”

“III. *Conceptos Concretos de Relación* (aínda máis abstractos, pero non totalmente desprovistos dunha certa concreción): normalmente expresados mediante a afixación de elementos non radicais, pero en xeral con maior autonomía cós elementos do tipo II, ou mediante a modificación interna de elementos radicais; diferéncianse fundamentalmente do tipo II en que indican ou supoñen relacións que transcenden a palabra concreta á que están inmediatamente adheridos, levándonos así para os do grupo IV.”

Os conceptos puros de relación son, coma os conceptos básicos, indispensables en todas as linguas. Nas linguas illantes que non dispoñen de conceptos concretos de relación son os que canalizan as relacións sintácticas.

“*IV. Conceptos Puros de Relación* (puramente abstractos): exprésanse xeralmente por afixación de elementos non radicais a elementos radicais (en cuxo caso adoitan mesturarse cos de tipo III) ou por modificación interna, por palabras independentes, ou por posición; serven para relacionar os elementos concretos da proposición entre si, e dese xeito proporcionarlle unha forma sintáctica definida”.

Tipos de estrutura lingüística. Tipoloxía de linguas

Sapir clasifica unidades e bloques constitutivos segundo a presenza dos conceptos funcionais (básicos, derivativos e de relación) predominantes, e segundo os procedementos de expresión (grao de síntese e grao de fusión) máis habituais.

A abundancia sistemática e relativamente regular de certos tipos de estrutura lingüística marca a tendencia e permite clasificar as linguas:

“É bo recordar que todas as linguas necesitan expresar conceptos radicais (grupo I) e ideas relacionais (grupo IV). No que toca ós outros dous grandes grupos de conceptos, os derivativos (grupo II) e os relacionais mixtos (grupo III), podémonos atopar con que estean ambos ausentes, que estean os dous presentes, ou que só un deles teña presenza. Isto proporciónanos un método simple, incisivo e absolutamente inclusivo co que se poden clasificar todas as linguas”.

Aínda así, Sapir reitera a idoneidade dunha visión flexible na tipoloxía de linguas que transluz a mestura de características e a gradación de clases:

“As linguas, á fin e ó cabo, son estruturas históricas extraordinariamente complexas. É moito menos importante encaixar cada lingua nun grupo determinado que o feito de idear un método flexible que nos permita situar cada lingua, dende dous ou tres puntos de vista independentes, con relación ás outras. Todo isto non o dicimos para negar que certos tipos lingüísticos son máis estables ou están máis representados ca outros, que son igualmente posibles dende unha perspectiva teórica. Mais estamos aínda

demasiado pouco informados acerca do espírito estrutural de gran número de linguas para arrogarnos o dereito de elaborar unha clasificación que non sexa outra cousa que flexible e experimental”.

Linguas de relacións puras

Os conceptos básicos e de relación pura son os definatorios desta clase. De aí o nome: a combinatoria sintáctica resólvese mediante regras de orde ou con elementos puros de relación (preposicións e enlaces en xeral):

“linguas que manteñen relacións sintácticas puras e que non posúen o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos.”

Entre estas linguas están o chinés, o camboxano e a lingua yana.

Linguas de relacións mixtas

Os conceptos básicos e de relación concreta son os característicos neste grupo. As estruturas sintácticas teñen soporte nas marcas de relación (xénero, número, caso, tempo, persoa, etc.) visibles nas palabras:

“linguas nas cales as relacións sintácticas se expresan en conexión necesaria con conceptos que non están totalmente desprovistos de significación concreta, mais que non posúen, á parte desa mestura, o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos.”

Son linguas de relacións mixtas o francés, o algonquino e o chinook.

Linguas complexas de relacións puras e Linguas complexas de relacións mixtas

Os conceptos derivativos poden figurar tanto en casos de relacións puras coma nas linguas de relacións concretas, razón pola que Sapir introduce os subtipos de *Linguas complexas de relacións puras* e *linguas complexas de relacións mixtas*.

Amais de conceptos esenciais para a combinatoria sintáctica, estas linguas inclúen conceptos derivativos:

Son linguas complexas de relacións puras o tibetano e o bantú:

“linguas que conservan as relacións sintácticas puras e que posúen o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos.”

O inglés, o latín ou as linguas semíticas inclúense no grupo de linguas complexas de relacións mixtas:

“linguas nas que as relacións sintácticas se expresan de forma mixta, e que tamén posúen o poder de modificar a significación dos seus elementos radicais por medio de afixos ou cambios internos.”

Tipos de estrutura lingüística. Por procedementos construccionais

O predominio de técnicas de formación e agrupamento de conceptos en unidades e en estruturas lingüísticas leva a distinguir:

Linguas con tendencia á síntese

O mecanismo habitual é agrupar conceptos nunha mesma palabra:

“Nunha lingua sintética (o caso do latín, do árabe e do finés), os conceptos agloméranse de maneira máis densa e as palabras están moito máis ricamente amobladas, pero a tendencia, en xeral, é a moderar o alcance do significado concreto na palabra individual.”

Linguas con tendencia á análise

As estruturas lingüísticas mostran conceptos individualizados, non combinados nunha única palabra:

“Unha lingua analítica é a que ou ben non combina os conceptos en palabras individuais (o caso do chinés) ou ben o fai de maneira económica (o caso do inglés e do francés). A oración,

nunha lingua analítica, ten sempre unha importancia suma; a palabra, en troques, ten menor interese.”

Linguas con tendencia ó isolamento: linguas isolantes

Non hai modificación no elemento radical pois predominan os conceptos básicos e os de relación pura:

“distínguese un subtipo isolante, caracterizado pola ausencia de todos os afixos e modificacións no elemento radical. Nas linguas isolantes, as relacións sintácticas exprésanse por medio da posición das palabras na oración.”

Linguas con tendencia á xustaposición: linguas aglutinativas

Os procedementos de modificación do elemento radical son regulares, sistemáticos e con proxección clara na lingua:

“Quizais todo dependa de con qué tipo de afixos haxa que tratar. Se comparamos as palabras inglesas *farmer* “labrego, granxeiro, agricultor,” e *goodness* “bondade” con *height* “altura” e *depth*, “profundidade, fondura” non podemos deixar de sorprendernos pola notable diferenza na técnica de afixación de cada un dos dous pares de exemplos. Os sufixos *-er* e *-ness* engádense de maneira mecánica ós elementos radicais que son á vez palabras independentes (*farm* “labrar; granxa”, *good* “bo”). Non son, de ningún modo, elementos significantes que poidan funcionar autonomamente, pero determinan o significado (axentivo, calidade abstracta) de maneira eficaz e directa. O seu uso é simple e regular e non debéramos ter problemas para amecelos a calquera verbo ou a calquera adxectivo, por moi recentes que estes sexan na lingua. No inglés, a partir do verbo *to camouflage* “camuflar” podemos formar o nome *camouflager* “alguén que se camufla,” do adxectivo *jazzy* “sincopado, discordante, parecido ó jazz” derívase perfectamente *jazziness* “calidade do que é jazzy”. É diferente o caso de *height* e *depth*. Dende unha perspectiva

funcional, a relación con *high* e *deep* é xusto a que se dá entre *goodness* e *good* pero o grao de coalescencia entre o elemento radical e o afixo é maior. O elemento radical e o elemento afixal, perceptiblemente distintos, non poden separarse coa mesma facilidade con que se separan *good* e *-ness* en *goodness*. O *-t* de *height* non é a forma típica do afixo (compárense *strength* “forza, vigor”, *length* “lonxitude, longura”, *filth* “sucidade, porquería”, *breadth* “anchura, larganza”, *youth* “xuventude, mocidade”), e *dep-* non é idéntico a *deep*. Podemos designar os dous tipos de afixación como “fusión” e “xustaposición.” A técnica da xustaposición, se nos gusta, podemos denominala “aglutinativa.”

Unha lingua “aglutinativa” debería entenderse que designa una lingua que aglutina todos os seus elementos afixados, ou que o fai na maior parte dos casos. Nunha lingua “aglutinativa-fusional”, os elementos derivativos aglutínanse ás veces na forma de prefixos, mentres os elementos relacionais (puros ou mixtos) se funden co elemento radical, posiblemente como outro grupo de prefixos que segue ó primeiro grupo, ora en forma de sufixos, ora en parte en forma de prefixos e en parte de sufixos.

Linguas con tendencia á fusión: linguas flexivas

Os procedementos de modificación funcional mestúranse nos elementos radicais e non sempre ofrecen regularidade na súa forma externa. A fusión flexiva esixe operar con conceptos concretos de relación.

“unha lingua inflectiva coma o latín ou o grego utiliza o método da fusión, e esta fusión ten un significado psicolóxico interno, e un significado fonético externo. Mais non abonda con que a fusión opere meramente na esfera dos conceptos derivativos (grupo II), debe tamén abranguer as relacións sintácticas, que poden ser expresadas en forma pura (grupo IV), ou ben, como ocorre no latín e no grego, como “conceptos concretos de relación” (grupo III). No que atinxe ó latín e o grego, a súa

flexión consiste esencialmente na fusión de elementos que expresan loxicamente conceptos relacionais impuros con elementos radicais e con outros elementos que expresan conceptos derivativos. A fusión como método xeral e mais a expresión de conceptos de relación na palabra son necesarios para a noción de flexión.”

Linguas de fusión regular / Linguas de fusión irregular / Linguas de fusión «simbólica»

Os mecanismos de cambio funcional que se fusionan co elemento radical poden ser máis ou menos sistemáticos e patentes. Ata o extremo de mostrarse «simbolicamente» operando cambios internos:

“posúen o poder de cambiar a significación do elemento radical mediante cambios internos (reduplicación; cambio vocálico e consonántico; cambios en cantidade, acento e ton). Este terceiro tipo podería dárselle o nome, non sen razón, de linguas «simbólicas».”

la opia ei
cia. v De
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

